



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 46

Sesión plenaria
14 de setembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social económico (doc. núm. 17257, 11/PPLC-000003)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

Punto 2. Comparecencias

2.1 20568 (11/CPP-000061)

Do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para informar do inicio do curso 2021-2022 no ensino non universitario de Galicia e as actuacións ante a covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 31.08.2021

Acumúlase na anterior a seguinte:

2.2 21061 (11/CPP-000062)

Do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición das 19 deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar os recortes na educación pública e a situación do profesorado no inicio do curso escolar 2021-2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

Punto 3. Mocións

3.1 18710 (11/MOC-000055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17114, publicada no BOPG núm. 168, do 9.07.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 173, do 26.07.2021

3.2 20839 (11/MOC-000056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa presentación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade pola Unesco (Moción consecuencia da Interpelación nº 16936, publicada no BOPG nº 155, do 16.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021



3.3 20851 (11/MOC-000057)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reactivación ambiental e produtiva da ría de Pontevedra e a potenciación do sector forestal galego (Moción consecuencia da Interpelación nº 14795, publicada no BOPG nº 130, do 28.04.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 13760 (11/PNP-001353)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co traballo e composición do Comité Asesor Sociosanitario, así como coa participación nel do resto das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

4.2 17946 (11/PNP-001762)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central dunha proba extraordinaria de acceso de médicos internos residentes e a habilitación dos centros de saúde e dos especialistas en medicina familiar e comunitaria para impartir a súa formación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 169, do 13.07.2021

4.3 20428 (11/PNP-001852)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para abaratar a factura eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 31.08.2021

4.4 20449 (11/PNP-001856)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o pechamento de oficinas bancarias e garantir o dereito aos servizos básicos de carácter financeiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 31.08.2021

4.5 20544 (11/PNP-001866)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para regular o sector bancario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 31.08.2021



4.6 20701 (11/PNP-001884)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a proposta de nomes das salas do edificio do Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 193, do 31.08.2021

Punto 5. Interpelacións**5.1 12730 (11/INT-000729)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector naval de Vigo.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 112, do 17.03.2021

5.2 16688 (11/INT-000966)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

5.3 20679 (11/INT-001117)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 193, do 31.08.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 21097 (11/POPX-000039)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as previsións para afrontar o inicio de curso político despois dos erros da Xunta neste verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

6.2 21099 (11/POPX-000040)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para reforzar a atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.119586 (11/POP-002766)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos aloxamentos para peregrinos e peregrinas mentres os albergues continúen coa ocupación reducida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021



7.2 18581 (11/POP-002497)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización cautelar do parque eólico previsto no monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 27.07.2021

7.3 20692 (11/POP-003140)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as sancións ás empresas eléctricas que baleiraron os encoros galegos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 194, do 01.09.2021

7.4 21064 (11/PUP-000199)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**

Sobre a notificación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil á Xunta de Galicia respecto da drástica baixada do nivel de caudal dos encoros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

7.5 21077 (11/PUP-000201)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Seco García, Martín**

Sobre a postura do Goberno galego respecto da iniciación dun expediente sancionador en relación coa baixada de nivel dos encoros de Cenza e das Portas por debaixo do 20%

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

7.6 21070 (11/PUP-000200)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento do galego a nivel internacional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

7.7 19973 (11/POP-003023)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre o impacto que tivo a entrada en vigor da Lei de garantías de prestacións sanitarias nos tempos de espera do Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 189, do 18.08.2021



7.8 20074 (11/POP-003045)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da exixencia de solicitar o certificado de vacinación para acceder aos locais dedicados á hostalaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

7.9 20457 (11/POP-003113)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a Campaña de verán 2021 destinada á xuventude no ámbito do lecer e tempo libre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 194, do 01.09.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx.12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 16.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 20.)

Rolda de réplica: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 25.)

Votación da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico: *rexeitada por 17 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 28.)

O señor presidente comunica a acumulación de dúas comparecencias para o seu desenvolvemento conxunto. (Páx. 28.)

Comparecencia do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para informar do inicio do curso 2021-2022 no ensino non universitario de Galicia e as actuacións ante a covid-19. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición de deza-nove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar os recortes na educación pública e a situación do profesorado no inicio do curso escolar 2021-2022. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 28.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 36.), *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 39.) e *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 42.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 46.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 50.) Nesta rolda interveñen o señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 50.), o señor Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 52.), o señor Rodeiro Tato (P) (Páx. 54.) e o señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 56.)

O señor presidente comunica a acumulación de dúas mocións para o seu debate conxunto. (Páx. 58.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais. (Punto terceiro da orde do día.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa presentación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade pola Unesco. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas ás mocións. (Páx. 59.)

Intervención dos grupos autores das mocións: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 59.) e Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 66.)

A señora Díaz Varela (S) (Páx. 70.) e señora Queixas Zas (BNG). (Páx. 72.) interveñen para posicionarse respecto da emenda.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reactivación ambiental e produtiva da ría de Pontevedra e a potenciación do sector forestal galego. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Castro Rey (S) (Páx. 78.) e Sr. Santos Costa (P). (Páx. 80.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 84.)

A señora Castro Rey (S) pide a palabra e intervén por unhas alusións do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 85.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais: rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 86.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa presentación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade pola Unesco: rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 87.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa



reactivación ambiental e produtiva da ría de Pontevedra e a potenciación do sector forestal galego: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos da tarde.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co traballo e composición do Comité Asesor Sociosanitario, así como coa participación nel do resto das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 87.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 91.) e *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 94.)

Nova intervención da señora Ortega Otero (S).(Páx. 98.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central dunha proba extraordinaria de acceso de médicos internos residentes e a habilitación dos centros de saúde e dos especialistas en medicina familiar e comunitaria para impartir a súa formación. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 100.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 104.) e *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 108.)

A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 111.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para abaratar a factura eléctrica. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 119.) e *Sra. Prezas Bergantiños (BNG).* (Páx. 122.)

A señora Nóvoa Iglesias (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 125.)



Alteración da orde do día

O señor presidente comunica a acumulación de dúas proposicións non de lei para o seu debate conxunto. (Páx. 127.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o pechamento de oficinas bancarias e garantir o dereito aos servizos básicos de carácter financeiro. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para regular o sector bancario. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 127.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: Sr. Francisco Rivera (S) (Páx. 129.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 131.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Domínguez. (P). (Páx. 135.)

O señor Francisco Rivera (S) (Páx. 139.) e a señora Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 140.) interveñen para posicionarse sobre as emendas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a proposta de nomes das salas do edificio do Parlamento de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 142.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 143.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 145.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 148.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 151.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto emendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co traballo e composición do Comité Asesor Sociosanitario, así como coa participación nel do resto das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia: aprobado por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Pax. 153.)

O señor presidente dálle a palabra á señora Amigo Díaz para que comunique cal foi o resultado da transacción sobre a súa proposición non de lei. (Páx. 154.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central dunha proba extraordinaria de acceso de médicos internos residentes e a habilitación dos centros de saúde e dos especialistas en medicina familiar e comunitaria para impartir a súa formación: *aprobada por 38 votos a favor, 14 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 154.)

Votación do texto emendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para abaratar a factura eléctrica: *aprobado por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 154.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o pechamento de oficinas bancarias e garantir o dereito aos servizos básicos de carácter financeiro: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención* (Páx. 155.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para regular o sector bancario: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención* (Páx. 155.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a proposta de nomes das salas do edificio do Parlamento de Galicia: *rexeitada por 18 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 155.)

Suspéndese a sesión ás oito do serán.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Polo tanto, entramos nos puntos da orde do día.

O primeiro punto é o texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a súa portavoz, dona Ana Belén Pontón Monde-lo.

A señora PONTÓN MONDELO: Bo día, señorías.

O 14 de setembro de 2020 o prezo da luz era de 43 euros por megavatio/hora. Hoxe, 14 de setembro de 2021, o prezo é de 153,43 euros. O recibo da luz subiu un 353 %, nunha escalada de prezos que ninguén entende e que só podemos cualificar polo seu nome: unha estafa legalizada. Unha estafa con beneficios millonarios para o lobby eléctrico e facturas ruinosas para as familias, para as pequenas e medianas empresas, para os autónomos e as autónomas. E todo isto no medio dunha crise sen precedentes, na que estamos empezando a erguer a cabeza.

A estafa da luz pon en risco miles de postos de traballo, afecta de cheo unhas economías familiares que en moitos casos xa son precarias e condiciona tamén os horarios de miles de galegos e de galegas, que fan auténticos malabarismos nun intento desesperado para poderen afrontar unha factura da luz que roza o escándalo democrático. Porque, señorías, ¿que clase de democracia é esta que permite que un puñado de multinacionais especulen ata a sociedade co prezo dun ben básico? (*Aplausos.*) ¿Que clase de democracia é esta? Un prezo, por certo, dos máis caros de Europa nunha Galiza onde os salarios da clase traballadora e as pensións dos nosos maiores están por debaixo da media.

Estamos ante unha situación de emerxencia social que mesmo afecta directamente a saúde das persoas. E isto que digo non é ningún tipo de exaxeración, é así de literal. Eu invítoos, señorías, a que vexan moitas das testemuñas que se publicaron nos medios de comunicación. Poden, por exemplo, coller *El Progreso* do 15 de xuño, onde podíamos ler as declaracións de



Paulino, un veciño de Cospeito, cunha insuficiencia renal, que coma moitas destas persoas as obriga a teren que conectarse a diario a unha máquina de hemodiálise. Declaraba este veciño: eu víñame erguendo ás 8 ou ás 9 da mañá, almorzaba con calma e conectábame e acababa sobre as 12 do mediodía. Agora érgome ás 6 para conectarme e poder rematar antes das 10. Prefiro facelo a afrontar recibos impagables.

Señorías, ¿como é posible que unha persoa se vexa obrigada a levantarse ás 6 da mañá para manter a súa saúde, sacrificando sono e descanso, única e exclusivamente para evitar que se dispare a factura da luz porque, se non, non podería pagala? ¿Como é posible, señorías, que exista un marco normativo que pon o lucro das eléctricas por riba da saúde das persoas? (*Aplausos.*)

Insisto: isto non é un debate calquera; estamos nunha situación de emerxencia social, estamos nun debate tamén sobre a calidade democrática do Estado español, e por iso precisamente traemos este debate ao Parlamento galego. Pero tamén hai hoxe unha foto que nos deixa este hemiciclo e que é todo un símbolo, e é que vemos todas as cadeiras azuis do Goberno do Partido Popular ausente. Estamos debatendo sobre un tema que preocupa e ocupa á maioría dos galegos e das galegas, que lles quita o sono a moitos e a moitas porque non poden pagar a factura da luz, e aquí vemos o absentismo do Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) Todo un símbolo de que nin están nin se lles espera.

Galiza é rica en electricidade pero non se beneficia desa riqueza. Ao contrario, as familias e as pemes pagan cada vez máis pola luz. Vemos como un país rico en electricidade, que segue exportando case un trinta por cento da electricidade que se produce, ten o 14 % dos seus fogares en pobreza enerxética. E todo isto mentres pagamos os custos ambientais e sociais, porque non sae gratis producir electricidade. Producir electricidade implica ter este país cheo de encoros, implica máis de catro mil aeroxeradores en cento seis concellos e, por se todo isto fora pouco, agora tamén implica un *boom* eólico depredador, que é unha bomba para o medio rural e que está feito á medida das eléctricas, que queren seguir espoliando o noso país, (*Aplausos.*) e que os gobernos do Partido Popular e tamén o Goberno central llelo permiten. (*Aplausos.*)

A factura da luz sobe todos os anos, e estamos nos últimos meses vendo ademais como cada día marca un máximo histórico. E isto vén pasando con gobernos do PP e tamén con gobernos do PSOE. E hai unha explicación de por que pasa todo isto. Pois isto pasa grazas a ese xogo perverso das portas xiratorias e a un sistema feito á medida das eléctricas, que teñen beneficios multimillonarios á custa da xente e de explotar os nosos recursos naturais.

E aí temos os datos do ano 2020. En plena pandemia, os beneficios das eléctricas son un escándalo: Naturgy, 490 millóns de euros de beneficios; Endesa, 1.394 millóns de euros de beneficio; Iberdrola, 3.610 millóns de euros de beneficios. Ganancias astronómicas que pagan os nosos maiores coas súas pensións, a clase traballadora cos seus salarios e todos e todas nós a través dos impostos. (*Aplausos.*)

Pero xa vemos que este *lobby* eléctrico é insaciable. Ademais, como sabe que goza dunha normativa feita á medida dos seus intereses, que lles dá case impunidad, séntense fortes.



E como se senten fortes e impunes mesmo se atreven, en media escalada dos prezos, para seguir gañando con usura, baleirar os encoros deste país coa complicidade do Goberno central e da Xunta de Galiza, facendo caixa e provocando un problema medioambiental (*Aplausos.*) sen que ningún goberno llelo impedira.

¿E cal é a resposta do señor Feijóo —ausente— ante a voracidade destas multinacionais? Primeiro, deixarlles facer. E, segundo, querer tapar esa vergoña cunha multa de 25.000 euros, que eu creo que lles deu a risa en Iberdrola cando viron a contía de sanción que lles podían impoñer. Porque gañan máis nun día turbinando que esa sanción absolutamente ridícula, que, por certo, é ridícula porque o Goberno do Partido Popular modificou a lei para baixar as sancións ante este tipo de feitos. (*Aplausos.*) ¡Claro que gobernan para as eléctricas!

Fíxense: o presidente de Iberdrola, o señor Ignacio Sánchez Galán, ese ao que se abraza o señor Feijóo en vez de defender os intereses dos galegos e das galegas, gaña nun día máis de vinte e cinco mil euros. ¿Pero que clase de chiste de mal gusto é este co que pretenden tapar a súa complicidade coas eléctricas?

Esta é a aportación do presidente da Xunta; unha aportación que en si mesma é un escándalo, porque levamos vendo como ante este tema o señor Feijóo, que fai declaracións a diario sobre multitude de asuntos, non move un dedo para evitar esta situación. Nada, excepto botar balóns fóra e buscar a alguén a quen botarlle a responsabilidade, e vetar unha proposta que é viable e que podía abaratar a factura da luz como é a tarifa eléctrica galega. Leva doce anos de veto, doce anos impedindo baixarlles a luz ás familias e ás empresas a través dunha medida xusta, realizable e social.

E a razón deixounola el mesmo dita neste parlamento: *en Madrid no se entendería*. Pois ben, eu creo que o que non entenden os galegos e as galegas é por que non poden ter unha factura da luz máis barata nunha Galiza que é rica en electricidade. O que non entenden é que teñamos os nosos montes cheos de muíños, os nosos ríos cheos de encoros sen beneficios para o país. O que non entenden é por que se negan a que se pague menos pola luz vetando a tarifa eléctrica que propón o BNG.

E, por certo —volvo dicilo nesta cámara—, é que non inventamos nada: nos países da nosa contorna hai tarifas diferenciadas máis baratas. Dinamarca, Suecia, Noruega, Finlandia, Suíza, Alemaña, Reino Unido, todos teñen tarifas diferenciadas e con prezos máis baixos para as zonas produtoras, porque é unha razón, é unha cuestión de sentido común e de lóxica. E a pregunta que nós facemos é: ¿por que en Galiza non?

A única razón é que as eléctricas mandan máis que os gobernos. Por iso teñen en nómina a expresidentes, a exministros e a exministras a través das portas xiratorias. Porque de verdade, ¿alguén pensa que lles pagan un salario do copón a Felipe González, a Aznar ou a exministros por seren especialistas no sistema eléctrico? Non, non. Páganlles eses salarios para que logo, cando gobernan, gobernen á medida dos seus intereses. E tamén se explica polo centralismo político, que fai que a enerxía galega se poña ao servizo dos intereses de Madrid.



Por iso, nun contexto de enorme preocupación social ante a estafa da luz, o BNG trae hoxe a este parlamento unha proposición de lei para abaratar o prezo da luz e conseguir en definitiva que unha riqueza eléctrica que ten o noso país se poña ao servizo das familias, das empresas e do desenvolvemento económico e da creación de emprego en Galiza.

E eu agardo que hoxe, visto todo o que leva pasado arredor deste tema, poidamos contar co apoio do Partido Popular e do Partido Socialista, porque esta proposición de lei non vai contra ninguén, senón que vai a favor de Galiza e a favor dos galegos e das galegas. Porque esta proposición de lei ten un obxectivo moi claro, que é que as familias e as empresas reciban unha parte dos beneficios que hoxe acaban incrementando a conta de resultados do *lobby* eléctrico. Ese *lobby* eléctrico todopoderoso que está estafando aos galegos e ás galegas co prezo da luz, e onde desde as institucións democráticas temos que plantarlle cara e dicir: ¡basta xa desta estafa! Imos frear ese todopoderoso *lobby* de Naturgy, Endesa e Iberdrola. De aí a lei que hoxe trae o BNG a este parlamento e para a que pedimos o apoio de todos os deputados e de todas as deputadas.

Esta proposta ten como elemento esencial algo tan básico e tan xusto como que a riqueza eléctrica de Galiza beneficie aos galegos e ás galegas. E iso pasa por conseguir dous obxectivos: o primeiro, reducir o prezo da luz porque é un ben básico de primeira necesidade e non se pode permitir que as eléctricas especulen con el, e, en segundo lugar, compensar o papel produtor de Galiza. Non pode ser que asumamos os custos ambientais e os custos sociais, e que o que recibamos a cambio sexa unha estafa en forma de factura da luz.

E todos e todas teñen vostedes sobre a súa mesa o texto desta proposición de lei, pero eu quixera destacar algunhas das iniciativas que recolleemos nesta proposición de lei para conseguir unha tarifa da luz máis xusta:

En primeiro lugar, hai que acabar con eses denominados «beneficios caídos do ceo». Hai que poñerlle fin a un timo, que son esas poxas nas que calquera forma de produción de electricidade ten o mesmo prezo cando entra no *pool* que o prezo da máis cara, aínda que sexa moito máis barata producila. Isto, se me permiten, é como se hoxe saio deste parlamento, vou á peixería, compro xarda, compro sardiña, compro percebe, e cóbranme todo a prezo de percebe. Isto que nos parece unha auténtica barbaridade é o que está pasando neste momento co prezo da luz, e está legalizado na Lei do sector eléctrico. Por iso dicimos que hai que cambialo.

En segundo lugar, é importante reducir os impostos que pagamos na factura. Nós temos unha carga impositiva moi elevada para un ben básico e de primeira necesidade como é a electricidade. Hai moitos custos que hoxe pagan os cidadáns, con independencia de cal sexa o seu poder adquisitivo, porque están na factura da luz, que realmente deberían de estar nos orzamentos xerais do Estado. Por exemplo, a moratoria nuclear, os custos extrapeninsulares ou eliminar dunha vez por todas ese timo recoñecido por Aznar do «déficit tarifario».

En terceiro lugar, a defensa dunha tarifa eléctrica galega. E aquí do que se trata é de algo moi sinxelo que ten encaixe legal, e é que baixemos as peaxes da factura nas zonas produtoras. É unha cuestión de xustiza e de sentido común que —insisto— é moi habitual en paí-



ses da nosa contorna, e que ademais os galegos e as galegas temos dereito a beneficiarnos da riqueza eléctrica deste país.

En cuarto lugar, apostamos por unha tarifa industrial estable e competitiva. Nós temos miles de postos de traballo en risco polo prezo da electricidade, e é evidente que nin os gobernos do PP nin os gobernos do PSOE lles están dando unha solución ás industrias electrointensivas do noso país. É un disparate que teñamos un só posto de traballo en risco polos prezos da electricidade nunha Galiza que produce electricidade e que, desde logo, debería de reverter para o país. Polo tanto, nós o que dicimos é: tarifa industrial estable e competitiva, pero exíxíndolles ás empresas un compromiso para que creen emprego, e non única e exclusivamente reciban fondos do Estado sen ter ningún tipo de compensación a cambio.

E, en último lugar, cremos que hai que avanzar en máis competencias en materia enerxética. Nós non queremos que sobre a enerxía galega decidan nin as eléctricas nin Madrid. Por iso apostamos por unha maior capacidade neste ámbito, porque tamén permitirá unha planificación.

En definitiva —e remato, presidente—, estas son algunhas das medidas para abaratar a factura da luz e acabar cunha estafa que lles permite ás eléctricas gañar máis e máis, e decidir e gobernar por encima do que se decide nos consellos de ministros sen pasar polas urnas. E nós cremos que se Francisco Reynés, Juan Sánchez Calero ou Ignacio Sánchez Galán queren sentarse no consello de ministros ou da Xunta o que teñen que facer é presentarse ás eleccións.

Eu espero que o Partido Popular e o señor Feijóo dean luz verde á toma en consideración desta proposición de lei do BNG e que demostren por unha vez que están do lado de Galiza e non do lado das multinacionais da enerxía.

Este parlamento debe darlle unha solución a un problema que sente a maioría deste país, que afecta as familias, as empresas e os autónomos, e que é unha estafa individual pero tamén unha estafa colectiva para unha Galiza que ten dereito a que a súa riqueza eléctrica sirva para algo máis que para que as multinacionais sigan gañando e gañando, mentres a xente non pode prender a calefacción ou temos miles de empregos en risco. Hai que cambiar o guión. E isto é o que pretendemos precisamente con esta proposición de lei. Agardo poder conseguir a unanimidade desta cámara.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos restantes grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.



Bo día a todos.

Señora Pontón, nin unha soa palabra sobre as medidas anunciadas onte, con rebaixas históricas nos impostos e outras medidas estruturais. Nótase que vostede única e exclusivamente viña aquí facer propaganda do seu ideario.

O BNG trae unha proposición de lei que ben podería presentar no Congreso dos Deputados. Pero teño a sensación de que no BNG non deben de ter aliados despois do visto no día de onte cando sumaron os seus esforzos aos de Vox para intentar tombar o Proxecto de lei de creación do fondo nacional de sustentabilidade do sistema eléctrico. Unha medida estrutural para abaratar unha das tres partes que forman parte da factura eléctrica, os chamados «custos do sistema», que xunto coa proposta de minoración dos ingresos por CO₂ poden supoñer un quince por cento de abaratamento na factura eléctrica. As outras dúas partes da factura son os prezos maioristas —disparados en toda Europa, non só en España—, cuns prezos similares en Francia ou Portugal; superiores en Alemaña, Italia ou Bélxica, e moito maiores no Reino Unido. E, en terceiro lugar, os impostos sobre os que este goberno actuou e vai seguir actuando para facer realidade iso que prometeu o presidente do Goberno, que dixo que acabariamos o ano pagando o mesmo que se pagara no ano 2018, descontando o IPC. E todo iso con esa barbaridade de prezos maioristas de mercado sobre os que o Goberno non pode incidir.

Mentres o Goberno do Estado intenta recortar a factura da luz quitando os cargos que corresponden ás primas de coxeración, renovables e de residuos, coñecidos como «recore», un fondo que pode abaratar substancialmente a factura eléctrica ao distribuír os ditos custos entre os combustibles que non contribúen a loitar contra o cambio climático, o BNG suma o seu esforzo a Vox e intenta bloquear unha medida que deba camiñar con premura no eido lexislativo. Non sabemos se o BNG está preocupado pola tarifa, actuando para abaratala, ou simplemente desexa un exercicio de propaganda soberanista para vender a suposta tarifa galega como solución de todos os males. Porque este xeito de mesturalo todo e ofrecer solucións simples a problemas complexos soe ter máis de propaganda que de solución real aos problemas.

O prezo da electricidade non vai baixar significativamente por nacionalizar empresas, señora Pontón, ou por ensoñacións nacionalistas que pretenden facer crer que por ser galega a tarifa vai ser máis baixa, nun mercado europeo regulado, no que os países como Italia ou Francia teñen enormes empresas públicas e uns prezos similares aos nosos e incluso maiores.

Ontes pedían vostedes baixar o imposto do IVE da electricidade ao 4 %, cando este goberno xa o fixo do 21 % ao 10 %. Porque no BNG sempre intentan soprar e absorber ao mesmo tempo: queren nacionalizar empresas e baixar impostos, queren apostar polas renovables e piden moratorias eólicas, queren facer barcos para a defensa dos estaleiros ferroláns pero critican o orzamento do Ministerio de Defensa. As incoherencias da solidariedade mal entendida do nacionalismo: o teu é meu, e o meu tamén é meu.

No noso grupo cremos que o realmente importante é camiñar xuntos en tres aspectos: en primeiro lugar, seguir incidindo na transición enerxética e o respecto polo medio ambiente



se queremos deixarlles aos nosos fillos un lugar onde vivir, con temas esenciais como a eficiencia enerxética e o autoconsumo; en segundo lugar, facer as modificacións estruturais e de curto prazo para que a tarifa que chegue aos nosos fogares sexa equilibrada e non se converta nun produto de luxo, facendo que as empresas do sector non teñan uns beneficios insultantes mentres os consumidores teñen problemas para pagar a factura, e, en terceiro lugar, actuar contra a pobreza enerxética para que ningunha familia quede sen subministración eléctrica.

Gustaríanos poder vir aquí debater con seriedade sobre as reformas que necesita o sistema, de como implementar medidas a nivel autonómico para promover o autoconsumo nas actividades económicas do noso país, por exemplo, nas explotacións gandeiras. Pero o único obxectivo destas iniciativas é lanzar unha mensaxe de que o prezo da luz é produto dun espolio do Estado español tardofranquista, ou que o Partido Popular pode darlles agora solución aos problemas dun sistema que eles mesmos puxeron en marcha cunha lexislación creada por eles ao gusto das eléctricas, e que o actual goberno está a modificar cunha modificación que non se pode acadar en catro días.

Segundo moitas revistas especializadas e empresas do propio sector eléctrico, nos vindeiros anos o custo da enerxía eléctrica no mercado maiorista será inferior ao de países como Francia e Alemaña, derivado das medidas que se están a levar a cabo polo actual goberno e a aposta polas renovables. Un goberno que quere actuar contra os privilexios das enerxéticas con iso que se chaman «beneficios caídos do ceo», que poden supoñer que máis de mil millóns de euros de beneficio das compañías eléctricas pasen a beneficiar as facturas dos usuarios.

Creo, señorías do BNG, que estas non son unhas medidas que sexan de agrado das eléctricas e derivadas dun goberno vendido ás portas xiratorias das eléctricas. Estas son medidas estruturais para a xente e poñendo couto ao beneficio empresarial, tanto na futura Lei de fondo nacional de sustentabilidade do sistema eléctrico coma na futura Lei de minoración de CO₂, que supoñerán unha redución de ata o 15 % da factura eléctrica en consumidores domésticos e industriais.

Como dicía antes, o Goberno xa iniciou o trámite dese anteproxecto de lei para compartir o beneficio do custo do CO₂ entre todos os consumidores e reducir así a factura. Para que a xente o entenda: a xeración de enerxía eléctrica nas centrais que non emiten CO₂ é menos custosa debido a que non teñen que soportar os prezos do CO₂. E, pese a iso, o funcionamento do mercado posto en marcha polo Partido Popular fai que esta enerxía sexa pagada ao prezo da última tecnoloxía que entra no sistema, que soe ser o gas, que leva incorporado o prezo do CO₂. Ese diferencial de prezos recíbeno as empresas non emisoras, obtendo un beneficio inmerecido que lle chaman «beneficio caído do ceo». Con esta nova norma conseguirase que se reduza ese beneficio e se reparta entre todos os consumidores. Un goberno moi comprometido coas eléctricas, señora Pontón.

Ao longo de todo este tempo de goberno tamén se desenvolveron medidas para protexer os consumidores vulnerables. Gustaríame saber o que fixo o Partido Popular na crise do 2009, máis que triplicar o prezo da electricidade sen mirar para os máis vulnerables. ¿Recordan



vostedes cando a deputada do PP, a señora Fabra, ante un recorte de prestacións aos traballadores en tempos de crise, dicía no Congreso «*que se jodan*»? (*Aplausos.*) Esa é a preocupación do PP polos vulnerables. (*Aplausos.*) Este goberno en situación de crise creou o bono social térmico e ampliou o bono social eléctrico, así como actuacións extraordinarias para amortecer o impacto da covid, especialmente nos consumidores vulnerables: a prohibición do corte de subministracións, a prórroga automática do bono social eléctrico, a conxelación dos prezos máximos da bombona de butano e a tarifa de último recurso de gas natural; unha ampliación do dereito ao bono social para os traballadores autónomos que cesen a súa actividade ou vexan reducida a súa facturación pola covid. E onte ampliouse o escudo social, e tamén van aprobar unha subministración mínima vital para aportar unha protección adicional aos consumidores vulnerables.

Onte o Goberno anunciou medidas para loitar contra a suba indecente derivada dos custos no mercado maiorista e sobre os que o Goberno non pode actuar, intervindo sobre as outras dúas partes da factura: a impositiva, coa ampliación da supresión do imposto á xeración eléctrica do 7 %, e a redución do IVE do 21 % ao 10 %, así como a nova medida impositiva que baixa o imposto especial da electricidade ao mínimo permitido pola Unión Europea, pasando do 5,1 % ao 0,5 %. Esta é unha rebaixa histórica dos impostos. (*Aplausos.*)

A estas medidas anunciouse que o Goberno prevé detraer, á parte do que dicíamos dos beneficios caídos do ceo, os beneficios extraordinarios que teñen as empresas enerxéticas e redirixilo aos consumidores topeando tamén os prezos do gas. O Goberno minorará temporalmente o exceso de retribución que obteñen as centrais de xeración eléctrica non emisoras — nucleares e hidroeléctricas — grazas á repercusión duns custos de gas que non soportan.

Señores do BNG, déixense de mantras soberanistas. O primeiro é que Galicia é excedentaria de enerxía. Saben que non é certo isto que din. Isto só sucede nunha parte da enerxía do sistema, a eléctrica. Certamente, producimos un trinta por cento de enerxía eléctrica máis que da que consumimos, pero non somos excedentarios en toda a materia enerxética. Producimos 2.300 toneladas equivalentes de petróleo de enerxía primaria galega, pero importamos 9.400 toneladas de enerxía primaria. Desá suma de enerxía pérdense 2.200 toneladas e quedan 9.950 toneladas equivalentes para uso, das cales consumimos en Galicia 6.200 toneladas, e expórtanse 3.700. É dicir, señores do BNG, no caso dunha electrificación da economía á que camiñamos coa transición enerxética, as 2.350 toneladas que producimos en Galicia en enerxía primaria propia non dan para as 6.200 toneladas que consumimos. Isto non é máis que unha terceira parte do que se consome.

En segundo lugar, non existe unha tarifa eléctrica vasca, existe unha tarifa 6.2, que pode valer tamén para Soria ou para Badaxoz, que pode ser boa para unha parte do tecido produtivo vasco.

E, por último, o mantra de que esteamos prexudicados polo actual sistema de peaxes. Certamente, poderíase estudar que as comunidades produtoras tivesen unha redución nas peaxes de transporte. Nós non nos negamos a que esta medida poida estudarse. A isto vostedes chámanlle «*tarifa eléctrica galega*», pero poderían chamala «*castelá-leonesa*» ou «*catalá*». Pero ao mesmo tempo que esas peaxes de transporte poderían ser menores, ¿que pa-



saría se alguén dixese que se revisasen tamén os custos de distribución? Cun territorio de preto de trinta mil quilómetros cadrados, trescentos municipios e máis de trinta mil entidades singulares de poboación que supoñen aproximadamente o cinco por cento de todo o Estado, cunhas infraestruturas de distribución que son máis do vinte por cento máis caras que noutros lugares de España pola nosa orografía. Fagan o cálculo, señores do BNG, sumen e resten, e quizais Galicia non quede tan mal parada no balance que pagamos en peaxes e dos custos que soporta o noso sistema eléctrico. Xa lles digo que o custo que soporta é maior.

Señores deputados, aporten e sumen en medidas estruturais que poden mellorar un sistema eléctrico que debe de ser máis xusto e máis ecolóxico. Pensen máis nas persoas e menos nos territorios. Ao final, as persoas son persoas con necesidades dunha enerxía accesible en Teruel ao mesmo tempo que en Ourense. E nesa liña está traballando o Goberno actual, e ten o apoio do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Marta Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Señora Pontón, compartimos con vostede a preocupación pola situación do elevado prezo da luz que estamos a soportar todos os consumidores españois dende que comezou o ano 2021. O que xa non compartimos con vostede son as súas solucións.

Nas primeiras semanas do ano, señorías, en plena vaga de frío, a luz subiu por enriba dos 100 euros/megavatio/hora. Pero en setembro xa está batendo todos os récords: máis de 150 euros, e incluso 170 euros nalgunhas horas. O Goberno dos récords, señor Seco; o Goberno do récord no prezo da electricidade e o Goberno do récord na falta dunha solución áxil que leva nove meses abrasando a todos os cidadáns españois, señor Seco.

E os mercados a futuro —non sei cales son os que mirou vostede— prognostican que o prezo seguirá subindo. Polo tanto, isto xa non é, señorías, unha situación conxuntural, é un problema estrutural. Por iso necesita de solucións de reforma do sistema eléctrico estruturais, non dun parche temporal como fixo o Goberno central, ou anuncios que serán efectivos en varios anos.

Tras esta suba, señorías, están as nefastas condicións e consecuencias para millóns de consumidores domésticos, pemes e autónomos, que nun momento de crise como este, ademais de pensar en como manter o seu emprego e ser moi coidadosos para non contaxiarse da covid, teñen que vivir abrasados por unha factura da luz que como pouco lles subirá un trinta e cinco por cento.



Cando os que gobernaban en Madrid eran outros, os seus discursos sobre pobreza enerxética, señora Pontón, alcanzaban outro nivel. Hoxe parece que non existe, cando os datos son que no ano 2020 subiu un tres por cento máis que no ano 2019. Por certo, os datos de Galicia —rógolle que mire o INE—: 9,8 %, por debaixo da media española, señora Pontón. Aclare os datos.

No medio deste subidón, o Goberno do señor Sánchez implantou a tarifa por tramos, que incita a non durmir para poñer a lavadora ou planchar, cando agora o prezo a esas horas é un trinta e cinco por cento a maiores. Todo un despropósito deste goberno que se proclama hoxe non responsable, exixindo ao Goberno de Rajoy dimisións pola suba dun oito por cento do prezo da luz, cando agora a luz sobe un douscentos por cento. Un goberno que implantou un parche temporal que leva nove meses facendo subir o prezo da luz e non dando resposta de ningún tipo; incapaz, por tanto, de acadar unha solución áxil. Un goberno soberbio que non acepta achegas do Grupo Popular para rebaixar a luz nun vinte por cento. E un goberno que mente, botándolle a culpa a Europa, a Rusia e incluso a Rajoy, tras levar este tres anos fóra do goberno; tres anos, señor Seco, que lle darían para modificar esas leis que vostede di. Trinta e catro leis modificaron na Lei de medidas, señor Seco. Polo tanto, tiveron tempo de meter esta lei se a querían modificar e non lles gustaba.

¿E que fai o BNG? Pois mentres tanto o BNG vén aquí, hoxe maquillada de moderada, señora Pontón, cunha proposta sobre a modificación dunha lei estatal, pero que se basea en tres premisas que teñen o ADN máis rupturista do Bloque Nacionalista Galego:

Primeira premisa: a tarifa galega. Cando xa analizamos esta opción nunha comisión parlamentaria con dez comparecentes, onde todos excepto un, que foi o propoñente, un exdeputado do Bloque Nacionalista Galego, todos a negaron. Só el, e el por suposto sen basearse nin en ningún estudo económico, nin en ningún estudo xurídico. O resto dos comparecentes dixeron claramente que sería nefasta para Galicia unha tarifa galega.

Señoría, o custo do sistema eléctrico galego son 900 millóns de euros. Os galegos pagamos 700 millóns de euros, señora Pontón. Douscentos millóns de euros faltaríannos. Un trinta por cento máis cara a luz teríamos que pagar coa súa proposta. Iso si que é unha estafa, señora Pontón, e esa é unha estafa súa.

Segunda premisa: que a enerxía se xestione por unha empresa pública, cando o público non é sinónimo de máis barato. Pretenden nacionalizar empresas; outra vez propostas ilegais.

E a terceira premisa: botarlle a culpa do prezo da luz ao señor Feijóo. O BNG dedica o verán a recoller firmas sobre o prezo da luz e vai e entrégaas en San Caetano. Non, señora Pontón, tenas que entregar na Moncloa. Alí é onde está a responsable da subida do prezo da luz. (Aplausos.)

Eu, como a vostede lle gustan tanto as fotos, tamén teño unha foto. (A señora Nóvoa Iglesias amósalle á Cámara unha fotografía.) Se non quere mirar, que miren o resto dos deputados do BNG; miren esta é a foto. A foto, unha é Adriana Lastra, cunha cruz, porque foi cesada polo dedo fulminador do señor Sánchez, e a outra, cun interrogante, que está pensando o seu fu-



turo. Esta é a foto do pack: «Acuerdo del PSOE y BNG». (A señora Nóvoa Iglesias amósalle á Cámara un documento.) Na folla 8, no punto 5, vostede propoñía estudar unha tarifa galega.

¿Quen é o responsable da subida do prezo da luz? O señor Sánchez, señora Pontón; non nos minta unha vez máis. E vostedes son cómplices porque o sosteñen na Moncloa e aquí en Galicia alá en todos os sitios onde gobernan (*Aplausos.*) sosteñen os seus sillóns; os seus sillóns, señora Pontón, en concellos e deputacións onde perden, e aí sosteñen o PSdeG, igual que na Moncloa. E os galegos sábeno. Os galegos saben perfectamente, señorías, que o responsable do prezo da luz non é Feijóo, é o señor Sánchez. E tamén saben que vostedes son cómplices de soste o señor Sánchez en Madrid e en todos os concellos e deputacións onde gobernan, señoría. Diréillelo as veces que fagan falta.

Regalaron o voto a Pedro Sánchez para facelo presidente a cambio de nada. Polo tanto, collan as firmas e en vez de levalas a San Caetano, lévenas á Moncloa. Alí está o responsable, señoría.

Aínda que vostede lle dedicou pouco tempo a falar da iniciativa, eu si que vou debullar os puntos máis principais:

Empresa pública. Fala vostede de nacionalización de empresas como pediron onte no Congreso. Por suposto, mantra que comparten con Podemos, sobre unha empresa pública de enerxía que non se sostén, entre outras cousas porque vostedes din que tería que xestionar os embalses, que caducan dentro de trinta anos. ¿Con que enerxía?, ¿coa dos embalses que caducan dentro de trinta anos? Non. ¡Ah!, expropiamos empresas. ¡Outra proposta perfectamente legal! ¿Ou con que?, ¿coa enerxía eólica? Se vostedes demonizan as enerxías renovables, son uns negacionistas, señora Pontón. Son uns negacionistas da enerxía renovable.

Temos exemplos de embalses en Aragón, que reverteron, e a Comunidade de Aragón temos sen xestionar e vainos volver sacar á concesión privada. Temos exemplos de Italia, con empresa pública e o prezo da enerxía por encima de toda Europa. Temos exemplos das comercializadoras públicas, da señora Colau ou do señor Kichi en Cádiz, que cobran a luz máis cara que as comercializadoras privadas. Eses son os exemplos.

Na confrontación permanente que ten coas competencias autonómicas, pois agora tócalle a regulación do sector eléctrico e tamén a quere para Galicia. E pide que se modifique unha lei do sector eléctrico para cambiar a competencia. Non, a competencia está na Constitución, no artigo 149, apartado 1.25 e punto 22. Léao, señoría. Non está na Lei do sector eléctrico, está na Constitución. E aquí non é un tema de competencias, é un tema de respectar unha lei autonómica, e válelle para meter o eólico aquí. É un tema de respectar unha lei autonómica, o Plan sectorial eólico de Galicia; un instrumento de ordenación territorial, señora Pontón, que ten que cumprir a Xunta cando dea autorizacións de parques eólicos a nivel galego, e o Estado cando dá autorizacións eólicas a nivel estado, señora Pontón. Non é un tema de competencias.

Vostede fala aquí da modificación do mercado marxinalista, poñendo prezo a tecnoloxías, cando sabe que iso é totalmente ilegal. Eu póñolle o exemplo: este mercado marxinalista



que temos é o mesmo en Italia, en Francia, en toda Europa. Francia e Alemaña, por exemplo, teñen prezos da enerxía moito máis baratos; 40 euros megavatio/hora máis barato que España. ¿Sabe por que? Porque Francia ten como respaldo a nuclear, un 70 %, e Alemaña, o 50 % de carbón, que está utilizando hoxe. Vostedes permitiron xunto co PSdG —e son cómplices— desconectar as térmicas antes de tempo, señoría. Outro erro: desconectaron as térmicas antes de tempo. (*Aplausos.*) E hoxe o mix enerxético español e o galego está condicionado á enerxía renovable, que é xenial a enerxía renovable, pero non a podemos almacenar, señora Pontón. Por iso o mercado marxinalista non é o problema; o problema é o mix, que agora é moito menos diversificado do que era e está moi condicionado á suba do prezo do gas. Non ocorre en Alemaña e Francia si. Pero vostede no que basea a súa proposición de lei é no seu mantra, nesa ansia de desconectar Galicia, poñer un interruptor no Padornelo. Quere a tarifa eléctrica galega. (*Aplausos.*)

É obvio que Galicia ten un exceso de xeración de enerxía no cómputo anual. E xa non vou dar datos, que estiveron moi ben dados polo señor Seco, pero é de pura lóxica. Mire: desconectamos as térmicas, 2.000 megavatios. A xeración de enerxía de Galicia é renovable, non a podemos almacenar, témola que verter á rede sempre que se fabrica. Non temos onde almacenala, señoría, e en moitos momentos temos que importar enerxía. Vostede, que vai volver aquí, respóndame como faría con Alcoa, por exemplo, que consome tanta electricidade como toda Galicia. ¿Como faría? Estaría agardando que houbera vento, que houbera auga, non teriamos ningunha substitución, ningunha posibilidade de respaldo. ¿Como sería o respaldo para Alcoa? Sexan serios, señoría. A demagogia súa é de nivel alto, de nivel extremo, señora Pontón.

Ademais, é que de non poder sobrevivir só coa enerxía que xeramos, e na súa maioría renovable, é que lle sairía mal a Galicia. Xa llo dixen: 900 millóns de euros custa o sistema eléctrico galego; 700 millóns pagan por peaxes os galegos, 200 millóns de euros que faltan, 30 % máis cara a luz coa súa proposta. Esa si é unha estafa, señora Pontón. A tendencia é ir a un mercado maior, non ir a un mercado pequeno. A tendencia é ir a un mercado eléctrico de electricidade europeo, non a un pequeno mercado galego, señora Pontón.

Cando fala de que non deixa beneficios no territorio, que é mentira, pois o canon eólico deixou 200 millóns de euros dende que se puxo en marcha. E fale co seu alcalde de Muras, quen recibe cincocentos mil euros do canon eólico todos os anos. ¿Pero iso que é?, ¿non son beneficios no territorio? E os embalses, o mesmo; fale cos alcaldes tamén se deixan impostos as eléctricas de IBI e de IAE nos concellos.

Señora Pontón, tamén fala aquí das electrointensivas, e con vostedes non poderían nin sequera traballar, porque só vivindo da enerxía renovable neste momento, que non somos capaces de almacenar, dígame como fariamos. Tamén lle descontaríamos os custos que reciben de compensación de CO₂ que nos dá o Estado.

A realidade é que vostedes son cómplices tamén diso, tamén o firmaron no pacto, tamén ía. Outro acordo incumplido, señoría, dese pacto. Desconectaron, é un goberno central que fai o mesmo de sempre: desconecta o sistema de interrompibilidade e non pon en marcha unha substitución e abandona as empresas. Prometeu un fondo de reserva e uns contratos bila-



terais, que ¿saben onde están? En ningún lado, nada, cero. Alcoa cero solucións. E vostede é cómplice diso.

Vostede falou aquí moi veladamente de protección social, porque agora a pancarta é para irse a colocar nos embalses, pero non para pedir protección social para a xente. Vostedes abandonaron a xente, señoría. E o Partido Popular presentou aquí xa dúas iniciativas para abaratar a factura nun vinte por cento o prezo da luz. Medidas que levaremos hoxe pola tarde e veremos o que fai o PSdG hoxe, que as dúas anteriores votou en contra.

As nosas medidas van por reducir a fiscalidade, van por trasladar custos regulatorios que enchen a factura aos presupostos do Estado, non ao Fondo Nacional de Sostibilidade, que imos ver o que provoca iso, señor Seco.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Imos ver o que provoca iso. Se non provoca unha subida da gasolina, como todos esperamos, porque é o que todos están prognosticando.

As medidas deste grupo permitirían baixar un vinte por cento o prezo da luz, e son legais e sostibles economicamente. Propostas dun partido serio.

Señora Pontón, a tarifa galega non se sostén, non se sostén porque non somos excedentarios todos os días, e temos que importar enerxía o mesmo que España, que tivo que tirar do gas. Só o 50 % da enerxía que se produciu durante este verán foi renovable, o resto tivo que ser...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...de importación de enerxía nuclear e de gas, señora Pontón.

E ademais a súa tarifa galega é mala, porque sería unha estafa, pois custaríalles un trinta por cento máis aos galegos por ter a súa tarifa galega.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora NÓVOA IGLESIAS: Polo tanto, señorías, evidentemente que non imos apoiar a súa proposta de lei.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do grupo autor da proposta.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Isto hai que deixalo segundo vai. Tamén eu noto algo. Temos que controlar aquí, é un sistema especial. Hai que vir un pouco máis abrigados de momento, polo menos na primeira hora da mañá. A ver como podemos facer... *(Murmurios.)* É que non podo facer outra cousa, de momento, senón estropeamos todo o que sería o sistema para que despois funcione ben todo o día. A verdade é que é un problema. Eu doume conta. Ata eu teño frío, que non son un home que teña especialmente frío, pero hoxe teño frío. Pero ¿que lle imos facer? ¡Mala sorte!

A señora PONTÓN MONDELO: Hai moitas familias que non poderían poñer hoxe a esta hora este sistema de refrixeración porque non o poden pagar. Si, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Ben.

A señora PONTÓN MONDELO: E moitas empresas tamén, onde traballan moitas outras persoas.

O señor PRESIDENTE: A réplica é da señora Pontón, cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Creo que é unha pena que a TVG non retransmita os plenos do Parlamento, porque os galegos e as galegas teñen dereito a ver que defende cadaquén e con que argumentos nun tema de máxima relevancia e actualidade como é a estafa da factura da luz. *(Aplausos.)* Unha auténtica pena, pero tamén é unha explicación quizais de por que non se retransmiten.

Eu teño que dicir, en primeiro lugar, que pensaba que facer oposición da oposición pois era un sinal de identidade de Feijóo, pero vexo que vai creando escola. Non sei se é o mellor profesor que se pode o de facer oposición da oposición. *(Aplausos.)*

Digo en moitas ocasións que é moi importante en política non confundirse de adversario. E eu lamento que os galegos e as galegas hoxe non tiveran aquí neste pleno un debate rigoroso, de altura e centrado nas alternativas ante un problema tan importante, e que vexamos ao PP e ao PSOE máis preocupados por defender a Sánchez e a Feijóo que por abaratarlle a factura da luz aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)* Díxeno no inicio nesta intervención. *(Ruído na sala.)*

Vou esperar porque hai moito ruído, se non lle importa, señor presidente. Imos esperar a que se senten. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* As mulleres agradeceríamos que a roupa non formara parte dos comentarios sobre os que se nos valora en política, e moito máis vindo dunha muller. *(Aplausos.)*

Señorías, nós estamos hoxe aquí para defender algo tan básico como que Galiza se beneficie da súa riqueza eléctrica. E, por certo, creo que o mantra nacionalista se está estendendo.



Voules citar algunhas declaracións, vou empezar por citar a un recoñecido catedrático de Economía Aplicada da Universidade da Coruña, o señor González Laxe. Decía recentemente nunha entrevista en Radio Nacional de España: o prezo da enerxía en Galiza debería ser máis baixo que no resto de España dado o papel produtor desta comunidade e os custos ambientais negativos que asumiu durante moito tempo. Este é o expresidente da Xunta e actual catedrático de Economía, que parece que tamén ten un andazo dun mantra nacionalista.

E para os señores do Partido Popular, non sei se o señor Fernández Mañueco está pola desconexión de Castela e León, (*Aplausos.*) pois «*Fernández Mañueco propone una energía más barata para las zonas de producción*».

De verdade, señorías, que creo que este é un debate suficientemente serio, suficientemente importante e suficientemente relevante como para que non veñan aquí enganar os galegos e as galegas. A factura da luz é unha estafa legalizada por unha normativa que, efectivamente, aprobou o Partido Popular, que agora está na oposición e de repente descobre que a súa lei é nefasta para os intereses das maiorías sociais e propón facer xusto o contrario do que fixo. (*Aplausos.*) E mesmo, claro, presentan medidas tan serias que teñen que vir aquí autoemendarse porque presentaban unha proposición non de lei con tres liñas, nas que non se dicía absolutamente nada.

E é certo que o Partido Socialista non ten maioría absoluta no Congreso. Pero si hai unha maioría que lle permitiría poder abaratar o recibo da luz, e aí está a man tendida do BNG para facelo e aí é onde o Parlamento galego ten unha responsabilidade. Porque ¿como é que nos din que nós non podemos facer nada, ou que o señor Feijóo, ausente neste debate e ausente na cuestión máis importante que lle preocupa a miles de familias, non pode facer nada? Claro que pode facer algo: pode hoxe aprobar esta iniciativa e plantexarlle un debate ao Estado sobre que queremos unha tarifa máis barata para este país. (*Aplausos.*) E non o fai porque prefire abrazarse aos intereses das eléctricas e non abrazar os galegos e as galegas. O señor Feijóo abandona as familias, as empresas e as pemes deste país única e exclusivamente porque prefire abrazar o señor Galán, que xa non é casual que o día da súa investidura fora alí darlle un abrazo ao señor Feijóo —¡benvido a este debate!—. É que o señor Feijóo defende os intereses das eléctricas e non os intereses dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

Eu lamento algunhas cousas que se dixeron aquí. A primeira é que teñamos representantes dos galegos e das galegas que veñen ao Parlamento dicirnos que somos pobres en materia enerxética. Claro que temos un balance enerxético que coñecemos, pero nós estamos falando do balance eléctrico, que ademais é o futuro sobre o que temos que estar traballando. E nós temos unha capacidade de produción moi importante, e este é un debate de modelo. E aínda neste momento, nós, claro que si, somos excedentarios na produción de enerxía eléctrica, e temos moita capacidade para facelo. Pero nós queremos que esa produción sirva para desenvolver Galiza e non para que as multinacionais eléctricas se sigan forrando. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza de modelo.

E, de verdade, nós cremos que sería positivo. Animo o señor Feijóo a que aposte pola creación dunha compañía pública para que os encoros que acaban as súas concesións revertan para o público e non sigan creando beneficios para o privado. Porque xa temos empresas públicas



operando en Galicia. E quen nos pecha As Pontes é Enel, una empresa pública italiana, que creo que tamén está na Unión Europea. *(Aplausos.)* Se pode existir en Italia, ¿por que non pode existir en Galiza? Explíquenlo, señorías.

Desde logo, tamén poderíamos ter un centro de almacenamento de enerxía en Galiza, pero hai que traballar, claro. En Estremadura teñen un acordo, en Euskadi xa o está financiando o Goberno cos seus propios fondos. ¿Onde está ese centro de almacenamento de enerxía en Galiza? *(Aplausos.)* Non o hai porque o señor Feijóo non fai os seus deberes, e nós propuxemos que o puxeran nas Pontes.

Polo tanto, señorías, de verdade, creo que é malo para Galiza que o Partido Popular e o Partido Socialista poñan a súa ideoloxía por riba dos intereses dos galegos e das galegas. Porque se algo é de xustiza é que a riqueza eléctrica deste país se use para crear emprego...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para impedir que peche Alcoa, que consome o 20 % da electricidade deste país, ou que teñamos noticias como as de hoxe, onde Ferroatlántica xa anuncia que en Sabón se vai paralizar un forno, e iso é xente na rúa. Pero para vostedes, claro, o seu interese é defender...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...os consellos de administración das eléctricas e non a enerxía como un ben público.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: A enerxía é un ben público.... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

Grazas.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Están todos os deputados e deputadas na Cámara. Procedemos á votación da toma en consideración da proposición de lei.

Votamos.



Votación da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto segundo da orde do día, comparecencias.

Acumulación de dúas comparecencias para o seu desenvolvemento conxunto

Comparecencia do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para informar do inicio do curso 2021-2022 no ensino non universitario de Galicia e as actuacións ante a covid-19

Comparecencia do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición de dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar os recortes na educación pública e a situación do profesorado no inicio do curso escolar 2021-2022

O señor PRESIDENTE: Para intervir ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moi bos días, señor presidente.

Señorías.

Dende o ano 2009 levo desempeñando diferentes funcións no eido educativo no actual goberno, tanto, primeiramente, no ámbito parlamentario como actualmente no Goberno galego. Nestes anos tiven a oportunidade de observar que nesta cámara hai dúas formas de facer política: unha, a dos grupos da oposición, onde todos os anos dun xeito constante arrancan con ataques á Xunta, onde palabras como «desmantelamento», «recortes», «privatización», «propaganda» son as habituais. Xogan vostedes coas cifras, co número de profesores, co que precisa o ensino galego. Falan tamén en moitas ocasións do peche de centros, e mesmo tamén de peche de aulas. Todo o que faga falta obviamente para desgastar —é a súa función— neste caso o Goberno galego.

Curiosamente, nunca falan vostedes de resultados, nunca falan vostedes de avances, nunca falan vostedes das melloras que ten a nosa educación. Nunca falan do que fai Galicia para manter un dos mellores sistemas educativos de España, tal e como indican os informes comparativos do ministerio e tamén de PISA.



Outra forma de facer política é a que levamos a cabo os responsables da Consellería, na que traballamos para garantir a normal actividade dunha importante rede de centros, preocupándonos de adaptar o número de docentes ás necesidades reais en cada ano escolar e en cada zona, e de xestionar con rigor e con prudencia os recursos públicos para lograr un ensino de calidade avalado polos resultados.

Galicia inicia o curso 2021-2022 coas medidas de seguridade sanitaria e cos recursos necesarios neste momento de pandemia. Estamos ante un novo momento. Temos que ser conscientes de que no curso 2019-2020 a pandemia obrigou a pechar as aulas no mes de marzo e que no curso 2020-2021 houbo que adoptar medidas desde cero e comezar en setembro con moias incertezas e con moitos medos.

No curso 2021-2022, no actual, o terceiro afectado pola pandemia, temos máis experiencia. Sabemos o que funcionou ben para lograr a presencialidade case total nas aulas galegas. Pero, sobre todo, temos un elemento diferencial: a vacinación de todas as persoas maiores de 12 anos, que se completará nesta semana.

Isto non significa nin moito menos baixar a garda. Non debemos caer nin en triunfalismos nin en catastrofismos. Estamos ante un curso de transición. Así o afirmamos todas as comunidades autónomas e o propio Ministerio de Educación. Neste contexto, enténdese que hai que manter algunhas medidas, flexibilizar outras, e con prudencia e seguridade avanzar no traballo ordinario, no traballo normal nos centros educativos.

O pasado curso foi, sen dúbida, un dos máis complexos da nosa historia recente, non só en Galicia, senón en España e no conxunto dos países do noso contorno. Todos lembramos momentos de incerteza, de dúbidas, de medos, de inseguridades, que eran perfectamente comprensibles ante a dimensión da situación sanitaria, sen esquecer a lealdade institucional —tanto co Goberno central como co resto das comunidades—. A Administración educativa galega exerceu as súas competencias e tomou medidas desde a perspectiva sanitaria e educativa. Se miramos atrás, as claves para lograr garantir o desenvolvemento do dereito á educación nesta situación tan excepcional foron moitas: a primeira foi garantir a apertura dos centros educativos durante todo o ano, para garantir —e non todas as comunidades autónomas poden dicir o mesmo— a presencialidade do alumno; adoptar as medidas hixiénico-sanitarias precisas, que permitiron desenvolver coa máxima seguridade a actividade educativa; e dotar os medios materiais e humanos precisos, como consecuencia da situación de emerxencia sanitaria na cal estabamos.

Logramos afrontar con bo resultado un curso totalmente excepcional —tamén non me cansarei de repetilo—, grazas, fundamentalmente, ao grandísimo esforzo —ao sobreesforzo— realizado por parte de todos os membros da comunidade educativa e á gran resposta do alumnado.

No curso pasado, co respaldo do Comité Educativo e do Comité Clínico, puxéronse en marcha unha serie de cuestións organizativas que xeraron certezas e funcionaron correctamente: os plans de continxencia nos centros, os protocolos específicos para comedores, actividades extraescolares ou, entre outras moitas cuestións, as recomendacións de ventilación, que



funcionaron cun alto grao de satisfacción. Intensificamos os servizos de limpeza, reformamos o servizo de comedor, brindamos as axudas ás AMPA, repartimos máscaras hixiénicas e outros materiais entre o profesorado e o alumnado que máis o precisaba, creamos o Fondo de Garantía Educativa, ampliamos os gastos de funcionamento...; en definitiva, organizamos o sistema para que funcionase.

Tamén desenvolvemos e impulsamos diferentes plans: o Plan de ensino virtual, o Plan de atención ao alumnado vulnerable e aos chamados equipos de atención virtual, o Plan de benestar emocional, e, xa pensando no actual curso, deseñamos o Plan de nova arquitectura pedagóxica e tamén o Plan Recupera.

Señorías, no curso pasado, o funcionamento do protocolo educativo e sanitario, as pautas de ventilación e o conxunto de medidas aplicadas foron eficaces. O máis importante é que mudamos a desconfianza en confianza e logramos que os colexios e institutos fosen lugares seguros; logramos que fosen unha parte da solución e non un problema na situación de loita contra a pandemia.

Neste contexto, cando dicimos que neste curso contamos con máis experiencia, é porque moitas das decisións e das medidas que deseñamos o curso pasado seguirán en marcha; moitas delas, en moitos casos, adaptadas ás novas circunstancias deste ano, e tamén da evolución da pandemia.

O curso 2020-2021 —como xa dixen— foi un curso inédito e totalmente excepcional, tamén porque o seu arranque estivo condicionado —ortemente condicionado— por decisións de última hora que se adoptaron naquel momento na Conferencia Sectorial de Educación de finais de agosto e que modificaron os escenarios preexistentes. Un ano despois, a verdade, algo se aprendeu tamén neste aspecto.

A nova ministra de Educación convocou os «consejeros» sobre o 25 de agosto —o 25 de agosto— e esta vez non houbo cambios de última hora. Foron ratificados nos mesmos termos os acordos sobre actuacións e medidas sanitarias e educativas que foron aprobadas e adoptadas no mes de maio e xuño. Despois desta xuntanza, quedou ratificado o protocolo educativo para este curso. É un protocolo de transición que se basea nos acordos entre o Goberno e as comunidades autónomas que o Ministerio de Sanidade fixo obrigatorios, cunha declaración de actuacións coordinadas o pasado 2 de xuño. Os contidos son xa coñecidos, e, sempre sen baixar a garda, agardamos que as medidas poidan ir adaptándose e revisándose nalgúns aspectos en función da evolución sanitaria.

A conferencia sectorial de agosto foi un encontro produtivo, aínda que ben é certo que botamos de menos un maior compromiso por parte do Goberno central nalgúns aspectos, tanto á hora de habilitar un fondo específico e concreto para facer fronte ao sobrecusto que ten que asumir o sistema —si se fixo no curso anterior— como tamén á hora de non ter en conta a vacinación, a ratio de vacinación, para o establecemento de medidas sanitarias dentro do sistema educativo.

Señorías, os eixos e as medidas principais deste protocolo son coñecidas. En infantil e primaria, mantéñense os grupos burbulla cun máximo de 25 alumnos e mantense o uso da máscara



e a ventilación. Hai algunhas novidades. En secundaria, a distancia interpersoal pasa de 1,5 metros a 1,2 metros. Así foi autorizado e plantexado polo Ministerio de Sanidade e de Educación. E isto posibilita recuperar espazos que eran usados como aulas para desdobrementos, tamén reducir os desdobrementos, e voltar, en certa medida, á normalidade, recuperando horarios que se modificaron pola situación ou pola necesidade de ter máis espazos. Tamén se poden compartir materiais de uso común: balóns, tobogáns..., obviamente cunhas medidas hixiénicas establecidas. Tamén se amplían os aforos en bibliotecas e se permite o préstamo de libros. En definitiva, avánzase progresivamente cara á normalidade; con prudencia, iso si.

Sanitariamente, a maior novidade —sen dúbida ningunha—, a mellor noticia —sen dúbida ningunha—, é o avance da vacinación; unha vacinación que en Galicia vai a moi bo ritmo. Imos pechar nesta mesma semana o proceso de vacinación de todas as persoas maiores de 12 anos. Nesta mesma semana todas as persoas maiores de 12 anos terán a pauta completa —nesta mesma semana—. E moi poucas comunidades autónomas poden dicir o mesmo.

Por todo o exposto —e coa necesaria prudencia—, podemos dicir que Galicia está preparada para o novo curso, coas medidas necesarias e as certezaas precisas. E, por suposto, ao longo do mesmo, seguiremos apoiándonos para a toma de decisións nas evidencias científicas, nas recomendacións sanitarias e no traballo do Comité Clínico e tamén do Comité Educativo.

Sabemos que aínda queda camiño por percorrer para acadar a normalidade, pero tamén sabemos, logo da experiencia do curso pasado e con toda a prudencia e responsabilidade, que o noso sistema educativo é capaz de afrontar este novo reto.

Por outra banda, a Consellería cumpre —cumpriu— un curso máis coa súa obriga de planificar, regular e administrar o ensino en toda a súa extensión: niveis, graos, mobilidade e especialidades. Afrontamos a organización na actividade dos centros tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de cuestións responsables de recursos.

O pasado día 9 —a semana pasada— máis de 187.600 escolares de infantil, primaria e educación especial volveron ás aulas. Mañá farano —aínda cos datos provisionais, pero xa bastante pechados— máis de 200.000 estudantes de ESO, bacharelato, FP e réxime especial.

Contamos tamén neste curso con 78.713 prazas de comedor escolar, maiormente xestionadas, neste caso, pola Comunidade Autónoma, tamén por concellos e polas ANPA. E aínda con datos estimativos, neste curso, 85.500 alumnos usarán transporte escolar en 773 centros.

Galicia volve ser a primeira comunidade do Estado no referido ao volume e forza que presentan estes servizos educativos complementarios. Ademais, dáse cobertura de transporte a 363 alumnos de centros de educación especial concertados coas entidades, cun orzamento de practicamente 1,2 millóns de euros. Temos tamén en Galicia unha rede de arredor de 1.300 centros sostidos con fondos públicos, dos cales practicamente 1.100 pertencen á rede pública.

A rede concertada conta con 3.992 unidades, 16 máis que no curso anterior, como consecuencia, fundamentalmente, do aumento progresivo nos niveis educativos concertados no ámbito da formación profesional e tamén nos concertos de educación especial.



Para mellorar a organización e a oferta, tamén neste novo curso houbo dous novos casos de integración de centros educativos, en Mazaricos e en Begonte. E transformáronse, creáronse, tres centros integrados de formación profesional: un en Culleredo, na Universidade Laboral; outro en Pontedeume; e o Leixa, de Ferrol. E, afortunadamente, non se pechou neste curso ningunha unitaria por falta de alumnado.

Neste punto da comparecencia, merece tamén a pena poñer en valor o esforzo realizado pola Consellería en materia de obras e infraestruturas educativas. Este ano acabamos de inaugurar tres novos centros de ensino: un nunha cidade, o Sagrado Corazón de Lugo; un nunha cabeceira de comarca, o Cruceiro de Sanxenxo; e un no espazo rural, a escola infantil de Coirós. Son centros que responden a unha nova visión dos espazos educativos, aproveitando algunha das aprendizaxes derivadas da covid. Como saben, Galicia aposta por un novo modelo de centros que dea resposta ás novas necesidades educativas, sanitarias e tamén tecnolóxicas. Datos que demostran a intensidade das intervencións son as 557 actuacións por case 30 millóns que se executaron de xeito coetáneo no verán, obviamente de diferente envergadura, algunhas de cantidades, digamos, modestas, pero importantes para os centros, de 30, 40 ou 50.000 euros, e outras superiores ao millón de euros.

Actuouse practicamente na metade dos concellos de Galicia e beneficiouse con esas intervencións 150.000 alumnos, aproximadamente tamén o 50 % dos matriculados. Tamén se xerou —algo moi significativo— unha importante carga de traballo; estamos a falar practicamente de 1.400 postos de traballo vencellados e 630 empresas vencelladas.

Tamén se están recibindo neste momento 41 actuacións, que teñen un investimento de 17,3 millóns de euros, e vanse licitar de aquí á fin de ano en torno a 84 obras por un volume de 40 millóns de euros. En total, estamos a falar dun investimento de 86,5 millóns de euros en 682 actuacións que se executan, reciben ou licitan ao longo deste ano 2021.

Fixemos —e estamos facendo— un importante esforzo, e seguimos a traballar para que non haxa incidencias ou problemas significativos no desenvolvemento destas obras, primando sempre a seguridade e buscando sempre compatibilizar a actividade docente coas obras. É certo que nalgúns casos estamos tendo problemas de subministración de material, algo que é un problema xeneralizado no conxunto de Galicia e de España, pero que, obviamente, temos que ter presente.

Outra tarefa fundamental é a toma de decisións a partir da revisión na matrícula dos centros escolares públicos nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial. Como xa dixemos, nestes niveis non se pecha ningunha unitaria. Como cada curso, afróntase a reorganización de unidades dentro dos propios centros educativos, e, como é habitual, realízanse en función do incremento ou da diminución do alumnado, tamén na situación covid, axustes nesta materia.

Neste caso, hai que dicir —vencellado especificamente aos protocolos covid— que Galicia habilitou no curso 2021-2022 arredor de 191 unidades máis que no ano previo á situación pandémica; pese á caída da matrícula, arredor de 6.000 no ensino público, comparativamente con hai dous anos. Por desgraza, temos menos alumnos e, sen embargo, temos máis unidades que hai dous anos.



Señorías, a evolución do alumnado e das unidades mudou ao longo destes tres cursos afectados polas medidas sanitarias, mais tamén pola demografía. En infantil e primaria, e como consecuencia do cumprimento dos protocolos covid, que derivan da aplicación destes, temos que asegurar e aseguramos os grupos burbulla a un máximo de 25 alumnos, e isto supón ter 164 unidades específicas derivadas do cumprimento dos grupos burbulla, desdobramentos vencellados ao cumprimento do protocolo. E implican a contratación de máis de 220 profesores de xeito específico para cumprir esta función.

Non pode haber ningunha dúbida sobre o feito de que a Consellería organizou a actividade dos centros educativos a través dun uso eficiente e eficaz dos recursos e sempre atendendo ás necesidades educativas e tamén ás necesidades sanitarias.

Un curso máis cóntase cun cadro de persoal docente que non só respecta o catálogo de postos fixados no ano 2007 naquel momento polo Bipartito e asinado polos sindicatos, senón que supera e mellora as previsións mínimas fixadas nese acordo. Un curso máis dispomos dun cadro de persoal docente no ensino público que supera os 30.000 profesionais e que sempre é axustado ás demandas reais neste ano escolar.

Hai que ter en conta que mañá mesmo comezan as clases en ESO, bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial, polo que temos que ser prudentes nas cifras que vou dar e tamén ser conscientes de que aínda pode haber lixeiras variacións porcentuais nos datos que pasarei a presentar a continuación.

Factores como a demografía, a flexibilización das medidas sanitarias e a falta de recursos específicos do Estado cambian o escenario respecto do curso pasado, que, lembremos, foi totalmente excepcional e atípico. Aínda así, tal e como nos comprometemos, estimamos poder cubrir as necesidades do ensino neste curso —curso aínda afectado pola pandemia— coa contratación de 2.095 profesores máis que no curso 2019-2020 —ano precovid—, entre os que se inclúen —nestes 2.095— os xa anunciados polo Plan Recupera. Quixera ser moi claro neste aspecto para disipar calquera tipo de dúbida. A ratio nas aulas está fixada polo Goberno central: 25 alumnos para infantil e primaria e 30 para secundaria. Non cambiou nin coa pandemia, nin coa nova lei educativa, aprobada hai moi poucos meses polo Partido Socialista e polos seus socios de esquerda e nacionalistas.

Galicia non só cumpre as ratios, senón que as mellora. Temos a mellor ratio alumno-profesor de España, xunto con Extremadura —a mellor ratio profesor-alumno, xunto con Extremadura—, de España. O 70 % das aulas de infantil e primaria de Galicia están por debaixo dos 20 alumnos, e o 30 % baixan de 10, e a Xunta fai neste ano 2.095 contratacións respecto da situación previa á pandemia.

Unha vez ofrecidos os datos sobre alumnado, centros, profesorado, servizos..., parece oportuno presentar a situación do modelo educativo. Non podemos esquecer que se teñen adoptado medidas para afrontar a covid, mais sen esquecer en ningún momento a necesidade de seguir apostando por programas educativos que redunden na mellora do sistema.



O pasado curso foi absolutamente excepcional, e obrigou a sacar aprendizaxes e reflexións, que agora neste curso toman forma e fanse visibles co obxectivo de mellorar o modelo.

Así, Galicia, conta co Plan Recupera, unha estratexia para brindar a calidade e a equidade do sistema educativo galego, baseado no reforzo das aprendizaxes que se puideran ver afectadas pola pandemia e previndo deste xeito o fracaso e o abandono educativo temperán.

Contratamos, ao abeiro deste plan, 1.250 profesores, vencellados aos antigos programas PROA e ARCO, que teñen como obxectivo reforzar a aprendizaxe daqueles alumnos que máis o precisan, e temos —estimamos ter— un ámbito de impacto de arredor de 50.000 alumnos.

O Plan Recupera estrutúrase en catro liñas de actuación: reforzo de competencias, acompañamento do alumnado e das familias, formación do profesorado e aposta polo benestar emocional.

Tamén a Xunta acaba de aprobar hai moi pouco tempo a Estratexia de educación dixital, unha estratexia con horizonte 2030, dotada con 120 millóns de euros os tres primeiros anos, e que contempla un conxunto planificado de accións coordinadas que se sustentan en dous piares básicos: o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento e o perfeccionamento das competencias e capacidades dixitais. A estratexia inclúe unha serie de accións de impacto, que están interrelacionadas entre si e que teñen que ver, que abranguen, todas as áreas académicas, e teñen en conta a totalidade dos integrantes da comunidade educativa: os docentes, os profesores, as familias e os alumnos. Por destacar algunha: a creación de polos creativos nos centros públicos galegos, o Plan dixital de centros —presentado hai moi pouco tempo—, a implantación da intelixencia artificial no sistema educativo, o apoio á potenciación do STEM, da robótica, nas tecnoloxías intensivas; en definitiva, diferentes accións que perseguen e buscan tamén corrixir a fenda de xénero e que fan unha forte forza en todo o que ten que ver con accións formativas, tanto para o profesorado como para as familias, no ámbito das competencias dixitais.

Tamén nesta liña reforzamos o programa E-dixgal. Ampliamos por primeira vez a 3^o e 4^o da ESO o uso do libro dixital e duplicamos practicamente o número de alumnos que utilizan libro dixital. Por primeira vez pódense cursar seis cursos seguidos, dende a perspectiva do libro dixital, tamén por primeira vez este programa se estende aproximadamente ao 50 % dos centros educativos, e todos os centros da propia comunidade autónoma contan con aulas virtuais.

Tamén apostamos por reforzar e por potenciar o bacharelato de excelencia, o STEMBach. Temos novos centros, 5 novos, e temos un total de 43 na rede galega.

Introducimos a intelixencia artificial. Este ano vai haber unha asignatura por primeira vez de intelixencia artificial en 1^o de bacharelato, e queremos, cadrando co desenvolvemento dos currículos, de xeito transversal, incrementar e plantexar os seus principios, os principios da intelixencia artificial, en todo o sistema educativo.



Reforzamos o plurilingüismo. Temos 42 novos centros, comparativamente co ano anterior, chegamos tamén practicamente ao 50 % dos centros educativos, e ampliamos e reforzamos os auxiliares de conversa.

O mesmo dicimos do Plan de bibliotecas escolares, o Plambe, que se amplía, e chegamos a 765 centros no actual curso.

No ámbito da FP, imos continuar avanzando nunha modalidade educativa, da que realmente estamos moi orgullosos. Poñemos en marcha os denominados másteres, os cursos de especialización de FP, con titulacións moi especializadas para reforzar a profesionalidade e a capacidade dos profesionais que os cursan. Temos 13 titulacións, algunhas como Ciberseguridade, Xestión de datos, *Big data*, etc. Damos un salto cualitativo e cuantitativo moi significativo no ámbito da formación profesional dual, pasamos aproximadamente de 50 módulos, de 50 proxectos, a practicamente 150, ampliamos case cen proxectos de formación profesional dual e implicamos a practicamente 500 empresas. Estamos a falar dunha confianza cada vez maior e cada vez máis significativa do sector empresarial, do sector produtivo, na FP dual.

Hoxe, a FP é unha ensinanza de prestixio, non cabe a menor dúbida, que abre portas aos traballos de futuro. Hai unha maior demanda por parte do estudantado, hai unha maior confianza por parte dos alumnos e das familias e hai unha maior confianza por parte das empresas, e isto tradúcese nunha serie de datos fundamentais. Por exemplo, para os ciclos de formación profesional a matrícula medrou un 9,5 % neste mes de xullo comparativamente co mes de xullo pasado. Estamos a falar de practicamente 3.000 prazas máis. Medrou, como xa digo, case un 10 %, e aínda non se pechou a matrícula no que vai de curso. E tamén, por suposto, a demanda dos másteres se multiplicou. Hai unha enorme demanda destes másteres; non de todos en xeral, pero si dos másteres como unha fórmula moi positiva para formarse e acadar un emprego de futuro.

Señorías, moi significativo tamén é que todos estes programas e proxectos que acabo de citar se desenvolven tanto en centros rurais como en centros urbanos. Levamos esta ampla oferta a todos os centros, con independencia do lugar onde se estuda. Galicia é a comunidade autónoma, como vostedes saben moi ben, que ten máis núcleos de poboación, e tamén está moi ben situada —das mellores de España— respecto da accesibilidade aos servizos educativos no tocante á súa dispersión xeográfica. Fíxense vostedes que, en infantil e primaria, só o 0,3 dos alumnos non teñen un centro de infantil ou primaria no seu concello. E fíxense vostedes que, no ámbito da secundaria e do bacharelato, só un 5 % dos alumnos non teñen un centro educativo no seu concello. É dicir, o 99,7 % dos nenos e das nenas de 3 a 11 anos poden estudar infantil e primaria nalgún centro do seu concello, e o 95 % dos mozos e das mozas poden estudar ESO no seu concello. Creo que ese é un dato moi significativo e que fala do esforzo por dar cobertura de xeito universal a un servizo tan fundamental, como é a educación.

Señorías, tamén lles comento que estamos aínda nos primeiros días de curso. Temos que ser conscientes de que aínda pode haber algunha variación dos datos, moi pequena, moi catica, dalgún dato concreto, por exemplo, xa acabo de dicir que non se pechou aínda a ma-



triculación nos ciclos de FP. Pero, en todo caso, a organización, os programas e o modelo educativo xa están definidos, e unha das prioridades que nos plantexamos é retornar progresivamente cara á normalidade.

E remato xa. O ensino galego está en condicións de afrontar este novo curso académico con garantías, con menos incertezas e cos recursos necesarios. Non podemos, por suposto, baixar a garda, temos que seguir a evolución da pandemia, e ir adaptándonos a ela. A situación sanitaria segue presente, non sabemos ata cando —agardemos que sexa o menor tempo posible—, pero por isto non podemos en ningún caso renunciar a seguir avanzando no modelo educativo que Galicia necesita.

Señorías, temos que pensar no presente e temos que pensar no futuro da nosa mocidade, que, en definitiva, é pensar no presente e no futuro de Galicia, e por parte, neste caso, da Consellería, estamos traballando para que o noso modelo educativo siga sendo o que é, un modelo que educa en calidade, en equidade e que dá igualdade de oportunidades e valores a todos os nosos xoves.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Na rolda dos grupos parlamentarios, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor conselleiro.

Eu teño que empezar esta intervención pedíndolle perdón, humildemente. Pídolle perdón por facer oposición; pídolle perdón por vir aquí defender os intereses daqueles que depositaron a súa confianza no Partido Socialista de Galicia, e grazas aos cales eu son deputado neste Parlamento. Porque resulta que vostede empezou dunha maneira preventiva —vese que non está moi tranquilo con este inicio de curso— falando da forma de afrontar, por parte dos grupos políticos, o inicio de cada curso. Pregúntolle, señor conselleiro: ¿que fai o Partido Popular naquelas comunidades autónomas, ou mesmo no Estado, onde non goberna?, ¿felicitá permanentemente o Goberno de turno? Non, evidentemente, fai oposición, con maior ou menor éxito, pero fai oposición.

Señor conselleiro, parece vostede Boabdil el Chico despois de perder o reino de Granada. Non deixa de lamentarse permanentemente de cantas reformas se están iniciando no Estado, de canta, digamos, alteración lle supoña a máis mínima problemática á Consellería de Educación. E así estamos, niso leva vostede enredando meses.



Menos mal que, dentro da incapacidade para negar as evidencias máis absolutas, vostede recoñece que esta comunidade autónoma vai ter os maiores de 12 anos coa vacina completa esta semana. Insisto, despois de negar durante meses e meses a competencia do Estado para acadar eses obxectivos, atopámonos felizmente con que os maiores de 12 anos van estar vacinados xunto co resto da poboación, e ese é un éxito que nin vostedes poden negar. *(Aplausos.)*

E gábase vostede de que a Comunidade Autónoma de Galicia foi quen de garantir a presencialidade e de que non todas as comunidades autónomas o fixeron. Por certo, a maioría das comunidades autónomas si que foron quen de facelo, e algunha das que non o fixo está gobernada polo Partido Popular.

Pero, bueno, máis alá destas pequenas brincadeiras argumentativas, fixo vostede un repaso bastante extenso do curso pasado —que xa sabemos como rematou, afortunadamente para todos— e fixo un repaso das medidas que prevé o Protocolo para este novo curso 2021-2022.

Por certo, o Grupo Parlamentario Socialista tendeu permanentemente a man ao Goberno da Xunta de Galicia nas medidas que foi tomando en cada caso para facer fronte á pandemia, e tamén —sábeo vostede— no ámbito educativo. Creo que non poderá vostede atopar unha soa frase na que este portavoz cuestionase nin unha das medidas que se implementaron.

Di vostede que Galicia é a primeira comunidade autónoma en prestación de servizos complementarios. Nada novo; é unha realidade que se vén repetindo permanentemente ao longo dos últimos cursos, como consecuencia, evidentemente, da dispersión poboacional que temos.

Unha anécdota dentro do seu discurso. Incluíu vostede o Colexio Sagrado Corazón de Lugo e dixo que se acaba de inaugurar dentro da nova arquitectura pedagóxica, que creo que inventaron vostedes, ou deseñaron —perdón, de forma máis precisa, que deseñaron vostedes—, nos últimos meses, cando o proxecto do Sagrado Corazón é de hai catro anos. Aquí algo falta desde o punto de vista da concordancia temporal entre unha afirmación como a que vostede acaba de facer e a realidade.

Pero chegamos á cerimonia da confusión. Dixo vostede con todo tipo de cautelas que podía avanzar datos sobre a contratación de profesorado para este curso 2021-2022. O único que saquei en claro é algo que xa sabía —porque foi o único dato que se nos avanzou por parte do secretario xeral técnico da Consellería de Educación na Comisión 4^a a semana pasada—, e é que vai haber 220 mestres máis, non con respecto ao curso 2020-2021, senón con respecto ao curso 2019-2020. E a partir de aí todo é lóxica difusa. Di vostede: vai haber 2.095 profesores máis de secundaria —entendo que, ao mellor, estou equivocado— que no curso 2019-2020. Mal empezamos cando o referente que deberamos empregar —posto que, como vostede dixo, e concordo, seguimos nun curso con pandemia— sería o curso 2020-2021.

Menos mal que dixo vostede que dentro deses 2.095 estaban incluídos os 1.250 de reforzo, dese Plan Recupera. E aquí —vaime permitir que semente algunha dúbida, aínda que sexa desde o punto de vista da congruencia dos datos— empeza, digamos, a confusión máxima. Mire, ¿neses 2.095 inclúe vostede os 220 mestres ou son só de secundaria? Se son só de se-



cundaria, quere dicir que hai 845 PES máis que no curso pasado, no anterior 2020-2021; o que supón, necesariamente, salvo erro aritmético, que hai 445 profesores de educación secundaria menos que no curso pasado. (*Aplausos.*) E esta é, señor conselleiro, a realidade que tanto lles custa recoñecer: que teñen menos profesores no sistema educativo galego que os que había no curso pasado, no curso que acabamos de rematar, que é o que nos ten que servir de referencia comparativa, porque, como vostede sabe tamén perfectamente, as comparacións deben facerse en termos homoxéneos, e, se o curso pasado era de pandemia e este tamén o é, temos que utilizar necesariamente eses dous cursos como comparación, e non o curso previo, o curso 2019-2020.

E o peor de todo isto é que, pese aos discursos triunfalistas e de normalidade que exhibe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade cada inicio de curso, este está a ser particularmente complexo, porque se constata por toda a comunidade autónoma un retroceso na prestación de servizos públicos educativos: diminución de profesorado, quebra da igualdade de posibilidades formativas en contornos rurais —algo do que vostede debe ser particularmente consciente, posto que fixo unha referencia explícita a que se lles daban as mesmas oportunidades, o cal sabe vostede que non é certo— e tamén na prestación do servizo de comedor. É dicir, imos volver, señor conselleiro, utilizar o sistema educativo como elemento de contención do gasto público, idénticamente igual que se fixo nos anos posteriores á crise económica do bienio 2008-2009. A realidade é esa. E iso, pese a que vostedes recibiron do Goberno do Estado nada menos que 204 millóns de euros extraordinarios para facer fronte ás necesidades da pandemia.

Por certo, lembrará vostede que con respecto ao Fondo covid de 92.987.000 euros, é dicir, practicamente 93 millóns, se negaron na Comisión 4ª a unha proposición non de lei deste grupo parlamentario para que neste Parlamento se rendesen contas sobre como se gastaran e en que se gastaran eses fondos extraordinarios covid. ¡Por algo será! (*Aplausos.*) ¡Por algo será cando se nega un exercicio tan elemental de transparencia!

Pero o certo é que, pese a ter 828 millóns de euros dese fondo extraordinario que figura nos orzamentos do Estado de 13.400 millóns de euros para as comunidades autónomas para facer fronte aos servizos públicos esenciais, vostedes —e admito que o propio real decreto pon que son fondos non condicionados, e pon que son para facer fronte ás necesidades de prestación de servizos públicos— seguen sen dedicalos a esa finalidade.

Temos elementos máis que suficientes ao longo de toda a comunidade autónoma para poñer de manifesto neste momento e nesta primeira comparecencia que algo se está facendo mal, rematadamente mal, no sistema educativo galego. Teñen vostedes un colexio, o CEIP das Nogais, no que teñen agrupados todos os alumnos de educación primaria nun único grupo, e iso pese a que hai máis alumnos que os que permite o agrupamento conforme os criterios escritos. Porque tamén me gustaría moito que vostede me aclarase se lle están dando instrucións á Inspección de Educación para que non cumpra o que está escrito. ¡Mal exemplo de xestión pública responsable dá quen non cumpre as súas propias instrucións e utiliza instrucións verbais que dan lugar a unha arbitrariedade que non nos deberamos permitir nunha comunidade autónoma moderna! Ou teñen vostedes un colexio a escasos centos de metros deste Parlamento, aquí, en Santiago, onde hai un grupo de segundo de educación



primaria que ten oito mestres, o cal é practicamente máis que o número de asignaturas que teñen eses alumnos. Ou no caso do IES de Melide, xunto co da Fonsagrada, Ponteceso, Chantada e tantos outros, nos que non están permitindo que se oferten asignaturas que se estaban permitindo ofertar en cursos anteriores porque non hai un número mínimo de alumnos. A súa explicación, señor conselleiro, é que iso xa estaba escrito. E esa é unha verdade a medias e, polo tanto, tamén é media mentira, porque, sendo certo que estaba escrito na normativa, o que tamén é certo é que esas asignaturas se permitían ofertar para os alumnos, porque estamos a falar incluso de asignaturas do segundo curso de bacharelato, que, ademais, ponderan dunha forma adicional para as probas de acceso á universidade.

Señor conselleiro, todo isto que lle digo non son casos illados, non é unha relación de anécdotas, que podería continuar, pero, evidentemente, non teño tempo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Remato, señor presidente.

Iso é o que hai. E como vostede dixo no tristemente célebre caso do hoxe tan reputado conservatorio de Begonte, está todo dito, e como está todo dito, os demais non temos máis que poñer en evidencia —que para iso nos elixiron— as debilidades, as incongruencias e a falta de compromiso desta consellería co ensino público.

Nada máis e moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitas grazas, presidente.

Señor Rodríguez, eu dubidaba ao principio da súa intervención de se estabamos ante unha comparecencia do conselleiro de Educación para dar conta da realidade do inicio de curso ou de se estabamos ante unha interpelación do Goberno á oposición. Non serei eu quen lle questione a necesidade —tendo en conta a desfeita que están a facer co ensino público— de que se vaian facendo as interpelacións a esta alternativa de goberno. Mais, afortunadamente, pouco tardou o señor Rodríguez en volver á feira dos slogans a que nos ten afeitos. Eu, de verdade que se non fose pola dificultade que vostede ten á hora de trasladar unha certa claridade na información, creo que as súas intervencións deberían ser introducidas nos currículos da ESO como exemplo paradigmático do que é a linguaxe propagandística, do que é o texto publicitario.

E dicímoslle isto xa non só polo aquel do carácter connotativo que teñen estes textos, esta relación, digamos, coa verdade relaxada, laxa, senón porque toda a súa intervención tivo



como eixo central asumir o slogan de sempre, a feira de iniciativas que ano tras ano, con nomes diferentes, veñen presentar sen que se concreten en nada novidoso para o ensino galego e para ocultar o que está na cerna da actuación da súa consellería, señor Rodríguez, que é a redución evidente de profesorado que estamos a padecer neste curso. E sábeo porque non foi capaz —como, por certo, lle aconteceu o outro día a Manuel Vila e a outros deputados do Partido Popular na propia Comisión 4ª— de dar un só dato concreto a respecto do profesorado. Non foi capaz por isto, señor Rodríguez (*O señor Lourenzo Sobral mostra unha gráfica.*), porque esta é a evolución do ensino público que estamos a vivir no profesorado dende que governa o Partido Popular: case un 5 % menos de profesorado no ensino público. E non foi capaz de dar un só dato concreto, señor conselleiro, tamén por isto (*O señor Lourenzo Sobral mostra outra gráfica.*), porque esta é a evolución do profesorado do ensino privado dende que governa o Partido Popular. Dende que vostedes gobernan, incrementaron nun 5 % o profesorado no ensino privado e reduciron nun 5 % o profesorado do ensino público. E por iso veñen con esa feira de datos, cunha absoluta incapacidade de concreción.

Falaban este ano de 191 unidades máis en infantil e primaria. ¡É curioso!, o ano pasado anunciaban 311; ao final, concretáronse 168 e no DOG do 6 de agosto o que se establece é que temos 127 unidades menos.

Eu simplemente veño aquí trasladarlle que nos diga con claridade, non mesturando o que é o cadro de persoal e programas, canto persoal docente funcionario de carreira e canto persoal docente interino temos no día de hoxe no sistema educativo e canto imos ter o 14 ou o 15 de setembro, o día que se vai iniciar o curso escolar; canto había o ano pasado e canto temos este ano. E se quere tamén o podemos cotexar por niveis educativos e cos datos do ano 2019. Iso é o que nos pode facer ter unha perspectiva do que está a acontecer no sistema educativo. Pero, ¿sabe por que non o fan? Porque os datos que temos enriba da mesa son que estamos ante unha redución de case medio milleiro de profesores no ensino secundario.

Esa é a realidade á que vostedes non se queren enfrontar. E por iso, namentres vostedes pasaron o verán cos programas que, por certo, vostede aquí anunciaba, tirando tabiques nos centros públicos de ensino para apiñocar nas aulas o noso alumnado, pois non teñen reparo ningún —como amosa esta propia gráfica— en encherlle os petos ao ensino privado, chámese Escotet ou chámense os centros do Opus Dei, que segregan o alumnado por sexo e que inoculan odio no sistema educativo, cun ensino clasista, rancio e reaccionario.

Pero xa que vostede non quere traer aquí estes datos, eu tráíolle algúns para que avaliemos e para que vostede poida valorar —e todos poidamos valorar— cal é o papel do Partido Popular no tempo que leva gobernando e no curso que imos iniciar, dende que vostedes gobernan. Neste ano, curso 2021-2022, acadamos case 4.000 unidades educativas privadas subvencionadas, o mesmo ano que están recortando no ensino público, señor conselleiro. Dedicán vos a ensino privado vinte veces máis do que dedican a bolsas.

DOG do 20 de agosto: sacan vos o catálogo de unidades privadas subvencionadas. Saían 42 máis. Como vostede sabe, había algunha redución tamén, e saían 16 máis. DOG do 26 de agosto: incrementaban unidades privadas o 20 de agosto, e unha semana despois, o 26 de agosto, trasládanse 127 unidades menos en educación infantil e primaria. Dende que voste-



des gobernan, subvencionaron máis de 140 unidades no ensino concertado, e, ao tempo, pecharon 1 de cada 10 centros de ensino público; é dicir, 138 centros menos dende que vostedes gobernan. E dende que vostedes gobernan, señor Rodríguez, os transvasamentos, as transferencias de fondos públicos ao ensino privado, incrementáronse nun 18 %, ata acadar este ano case 280 millóns de euros. Esa é a radiografía que temos enriba da mesa sobre o papelón que ten o Goberno do Partido Popular a respecto do ensino; e por iso aquí temos que asistir a esta cerimonia permanente da confusión.

Pero é que se imos aos datos dos que estamos a falar —facía vostede referencia ao tema das ratios máximas por aula—, vemos que están contribuindo novamente a esa cerimonia. Vostede sabe perfectamente que non hai nada —nun contexto como no que estamos e que debemos ter como referencia central— que lle impida establecer ratios por debaixo do que establecen as ratios máximas por aula. Cando vostede fala de ratios medias, non está a implementar unha medida que afecta a comunidades —como vostede mesmo dixo— como Estremadura, que teñen problemas de despoboamento como o que temos aquí, en Galiza, e que establecen unha ratio dun 10, mais que representan ese problema. Pero é que, no caso do rural, eu creo que debemos tamén prestar atención —e así se sinalaba tamén na intervención anterior— ao que están a vivir determinadas familias con respecto ás optativas que temos hoxe enriba da mesa.

Señor Rodríguez, eu non sei se vostede considera que é unha volta á normalidade ou que é racional que haxa familias —aínda no día de onte estiveren falando con algunhas en Sadurniño— que se enterasen de que os seus fillos non ían poder ter un itinerario de letras nos seus centros de ensino, por exemplo. Estamos falando do centro de San Sadurniño, pero poderíamos falar —como aquí se dixo— de que é extensíbel a Melide, Cangas, Becerreá, á Estrada..., pero tamén a moitos outros centros urbanos ao longo do país. ¿E por que acontece isto? Porque a Consellería non permite que se matriculen. Establecen un cambio de criterio a respecto do número de alumnos necesarios e non permiten que se matriculen alumnos nestas materias, que en ocasións son centrais e determinantes —como se dixo— para as ABAU, para que esas familias poidan acceder ás carreiras que desexan. ¿É esta a normalidade que vostede vén aquí tratar de vendernos, señor Rodríguez?

E o mesmo está a acontecer cos ciclos de formación profesional. Hai un novo bandazo aos ciclos medios, esa nova idea feliz na que, de súpeto, determinados ciclos se cualifican ciclos de baixa demanda, entón, pechamos a matrícula en xuño —cando é sabido que eses ciclos se nutren en boa medida con alumnado de setembro— e ese alumnado non pode cursar ese ensino.

E, claro, aquí vén gabarse vostede, bueno, pois de que o curso pasado... ¡Vaia!, é curioso que o título da súa comparecencia sexa para analizar as cuestións deste ano, e establece vostede a referencia co curso pasado, agás para dotar do profesorado necesario o sistema educativo. Eu non sei se se lembra, señor conselleiro, de que isto mesmo nos dicía aquí vostede hai un ano cando nós lle estábamos —bueno, nós, e as familias, profesores...— demandando que aquel coello da chisteira que sacou da semipresencialidade era unha absoluta barbaridade. E vostede viña aquí dicirnos exactamente o mesmo que nos di este ano. Despois tivo que recuar, tivo que rectificar, e tivo que facelo, por moito que agora veñan poñerse as medallas,



porque os directores dos centros de ensino ameazaron con non iniciar as clases. Tivemos que asistir a aquel esperpento de ter que adiar o inicio de curso por algo que puido ser perfectamente evitábel simplemente con que o Partido Popular, simplemente con que vostede, señor Rodríguez, tivese a ben —fíxese— escoitar a comunidade educativa.

Señor conselleiro, estamos nun curso de transición. E nun curso no que —dino organismos como a Conferencia de Profesorado e vostede mesmo o recoñece aquí—, polo tanto, a pandemia vai estar presente e que vén, ademais, acumularse a un desgaste evidente que houbo no alumnado e unhas dificultades que están aí, require profesorado coma nunca. A proposta do BNG é que se refórce o profesorado para os cursos que veñen, que se dote o sistema educativo —poñemos un dato, pero estamos dispostos a negocialo, por suposto— de 1.000 profesores, que se establezan ratios que permitan que todas estas circunstancias que foron vividas estes anos poidan superarse e, dende logo, que se garanta que todo o alumnado poida ter acceso ás optativas, independentemente de onde viva. Non é certo que se estea garantindo iso. E, ademais, ten...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LORENZO SOBRAL: ...—remato, presidente— unha reversibilidade ben doada.

E, sobre todo, señor conselleiro, hai que poñerse a traballar no ensino público, facendo que a Consellería de Educación dote de persoal e recursos os centros públicos de ensino e deixe de funcionar como un mero comercial do ensino privado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lorenzo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señor conselleiro, moi bo día.

A verdade é que comezamos un novo curso escolar. Eu agradezo ao conselleiro e a este grupo parlamentario que veña dar conta inmediatamente dun feito que interesa a toda a comunidade, e sobre todo ás familias e aos nenos. Polo tanto, vaia por diante ese agradecemento a esta comparecencia a petición propia.

A verdade é que iniciamos este curso escoitando tamén as mesmas críticas de sempre, as mesmas críticas dos últimos doce anos por parte da oposición. É verdade que creo que é importante coñecer cal é a realidade actual e cales son as necesidades actuais do sistema educativo. A verdade é que, ao longo deste mes de agosto, escoitamos declaracións dos líderes da oposición que chamaban un pouco a atención, porque dicir que a maioría dos alumnos



ían estar sen vacinar no inicio do curso, pois, efectivamente, non se corresponde coa realidade e máis ben parece asociado a un mundo paralelo.

Eu creo que hai que ser serios, que hai que facer unha oposición seria e que hai que, evidentemente, ter en conta cal é a situación actual da pandemia. A min gustaríame lembrarllas que hoxe as familias galegas están vacinadas, que os docentes están vacinados —por certo, Galicia é a comunidade de España coa maior porcentaxe de docentes vacinados—, que Galicia liderou a vacinación do colectivo de maiores de 12 anos e que nos próximos días —como anunciaba o conselleiro— van estar vacinados coa pauta completa. Evidentemente, a situación demográfica tamén variou, e é certo que hai 6.000 alumnos menos en infantil e primaria que antes da pandemia, e este é un feito que, dalgunha maneira, tamén inflúe na programación educativa.

Hai un protocolo, evidentemente, que a Xunta está cumprindo, un protocolo novo, un protocolo aprobado —como se dixo aquí— polo Goberno de España e que, evidentemente, modifica as distancias en secundaria. Estes datos son datos moi importantes e de moitísimo calado que vostedes non os queren ter en conta cando falan da minoración do número de profesores. Isto eu creo que representa moitísimo, pero a vostedes, se estes datos non os teñen en conta, pois, efectivamente, lles rompen o seu discurso. Creo que son cambios moi significativos e que hai que axustar á realidade actual.

É evidente que se trata dun curso distinto, con moitas máis certezas que o curso pasado, certezas baseadas na experiencia anterior. E tamén hai que destacar —e aquí díxose— que Galicia, independentemente do que pase noutras comunidades autónomas, puido garantir case ao 100 % a plena presencialidade. Iso supuxo contar tamén nese momento —xa no ano pasado— con máis profesores, que non todas as comunidades autónomas o puideron facer. Evidentemente, eu creo que compartimos todos que a vacinación do alumnado de a partir de 12 anos representa a maior certeza e a maior seguridade sanitaria, e que, evidentemente, non se pode baixar a garda.

O conselleiro deu conta aquí dunha serie de medidas. Hai un protocolo feito con tempo, feito con forma; un protocolo aprobado tamén polo Goberno de España, que, como se especificou claramente, garante os grupos burbulla en infantil e primaria, polo que se reduce a distancia de 1,5 a 1,2 metros, e en secundaria refórzase a vacinación. Creo que é un dato importante a contratación—como acaba de anunciar o conselleiro— de 2.095 profesores. Creo que son moi importantes eses 1.250 profesores de reforzo, que se incrementaron 250 con respecto ao curso anterior para garantir que todos aqueles alumnos con máis necesidades poidan estar atendidos e ben arroupados polo sistema educativo. Estamos nun ano de moitísima actividade, de obras e investimentos, para garantir que os centros contan con boas infraestruturas e que se doten de medidas de seguridade. Falamos dun total de actuacións en 400 centros, cun investimento de 30 millóns de euros neste verán, que se suma a un investimento conxunto de 86 millóns de euros neste ano 2021 —posiblemente o investimento máis importante en infraestrutura educativa dos últimos anos—. Efectivamente, está no marco dese Plan de nova arquitectura pedagóxica. E, señor Álvarez, no Sagrado Corazón, efectivamente, o edificio estaba deseñado, pero os equipamentos cos que está dotado este centro están adaptados ao novo Plan de equipamento e arquitectura pedagóxica.



Ponse en marcha tamén — como dicía o conselleiro — unha rede galega de educación dixital, coa contratación de expertos neste sentido. Contamos cunha plantilla de profesorado, cunha boa estabilización no profesorado, con 4.000 docentes a través das oposicións celebradas neste ano e que se van repetir para o vindeiro ano. E iso permítenos ter a taxa de interinidade máis baixa de España e ter os salarios homologados por riba da media estatal.

Falou vostede tamén, conselleiro, dunha serie de medidas encamiñadas a reforzar esa aprendizaxe resentida pola pandemia, a manter o benestar emocional e a impulsar un modelo de escolas post-covid a través dese Plan de nova arquitectura pedagóxica; medidas que, dende logo, a este grupo parlamentario nos parecen moi axeitadas e moi acertadas.

Polo tanto, camiñamos nun curso no que se manteñen as plantillas establecidas tamén polo Goberno central e no que os únicos cambios que hai en infantil e primaria son a caída de matrícula: 6.000 alumnos menos que hai dous anos e 4.000 alumnos menos que este curso pasado. Polo tanto, haberá que axeitar os docentes e as aulas a estas necesidades, que supoñen — como se dixo aquí — 164 unidades e 220 docentes. Insisto que en infantil e primaria os únicos cambios que se dan son debidos ao feito desa minoración dos alumnos.

Pola contra, en secundaria — como se especificou claramente —, hai un cambio nas medidas, e a Xunta programou os desdobramentos pertinentes con base nestas medidas; máis nada, non hai ningún cambio máis que axustalas a estas medidas. E as contratacións, evidentemente, do ano pasado foron por motivos sanitarios. Se os motivos sanitarios varían, eu creo que todo o mundo pode entender que os axustes de persoal — igual que facían vostedes — hai que facelos. Polo tanto, ademais de ilóxica a postura de vostedes, en moitos casos é populista e contraditoria porque vostedes falan dun recorte importante de profesorado.

Nós lamentamos — e se vostedes din iso aquí, pódeno dicir en Madrid — que o Estado negue os fondos específicos covid para manter a contratación do profesorado. Hoxe o portavoz do Grupo Socialista xa fixo unha pequena modificación respecto do que viñan defender estes días os seus líderes dos partidos. Porque, desde logo, se o valoramos así, o primeiro gran recorte do inicio do curso realizado polo Goberno de España foi non convocar a orde específica de axudas dos fondos covid, que estivo dotada con 92 millóns de euros. Esta orde específica é do ano 2020, do curso 2020-2021 (*O señor Rodeiro Tato amosa un documento.*); e este ano esta orde non foi convocada. Polo tanto, ao non ser convocada esta orde, evidentemente, teñen que recoñecer — aínda que durante o verán non o recoñeceron — que non hai fondos covid específicos para o profesorado.

Polo tanto, non é necesario — porque o estiveron dicindo e estiveron mentindo porque se acredita que esta orde non saíu publicada —, polo tanto, non existen estes fondos específicos e, polo tanto, non hai fondos específicos para a contratación de profesorado. Porque saben vostedes ben que os fondos do Mecanismo Europeo de Resiliencia non poden ser empregados para a contratación dos docentes. Xa llelo dixeron moitos presidentes de comunidades socialistas, e tamén llelo dixo a Plataforma da Escola Pública, na que están integradas UGT, Confederación das ANPA, Comisións Obreiras, etc. Mesmo Comisións Obreiras acaba de mandar unha carta á ministra. A propia Plataforma Estatal por la Escuela Pública acaba de mandarlle tamén unha carta á ministra onde di que: «*Los fondos que se asignan a las comuni-*



dades autónomas por parte del Gobierno deberían ir obligatoriamente asociados a mantener y mejorar las medidas del curso pasado».

Polo tanto, aquí todo o mundo sabe que non hai fondos específicos para a contratación do profesorado e todos protestan, pero, desde logo, non o fan onde teñen que facelo. E a verdade é que boto en falta que algún sindicato amigo do Bloque Nacionalista Galego non dixera nada, non dixera nada desta situación e non dixera absolutamente nada de que non existían estes fondos, e ao non dicir absolutamente nada é que vostedes están rendidos ao Ministerio, están rendidos ao Goberno de Pedro Sánchez con tal de manter uns postiños naqueles sitios nos que gobernan cada vez que perden as eleccións. *(Aplausos.)*

Fan vostedes unha política nacionalista de pancarta, pero non están a defender os intereses dos galegos. Cando todas as plataformas e todos os sindicatos dixeron algo, o Bloque Nacionalista Galego en Galicia non dixo nada. Non dixo nada deses recortes dos 92 millóns de euros. E a verdade é que, cando falan vostedes e piden novas ratios, a verdade é que non se axustan á realidade, sobre todo porque Galicia conta, como dicía o conselleiro, cunha das mellores ratios que hai en España, e unhas ratios que o Goberno de España non cambiou nin coa pandemia nin tan sequera coa lei; esa lei que, desde logo, non serviu para cambiar as ratios, que era o que se precisaba.

Hoxe Galicia non só cumpre as ratios do Estado para conformar as aulas, xa que temos a mellor ratio de profesor/alumno de España, é que o 70 % das aulas de infantil e primaria están por debaixo dos 20 alumnos. E, destas, o 30 % por debaixo de 10. Temos as mellores ratios e vostedes protestan constantemente fronte a isto e non din absolutamente nada cando o Ministerio non convoca a orde de fondos covid específica que se convocou no curso pasado. Polo tanto, Galicia é a comunidade de España que máis profesores ten con respecto ao seu número de alumnos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODEIRO TATO: Remato xa, señor presidente.

Polo tanto, se somos a comunidade de España que máis profesores ten con respecto ao número de alumnos, estamos nunha boa situación, que vostedes non queren recoñecer.

E, efectivamente, haberá algunha tensión, na que os servizos de inspección están traballando e están resolvendo.

Polo tanto, creo que non se corresponde o discurso de vostedes coa realidade do sistema educativo.

Pola miña parte, máis nada.

Señor presidente, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodeiro.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o turno de réplica, ten a palabra o señor Rodríguez González, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):
Moitas grazas.

Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que oír os grupos da oposición é unha especie de —permítame a expresión— *déjà vu* constante. As consignas repítense constantemente. Pouco ou nada importa que ao longo destes anos fosen cambiando os portavoces, algúns moi ben formados e moi profesionais no seu traballo. Dá igual, vostedes sempre falan do mesmo, non teñen en conta nin o contexto, nin a realidade e, o máis preocupante, non teñen en conta os resultados positivos que nos últimos anos acadou o sistema educativo galego. Fan críticas de serie. A súa reflexión xeral, a súa mensaxe xeral é: fan falta máis profesores. Esa é a política educativa. E fan falta máis, máis, máis..., e nunca é suficiente. Non falan de resultados, non falan de programas educativos, non falan de medidas de innovación. É máis, a vostedes parécelles —dixose aquí— unha especie de catálogo de bromas. Non lembro a palabra exacta que dixo o señor portavoz do Bloque, pero unha especie de catálogo de bromas ou algo semellante.

E a segunda reflexión é: se a Xunta non amplía o número de docentes é por ideoloxía e porque queren —sempre se utiliza a palabra— «desmantelar» o ensino público galego. Iso é o que din practicamente sempre, e acúsannos de desleixo, de desprezo ao ensino público, de que non aportamos o suficiente, de que non temos os suficientes recursos, etc. Sen embargo, despois, imos á realidade e vemos o investimento de gasto público por alumno de Galicia. Obviamente, hai dúas comunidades autónomas—as forais, o País Vasco e Navarra— que teñen un gasto público moi potente, pero somos, xunto con Cantabria, a comunidade autónoma que maior gasto público ten por alumno. Creo que a partir de aí todo o que se fala de desmantelamento, de desleixo, etc., obviamente, cae cando se ven os datos. E recoñezo que temos menos gasto que o País Vasco e Navarra, comunidades forais, pero estamos á par de Cantabria practicamente e temos un incremento exponencial respecto doutras comunidades autónomas que están practicamente no furgón de cola.

O certo é que a nós o que nos importa son os resultados educativos, fundamentalmente os resultados educativos. E fronte ao que vostedes din de desmantelamento, poderíamos traer moitísimos datos de variables cualitativas e cuantitativas que falan do bo funcionamento do sistema educativo galego nos últimos anos. Quizais un dos máis importantes —polo que significa— é a redución do abandono escolar.

Fíxense vostedes, os gobernos do presidente Feijóo colleron a educación con practicamente un 26 % de fracaso escolar. (O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, amosa unha gráfica.) No Bipartito incrementárase 4 puntos o fracaso escolar, dun 22 % a un 26 %; hoxe estamos nun 12 %. Non hai nada máis antiequitativo e inxusto socialmente que que un alumno fracase escolarmente, porque o orientamos cara a uns itinerarios vitais



francamente complexos e difíciles. Creo que isto é unha variable fundamental que nunca se di. E tamén vostedes veñen ás veces en moitas ocasións criticar unha cousa e, ao ano seguinte, precisamente pedir que se consolide o que criticaron o ano pasado.

Unha proba disto é que no inicio do curso pasado, por estas datas máis ou menos, vostedes aseguraban que non era certo que houbera un incremento de 2.300 contratacións. E neste momento piden que aquilo que negaban o ano pasado, hoxe se manteña. Iso está na heme-roteca, é unha realidade, ¿non? A verdade é que, ao final, sempre o tempo é un gran xuíz, e o tempo dá e quita razóns. E estou seguro de que se dentro dun ano miramos o que se di nesta Cámara por unha parte e por outra, veremos que non vai haber moito cambio e que seguiremos tendo uns datos. Si, vostedes seguirán dicindo que somos privatizadores, seguirán dicindo que recortamos profesorado, seguirán dicindo que o Goberno do Estado reparte unha chuvia de millóns, dirán que temos un desmantelamento do ensino público... Ben, dirano outra vez, estou radicalmente seguro. Eu, obviamente, non son quen para darlles ningún consello a vostedes; ningún consello lles podo dar a vostedes, pero eu pediríalles unha certa prudencia ou unha certa contención verbal, porque ás veces dá a sensación de que en educación só valen as políticas de esquerdas e as políticas nacionalistas; dá esa sensación, como se houbera unha especie de *Sancta sanctorum* que está en posesión absoluta da esquerda e do nacionalismo. Pero despois, ¡coidado!, imos ver os datos, os datos comparativos por comunidades autónomas, e, co mesmo marco legal, cales son as comunidades autónomas que teñen mellores resultados en calidade e en equidade. Son fundamentalmente as que están gobernadas de xeito tradicional polo Partido Popular: Castela-León, Madrid ou Galicia, por exemplo. ¿E cales son as comunidades autónomas que teñen peores resultados educativos co mesmo marco legal? As que tradicionalmente foron gobernadas por forzas de esquerda e do Partido Socialista: Castela-A Mancha ou Andalucía. Esa é a realidade, pero vostedes só falan dunha variable única cuantitativa.

E, claro, despois fálase aquí de que hai unha chuvia de millóns; dicía o señor Álvarez que 830 millóns. ¡Home!, dá a sensación —e case se nos acusa de que non os utilizamos— de que algúns colegas meus, aos que lles teño o máximo respecto persoal e profesional e que gobernan en comunidades autónomas do Partido Socialista, pois tampouco se enteraron, igual que non me enterei eu. Porque, ¡home!, eu vexo as declaracións nos periódicos e escoitei o 25 de agosto aos meus colegas na Conferencia Sectorial e dicimos o mesmo, moi parecido; todos, a inmensa maioría, demandamos fondos concretos e específicos para cumprir cos protocolos covid, ¡todos! (*Aplausos.*)

E é certo —non o negarei— que os fondos europeos que se distribúen a través da Conferencia Sectorial aportan recursos económicos ás comunidades autónomas. Pero son cousas diferentes, e non se pode intentar mesturar ambas as cuestións. Unha cousa son os fondos europeos e outra cousa son os fondos e os recursos concretos e específicos que demandamos ás comunidades autónomas.

Aínda así, o ensino galego volverá contar este curso con profesorado extraordinario para atender desdobramentos pola covid e para avanzar en novos programas educativos. Estamos a facer un importante esforzo baixo a premisa básica de atender as necesidades reais, tendo en conta, obviamente, factores como a demografía ou a flexibilización das medidas sanitarias. Estimamos



cubrir as necesidades do ensino galego neste curso —si—, aínda afectado pola pandemia, coa contratación de 2.095 profesores respecto do curso 2019-2020. E aquí inclúense os xa anunciados do Plan Recupera, o mantemento por desdobramentos polas medidas sanitarias e tamén as novas contratacións, ben no ámbito da formación profesional, ben no ámbito da dixitalización. E paso a concretizalos para que non haxa ningún tipo de dúbida. Xa falamos de 1.250 profesores de reforzo no Plan Recupera, que é unha evolución avanzada dos programas tradicionais ARCO e PROA: 220 docentes en infantil e primaria para asegurar os grupos burbulla; 290 docentes para atender o incremento da oferta en ESO, bacharelato e formación profesional; e 225 docentes por mantemento dos desdobramentos en ESO, bacharelato e formación profesional. E como novidade, 110 docentes que reforzarán a dixitalización do ensino galego e a rede de orientación. Estes 110 sufragados con fondos europeos vinculados ao Plan de resiliencia.

Estes son os datos. Poderán oscilar porcentualmente algo en función do remate da matrícula, pero son os datos reais.

Eu aquí pediríalle tamén ao Bloque unha certa precisión, porque non hai moitos días escoitamos a señora Pontón dicir que ía haber 1.000 profesores menos. Hoxe o señor portavoz dínos que hai 500 profesores menos. Algo falla aquí, ou ben se equivocou a señora Pontón ou ben se equivocou vostede. Pero, en todo caso, hai que ter unha pouquiña contención e prudencia verbal para non lanzar mensaxes ao aire sen máis.

O ensino público, señorías, terá máis profesores, sen dúbida —lévoo repetindo—, que no último curso prepandemia, pese á redución de alumnos. Cumpriremos de xeito estrito o protocolo sanitario impulsado polo Ministerio de Sanidade e o de Educación, xunto coas comunidades autónomas. E, por suposto, teremos un esforzo económico e organizativo para contratar o profesorado necesario en cada curso.

No curso 2020-2021 —o curso que acabamos de rematar, absolutamente excepcional— contratáronse, como vostedes saben, 2.300 profesores respecto do ano previo. Este ano, respecto do ano previo, sendo un ano de transición, vanse contratar 2.095 respecto do ano anterior á pandemia. Porque, efectivamente, estamos en pandemia, pero a comparación non é igual. Non son iguais as medidas deste ano que as medidas do ano pasado. Cambiou o protocolo, cambiou unha variable fundamental, a distancia interpersonal entre o alumnado, e cambiou tamén a vacinación. Dicía o señor Álvarez que era algo normal que esteamos vacinados. En Galicia esta semana imos vacinarnos todos, porque a Consellería de Sanidade fixo un enorme traballo loxístico e de xestión, e teremos en dobre pauta a todos os alumnos vacinados, pero non en todas as comunidades autónomas pasa así, e vou poñer tres exemplos, e un do Partido Popular, para que non me acusen de poñer sempre malos exemplos das comunidades autónomas socialistas. Fíxense, por exemplo, na provincia de Alicante, un de cada cinco nenos está sen vacinar; iniciaron o curso sen vacinar un de cada cinco. En Baleares, o 46 % dos nenos de 12 a 19 anos están só cunha pauta. En Andalucía, teñen o 50 % dos alumnos vacinados. E Galicia vai ter o cen por cento dos alumnos vacinados nesta semana. Creo que iso é algo moi significativo que hai que ter en conta.

E volvendo outra vez á organización dos profesionais, hai que dicir que, loxicamente, se reducen os desdobramentos en secundaria; non poden non reducirse, ao pasar de 1,5 a 1,2. Iso



é consecuencia da nova medida sanitaria de separación interpersoal, e iso tamén vai posibilitar recuperar espazos para a vida interpersoal dos centros: bibliotecas, ximnasios, etc.

En primaria e tamén nalgunhas localidades en secundaria houbo, igual que todos os anos, que realizar axustes organizativos, que están motivados por dinámicas demográficas e pola conformación de grupos. E aquí fálase, coma se fose unha gran novidade, de que nalgúns casos non se autoriza formación de grupos. Lévese anos facendo así, e fíxense, en Galicia, hai unha diferenza significativa entre o rural e o urbano. No ámbito urbano, non se conforman grupos con máis de 10 alumnos, e no ámbito rural, con menos de 5. Tamén é certo que hai equipos de inspección. En función das características de cada centro poden autorizar incluso con menos dese número, en función dos recursos existentes en cada centro; igual que en FP, onde se fixan uns umbrais mínimos en 8 e 12 alumnos para conformar grupos que teñan lóxica e que teñan sentido. Isto lévese facendo toda a vida, ¡toda a vida!, como é lóxico e como se fai en todas as comunidades autónomas de España, en todas. Nalgunhas non é a 10, é a 15; o grupo mínimo de alumnos é 15, e aquí é 10, e cun diferencial moi potente coas do medio rural, que son 5 alumnos, e incluso neses cinco a potencialidade de que non se faga así.

E tamén quixera rexeitar as súas críticas respecto da falta de compromiso da Consellería co ensino e respecto do que ten que ver co cumprimento do exercicio das competencias propias. Xa puxen antes o dato que reflicte que Galicia, xunto, neste caso, con Cantabria, somos as comunidades autónomas que máis recursos dedicamos ao ensino público por alumno. Creo que ese é un dato que se pode mellorar. Todo se pode mellorar, pero ¡joia!, estando nos primeiros de España, sendo os segundos de España xunto con Cantabria, pois un pouco de prudencia verbal.

Cando falaban vostedes das competencias, certamente todos saben que as competencias están transferidas ás comunidades autónomas. E vostedes sempre falan de propaganda, que é un termo, xunto co do desmantelamento, habitual no seu discurso. A verdade é que, neste caso, habería que atribuírlle o termo «propaganda» ao Goberno central. ¿E por que o digo? Dígoo basicamente porque, en ocasións, con base nunha serie de comunicacións que se fan por parte do Partido Socialista, parece que o Ministerio de Educación aporta recursos propios, estatais, propios ás comunidades autónomas, e non é certo. O que hai é un papel de repartidor ou de filtro das comunidades autónomas respecto dos fondos europeos, que teñen que ir ás administracións que executan e desenvolven as políticas públicas. E fíxense, o ano pasado a Xunta de Galicia investiu aproximadamente 162 millóns de euros para atender as necesidades derivadas da covid. Este curso, obviamente, o esforzo económico vén marcado porque non hai un apoio directo por parte do Estado. Non teñen ningún reparo en admitir que a través da Conferencia Sectorial chegan fondos europeos que —entre comiñas— «pasan polo filtro do Ministerio». Non teñen ningún reparo, é certo; agora, fondos específicos non existen.

Por exemplo, os 80 profesores do Plan dixital de centros fináncianse con estes fondos europeos, pero tamén vostedes deberían admitir que, de fondo propio, cero. Dío este conselleiro e dino moitos conselleiros do Partido Socialista. Non hai recursos estatais específicos para a covid, nin para Galicia nin para ningunha comunidade autónoma. Con todo, e neste curso de



transición e de flexibilización das medidas, o investimento da Consellería da Xunta de Galicia, vinculado á situación covid, ascende a 139,9 millóns de euros para o ensino; unha cantidade que, efectivamente, é inferior á do ano pasado, que foi totalmente excepcional. ¿E, como se reparte? 13,9 millóns para o Plan Recupera, como xa dixemos, contratación de 1.250 profesores de reforzo, 82,1 millóns para a adaptación ante a covid — neste caso, temos as partidas do fondo de reserva educativa, que practicamente duplicamos —, a adaptación de comedores, o pago dos desdobramentos, obras de adaptación, de limpeza...; en definitiva, 82,1 para adaptación e 43,8, que corresponden aos fondos europeos, que están orientados e vencellados á recuperación post-covid. E, neste ámbito, imos potenciar a mellora da competencia dixital — xa o dixeran —, por exemplo, co Plan dixital de centros. Tamén imos contribuír a modernizar a formación profesional como unha reacción post-covid e tamén as unidades de acompañamento, vencellado todo isto e aplicado todo isto ás aprendizaxes da pandemia.

Por suposto, señorías, que nos gustaría ter máis recursos, por suposto; por suposto que nos gustaría ter máis recursos, pero a verdade é que non podemos ter esa visión tan pesimista. O ensino galego está en condicións de afrontar este curso académico con maiores garantías. Non podemos, por suposto, baixar a garda, temos que seguir a evolución da pandemia e temos que ir vendo como nos adaptamos. Por suposto, a situación sanitaria segue a concentrar unha parte significativa dos nosos esforzos, pero tamén debemos seguir avanzando cara ao modelo educativo que necesitamos en Galicia.

Non é momento de triunfalismos, tampouco de catastrofismos, é o momento de pensar na nosa educación, para seguir mellorando e para recoñecer o que funciona ben, e a educación galega funciona ben. O curso pasado, o conxunto da comunidade educativa deu un exemplo, un gran exemplo, e eu creo que non merece o pesimismo que transmite a oposición, nin tampouco a constante posta en dúbida da calidade da formación que reciben os nosos alumnos, nin, por suposto, non pensar na equidade que dá o noso sistema educativo, nin na igualdade de oportunidades que aporta o noso sistema educativo.

Se me permiten — e xa para rematar — pediríalle que abandonasen as súas críticas de serie, que teñan máis contención e prudencia verbal, que non cuestionen constantemente o sistema educativo, e pediríalle que, igual que estou eu, estean orgullosos da nosa educación porque, en definitiva, forma parte do noso presente, pero, sobre todo, vai formar parte do noso futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.



Señor Rodeiro, mundo paralelo é o seu, mundo alternativo, Matrix, non sei se Redux ou non, pero Matrix, en todo caso. (*Aplausos.*) Porque, que veña vostede dicir que nós cuestionamos a vacinación, cando son vostedes os que permanentemente estiveron sementando dúbidas sobre os obxectivos que se marcaban por parte do Goberno do Estado para todos e para todas as comunidades autónomas é meritorio. Vostede si que cambia de discurso, vostede si que está nun mundo paralelo.

E fala vostede de que, evidentemente, como hai menos alumnos, pois ten que haber menos profesores. Bueno, esa afirmación, en principio, é bastante discutible, porque habería que ver a optimización desa redución de alumnos en cada un dos centros, en cada unha das unidades. Pero, se iso é así, ¿como é posible que comunidades autónomas como as Illas Baleares incrementen un 7 % o profesorado con respecto ao curso pasado, Canarias, outro 7 %, Ceuta e Melilla, un 3 %, a Comunidade Valenciana, un 15 % e A Rioxa, un 68 %? ¿Que lles pasa a estas comunidades autónomas? ¿De onde sacan os fondos? ¿Andan atracando a xente para pagar os profesores ou é que administran doutra maneira? Eu creo que é evidente que administran doutra maneira, porque non me consta un incremento da actividade delituosa nestas comunidades autónomas; ao mellor, si. (*Aplausos.*)

E di vostede, señor Rodeiro, que hai 30 millóns de euros en obras. Claro que si. Eu tamén lle podo ensinar un listado da Plataforma de contratación pública de Galicia onde se ve que hai 13 contratos cos que, con fondos covid, é dicir, orientados a reforzo da contención sanitaria, se están cambiando cubertas en centros. Iso, ata onde eu sei, non ten nada que ver con mellorar a situación sanitaria dos centros, e si, posiblemente, desde o punto de vista das unidades que hai nas aulas, iso si.

Menos mal, señor Rodeiro, que se deu conta vostede de que, efectivamente, o Colexio do Sagrado Corazón non estaba incorporado a ese novo plan de arquitectura pedagóxica. Conste que creo que vostede cometeu un erro ao intentar xustificar o erro cometido polo conselleiro, porque falou do equipamento dentro dese novo plan. Señor Rodeiro, se o equipamento é, digamos, para facer fronte á situación covid, creo que debера ser extensivo a todos os centros, non soamente a aqueles que se acaban de inaugurar. Pero, o de sempre, discurso populista, carente de fundamento, cando non equivocado de forma consciente, para falar de redución de profesorado. ¡Se o propio conselleiro acaba de dar as cifras, afortunadamente, na súa segunda intervención, e esas cifras evidencian que hai uns 625 profesores de secundaria menos que no curso pasado! (*Murmurios.*) Si, si ¡home!, veremos as cifras cando sumemos e restemos con tranquilidade e veremos o que había o curso pasado, e contrastaremos co *Diario de Sesións* o que vostede acaba de dicir aquí: 220 mestres, 290 profesores de secundaria asociados a incrementos de oferta, 225 para desdobramentos e 110 para reforzo da dixitalización. Iso, *grosso modo*, suma esa cantidade, que creo que é considerablemente menos que a do curso pasado.

Pero, bueno, parece ser que o gran problema é que o Ministerio de Educación e Formación Profesional non ditou unha orde específica para a distribución de fondos covid para a educación. O ano pasado vostedes negáronse a informar a este Parlamento de a que dedicaron eses 92 millóns de euros porque eran específicos e non quixeron dar contas no Parlamento, e agora o problema é que non se dita unha orde para dicirlles a vostedes como teñen que



gastalo. Pero, ¿en que quedamos?, ¿queren cogobernanza ou queren traballar todo o tempo ao ditado dun goberno central? Porque, se é así, ese famoso PP autonomista e galeguista e non sei cantas «istas» máis deixou de existir. Esa é a realidade. ¿Que queren, que lles diga todo o que teñen que facer, ou queren autonomía para facelo? A ver se nos aclaramos, señor conselleiro.

E dicía vostede que o discurso da oposición era un *déjà vu*. Tampouco é que o seu fose moi novidoso, francamente, ¿que quere que lle diga? (*Aplausos.*) De novidoso tivo pouquiño. Imos ao xusto. Que conste que vai vostede mellorando, porque soamente dixo dúas veces na súa intervención, ata o de agora —pode dicilo moitas máis no seu turno de peche—, o de «críticas de serie», que é tamén unha cuestión —si, si tomo nota porque xa veu preparado para oír esa frase—...

E, mire, fala vostede sempre do rendemento educativo. Dá igual, eu creo que deberíamos facer un monográfico para que cada un mostrase as súas gráficas sobre o rendemento educativo. É que Galicia xa estaba por debaixo da taxa de abandono escolar no Bipartito, que parece que empezou... Naceu Cristo no ano 2005, porque antes non había nada, (*Murmurios.*) e agora, desde o 2005 ao 2009, é o período catastrófico, e de aí en adiante a rexeneración.

Porque mire —e remato, señor presidente—, quedo cunha triste devaluación innecesaria deste debate, no que cadaquén pode defender as súas posturas, pero vostede acaba de facer unha cousa, señor conselleiro, que non só é unha barbaridade desde o punto de vista estatístico, senón que devalúa o debate político ata extremos que creo que non deberamos permitir. E vostede estableceu unha relación efecto-causa directa entre que as comunidades autónomas estean gobernadas polo Partido Popular e haxa un rendemento educativo mellor do alumnado ou que estean gobernadas por gobernos de esquerdas, progresistas —como queira chamarlles—, e un rendemento educativo menor. Iso, señor conselleiro —repito—, é unha barbaridade desde o punto de vista estatístico, porque pon o debate nunha única variable explicativa, sen ter en conta absolutamente nada máis, e ademais —repito— devalúa o debate político, e, francamente, creo que fraco favor lle fai vostede a este Parlamento, á democracia en xeral, ao Estado e á comunidade autónoma vertendo afirmacións dese tipo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

Señor Rodríguez, ano 2020, este mesmo debate, coas circunstancias da pandemia, 92 millóns de euros que nos corresponden do Fondo covid. Conselleiro de Educación: non contratamos profesorado porque co Fondo covid non se pode contratar profesorado. Ano 2021, neste contexto, similar, de inicio de curso, conselleiro de Educación: non contratamos profesorado



porque non hai un fondo específico para contratar profesorado. É dicir, aquí o mantra é sempre o mesmo: non contratar profesorado. E, se aínda por riba, despois, podemos botar balóns fóra e eximirnos de responsabilidades, pois mellor que mellor. Pero a cuestión, como ben dicía o señor Álvarez, é que máis alá de que esteamos no pimpampún, en botar balóns fóra, aínda está que este Parlamento teña coñecemento de cal foi o investimento deses fondos covid que se fixeron durante o curso pasado; non estaría de máis. Pero é que seguimos coa constante e nebulosa manipulación dos datos sistemáticos para ter un coñecemento real do que son os recortes obxectivos, que toda a comunidade educativa está a percibir, e que, tristemente, se demostran despois.

Imos ao caso, adiantáballo antes: ano pasado, a estas alturas, imos facer un contrato de 320 unidades máis e 511 en infantil e primaria; finalmente, foron 168. Este ano hai unha redución de practicamente á metade, pero deses datos non se nos dá absolutamente nada. E, aínda por riba, seguimos; no DOG do 6 de agosto, señor Rodríguez, facíase efectivo, pero non as nebulosas, non a manifestación, negro sobre branco; aí aparecían 127 unidades menos en infantil e primaria. E, claro, aquí hai varias opcións: a culpa é das familias, a culpa é do alumnado, a culpa é do Goberno do Estado, a culpa é da oposición, ou asumir, señor Rodríguez, que igual algunha responsabilidade teñen dende a Consellería de Educación. E non se preocupe que, se é por demandar financiamento ao Goberno do Estado, non será o BNG quen se opoña, pero, por exemplo, algúns deputados galegos do Partido Popular poderían estar nesa mesma liña exixindo financiamento, e non, como se dixo e xa lle trasladei o outro día na propia Comisión 4ª, o que acontece cando goberna o señor Rajoy e di que os deputados do Partido Popular teñen que asumir un por un os postulados de Madrid. Aquí asúmese de xeito acrítico, e, cando goberna o Partido Socialista, utilizamos sistematicamente o argumento do Goberno do Estado para non implementar medidas que poderían ser implementadas.

Respecto da contratación, señor Rodríguez, dígolle que as contratacións do ano 2020-2021 se levaron adiante porque os claustros se negaron a iniciar o curso. Neste mesmo debate que estamos a levar aquí, neste mesmo Parlamento, vostede apareceu aquí, despois dunha reunión —non sei se se lembra— do Consello Escolar de Galicia, sacando da chistera a cuestión das mamparas, a cuestión da semipresencialidade... Houbo que adiar o inicio de curso, e foi entón cando, por fin, se publicou esa resolución con esas contratacións de máis.

En todo caso, fálame agora —é curioso— de rigor na presentación dos datos. Pero é que, mire, cos datos que vostede agora mesmo acaba de trasladar, é que vai dunha maneira inequívoca o que trasladou a nosa portavoz nacional a semana pasada: que o recorte do profesorado de reforzo, máis o recorte do profesorado de secundaria, que vai estar arredor deses 500 ou 600 profesores, cando menos este ano, pois será exactamente a cifra que trasladou a nosa portavoz nacional, se non —e veremos— queda curta, porque, dende logo, o que estamos a ver, o que están a trasladar todos os centros educativos, é que se implementou a medida sistemática de obras nos centros —seica para buscar excelencias educativas—, mais o que se traslada doutros centros de ensino, señor Rodríguez, é que foi para tirar tabiques, para incrementar o número de alumnos por aula; ergo, para reducir profesorado.

Respecto da cuestión das optativas no ensino rural, o que aconteceu este ano foi un cambio de criterio da Consellaría. Vostede sabeo e está mentindo cando vén aquí dicir que iso se leva



facendo sempre. Houbo un cambio de criterio, porque a instrución que se está trasladando é que o que antes se facía, que se permitían contemplar excepcións nestes grupos, agora se fai con carácter xeral. Iso foi o que trasladaron, e, se non, pois será que está mentindo o alumnado de Melide, de Becerreá, de Cangas, de San Sadurniño e de tantos centros urbanos deste país que están a denunciar este cambio de criterio. ¿E que consecuencias ten? Que un alumno ou unha alumna espertou esta mañá pensando en ir a un centro de ensino e, de súpeto, lle din que non pode matricularse nese centro de ensino porque non está o itinerario que el quere cursar, ou que non están as asignaturas que necesita para acadar unha maior nota na selectividade. Esa é a normalidade da que vostede nos fala, señor Rodríguez.

E, claro, despois vén aquí trasladarnos que é unha cuestión de pesimismo e de posta en dúbida e de confianza no profesorado. Mire, nós, no profesorado, confianza absoluta, como tempos confianza absoluta nos médicos e nos sanitarios deste país, e non compartimos o desmantelamento que están facendo da sanidade pública.

Polo tanto, ¿confianza nos profesionais? Toda. En quen non confiamos é en vostedes, e non é por unha cuestión máis alá de que están sometendo a unhas tensións ao sistema educativo que, despois de todo o que levamos vivido, non merecen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, de novo, eu creo que se centrou este debate, sobre todo, na necesidade de máis ou menos profesores no sistema educativo galego. Eu, e este grupo parlamentario, de verdade, alegrámonos, señor Álvarez, de que comunidades autónomas de España incrementaran o seu número de profesorado. A verdade é que nos parece ben que traten de acercarse á realidade e á situación que ten Galicia desde hai tempo, por iso somos a primeira comunidade de España que máis profesores ten por alumno. (*Aplausos.*)

E, falando de profesorado, quero dicirlles e recordarlles aos membros desta Cámara que o 23 de xuño votamos unha proposición non de lei, e vostedes non aceptaron unha emenda do noso grupo para que se concretaran os fondos específicos que viñan do Goberno do Estado para o capítulo I, de persoal. Polo tanto, se non aceptan esa emenda, vostedes están practicando aquí unha oposición —como lles dicía— moi pouco seria, porque din o contrario despois do que fan.

E, miren, tiveron vostedes unha magnífica oportunidade, extraordinaria, para ter máis profesores —que é o gran problema no que estamos centrados— e para que o profesorado se regulase por lei orgánica. Aprobouse a unha velocidade espantosa a Lei Celaá, e vostedes



non incorporaron nin unha soa coma, nin un só punto falando das necesidades de incrementar as ratios de profesores en España.

Polo tanto, teñen vostedes —non quería utilizar ese termo— algo de caradura, porque, de verdade, veñen aquí protestar por un feito no que Galicia é pioneira, e despois, cando hai que reivindicar algo no Goberno no Estado, pois, evidentemente, están moi caladiños. Polo tanto, a ninguén lle escapa que esta é unha competencia estatal, e, polo tanto, quero recordarles que repiten constantemente esa matraca do profesorado.

Outros anos protestaban porque se pechaban escolas unitarias. Este ano, como non se pecha ningunha, pois, evidentemente, veñen con outro tipo de reivindicacións. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, señor Mini. Si, si. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, pechábanas vostedes a unha velocidade de 27 por ano; 27 por ano no Bipartito —anos 2006 e 2007—. Pode comprobar o peche de escolas unitarias, je con 12 alumnos!, que agora só se pechan con 6; ¡con 12! Polo tanto, eu creo que, se vostedes gobernarán, seguro que as tiñan todas pechadas. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, claro...

Bueno, pois eu creo que, desde logo, a este grupo parlamentario ás veces non nos gusta que se desacrediten os datos, porque hai certo posicionamento por parte da esquerda neste Parlamento de intentar desacreditar datos do sistema educativo galego. Nin os debemos avaliar, nin os debemos desprezar. Hai datos importantes dos que todos deberíamos estar orgullosos. Somos a primeira comunidade autónoma en competencia científica, creo que é bo. E pasamos —vostedes deixárono— do quinto posto no Bipartito a estar agora no primeiro. Somos a primeira comunidade en competencia lectora, somos a quinta en competencia matemática; estaba no décimo posto e agora está no quinto. Eu xa sei que lles molesta que os datos vaian ben, creo que non é mérito; é mérito única e exclusivamente de todo o sistema educativo galego, do que todos deberíamos estar orgullosos. E dígolle máis, os estudantes galegos teñen o dobre de posibilidades de ter maior rendemento académico por contorna socioeconómica desfavorable en Galicia que no País Vasco ou en Cataluña. Polo tanto, non desprezen vostedes os datos, datos internacionais e datos que dá o Ministerio. E, ademais —recordoullo o conselleiro—, está a redución. Mentres a taxa de abandono escolar está incrementándose noutros lugares de España, en Galicia está baixando. E, ademais, nunca se apostou tanto pola educación. Estamos na primeira posición das comunidades autónomas de réxime común en investimento por alumno.

Bueno, pois creo que é un mérito de todos poder destinar fondos aos docentes, e estamos falando dun investimento por alumno de 1.200 euros, por riba da media española. Somos a comunidade de España coa mellor ratio de alumnos por ordenadores, temos as taxas universitarias máis baixas de España e somos a única comunidade de España na que todos os menores de 21 anos teñen transporte público gratuíto —creo que é un dato importante, porque non se dá noutras comunidades autónomas—. Polo tanto, xa está ben de estar permanentemente desacreditando o sistema educativo.

Ademais, os datos, sobre todo os datos de financiamento, acreditan claramente, señor Lourenzo, que a nosa aposta é o ensino público. (*Murmurios.*) É que no Bipartito facían igual,



tiñan ensino concertado, e a nós parécenos boa idea, que foi posta en marcha polo Partido Socialista nos anos oitenta en España. Nunca desprezamos ese sistema, pero vostedes son socios do Partido Socialista para algunhas cousas, e para outras non o son.

Eu remato, señor conselleiro, dándolle de novo as grazas pola comparecencia e polo traballo que están a facer, e quero trasladar a felicitación deste grupo parlamentario a toda a comunidade educativa polo esforzo que están a facer no inicio deste novo curso escolar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche desta comparecencia, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Dicía que, como vai frío, intentarei non levantar calor no ambiente. Pero, bueno, a verdade é que un debate máis non chegamos a puntos de encontro, porque vostedes falan practicamente só e de xeito exclusivo dunha variable, e despois, consignas ideolóxicas constantes, e nunca falan realmente do que é importante, dos resultados. Un sistema como o sistema educativo non é un fin en si mesmo, é un medio; é un medio para dar oportunidades aos nenos e ás nenas de hoxe para o futuro, e é un medio para que estes nenos e estas nenas, estes mozos e estas mozas, se formen en calidade, poidan mirar educativamente de fronte a calquera rexión europea e poidan pensar nun futuro mellor para eles e para os seus contornos. Vostedes só falan dunha variable, e, ao final, o seu discurso, cando se compara coa realidade, cae, porque falan de desmantelamento. *(Murmurios.)* Se vostedes tiveran un pouquiño de autovergonza, cando se poñen os datos enriba da mesa, daríanse conta de que ese desmantelamento non é o adxectivo acertado; busquen outro adxectivo, pero non desmantelamento. Porque, ¿que comunidade autónoma desmantela cando é, non a primeira, senón a segunda que máis recursos adica ao ensino público? ¿Que dirían se estiveramos no posto 12, no 13, no 11 ou no 7? Non ten sentido o que vostedes din. Ou cando falan do profesorado, que queren mellores ratios. ¿Que dirían cando vemos que estamos na segunda posición de España xunto con Estremadura? Se estiveramos no 12, ¿que dirían vostedes? Non hai credibilidade no que din, porque o seu discurso se topa coa realidade, e tópanse cos datos estatísticos, que nin tan sequera son autonómicos, son do Ministerio, son do Estado. A verdade é que creo que ese discurso, ao final, é moi sinxelo, de autocompracencia, e non ten sentido, ningún sentido, que o fagan.

Claro, despois case nos plantexan e nos falan de manipulación de datos. Oia, eu recoñezolle ao señor Lourenzo que foi rápido; foi capaz de rectificar o seu dato, co que contradecía a súa portavoz, de 1.000 a 500... Bueno, foi rápido reaxustándoos. E en ningún momento se está manipulando un dato. Nós facemos todas as comparacións respecto do curso prepandémico. ¿Por que? Porque estamos falando dun curso de transición. Obviamente, a excepcionalidade tan brutal e os protocolos e os mandatos sanitarios que existían no curso pasado non existen neste, co cal non se pode comparar o que é desigual. Imos comparar cos que existían pre-



viamente, e aí vemos todos os datos que acabo de dicir, que son datos comparativos que realmente eu creo que deixan a Galicia en bo lugar; sen dúbida, deixan a Galicia e ao sistema en bo lugar.

Dicíao ao comezo, e repítoo, hai dúas formas de facer política, queda clarísimo, clarísimo: imos atacar, imos desgastar, imos facer críticas de serie, sen ningún argumento por detrás, con datos, con contradicións... Eu lembro o ano pasado que me dicía que os 2.300 profesores non existían, que non eran verdade. Dixéronmo o ano pasado aquí, e hoxe pídenme que os manteña. A ver..., ¿en que quedamos? Eu xa dixen que o ano pasado fixemos unha contratación e este ano outra diferente: 2.300/ 2.095. Obviamente, as circunstancias cambian, e as novas contratacións son tamén para implementar novos programas. ¿Ou é que acaso os profesores que van desenvolver os plans dixitais de centros non son profesores que van estar nos centros educativos? Non ten sentido intentar mezclar as variables.

Lévoo repetindo en moitas ocasións: non pode haber a menor dúbida de que se van cumprir todas as medidas de seguridade sanitaria e de que vai haber todos os profesores necesarios para dar resposta á oferta educativa.

Obviamente, o protocolo evolucionou, algunhas medidas mantéñense, outras flexibilizáronse, cada vez máis imos a unha maior normalización, e estamos preparados. Sen dúbida, o sistema educativo está preparado. Pode haber problemas puntuais, que os haberá, e hai momentos concretos e incidencias concretas, que as haberá, como non pode ser doutro xeito, pero a verdade é que a experiencia do ano pasado, xunto co ritmo de vacinación tan potente que tivo Galicia, nos marca un escenario diferente, e a verdade é que imos seguir cubrindo as necesidades do profesorado, as que sexan necesarias, 2.095 profesores. Pode haber un pequeno cambio arriba ou abaixo a nivel porcentual, pero estamos falando dun número moi significativo que marca un esforzo. E quero dicir tamén que xa falei do investimento realizado, dos 139 millóns, da súa repartición, de como se estruturan e de onde proceden os fondos. E faise un gran esforzo, un grandísimo esforzo.

Falaba o noso portavoz, o portavoz do Partido Popular, sobre as comparacións con outras comunidades autónomas. Efectivamente, outras comunidades autónomas están tendo contratacións. Pero, ¿por que? Por dous motivos, ou por tres motivos, diría. Primeiro, por simple demografía. Se nós vemos as dinámicas demográficas das comunidades autónomas do norte e as dinámicas demográficas das comunidades autónomas do sur, vemos unha realidade obxectiva. O País Vasco, por exemplo, ou Galicia, perdemos alumnos; as do sur ganan alumnos. É necesario ter máis profesores por dinámica ordinaria. Segundo, comunidades que vostede citou, como Baleares ou Valencia, por exemplo, non tiveron o ano pasado presencialidade plena a partir de 2º da ESO. 2º, 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e FP tiveron semipresencialidade, e este ano o Ministerio plantexa unha presencialidade plena, cousa que nós xa conseguimos; co cal, se comparamos, comparemos ben. E terceiro elemento de comparación, as ratios dalgúns comunidades autónomas que vostede citou —Valencia, por exemplo— están practicamente dous puntos por riba da nosa. Nós estamos nun pouco máis dun nove e Valencia nun pouco máis dun once. Comparativamente, a situación é ben diferente, dicíao moi ben o portavoz: están facendo este esforzo para parecerse máis a nós, e nese sentido é algo puramente e absolutamente obxectivo. (*Murmurios.*)



E, mire, eu, ao que vostede plantexou, doulle datos obxectivos. Unhas comunidades autónomas en PISA saen como saen e outras saen como saen, e creo que aí é onde se ve o rigor das políticas públicas, como se xestionan os servizos públicos e como se xestiona unha política tan importante como é a política educativa.

Podería —xa para rematar— facer un repaso dos grandes proxectos que teñen unha continuidade, como, por suposto, o plurilingüismo ou o ensino dixital. Teñen unha continuidade e van evolucionando. ¿Por que? Porque fomos capaces de comprobar que melloran a igualdade de oportunidades e que melloran os resultados académicos, e temos que profundar e innovar dentro deles e mellorar. Temos, para o novo curso académico, dous grandes proxectos, o Plan Recupera, o Plan de benestar emocional, e a Estratexia dixital, onde xa presentamos un proxecto, o proxecto dos centros dixitais, o plurilingüismo, a FP, que, sen dúbida, é un salto cualitativo e cuantitativo practicamente sen precedentes no tocante á oferta; é un ensino fundamental para o presente e para o futuro do país.

En definitiva, imos afrontar o curso académico cunha mezcla de optimismo e de prudencia, cunha mezcla de responsabilidade e de esperanza. Pero se o que imos facer, desde a perspectiva sanitaria, pero se o que imos facer desde a perspectiva educativa, é manter os alicerces que posibilitan falar, dentro de Galicia, dun grandísimo sistema educativo, onde a palabra «desmantelamento» cae polo seu propio peso, gasto público, alumnos por aula, resultados PISA; se con todas estas variables positivas seguen falando de desmantelamento, haberá que ir ao dicionario e cambiarlle o sentido á palabra «desmantelamento», (*Aplausos.*) porque non ten en absoluto ningún sentido.

En definitiva, imos continuar mantendo un modelo educativo que mellora ano a ano, que dá resultados, que avanza nas variables cuantitativas e cualitativas que miden a calidade dun sistema que educa absolutamente en valores, que dá igualdade de oportunidades e que, en definitiva, como xa dixen na anterior intervención, temos que seguir mellorando. Temos feito moito, pero, en definitiva, é fundamental para o presente do país e sobre todo para o seu futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos ao punto 3 da orde do día, de mocións.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Procedemos ao debate de xeito acumulado dunha moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e dunha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa presentación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade pola Unesco

O señor PRESIDENTE: Presentáronse ás dúas mocións emendas do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda á moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e á moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue: «O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Impulsar, xunto ao Ministerio de Cultura y Deporte, unha reunión técnica cos responsables de ICOMOS para revisar o informe e o expediente da candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

2º- Continuar traballando en estreita colaboración con todos os axentes da zona, institucións – públicas e privadas –, e cos habitantes do territorio, tal e como se fixo ata o momento, para acadar que a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.»)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Señor presidente.

Bo día a todos e a todas nesta —polo menos aquí— xélida mañá. Teño que recoñecer que estamos todos pasando moitísimo frío.

Agradezo tamén aquí a presenza do conselleiro, que non sei se ten que marchar, pero, bueno... Si ten que marchar... É igual, non se preocupe, que despois xa llo contarán. Moi ben.

Volvemos aquí, logo da interpelación ao conselleiro de Cultura o pasado mes de xuño, nesta ocasión, pensamos, dende logo, nós, dende o PSdeG, cunha moción propositiva. É a única intención que ten. Unha moción propositiva que pretendemos que sexa tomada con carácter construtivo; unicamente ese é o noso propósito, sobre todo porque cremos que fai falla unha folla de ruta, xa non só para a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade, senón do resto das outras candidaturas que tamén agardan a súa quenda, que, como saben,



son a de Ancares-Somiedo, que foi lanzada no ano 2007, tamén a do Ferrol da Ilustración no mesmo ano, e, por último e máis recente, no ano 2018, o Parque Nacional das Illas Atlánticas-Illas Cíes.

Se puideron botarlle un ollo á nosa moción, que é unha moción extensa, verán que está estruturada en dous bloques, e, como digo, un é para todas as candidaturas que agardan por ese recoñecemento e outro específico para a Ribeira Sacra. ¿Por que? Ben, pois porque no PSdG continuamos pensando que as cousas non se fixeron ben, polo menos non todo o ben que se deberían ter feito, e tememos que se siga actuando da mesma maneira. Porque no PSdG preocupáanos moito o decorrer deste asunto por dúas cuestións, deixando tamén á marxe a afectación nas expectativas das xentes da Ribeira Sacra, pese a que así o nega o Goberno galego —sabémolo, e tamén o Grupo Popular—, a falla de diálogo co tecido social, co tecido cultural alí e mesmo tamén cos representantes institucionais. Como dicía, a primeira desas cuestións ten que ver cos propios informes xustificativos, e a segunda, co presente —que é o que máis importa— e o futuro próximo da Ribeira Sacra. E de todo o que direi tamén supoño que se entenderá a nosa moción.

Dúas carencias importantes fixeron botar abaixo a candidatura ou retirar esa candidatura promovida hai uns anos pola propia Consellaría de Cultura. A primeira desas carencias era que a integración dos encoros na paisaxe —dicía o informe do Icomos— non está ben explicada, non está ben xustificada. E iso non significa que sexa motivo de exclusión, senón simplemente que non está ben motivada ou ben xustificada a existencia deses catro encoros na zona. E, por outra banda, tamén falaba das carencias no relato histórico do proceso de sacralización e do paso a mans privadas tras a desamortización de Mendizábal. E dicía que ese relato ten lagoas moi importantes. Claro, a nós parécenos algo impensable que só pode obedecer á falla de interese real da Xunta de Galicia nesta candidatura. De aí que a nós nos preocupe o desleixo da Xunta de Galicia por non estar máis vixilante cos traballos de investigación e cos traballos que fixeron o informe deses equipos técnicos contratados.

Pero hai máis desleixos, e eses son os que realmente a nós nos preocupan, porque se ben eses informes xustificativos poden variar, pódense modificar —agardamos que así sexa e entendemos que vai ser así, porque xa sabemos onde incidir—, si que hai outro desleixo que, ao noso xuízo, é moi importante —como dicía— porque fala do presente e do futuro. E facemos unha pregunta: mentres agardamos polo relanzamento desta candidatura, ¿que plans temos para A Ribeira Sacra? ¿Hai algunha idea de como queremos conserva-la ou como queremos desenvolve-la? Contestará o Grupo Popular que si, que temos o recentemente publicado Plan de acción da paisaxe da Ribeira Sacra —a boas horas tamén chegou— e o eterno Plan da Ribeira Sacra. Ese Plan da Ribeira Sacra que, por máis que insistimos dende o PSdG nesta cámara, aínda non temos; non temos nós, nin ten a Deputación de Lugo —¿non sei se a de Ourense o ten?—, e os concellos tampouco o teñen. Digo eu que eses plans terán que ter, como mínimo, un guión escrito. Nós, dende logo, descoñecemos.

¿As liñas de acción destes dous plans? Rehabilitación do románico, dalgún románico, e a paisaxe. En efecto, nós pensamos que rehabilitar o patrimonio cultural arquitectónico é máis que necesario, pero protexer A Ribeira Sacra é moito máis ca iso e ten que ver con moitas máis cuestións. É preservar a paisaxe cultural e natural dunha maneira global, blindala



fronte as propostas turísticas que puideran degradar o noso patrimonio; convocar, por exemplo, iniciativas interesantes para que a xente nova, que está marchando en busca dunha mellor vida, poida desenvolver algunha actividade de futuro na súa terra, desa terra da que nunca quixo marchar; recuperar os oficios da zona, facelos sustentables economicamente; destinar partidas específicas para investigar as zonas candidatables; vixiar que o repoboamento forestal non se faga con especies foráneas, o que é unha barbarie ambiental, que, ademais, saben ben que xa está acontecendo.

Repetimos o dito aquí xa no mes de xuño, e será o único que repitamos: ¿que fixeron en todo este tempo? ¿Que accións de calado puxeron en marcha para coidar as contornas patrimoniais, para manter a actividade viticultora e, por tanto, a paisaxe, para impulsar especies foráneas non invasoras, ou para formar, por exemplo, o persoal dedicado ao turismo co fin de que este, o turismo, sexa sustentable e respectuoso co medio? ¿Que fixeron? Xa llelo digo eu: ou pouco ou nada. E pouco ou nada foi feito na Ribeira Sacra, e pouco ou nada tense feito tamén a respecto das outras tres zonas ou lugares candidatables.

É por isto que nós con esta moción reclamamos instar a Xunta de Galicia a que presente ante o Parlamento un plan de actuación calendarizado —e sabemos tamén que as previsións ás veces non se cumpren, pero polo menos temos que ter un plan de acción calendarizado— para a elaboración dos proxectos das candidaturas pendentes da declaración como patrimonio da humanidade na UNESCO. Evidentemente, ten que haber algo moito máis específico e xa con datas moito máis firmes para o da Ribeira Sacra. Pero tamén queremos —aínda que o proceso se vai alongar nos próximos anos— saber cales son os pasos por dar cun calendario estable para o resto das candidaturas.

Por iso nós pensamos que ese plan de actuación calendarizado deba conter, por suposto, consensuar o modelo e impulsar coa poboación, as institucións e os axentes culturais e socioeconómicos locais. E isto que dicimos é importantísimo. Non cometamos o mesmo erro que coa candidatura da Ribeira Sacra, que foi elaborada non sei se de costas pero, dende logo, non foi elaborada coa súa veciñanza. E por máis que insista o Goberno galego e por máis que insista o Grupo Parlamentario Popular, esta candidatura, o documento, a estratexia, a proposta, non a coñecen xa non as xentes da Ribeira Sacra, tampouco a coñecen nos concellos; ninguén a coñece especificamente.

É tamén importante implicar esa poboación no modelo turístico; modelo turístico que debe ter programas de cualificación e formación de todo o persoal, e nomeadamente do persoal de alí que queira dedicarse a iso, dedicado á atención de visitantes en todos os sectores afectados polo turismo.

Debe tamén contemplar programas de recuperación, rehabilitación e restauración do patrimonio cultural, pero tamén natural.

Debe tamén —e entenderán que iso tamén é moi importante— elaborarse un estudo rigoroso sobre o nivel de carga de visitantes que o territorio e o patrimonio poden soportar, sen que exista sobre el unha deterioración significativa. Neste senso, é esencial coidar especialmente os accesos a todos os elementos patrimoniais coa escala axeitada ao territorio. Isto último



quere dicir: situar antes o valor patrimonial do ben ou lugar que o acceso dos seus visitantes a el. E falo, por exemplo, do caso de San Pedro de Esgos, un exemplo inexplicablemente xustificado polo conselleiro de Cultura nesta cámara parlamentaria, onde o máis importante é que suban hordas de turistas ver o mosteiro, cando camiñando 300-400 metros perfectamente poderían acceder; pero, non, trátase de que os autobuses poidan dar alí a volta diante do propio mosteiro.

E, por último, este plan para as catro candidaturas que propoñemos tamén debe establecer mecanismos de control periódicos e vías específicas de asesoramento —e isto é moi importante— aos concellos sobre accións turísticas, construtivas, ambientais e patrimoniais que poden resultar lesivas para o territorio afectado. Falamos simplemente de establecer mecanismos de coordinación.

Xa con respecto ao proxecto da candidatura da Ribeira Sacra, na nosa moción o que propoñemos é manter permanentemente informada a poboación da Ribeira Sacra, así como os seus entes locais, axentes culturais e socioeconómicos e deputacións sobre a nova estratexia da candidatura. Para manter a poboación informada hai moitísimas canles de información que se poden pór en marcha, nomeadamente tamén a través dos concellos. Novamente —insistimos— facer público antes de que remate este ano o Plan A Ribeira Sacra, Plan de xestión da paisaxe cultural, e informar detalladamente os concellos e as deputacións afectadas das accións e dos investimentos que se supón que se van desenvolver ata o ano 2023, concretando a orixe e o destino orzamentario para cada exercicio. Penso que é a quinta vez que traemos isto aquí. De non existir, que é o que nos tememos, instamos a elaborar un plan estratéxico que protexa a zona e planifique o seu desenvolvemento en todas as súas vertentes de xeito harmonizado. Queremos tamén fomentar políticas activas sobre todo o patrimonio da Ribeira Sacra. E, por último, potenciar o Camiño do Inverno impulsando a creación ou rehabilitación de suficientes infraestruturas que o fagan atractivo e accesible.

Ata aquí é a nosa moción acerca —como digo— non só da candidatura da Ribeira Sacra, senón tamén para prever que non suceda o que aconteceu con esta última ou que coas outras tres, e poñernos a traballar xa dende agora. Dende logo, para iso terá o Partido Popular toda a nosa colaboración.

E xa quero rematar —que sei que se me acaba o tempo— cun só desexo, e é o desexo de que esta semana a UNESCO decida que o espazo natural conformado pola Ribeira Sacra e as serras do Iribio e O Courel sexa declarado reserva da biosfera. Certamente, non poderíamos xa soportar un fracaso máis neste sentido.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Mercedes Queixas.



A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Moi bo día.

Efectivamente, no pasado mes de xullo interpelabamos nesta cámara o conselleiro de Cultura sobre o que cualificamos no BNG, despois dunha demorada e atenta lectura do informe Icomos, como o fracaso de tramitación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade, que fora impulsada pola Xunta de Galiza. Nesa interpelación formulamos unha serie de preguntas, para as que teño que dicir que non obtivemos resposta por parte do conselleiro. Preguntabamos por esa falta de información do proceso de tramitación desta candidatura. Unha candidatura que xerara a máxima expectación na Ribeira Sacra, certo é, mais tamén podemos dicir que no conxunto do país. Preguntabamos por esa sinatura; por quen foi esa persoa ou ese grupo responsable da elaboración desta candidatura; por ese proceso de concurso e adxudicación, se é que a houbo, porque nós non conseguimos esa información; por canto custou do erario público precisamente elaborar esa candidatura; quen ía asumir responsabilidades técnicas e políticas —porque entendemos que as había—; que investimentos se levaban realizados, etc. Insisto en que a día de hoxe seguimos sen ter conseguido esas respostas.

Preguntabamos tamén que fora daquel tan anunciado e amentado Plan estratéxico da Ribeira Sacra, e nin a comezos de verán nin agora que imos camiño de o rematar conseguimos tampouco esa información. Unha falta de información, unha falta de transparencia, un silencio que vén sendo bastante habitual e que aínda se segue a practicar con esta deputada porque aínda non recibín a solicitude que fixen a través do artigo 9, polo que nos ampara o Regulamento do Parlamento. Seguirei a esperar ou seguirei a pedilo tantas veces como sexa necesario.

Nese pleno díxonos o conselleiro textualmente: «A verdade é que me entristece que vostedes non teñan confianza nesta proposta». Evidentemente, diremos unha vez máis, e todas as que faga falta, que nós si temos confianza no que representa A Ribeira Sacra. Sómoslle —sábeno ben— xente de lei, xente de moi boa fe; mais tamén o que digo agora, unha vez máis, é que en política, a diferenza de en relixión, non está xustifico falar nin crer no que non se ve. O que si foi publicitado estes días pasados a comezos de mes foi unha actuación do Plan de acción da paisaxe da Ribeira Sacra, por certo, que xa fora anunciado —seguimos nesta secuenciación de anuncios e titulares— hai un ano, concretamente en outubro do ano 2020, cando a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda afirmaba textualmente —no que di a nota de prensa do seu gabinete— que «a candidatura a patrimonio da humanidade da Ribeira Sacra se decidirá no 2020-2021, e estou segura de que vai polo bo camiño». Confiemos en que outras predicións da conselleira teñan mellor termo, de verdade, ou que, en vez de predicir, tente executar os anuncios con maior celeridade.

Por certo, os obxectivos que marcan tamén nesta nota de prensa sobre este plan non estamos moi convencidas de que axuden a mudar os criterios da UNESCO e do Icomos, porque parece que só se basean, polo que alí se enuncia, en elaborar un novo deseño da imaxe da Ribeira Sacra, unha nova sinalética ou a mellora de información aos visitantes. E si é certo que engade outro punto que sería moi importante, mais que, desde logo, contradí a política que



está a levar en materia forestal o Goberno do Partido Popular, como é a erradicación de plantas invasoras e revexetación con especies autóctonas.

Polo visto, agora para a Xunta o único que cabe é centrarse no plan B, nesa segunda alternativa, que consiste en rebaixar tamén a ambición e as expectativas á hora de candidatar A Ribeira Sacra só a reserva da biosfera. Unha opción que ben saben que é moito máis branda, con moi pouca capacidade de protección, para compensar o que parece unha falta de vontade por ampliar algo que se está a demandar mesmo da Unión Europea, como é a ampliación da Rede Natura 2000.

Ben, as certezas deste verán foron clarexando as razóns dese aprazamento estratéxico, non sabemos se conveniado, condicionado ou interferido polo propio Goberno do Estado. Non parece casual que para arrombar Galiza a un lado —desculpen que o diga así— consigan pórse de acordo o Partido Popular e o Partido Socialista. Nesa sintonía viamos moi poucos días despois da celebración do último pleno como o ceda ao paso galego, que se intuía, se confirmaba cando o conselleiro parabenizaba o alcalde madrileño —como non pode ser doutra maneira— por ter conseguido o que en todo o ámbito patrimonial, nos días previos, mesmo se cualificaba como unha misión imposible. A candidatura madrileña a patrimonio da humanidade da chamada «paisaxe da luz» chegaba a bo porto, cousa da que nos alegramos, e o conselleiro, evidentemente, así o felicitaba nas súas redes sociais: «*Llegasteis a ese momento porque habéis hecho un gran trabajo que ha terminado dando sus frutos*». Toda unha autocrítica implícita entre liñas que evidencia precisamente o que non fixo ben o Goberno galego: facer un bo traballo que encamiñase cara aos bos froitos.

O verán volveu dar infelizmente a razón a algúns dos porqués ao non do informe do Icomos á candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade. Unhas razóns que claramente deixaron ao descuberto a desprotección e o alto nivel de vulnerabilidade con que se cobre A Ribeira Sacra, e que condicionan, efectivamente, poder determinar algo que é fundamental: o valor esencial único desta contorna.

En primeiro lugar, ben o vimos nos incendios, evidentemente, como o recente de Ribas de Sil, que afectou tres concellos incluídos precisamente no territorio da Ribeira Sacra: o propio Ribas de Sil, Quiroga e A Pobra de Brollón. Os dous primeiros, ademais, ben saben que xunto con Folgoso do Courel constitúen o Xeoparque Montañas do Courel; si, recoñecido oficialmente pola UNESCO dentro da Rede de xeoparques mundiais. Até onde nós sabemos, non existe ningún plan especial de protección fronte aos lumes na Ribeira Sacra; en caso de existir, desde logo, acaba de quedar ben confirmado unha vez máis que non funciona. O único que salvou unha zona tan importante naturalmente do desastre total foi, coma sempre, esa baixada de temperaturas e a chegada da choiva. Como se unha política forestal eficaz e eficiente chovese do ceo.

En segundo lugar, os encoros, que ben sabemos que foron argumentario contrario a esa declaración. E volveron ser tamén agora protagonistas cando baleirados artificiosa mais tamén interesadamente polas empresas hidroeléctricas non dispuxemos de auga suficiente de forma próxima para apagar un lume tan cruento co noso medio natural.



E, en terceiro lugar, unha nova ameaza eólica; nova porque xa é real e está presente na con-torna da Ribeira Sacra, como ratificou o informe do Icomos o pasado xuño. Literalmente di: «O impacto visual dos muíños dificulta a concepción unitaria do territorio... supoñen unha obstrución visual para apreciar a ligazón entre os mosteiros e os ríos, ou son estes factores que afectan o territorio e que non deberían estar permitidos dentro dos lindes dunha área candidatada a ser patrimonio da humanidade». Insisto en que leo o informe do Icomos.

Cómpre lembrar que na Ribeira Sacra xa están operativos dous parques eólicos e que agora se tece unha nova ameaza con ese anuncio de novo macroeólico fragmentado en cinco par-ques. Dúas das alternativas formuladas debemos destacar que sitúan entre sete e dez turbi-nas eólicas dentro da zona de amortecemento do BIC.

As evidencias pois obrigan a colocarnos no presente, efectivamente, cun afán construtivo e propositivo, porque ese é o futuro e son as bases do futuro que temos que construír. O pre-sente é que A Ribeira Sacra é absolutamente, con certeza, un territorio de valores abondos para ser considerada patrimonio da humanidade. Mais precisa este informe ou esta proposta de candidatura unha reformulación.

Esta negativa, efectivamente, foi unha moi mala nova, que nos debe axudar a reflexionar sobre como se xestou a candidatura e como se levou adiante a mesma. Un traballo que cla-ramente quedou explícito que foi incompleto, carente do rigor necesario e que merecía o maior dos esforzos e das sinerxías colectivas.

E é por iso que a nosa moción recolle unha suma de propostas contrastadas cos colectivos especializados, con entidades locais e de estudo patrimonial que pretenden contribuír á ne-cesaria revisión desta candidatura dunha forma amplamente participativa.

No último pleno dixo tamén o conselleiro que —e cito textualmente—: «hai que rectificar, hai que avaliar, hai que reconfigurar». Velaquí pois a nosa proposta para conseguir estes obxectivos, que parte desa necesidade de remediar os erros e de retomar a proposta desde unha implicación coral para: revisar en profundidade e dun xeito crítico tanto a candidatura presentada ante a UNESCO como a resposta negativa do Icomos, reforzando o equipo de tra-ballo con persoas de experiencia contrastada; facer unha avaliación do orzamento investido até o momento; depurar responsabilidades; establecer un novo orzamento para a abordaxe desta reformulación que agora precisamos refacer; abrir un proceso de participación inclu-siva con todos os sectores implicados; proceder a unha avaliación do impacto na zona de protección de grandes estruturas industriais e de comunicación xa existentes, e as que están previstas, porque poden condicionar a protección patrimonial e ambiental desta zona; re-formular a declaración BIC da Ribeira Sacra e establecer un calendario veraz para esa can-didatura que permita finalmente obter esa declaración; crear e fomentar a expansión dunha rede de apoio local que visibilice o compromiso da poboación coa candidatura; e desenvolver algo fundamental, un plan de xestión e usos ambicioso e acorde coas demandas da UNESCO para os territorios declarados patrimonio da humanidade, no que se establezan prioridades, calendarización e orzamentos.

Obrigada. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Esta mañá viña ao Parlamento saíndo de Sober, pasaba por Pantón, por Monforte, polo Saviñao, por Chantada, cinco dos vinte e cinco municipios que conforman a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio mundial. Cinco municipios gobernados por cores distintas pero que compartimos plenamente a esperanza no noso futuro. Un futuro que vemos próspero, vencellado fundamentalmente —aínda que non en exclusiva— ao turismo e tamén á viticultura.

Hoxe mesmo estase avaliando —como aquí se dixo xa— ademais esa candidatura á reserva da bioesfera da Ribeira Sacra, serras do Oribio e do Courel. Unha candidatura na que confiamos, igual que confiamos plenamente na candidatura e nas posibilidades da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade. Porque no territorio, señorías, en canto a este tema, a unidade é practicamente absoluta. Unha unidade que se amosou dende o primeiro momento e que é unha das principais fortalezas que ten esta candidatura.

Por iso sorprenden moito as iniciativas do BNG e do Partido Socialista, que pretenden sementar dúbidas e que mesmo buscan feblezas onde non as hai. Pero sorprende aínda máis, señorías, porque no territorio non hai estas diferenzas; resulta que nin os concellos gobernados polo Bloque e polo PSOE, nin as deputacións, nin o conxunto da poboación está en desacordo de como se levaron adiante as cousas. Por iso téñolles que dicir que me sorprende enormemente, porque é que ata o propio embaixador ante a UNESCO —que, que eu saiba, non o nomeou o PP, senón que o nomeou o PSOE— está de acordo en como se levaron as cousas e da gran solidez que ten esta candidatura. Por iso téñolles que dicir que como grupo lamentamos, pero sinceramente —e a señora Noa que ten as súas raíces na Ribeira Sacra deberíame entender— como veciña sintome enormemente entristecida de que esa unidade que hai no territorio non a poidamos ter neste parlamento, simplemente porque calquera cousa vale con tal de ir contra o Partido Popular. ¡Unha lástima, señorías! *(Aplausos.)*

E é que ademais nese afán de ir e todo vale contra o Partido Popular nin sequera se poñen de acordo. Aínda están a tempo de rectificar. Por iso nós presentamos unha emenda con total humildade, coa única intención de chegar a un acordo para que fóra se vexa que aquí dentro hai o mesmo consenso que ten a poboación. Porque as mocións que vostedes presentan hoxe, unha de dúas: ou é que non se enteraron de nada do que se estaba facendo nos últimos cinco anos —o cal me parece grave—, ou, o que é peor —e espero que non sexa así—, estanas presentando con mala fe, simplemente cun uso partidista.

Algún de vostedes, a oposición no seu conxunto, aquí pretende facer ver que o aprazamento estratéxico que se fixo é un fracaso total. Dicía o Bloque: «é algo nunca visto». Pois miren,



señores: non lles é así, é unha cousa que se fai con bastante normalidade, e recentemente fíxoo o Prosecco en Italia, e hoxe é xa patrimonio mundial, ou mesmo en España téñeno feito a Menorca talaiótica ou o Priorato en Tarragona. E cando a Xunta de Galicia e o Goberno central conxuntamente —porque, insisto, é unha decisión que se tomou conxuntamente— deciden facer un aprazamento estratéxico, fano porque ante o informe do Icomos —¿duro?, si; ¿sorprendente?, tamén, para todos sorprendente— deciden que merece a pena tomarse un tempo e falar co Icomos, falar con todos os implicados, e presentar unha proposta con absoluta seguridade.

Porque ese informe do Icomos —que eu dicía que é duro— ten unha parte que pode ser valorativa —coa que podemos estar ou non de acordo—, pero todo o mundo coincide en que ten erros graves, como falar de que hai dez encoros cando só hai tres, ou falar de que na Ribeira Sacra hai zonas que teñen aeroxeradores, cando non é así. E iso non o di o Partido Popular, iso dio tamén o embaixador do Partido Socialista, (*A señora Arias Rodríguez amósalle á Cámara unha fotocopia.*) que di: «*El embajador ante la UNESCO señala errores graves en el Informe de Icomos sobre la Ribeira Sacra*», 27 de xullo de 2021. Porque preferir un territorio estático ou un que evoluciona é algo subxectivo e sobre o que teremos que falar co Icomos. Pero —como dicía— cambiar o que hai e o que non hai, iso é un erro que temos que facerlle ver que non é así.

E aínda que o informe do Icomos non é vinculante, este aprazamento dános tempo para mellorar esa candidatura. E no territorio entendémolo perfectamente; pero enténdeo a poboación, enténdeno os políticos, enténdeno as asociacións, porque entendemos que é algo que beneficia á Ribeira Sacra, a Galicia e a España. Porque, señorías, esta é unha candidatura de España a patrimonio mundial, na que traballamos conxuntamente todos.

E así o que temos que facer nos próximos tempos é traballar conxuntamente, ver que é aquilo que podemos mellorar —que haberá cousas que podemos mellorar—, explicar aquilo que parece que non se nos entendeu ben e defender aqueles aspectos que non compartimos co Icomos. En definitiva, fortalecer a candidatura e lograr que a UNESCO entenda que o que no territorio xa se dá por feito, efectivamente, ten vimes de sobra para que tamén o vexa a UNESCO, e así será.

Son moitos os factores que xogan ao noso favor. Un deles é que o Consello do Patrimonio Histórico Español acordara que España non presente novas candidaturas ata dentro de cinco anos, o que fai ver que si teñen plena confianza na candidatura da Ribeira Sacra. Polo que se ve, todo o mundo ten máis confianza que a oposición nesta cámara. En fin, ¡alá vostedes!

Desde o Bloque, a señora Mercedes Queixas facía referencia a algo que me parece lamentable e que espero que rectifique na súa segunda intervención. Porque me parece case indignante ou cando menos increíble vencellar a posibilidade de que A Ribeira Sacra sexa ou non patrimonio da humanidade a un acto terrorista criminal incendiario. Paréceme que é unha barbaridade que vostede mencionara aquí ese termo. Por iso eu espero que o retire.

Como chegados a este punto é igual de increíble que socialistas e nacionalistas sexan moito máis críticos coa candidatura da Ribeira Sacra do que é o propio Icomos. Por exemplo, men-



tres o Icomos loa o traballo levado a cabo respecto da planificación, coordinación e protección, os socialistas din que disto non houbo nada de nada, e o Bloque di que hai que empezar de cero.

Por poñer outro exemplo: o Icomos pon en valor a declaración de BIC que se fixo no ano 2018, e o BNG pide que se empece de novo. Iso si, que se collan todas as alegacións que se fixeron no seu día, sexan ou non pertinentes; fixéronse alegacións e que esas se teñen que coller. Porque segundo din PSOE e BNG é necesario un diálogo, coordinación, abrir procesos participativos. É como se ata o de agora o informe que se fixo pois alguén se metera en San Caetano alí nun sitio pechado, se puxera a escribir o que se lle acordou e non tivera contacto con ninguén.

Pois, señorías, nada máis lonxe diso. Os que vivimos no territorio sabémolo perfectamente. Ata trinta e seis reunións con asociacións, con todos os grupos dos distintos concellos, con todas as entidades, con empresarios, con veciños; trinta e seis xuntanzas. Da mesma maneira que cando se fixo o BIC, despois das xuntanzas con todas as partes implicadas, se presentaron trinta alegacións. E desas trinta alegacións aceptáronse total ou parcialmente o 80 %. Ademais, froito desas alegacións e das peticións que se fixeron, estase incoando tamén o patrimonio do románico da Ribeira Sacra como BIC. Polo tanto, iso de que non houbo participación, iso de que non se lles escoitou é algo que está nas súas mentes, pero que dende logo os implicados non o perciben como tal.

Tamén se falaba de que non houbo transparencia. Ben, xa explicaba toda a transparencia que houbo ata aquí. A mesma transparencia que houbo tamén cando se decidiu aprazar a presentación da candidatura. Así, primeiro, presentouse no mesmo momento, fíxose público na sede da UNESCO entre o embaixador español e o conselleiro. Pero é que ao día seguinte, xusto un día despois, o conselleiro estíbese reunindo con todos os alcaldes da zona, con todos os alcaldes implicados para explicarllelo. E ao pouco tempo aos membros do Comité da UNESCO. E cando vostedes interpelaron o conselleiro, el xa lles explicou que si hai un calendario para seguir avanzando. Nas próximas semanas, reunión co ministerio e co Icomos, tamén ampliación do comité asesor da candidatura, para fortalecelo, para enriquecelo con novos perfís técnicos. E a partir de xaneiro xa empezar a traballar nos pormenores desa candidatura.

Pero esa dicotomía entre o que vostedes din que todo está fatal, fatal, fatal, e o Icomos, que foi moi duro, que pon en valor a gran maioría do presentado, pois esa dicotomía vese tamén no Plan de xestión da paisaxe A Ribeira Sacra. Por certo, si o ten o BNG, si se entregou en virtude do artigo 9; entón, non vén a nada dicir aquí que vostedes non o teñen. E se se lles entregou é que existe. Igual que se lle entregou á UNESCO, e o Icomos pon en valor dicindo que este informe é clave.

Un plan, señorías, que ten 32 millóns de euros ata o ano 2023 e que en moitos aspectos, como no que supón a protección do patrimonio, ten superadas todas as previsións. Neste momento están xa rematadas ou en obras actuacións, por exemplo, no colexio do Cardeal en Monforte, Santo Estevo de Ribas de Miño, Santo Estevo de Atán, reitoral de Pombeiro, San Xoán de Portomarín, San Xiao de Lobios, San Pedro de Rocas, Santo Estevo de Ribas de



Sil, Santa María de Xunqueira, e así podería seguir. Un plan que segundo vostedes non existiu, un plan que segundo vostedes non coñecen os concellos. Pasen polos concellos, porque non é que o coñezan sobre o papel, é que hai obras nos seus concellos. ¡Vaian ver os concellos! Ás veces é moi interesante saír deste hemiciclo e estar en contacto coa xente dos territorios.

Piden tamén nas súas mocións fomentar políticas activas sobre todo o patrimonio da Ribeira Sacra. Esquécense de que xa se constituíu a Comisión Interdepartamental, o Foro de Territorios do Patrimonio, que se realizaron actividades formativas, que se fomentou a investigación científica sobre o valor universal da paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

E piden tamén expresamente potenciar o Camiño de Inverno. E aquí voume parar só un minuto. Porque igual era interesante que vostedes neste punto falaran co alcalde de Monforte, presidente da Deputación de Lugo, quen, emulando o alcalde de Vigo, non só non fixo nada a prol do Camiño, senón que puxo pedras no camiño para que non se finalizara este na cidade. Pois ben, a pesar diso, no ano 2020 e 2021 hai investidos 1,7 millóns de euros para a sinalización do Camiño.

Tamén a finais deste ano abrirá as súas portas o primeiro albergue público nun sitio, señora Díaz, que vostede coñece ben, en Diomondi. Un millón de euros, que ademais serviu para arranxar un BIC. E esta mesma fin de semana —iso que vostedes din que non se fai nada polo Camiño— tiña lugar xa a edición número XVIII das Xornadas Científicas do Camiño de Inverno, patrocinadas pola Xunta de Galicia.

E falando das últimas actividades que houbo, pois por poñer un último caso dicir que simplemente a mediados de agosto se presentaba en Monforte un libro sobre fotografías do Camiño, na que, por certo, eu non vin ou botei de menos a representantes do PSOE e do Bloque na comarca.

E remato xa, señor presidente, porque téñolles que dicir que os que vivimos cada día no territorio sabemos que nos últimos anos na Ribeira Sacra se produciu un punto de inflexión. Estamos por iso apoiando o que está facendo a Xunta de Galicia en colaboración co Goberno do Estado, en colaboración cos concellos do territorio, coas deputacións, coas asociacións e coa sociedade civil. E tamén co embaixador da UNESCO, que acaba de declarar hai ben poucos días que esta candidatura ten calidade, intensidade e está ben establecida.

Señorías do Bloque e do PSOE neste parlamento, non queden atrás, non sexan vostedes os únicos que non confían nunha candidatura na que todos traballamos man a man. Deámoslles aos veciños, á veciñanza, a imaxe que os políticos deben dar, para o que serve a política. Deámoslles esa imaxe de unidade que eles xa teñen, que vexan que tamén aquí traballamos por eles e para eles, que son a quen nos debemos.

Por iso pídolles que se non queren apoiar a nosa iniciativa, nós xa lles presentamos unha proposta para transaccionar a emenda que presentamos, e estamos dispostos a seguir negociando para que de aquí saia un acordo unánime e que todos vexan claro e forte que cremos na Ribeira Sacra e na candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio mundial.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Señora Arias, se vostede o que pretende coa súa intervención é confundir a cidadanía galega —entendemos particularmente a xente que vive na Ribeira Sacra neste caso—, a nosa proposta saben que non é só para a candidatura da Ribeira Sacra, senón tamén para as outras tres, pero imos falar da Ribeira Sacra. Creo que ten que quedar claro dende o primeiro momento, por máis que vostede intente confundir nun exercicio de simplificación argumental, ademais dos argumentos dos outros, non dos seus, por se non quedou claro, no PSdG confiamos, creo que así quedou de manifesto —non en van os nosos concellos e a propia Deputación de Lugo están moi detrás desta candidatura—, nas excelencias da Ribeira Sacra, na necesidade de lanzar esta candidatura. Para nós, onde non vai haber unidade é na maneira de proceder, porque esta foi unha auténtica chapuza, e vostedes sábeno.

Falan do Goberno de España. O Goberno de España saben perfectamente que son cuestións de lealdade institucional, e o Goberno de España, os técnicos... O outro día o conselleiro no último pleno, cando falamos desta cuestión, dicía: os técnicos do ministerio. Os técnicos do ministerio validan por unha cuestión de lealdade institucional. Pero onde se fai o informe xustificativo desta candidatura é aquí en Galicia, avalado polo Goberno galego. Non intenten confundir, non confundan.

Miren: hai unidade. Por suposto que hai unidade nese recoñecemento, pero non hai unidade na maneira en como se levou a cabo.

Nós debemos ter interlocutores e interlocutoras distintos, moi distintos. Xa llo digo: moi distintos. Non sei con que concellos e con que deputacións fala vostede. Claro, eu sei coas que falo eu, e non só alcaldes. Lamentablemente, hai máis alcaldes do Partido Popular naquela zona que socialistas, xa o sabe tamén, pero de ser así... *(Interrupción.)* —perdón, estou falando coa señora Arias, estou dirixíndome a ela—. Quero dicir que nós tamén falamos cos voceiros e as voceiras deses concellos onde non gobernamos. Non hai a información que vostede di, nin está consensuado con iso. Non sei que asociacións, pero agora que xa o dixo: trinta e seis reunións en cinco anos. Ben, en breve presentarei unha pregunta porque quero que me pasen as actas desas reunións e saber con quen se reuniron. Porque xa lle digo que os interlocutores e as interlocutoras non deben ser as mesmas. Non existiron esas reunións.



Vostedes falan de que non hai unidade neste parlamento polo ánimo de sempre da oposición de confrontar. Non, confrontan vostedes, son vostedes os que confrontan. Con esta proposta de transacción, (*A señora Díaz Varela amósalle á Cámara un folio escrito.*) proposta de transacción dun folio que presentou o BNG e de dous que presentamos nós, pretenden simplificalo, e ademais con frases como: continuar mantendo..., continuar..., continuar... Non, non é que é continuar nada, é empezar; algunhas das cuestións que nós plantexamos é empezar a plan-
textalas.

Xa sabemos, un dos puntos que vostedes propoñen é ter unha reunión técnica cos responsables do Icomos. ¡Benvida sexa! Xa o sabemos, xa o dixo o conselleiro, é o seu traballo. Eu non teño que instar a que traballen, non temos por que facelo dende o PSDG, e non o imos facer así. (*Aplausos.*)

Repito: non confundan. Nós o que criticamos é como se levou a cabo todo este proceso; non criticamos a candidatura.

E queremos insistir tamén moito en dúas cuestións máis que vostede puxo aquí de relevo. Unha é de 34 millóns. Fala dese Plan da Ribeira Sacra, que xa se están facendo accións de rehabilitación do patrimonio cultural. Perfecto, pero estou preguntando: eses 34 millóns, ¿en que especificamente? Se o plan acaba no 2023 e empezou no 2019 teremos que saber en que, cales son cada unha desas accións, de que partidas orzamentarias se trata, que consellerías son as que teñen esas partidas orzamentarias. Non sabemos absolutamente nada. Os propios concellos entéranse cando a Xunta os notifica de que van rehabilitar unha das súas igrexas ou do patrimonio románico que teñen alí. E sabe que é así. Entón, non confundan, por favor.

Falou vostede tamén, o que me fai moitísima graza, da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra. Eu mesma, hai unhas semanas, presenteí unha batería de preguntas precisamente para esta Comisión Interdepartamental. ¿De que se trata aquí?, ¿de crear comisións ou de que estas sexan efectivas? ¿Cantas veces se reuniu e para que? Porque podemos estar creando comisións e crear comisións, pero se despois non teñen traballo, non serven para nada. Son brindes ao sol, que é o que está pasando. (*Aplausos.*)

Así que nós mantemos, dende logo, mantemos esta proposta. Non sei se haberá ocasión ou se teremos oportunidade de poder chegar a unha transacción. Nós propuxémoslle outra transacción sobre a súa, sobre a súa proposta. Entendemos que o que vostedes propoñían desnaturaliza por completo a intención da nosa proposta, que non era máis que algo propositivo. Vostede díxome que non poden asumir a maior parte da nosa moción porque xa se está facendo. Pois se xa se está facendo, deixen. Se xa se está facendo, se todo iso que nós dicimos xa se está facendo, non entendo por que se negan a nada. Pasa exactamente igual que coa reunión dos técnicos do Icomos. Se se vai facer, nós asumimos que iso podemos poñelo sobre o papel. Ben, pois vostedes deixen tamén se todas esas accións que nós propoñemos poden quedar sobre o papel, perfecto. Pero se se negan e tentan evitar ese plan de xestión, ese plan de usos, etc., será porque ao mellor non hai tanto feito.

A cuestión é que todos estes erros cometidos nos levan a que teñamos que agardar e volver presentar a candidatura galega, con esoutras, ademais, tamén agardando. E repetimos que



a nosa maior das preocupacións é ata que esa candidatura realmente frutifique, e estamos seguras de que vai ser así, porque A Ribeira Sacra merece ser patrimonio da humanidade. Pero mentres tanto ¿existe algún plan concreto para A Ribeira Sacra, para ir protexéndoas das malas decisións que poden tomar dende particulares ata outras institucións, tamén pasando pola Xunta de Galicia? Pensamos que non. Así que son precisos, para asegurarnos o éxito, e incidimos moito nisto: plans estratéxicos de desenvolvemento socioeconómico, cultural e turístico acordes a uns estándares de calidade. Non chega con presentarnos a un premio, non chega con iso, hai que ir sumando esforzos e facendo esforzos e implicarse con compromisos rigorosos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora DÍAZ VARELA: ...e cuantificables. Repito: só así nos aseguraremos o éxito.

Que quede claro, por favor, que dende o PSdeG apoiamos esta candidatura. E, neste caso, á señora do Partido Popular hai que dicirlle que non intente confundir porque non é tal e como vostede o acaba de comentar aquí.

Graciñas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Señora Arias, eu creo que debemos cumprir cun mínimo exercicio de honestidade como parlamentaria e de honestidade democrática, e é que cando nos respondamos sobre todo demostramos que escoitamos previamente o que nos dixo a precedente. *(Aplausos.)* Desde logo, vostede emitiu aquí valoracións e acusacións que en absoluto estiveron na miña boca, e seguramente terá oportunidade de velas logo na Mediateca. É importante que non nos limitemos a ler o que traemos escrito, facendo un exercicio de cálculo, senón que —insisto— practiquemos a escoita, a escoita activa.

Por iso, ao fío deste tipo de situacións e de contextualizacións, é fácil entender que cando vostedes falan de que hai tanto diálogo, de que hai tantas reunións, no fondo o que hai son convites a estar de corpo presente como convidados de pedra. Pero logo vostedes nin escoitan nin reciben absolutamente nada do que se lles di. Esta é a demostración concreta e moi práctica do que ten acontecido na traxectoria desta Consellería de Cultura e deste goberno.

Non sei a que se refire que eu teño recibido o informe que eu pedín. Non, o que eu teño recibido é o informe do Icomos, que eu xa tiña máis que lido porque era de dominio público en todos os medios de comunicación. Eu sigo á espera, que é o que eu realmente pedín, de cal é o informe á candidatura que vostedes elaboraron como goberno e enviaron. Iso é o que



eu quero ler para ter efectivamente toda a avaliación para poder contrastala obxectivamente. Sigo á espera desa recepción.

Enténdese que o que vostedes fixeron non foi un aprazamento estratéxico, foi un aprazamento dunha autoavaliación que era moi necesaria e unha estratexia de desinformación e de despiste, na que agora vostedes se escudan facendo autoexculpación e inculpación dos outros. Por ese camiño, desde logo, non podemos avanzar e non podemos axudar a construír esta candidatura a patrimonio da humanidade.

Eu, de verdade, confiaba en que hoxe aproveitase esta ocasión para facer unha autocrítica necesaria, sobre todo para chegar a eses puntos de consenso, porque seguramente que é moi fácil porque partimos da mesma base, de que efectivamente A Ribeira Sacra merece este recoñecemento.

Era a vontade e é a vontade pois a nosa emenda ten moitos puntos para precisamente facelo. Haberá tempo de abrir esoutro tempo que necesitamos para camiñar nunha outra dirección, que o informe do Icomos dixo que había que rectificar. E creo que non pasa nada por facelo.

Eu permítame que estamos a principio de curso, despois de vinte e cinco anos como docente, non podo evitar lembrarme destes sempre novos primeiros días de acceso ás aulas. Sempre lle dixen ao meu alumnado que non había que ter medo, nin había que preocuparse por non saber. Polo que si hai que preocuparse é cando alguén se nega a aprender ou a reaprender. Ese é o grave problema que espero de verdade que non se escuden nel no Partido Popular porque teñen moita responsabilidade nesta cuestión.

Falaba vostede agora do seu compromiso para declarar BIC, por exemplo, todo o románico da Ribeira Sacra. ¡Moi benvido! Efectivamente, é unha proposta moi demandada e moi necesitada, pero tamén lles preguntamos por que non asumiron xa esas alegacións no seu momento, (*Aplausos.*) cando lles foi trasladada por moitísimos colectivos que son especialistas en traballo co patrimonio, e nomeadamente no románico. ¿Por que non asumiron xa esas alegacións? Porque igual estabamos noutro momento. Tiñamos xa unha candidatura moito máis armada, con outros valores, con outra unidade, que foi unha das grandes eivas, e ao mellor pois non estabamos nesta situación de rexeitamento do Icomos. Polo tanto, ¡benvida sexa esa proposta! Pero insisto: xa podía estar feita.

En calquera caso, esta nova declaración de BIC, se non vai acompañar dun plan de xestión rigoroso —descúlpeme que o diga así—, non vale para nada, é papel mollado, é fume; non nos vai conducir tampouco a ningures, sobre todo ao máis importante: á protección de todo o patrimonio único senlleiro que temos na Ribeira Sacra.

E, por certo, vou deixar algunhas evidencias tamén aquí, porque son moi evidentes. Xa temos BIC, por exemplo: San Paio de Abeleda ou San Salvador de Asma, e vemos espazos absolutamente deteriorados, abandonados, pechados, sen posibilidade de recoñecemento e recoñecemento cultural da sociedade galega, nin, por suposto, de quen os queira visitar. É un patrimonio absolutamente abandonado sendo un ben de interese cultural. É dicir: esa é a demostración do que esta etiqueta representa para o Partido Popular.



Ou aínda máis: moi recentemente, a Asociación Veciñal de Vilachá de Salvadur está a demandar que, por favor, poñan atención e compromiso sobre todo explícito coas adegas medievais como elemento patrimonial único da Ribeira Sacra, que, por certo, —reitero— tamén están declaradas BIC e, sen embargo, están absolutamente deixadas da súa man. É dicir, ás veces unha chega a pensar que vostedes consideran que temos demasiado patrimonio, que nos podemos ir permitindo o luxo de ir deixando no camiño ou deixando morrer unha parte del, porque total pedras temos abondas. É un exercicio de simplificación máximo, pero que realmente, cando paseas o territorio, cando te achegas a coñecelo e a recoñecerte nel, esta é a conclusión: un abandono maioritario.

Dicía o conselleiro no pleno en setembro que imos empezar a traballar, os técnicos da Xunta, os técnicos do Goberno, os técnicos do Icomos. É que aquí temos unha das claves, unha das eivas: ¿para cando van convocar a veciñanza, as entidades locais, os colectivos que traballan en patrimonio? É que se están olvidando sempre do mesmo, que é da sociedade de a pé, que é a que constrúe e reconstrúe; a sociedade que neste caso vela pola protección do patrimonio. É unha eiva na que seguen caendo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...non sei se intencionadamente ou non.

Remato, señor presidente.

O Icomos delatou —díxeno na interpelación e reitéroo agora— a inexistencia dunha política patrimonial por parte do Partido Popular que realmente teña como obxectivo a protección e a posta en valor do noso patrimonio. Iso é así, guste ou non guste. Desde logo, a nós non nos gusta. E creo que é o mellor momento precisamente para facer un punto de inflexión. A Xunta ten que esclarecer, ademais, se esta declaración de patrimonio da humanidade é un obxectivo en si propio ou é un medio para desenvolver esta comarca dun xeito sustentable e intentando protexela dunha excesiva turistificación, que sabemos que sempre conduce á deterioración do medio.

Non sigan a dar tombos,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...—remato xa, señor presidente— comecen a reformular o relato histórico para lle dar coherencia a outro que implique os elementos patrimoniais coa poboación local. Por iso —insistimos— é tan necesario que ese plan director se desenvolva nun plan de xestión claro, que coñeza a cidadanía para que se implique nel...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...e onde a protagonista sexa a poboación local, que, á fin de contas, foi quen trouxo o noso patrimonio, mantido en pé ata aquí.

Obrigada. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reactivación ambiental e produtiva da ría de Pontevedra e a potenciación do sector forestal galego

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Observen con atención esta fotografía. *(O señor Bará Torres amósalle á Cámara unha fotografía en tamaño A3.)* É unha imaxe de fai setenta anos dun auténtico paraíso. Non sei se era o paraíso terreal, pero é un auténtico paraíso. É a ría de Lourizán, a ría de Pontevedra.

Hoxe está aquí con nós unha muller que coñeceu este mar, que navegou en canoa por este mar rodeada de arroaces —de *arroases*, como lle chaman alí—, que nadou polas augas limpas deste mar. Esa muller, que quixo vir hoxe aquí a este debate, que o está vendo na sala Domingo Fontán, ten 88 anos, cheos de vitalidade e de esperanza, por certo. E nós queremos hoxe simbolizar nesta muller, en Leonor González Nené, a loita de centos de miles de persoas, empezando polas mariscadoras de Lourizán, que se opuxeron ás baionetas da Mariña de España, e tamén os miles de mozos e mozas que hoxe seguen berrando: «¡Ence fóra da ría!», «¡A ría é nosa e non da Celulosa!». Grazas Nené, pola túa loita e polo teu exemplo.

Onte foi día 13 de setembro, e non sei si se deron conta pois onte celebrábanse —se se pode utilizar esta palabra— os cincuenta e oito anos da implantación da apertura polo xefe de Estado, ditador daquela, da fábrica de Lourizán. E iso foi un erro histórico e un enorme atentado ambiental, o establecemento de Ence *manu militari* da ría de Pontevedra nese paraíso que lles mostrei. Pasaron cincuenta e oito anos e estamos nun tempo novo, nun tempo diferente, aínda que hai alguén que non quere enteirse, que vive aínda petrificado no pasado, que non quere pasar páxina.

Recentemente pasou algo que marcou un antes e un despois, que foi a sentenza da Audiencia Nacional do pasado mes de xullo, que di unha cousa moi clara: Ence ten que saír da ría de Pontevedra. Así de claro e contundente. E ¿saben por que esta sentenza di que Ence ten que saír da ría? Porque hai que aplicar a Lei de costas de 2013 do Partido Popular. É dicir, non sei que leis que se aprobaron, pero foi a lei do Partido Popular a que dixo que ten que saír Ence da ría. E vostedes bótanlle a culpa a non sei que. E esa sentenza tamén di que vostedes aprobaron unha prórroga ilegal no ano 2016. Entón, ¿de que estamos falando?

E diante desta sentenza, ¿cal é a reacción da Xunta? Primeiro, quedaron un pouco descolocados, desprevidos, colléronos co pé cambiado. Entón fíxense: declaracións á prensa do señor Conde: «Conde reduce a un debate ficticio el traslado de Ence de la ría de Pontevedra porque es in-



viabile», declaración do 14 de xullo de 2021. O 20 de xullo de 2021, seis días despois: «*La Xunta se inclina por una nueva educación de Ence para garantizar el empleo. Conde abre la puerta al traslado y pide al Gobierno contar con fondos europeos para su viabilidad*». Pero, ¿que clase de seriedade teñen vostedes, que en seis días cambian de opinión?

Pero despois tiveron xa un trasacordo, porque, claro, déronlles as ordes conseguintes. Chegou o señor Feijóo e mandouno parar. E entón o señor Rueda converteuse no portavoz da posición de defensa numantina da permanencia de Ence na ría, que é unha posición absolutamente fóra da realidade, pero, sobre todo, que é unha posición ilegal. Vostedes estanse botando ao monte, e están botando ao monte tamén a outros colectivos que están utilizando a violencia, como vimos nos últimos meses. Vostedes están na insubmisión e na desobediencia ás sentenzas xudiciais.

¿E por que o Partido Popular se empeña en defender unha ilegalidade? Ben, hai moitas razóns para isto —algunha non a explicarei agora; xa me referín a ela outras veces—, pero, basicamente, por dúas cuestións: porque a Xunta, Feixóo, Rueda, Conde, etcétera, etcétera, actúan ás ordes do PP madrileño e queren utilizar este asunto para facer oposición, para desgastar, e tamén queren gañar tempo, e xa ensinaron a *patita*. Queren recuperar o Goberno de Madrid para intentar de novo cambiar a lei e garantir a permanencia de Ence, xa o dixo o outro día o señor Conde, que propuxo unha modificación legal para garantir esa permanencia. ¿Saben como se chama isto? Chámase pre-va-ri-ca-ción. É unha prevaricación como unha catedral. E vostedes seguen erre que erre, intentando facer estas falcatruidas. ¿Non lles chega xa coas que levan feito?

E, segundo, porque o Partido Popular está completamente entregado e sometido aos intereses de Ence, pero non dos traballadores e das traballadoras de Ence, dos directivos, dos empresarios, do IBEX de Ence, porque o señor Feixóo e o señor Rueda actúan como accionistas de Ence, como delegados de Ence, como emisarios de Ence. Isto é o que teñen as portas xiratorias, claro, non nos debería estrañar. Iso é o que ten a facilidade coa que vostedes, o Partido Popular, cambian os sillóns do Consello da Xunta ou do Consello de Ministros polos sillóns do Consello de Administración de Ence e doutras empresas, e, claro, despois teñen que defender, loxicamente, os intereses de que os pon aí, que para iso están.

Ben, estamos nun novo tempo, isto é indubidable, nunha nova realidade. Esta crise deulle a volta a todo, e o que pode parecer un problema pode converterse nunha grande oportunidade. Estamos convencidos de que se pode abrir un debate, e, realmente, de que se poden abrir as portas a unha gran transformación para a ría de Pontevedra, para a o Concello de Pontevedra, para o Concello de Marín, para o sector forestal galego e para o monte galego no seu conxunto. Pódese abrir unha grande oportunidade.

E, diante disto, a Xunta non pode poñerse de perfil, non pode mirar para outro lado, non pode poñerse de fronte. Non pode dicir, como dixo o señor Rueda o 31 de agosto: a Xunta non ten alternativa. Pero, vamos ver, ¿quen son vostedes? Bueno, dixo o señor Rueda iso de que a Xunta non ten alternativa, mentres o señor Feixóo dicía que había cabida para dúas fábricas de papel en Galiza, para dúas papeleiras, dúas pasteiras. Pero ¿que clase de seriedade teñen vostedes? Por certo, ¿onde queren poñer estas dúas papeleiras/pasteiras?, ¿en Lourí-



zán, unha enriba da outra? Porque, se non hai máis ubicación posible... Isto chámase trile-rismo político, e non ten outro nome.

Pois ben, a Xunta ten que deixar de facer oposición, que parece que é o que mellor se lle dá. Neste caso, leva anos facendo oposición. E ten que poñer propostas enriba da mesa, porque, ademais de ser o Goberno galego, ten todas as competencias necesarias: ordenación do territorio, solo industrial, industria, medio ambiente... Aquí non vale a escusa de que non teñen competencias; teñen todas as competencias, e teñen que exercer como goberno. E como vos-tes non exercen como goberno, pois faino o BNG. E por iso facemos propostas, poñemos enriba da mesa proxectos, proxectos de futuro, con visión e con ambición de país, porque nós queremos facer unha Galiza ao grande, non esa Galiza pequena, que vai a menos, esa Galiza bonsai do Partido Popular. E por iso traemos estas propostas.

A primeira é que a Xunta ten que poñerse a traballar para desenvolver esa área de mellora ambiental e paisaxística que prevé o Plan de ordenación do litoral en Lourizán, que di que a fábrica ten que saír e que hai que facer unha grande actuación para recuperar eses terreos. E iso é competencia da Xunta. Hai que poñerse a traballar xunto co proceso de desmantelamento e recuperación dos terreos que ten que levar a cabo e pagar a empresa, que xa gañou bastante nestes anos.

En segundo lugar, propoñemos a creación dun consorcio público-privado para a industria forestal, para a creación dun gran complexo industrial, con participación pública, e, sobre todo, con participación do sector forestal galego. E isto non é ningunha novidade en Europa; isto existe en países que son punteiros en materia forestal como Finlandia. Temos aí un sector que está disposto a participar nese proxecto. E teríamos, con este gran proxecto industrial, un tres nun: teríamos unha gran fábrica pasteira con ciclo, co peche de ciclos —polo tanto, cunha fábrica de papel—, poderíamos ter un gran centro industrial de transformación da madeira en produtos que demanda o mercado no sector da construción —por exemplo, no sector téxtil, no sector dos bioproductos, que están tan demandados agora no mercado e que teñen tanto valor engadido, que é o que necesita a economía do noso país— e, por último, un gran centro tamén de investigación e innovación, pero non calquera centro; non, desde logo, o que quería Ence, senón un centro sobre o monte biodiverso e o monte multi-funcional, porque xa está ben de que o noso monte estea ao servizo de dúas grandes multi-nacionais. Ese non é o noso modelo.

Por último, está o debate sobre o emprazamento, pero este debate non o ten que dirixir a empresa, teno que dirixir o Goberno galego, e tenllo que encargar —o estudo sobre este novo emprazamento— ao sistema de coñecemento galego; polo tanto, ás universidades e aos centros tecnolóxicos.

Por último, hai que avaliar o financiamento de todos eses procesos con fondos públicos, non negamos esta posibilidade. Polo tanto, Ence ocupa neste momento 600.000 —remato, presidente— metros cadrados de dominio público, de terreos públicos. Son o equivalente a 100 campos de fútbol, unha barbaridade! Ese terreo é público, de dominio público, e ten que volver a ser público. A empresa xa gañou bastante, xa fixo miles de millóns de euros de beneficio aí; debería devolver unha parte á sociedade galega, cando menos. Pero agora son ou-



tros tempos. Desde o BNG queremos recuperar o mar, queremos recuperar a ría, queremos que o que é público sexa para...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...goce público, para actividade económica, porque temos moito que gañar con estas propostas, temos todo por gañar: xustiza, dignidade, respecto, saúde e traballo futuro para a ría de Pontevedra, futuro para Galiza.

Moias grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Comezamos este período de sesións cun tema que previsiblemente vai centrar o debate neste tempo, xa que non é unha cuestión menor. Non é unha cuestión menor para Galicia, xa que estamos a falar dunha das industrias máis importantes do noso país, e moito menos para a miña comarca, Pontevedra, xa que esta industria supón o sustento de moitas familias; familias vinculadas de forma directa á fábrica, pero tamén familias que están vinculadas a ela por estar encargadas do transporte por mar ou por terra, ou as subministradoras desta materia prima. Eu, persoalmente, estou moi preocupada.

A situación, dende que se levou a cabo o debate da interpelación que deu lugar a esta moción, mudou, mudou ata a situación actual, xa que pasamos dunha situación de incerteza a ter unha sentenza; unha sentenza que, aínda que non é firme, senta un precedente, xa que fundamenta cun exhaustivo rigor xurídico a imposibilidade legal da pasteira de continuar nesta ubicación.

E digo isto porque a sentenza fai unha interpretación da lei na que non cabe ningún tipo de fisura, ao manifestar que a ocupación do dominio público marítimo-terrestre ten un carácter excepcional e que a súa admisión debe ser sumamente restritiva. Incide tamén a sentenza en que non poden prevalecer outros intereses concorrentes da empresa por riba do cumprimento rigoroso dos requisitos legalmente previstos. E, ademais, recalca na súa fundamentación xurídica que non ve, nin nos argumentos nin na proba presentada pola empresa, necesidade nin xustificación ningunha para a súa permanencia no dominio público marítimo-terrestre.

Por iso, polo contido desta sentenza, pola súa manifestación, é necesario e urxente poñernos a traballar, e digo poñernos a traballar en plural porque niso todos temos que remar na



mesma dirección. O futuro de moitas familias depende disto e ten que estar por riba dos intereses políticos. Pero, ademais, é o Goberno da Xunta o que ten que encabezar este traballo, porque ten a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e en materia de desenvolvemento industrial. O Goberno de Feijóo ten que centrarse, non pode seguir dando bandazos nun tema tan importante para Galicia. (*Aplausos.*) Non podemos toleralo. Non podemos tolerar eses continuos cambios de posición que levan a Feijóo, no ano 2011, a afirmar que Ence tiña que abandonar Lourizán en 2018, manifestando literalmente o seu compromiso co traslado dentro do territorio, pese —dicía— á dificultade do proxecto, ou anos despois a sucumbir aos intereses dunha empresa privada, ata o punto de modificar, cando gobernaba no Estado, a Lei de costas do ano 2013 ou a conceder no ano 2016 unha prórroga nun minuto de desconto e pola porta de atrás, conscientes, claro, da súa cuestionable legalidade. Destes polvos veñen estes lodos, xa que con estas actuacións interesadas deixaron a empresa nunha situación de inseguridade xurídica que está a ter estes resultados.

Corrixaan estes erros dos últimos anos, señores do Partido Popular, e volvan á postura máis sensata, á súa postura anterior. Ademais, cesen esta postura obstrucionista e seguidista que están a manter coa empresa, e que tiveron e que teñen dende hai unhas semanas os vicepresidentes da Xunta, que os levaron a facer manifestacións tremendamente irresponsables e populistas, e digo populistas por ser suave, porque me resisto a pensar que os máximos representantes dun goberno, do goberno dun país democrático, poidan defender conscientemente o incumprimento das leis. Son moi graves para un estado de dereito as manifestacións do señor Rueda e do señor Conde destas últimas semanas, nas que lle piden ao Goberno que non cumpra a lei, que non acate unha sentenza.

Sorprendentemente, este Goberno do Partido Popular está a actuar con este tema de Ence igual que Puigdemont ou Junqueras co *procés*. Pedir a un goberno que actúe á marxe da lei ou que non acate unha sentenza ten nome no Código penal, e chámase prevaricación e desobediencia. Están pedindo ao Estado que actúe á marxe da lei para beneficiar unha empresa. Estamos nun estado de dereito, e sábeno, e nun estado de dereito o cumprimento das leis é para todos e todas.

Seguen nesta política de bandazos. E nesta política de bandazos esta fin de semana o señor Feijóo volveu mudar outra vez a postura nunha nova postura que a priori nos parecería máis sensata, porque fala da posibilidade de que a empresa non quere quedar e quere pechar, da posibilidade de poder establecer outra pasteira no noso territorio, no noso país. Pero esta postura non queda aí, senón que Feijóo, na súa actitude de dicir unha cousa e a contraria na que leva inmerso dende o inicio da pandemia —lembro o do estado de alarma, si; estado de alarma, non—, agora di tamén que hai unha alternativa para Ence en Galicia. Unha pura contradición. Di que pode implantarse unha pasteira en Galicia, pero que Ence só pode estar en Lourizán. Deixen de dar bandazos, señores do Partido Popular, céntrense no importante, e o importante é manter no noso territorio os postos de traballo e a industria madeireira, porque isto está por riba de calquera empresa e isto é o que o Goberno da Xunta ten que ter claro.

Polo tanto, insisto, saian deste disparate no que están inmersos e atopen unha alternativa real para Galicia; non pode ser que non exista outra localización posible para unha pasteira



nun país cheo de recursos hídricos. Partindo desta premisa, Ence non podería, polo tanto, estar en ningún outro dos territorios de todo o Estado e tampouco poderían existir outras pasteiras no mundo.

Insisto, é urxente; é urxente buscar unha solución e garantir estes postos de traballo para o caso de que o Tribunal Supremo ratifique a sentenza da Audiencia Nacional. E por iso nós, dende o Grupo Socialista, imos votar a favor desta moción.

Alegrámonos tamén do cambio de postura do grupo nacionalista, que, por fin, se dá conta da importancia no noso territorio do sector industrial e, sobre todo, que por fin se pon ao lado dos traballadores de Ence, porque os traballadores de Ence —lémbrolle, señor Bará— son iguais que os de Alcoa e os das Pontes. *(Aplausos.)* E agradézolle tamén, polo tanto, que deixen de criminalizalos, porque, fóra dunhas condutas totalmente condenables, que todos coñecemos e ás que eu poría nomes e apelidos, pero non os vou poñer aquí, a gran maioría dos traballadores e traballadoras de Ence están reivindicando o seu pan e merecen todo o noso respecto.

Remato xa afirmando que o Estado está comprometido coa permanencia desta actividade en Galicia, pero de forma legal, e que vai apoiála con todos os instrumentos cos que conta, e nesa postura tamén está todo o PSdeG. A Xunta, polo tanto, ten que negociar coa empresa para que non marche, ou buscar alternativas, porque da súa xestión depende o futuro de moitas familias.

Sempre alardean os deputados do Partido Popular e os membros do Goberno de que contan cunha ampla confianza dos galegos e galegas. Pois dende aquí dígolles que non nos defrauden, e que se deixen de populismos e confrontacións e traballen polo futuro de Galicia, que o futuro de Galicia pasa polo mantemento do sector industrial.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Santos Costa.

O señor SANTOS COSTA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Bará, señores do BNG, señores do Partido Socialista, o que levan anos pedindo a gritos, «Ence fóra da ría», parece que finalmente o van conseguir. Como todos sabemos, o día 16 de xullo, día da virxe do Carme, patroa do mar, recibimos a noticia da anulación da prórroga de Ence; unha sentenza que non vai ser gratuíta, señor Bará, e que vai ser a custa de deixar sen traballo e sen amparo a miles de familias na comarca de Pontevedra e en toda Galicia.



Todos coñecemos a persecución que dende o BNG e dende o Partido Socialista teñen sobre esta empresa, insistindo durante moitos anos no peche da fábrica de Lourizán, sempre sen aportar alternativas ao dito peche e non preocupándolles en absoluto o que lles puidera pasar aos miles de traballadores e familias que dependen dela.

O Partido Socialista, unha vez que chega ao Goberno de España, a primeira actuación que leva adiante co fin de facilitar o peche da empresa foi allanarse no procedemento xudicial pola concesión da prórroga de Ence na Audiencia Nacional, promovida, entre outros, polo Concello de Pontevedra.

É absolutamente irracional que a concesión da prórroga de Ence se outorgase cos informes favorables da Avogacía do Estado, e que nada máis entrar no Goberno do Estado o Partido Socialista, ante esa mesma Avogacía do Estado do Ministerio, se allanase no recurso e deixáxase sen defender os seus propios informes elaborados cando concedeu a concesión. E isto só ten unha lectura, e é que é unha decisión política do Goberno do Estado que Ence marchara de Lourizán.

O que realmente lles interesou a vostedes sempre foi o peche da fábrica, pero para isto antes alegaban a contaminación e a seguridade, e agora, como saben que todo isto está garantido, simplemente os argumentos actuais que dan son que non lles gusta ter esta fábrica nesa localización. Nada máis, nada máis que isto, sen ter en conta, como digo, todos os danos, directos e indirectos, que isto conleva para todos os traballadores desta industria.

E digo que a contaminación e a seguridade están garantidas, porque a autorización ambiental integrada xa se outorgou no ano 2008 polo Goberno bipartito. Polo tanto, xa vostedes confirmaron durante o seu goberno que Ence non era unha empresa nin perigosa nin contaminante.

Porque cando falan de tratar de recuperar a ría de Pontevedra, achacando problemas de contaminación na ría e problemas de saúde pública e de tratar de mellorar os bancos marisqueiros e pesqueiros, chama a atención que eludan as súas propias competencias e responsabilidades municipais, por exemplo, cos vertidos de saneamento, e que teña que ser a Xunta de Galicia quen faga os investimentos para solucionar todos estes problemas. Esta contaminación parece que non lles importa; parece que estes vertidos van a ese mar, a ese paraíso, como vostede di, señor Bará, pero isto parece que non lle importa. Esa contaminación non vale para nada.

Xa dixemos noutras ocasións que a nós tampouco nos gusta a ubicación desta empresa, pero no contexto actual de crise económica o que menos interesa neste momento é o seu peche e deixar sen amparo a máis de 5.000 familias en Galicia. Isto é o que pensa e opina tamén unha gran maioría dos veciños de Pontevedra e da comarca, que a ubicación non é a mellor. Niso pensamos todos igual, pero despois de tantos anos aí e de saber que actualmente a empresa cumpre con todos os parámetros medioambientais e de seguridade, o que non entende a xente é por que se teñen que mandar ao paro a todos eses traballadores, como queren vostedes. Tanto o Partido Socialista como o BNG din que apoian as industrias galegas, cando o que plantexan é pechar industrias en Galicia. Vostedes o que non teñen é a máis mínima sensibilidade con todos estes traballadores que se verán afectados. *(Aplausos.)*



A noticia da sentenza da anulación da prórroga de Ence encheu de ledicia tanto aos dirixentes do BNG como aos do Partido Socialista, e non dubidaron en exteriorizar esa satisfacción. ¿E cal é o motivo da súa ledicia e felicidade? Bueno, pois deixar sen traballo a máis de 5.000 persoas, das que 400 pertencen ao persoal fixo da empresa, 2.700 a contratistas da área industrial, loxística e de transporte, e máis de 2.100 ao sector forestal galego; a moitos veciños nosos de Pontevedra, de Marín, de Sanxenxo, de Poio..., de toda Galicia.

¿E que consecuencias ten, por exemplo, para un concello como o meu, de Marín? Pois que vai afectar de maneira importantísima o funcionamento do porto. No porto de Marín hai moitas actividades auxiliares e de transportes que dependen exclusivamente de Ence, e poden ser irrecuperables. O tráfico de pasta de papel de Ence supón máis de 100 barcos ao ano e máis de 120 portes de camións por cada un deses barcos —fagan vostedes as contas—. Ence exporta a totalidade da súa produción da fábrica en Lourizán a través do porto de Marín, cunha media de 400.000 toneladas ao ano; polo tanto, máis do 20 % do tráfico portuario total e o 60 % do tráfico de mercancías xerais, esas que non van en contedores.

E, ante este desastre para o porto de Marín, o Consello de Administración da Autoridade Portuaria, decidiu personarse no recurso ante o Tribunal Supremo para defender a continuidade de Ence en Lourizán. Esta decisión foi por maioría absoluta, sen o voto do alcalde de Pontevedra, que non acudiu á dita reunión, e cos votos en contra dos representantes do Partido Socialista no dito concello, o que demostra de novo que a decisión de pechar Ence é unha decisión política e que o porto de Marín non lles interesa tampouco.

Polo tanto, as consecuencias para o porto de Marín son irreversibles, pero iso ao BNG e ao Partido Socialista dálles igual, eles alégranse pola sentenza. E ao Concello de Pontevedra o único que lle interesa do porto son os impostos, cobrar as contribucións das empresas ubicadas alí, os impostos en actividades económicas, etc., etc.; nada máis que recadar.

Creo que vostedes non son conscientes da realidade do dano que van provocar coa súa responsabilidade neste peche de Ence. Van comprometer a viabilidade de numerosas explotacións forestais, de empresas de intermediación de madeira, de moitas firmas de transporte, e a desaparición de moitas empresas de servizos auxiliares.

Señor Bará e señora Castro, xa hai anos que se estivo analizando a posibilidade de buscar outra ubicación alternativa á actual, e se non se conseguiu levala adiante foi pola gran complexidade que ten ubicar unha fábrica como a de Ence no noso territorio. Isto xa se reflicte no informe que enviou a empresa Ence ao Ministerio, onde se avalían 441 posibles ubicacións dentro do Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia. De todas esas posibles ubicacións, nada máis que seis terían escasas posibilidades de poder ser unha posible, pero non cumpren todos os parámetros necesarios. Parámetros como ter un caudal de auga dulce moi elevado, unha masa de auga receptora para poder asumir os efluentes, unhas parcelas de moitas hectáreas con superficie plana, con liñas eléctricas para importar e exportar enerxía e, dende logo, ter un porto tamén cerca da dita ubicación. E de acordo con eses informes, sería inviable implantar unha nova fábrica desas características no noso territorio. Ese é o principal problema para poder darlle unha solución a este tema, e sen contar xa co elevado custo que isto suporía.



E para aclararlles, señor Bará e señora Castro, ao que se refire o presidente Feijóo con esa segunda pasteira, é á creación dunha fábrica de fibras téxtiles a partir da celulosa, que é o proxecto xa proposto pola Xunta de Galicia nos fondos Next Generation, que deberían de coñecer. E iso non é producir pasta como fai Ence; polo tanto, sería bastante máis sinxela a súa ubicación.

E se por parte do Concello de Pontevedra e do Goberno do Estado dubidan dos informes que se presentaron e o ven tan fácil, pois o que deberían de facer é poñerse a traballar eles e buscar unha alternativa urxente xa, porque son os únicos responsables de crear este problema, e son os que teñen que buscar unha solución. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Ademais, son os que teñen os cartos para poder facer un traslado, se este é viable.

A empresa xa dixo que esa sentenza da Audiencia Nacional é firme, que o que lles queda será pechar a fábrica e mandar ao paro a todos os traballadores e que o que farán será ampliar a planta en Asturias, a planta de Navia, para producir máis.

Polo tanto, como digo, os únicos responsables do peche de Ence e de deixar sen traballo a miles de familias son o Concello de Pontevedra, por ter esa fixación con esta empresa e polo seu recurso á prórroga de Ence, e o Goberno do Estado, por allanarse no propio preito, dando todas as facilidades para que a sentenza fora en contra da dita prórroga. A Xunta defendeu sempre a ubicación actual, porque non ten outra alternativa. Non hai outra ubicación nin outra solución; polo tanto, insisto en que agora será o Concello de Pontevedra e o Goberno quen busquen esa solución.

A Xunta está desexando colaborar, está desexando botar unha man, e por iso participa na mesa de negociación, pero a solución, como digo, ten que vir dos que crearon o problema, e a Xunta non ten esa responsabilidade. *(Murmurios.)*

Ao Ministerio de Transición Ecolóxica tampouco lle preocupa este tema porque en cinco meses nada máis que convocou dúas reunións, sen facer nada. Na última reunión celebrada a semana pasada tampouco acudiu nin a ministra, polo que semella que prefire despreocuparse deste asunto e tomar distancia con respecto ao futuro da fábrica e ao futuro de miles de familias de Galicia que dependen dela.

Xa indo aos puntos da moción, a Xunta está disposta a colaborar, pero o que non vai facer é colaborar, como piden na súa moción, a pechar Ence e a recuperar os terreos que ocupa hoxe en día a fábrica.

En canto á solución que plantexan da creación dun consorcio para a potenciación do sector forestal, isto non lles vai resolver os problemas aos traballadores de Ence e ás empresas que dependen dela, e tampouco resolverá os danos catastróficos que terá para o porto de Marín. Aínda así, como ao Partido Socialista, dámoslles a benvinda a que se sumen ás colaboracións público-privadas, que sempre rechazan.

A Xunta xa está impulsando estes proxectos, como xa lles dixen antes, a través dos fondos Next Generation —deberían de ser conscientes diso—, a través da Comisión de Reactivación,



e non ten sentido plantexar un estudo de posibles emprazamentos para ese consorcio se non hai un socio industrial que identifique o proxecto acorde cos seus plantexamentos.

Remato xa dicindo que dende a Xunta de Galicia e dende o Partido Popular loitaremos sempre polos dereitos dos traballadores e das familias, e colaboraremos e botaremos unha man para tratar de garantir o futuro laboral da plantilla de Ence en Lourizán. Outra solución xa a terían que aportar os que provocaron a situación, ou sexa, o Concello de Pontevedra e o Goberno do Estado, o BNG e o Partido Socialista. E volvo reiterar que, se Ence pecha sen ningunha alternativa, o Bloque Nacionalista e o Partido Socialista serán os responsables do futuro desas 5.000 familias.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Santos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Chámame a atención poderosamente que, habendo nesta sala dous representantes da cidade de Pontevedra do Partido Popular, non tomen a palabra e que lle encarguen a defensa deste asunto a un representante da vila de Marín, que me parece digno de todo o respecto... *(Murmurios.)* ¡Tranquilos, tranquilos, non se exalten! Pero nestes casos hai que dar a cara, hai que dar a cara.

Miren, eu non son crente, confésolles que non son crente, pero, neste caso, ata a mesmísima patroa do mar, a virxe do Carme, se puxo do lado xusto; é dicir, que a sentenza foi o día da patroa do mar; isto é un caso de xustiza divina. ¡Non se pode chamar doutro xeito! *(Aplausos.)*

E a representante do PSOE, a señora Castro, fálanos de que o BNG criminaliza os traballadores. Eu pediríalle que retirase esa afirmación, que me parece moi grave, porque, desde logo, o BNG o que vai defender sempre é os dereitos de todos os traballadores e traballadoras a defender os seus postos de traballo. O que non vai nunca é permitir, defender nin xustificar que un grupo de exaltados —que non son a maioría dos traballadores de Ence—, cunha dirección política e sindical clara, utilicen a violencia e a coacción contra o Goberno municipal de Pontevedra, incluídos compañeiros seus. *(Aplausos.)* Iso nunca o imos consentir. E viví-molo recentemente nas festas da Peregrina, sábeo perfectamente. Entón, a iso nos referimos, non aos dereitos que teñen os traballadores a utilizar todos os métodos que estean ao seu alcance para defender os seus postos de traballo. Por certo, que quen acaba cos postos de traballo é a empresa, non o Goberno municipal de Pontevedra; *(Aplausos.)* a empresa coa co-nivencia do Partido Popular.

E o Partido Popular segue aquí coa súa matraca, erre que erre, intentando botarlles a culpa aos demais e actuando... Ben, vostede leu —de manual— o guión de Ence, o argumentario de Ence, non se apartou unha coma. Non sei se llo mandan cada vez que hai un debate ou se xa teñen un aí de serie e o van repetindo, pero non se apartan do guión de Ence. Vostedes



son os accionistas de Ence, e a diferenza é que o BNG é o accionista dun gran país que se chama Galiza, *(Aplausos.)* dunha empresa pública, non dunha empresa privada. Ese é a gran diferenza entre vostedes e o BNG.

E díxenlle antes as razóns polas que vostedes mantiñan esta postura. Por certo, que a cambiaron, que a cambian dun día para outro. Pero a razón principal de fondo é que vostedes desde hai tempo teñen un pacto selado con Ence —e dígollo ao señor Rueda concretamente— que leva tamén aparelada unha gran cantidade de pasta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, un pacto. E ese pacto ten como principal obxectivo unha operación para derrubar o Goberno municipal de Pontevedra. E non o conseguiron. Non o conseguiron, porque o BNG leva vinte e dous anos gobernando, coa alcaldía de Miguel Fernández Lores, que é o seu grande obxectivo político. *(Aplausos.)* Agora estanse reagrupando. O señor Rueda está reagrupando as «huestes» por Pontevedra para recuperar algún poder político, que case non lles queda nas vilas e cidades. ¡Por algo será!, ¡por algo será! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, enténdano, a pesar de todo ese diñeiro que levan mobilizado para comprar vontades, o BNG segue tendo o apoio maioritario da poboación de Pontevedra, aínda que vostedes plantexaron moitas eleccións municipais como auténticos plebiscitos sobre Ence, e perdéronos. E aí están, na oposición, vinte e dous anos na oposición. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Si, si, é que hai que escoitar, claro. A vostedes gústalles falar, pero non lles gusta escoitar, cando lles dan no lombo. Pois a aguantar..., *(Murmurios.)* ¡jala!

Miren, nós vimos aquí traer propostas, propostas de futuro, propostas viables, propostas razoables, que xa están feitas noutros países. E alármanse de que propoñamos un gran consorcio industrial arredor do monte galego, para a súa transformación, para a súa posta en valor, con criterios de multifuncionalidade e biodiversidade, desde logo, para poñelo ao servizo do país, porque temos unha gran riqueza no monte e no mar e temos que desenvolvela, pero con participación pública.

Dicía o señor Santos: é que non hai un socio industrial. O socio industrial ten que ser a Xunta de Galiza e o sector forestal galego, que é un sector forte, que é un sector potente, *(Aplausos.)* que ten que desenvolver todo o seu potencial, porque non lle podemos deixar esa riqueza só a unha empresa, a Ence. Non pode ser.

E miren, voulles explicar isto moi facilmente con este cadro. *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* Galiza produce o 50 % da madeira en rolo que se corta no Estado, o 50 %, e temos o 13 % da facturación e o 13 % do emprego. Aquí falla algo, ¿non? ¿Sabe o que falla? Que non se fai un proxecto como o que presenta hoxe aquí o BNG, que cambiaría por completo esta realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(A señora Castro Rey pide a palabra.)



¿Si, señora Castro? ¿Para que quere a palabra?

A señora CASTRO REY: Si, señor presidente.

Con base no Regulamento desta Cámara, eu quería, polas alusións vertidas polo deputado do Bloque Nacionalista Galego, pedir que non terxiverse as miñas palabras e dicir que a literalidade foi que...

O señor PRESIDENTE: O señor Bará fíxolle unha petición a vostede. Eu non sei a ese respecto que ten que dicir vostede. Explíqueo.

A señora CASTRO REY: Teño que dicir que non se terxiversen as miñas palabras. Eu falei de condutas perfectamente condenables, con nomes e apelidos, dalgúns traballadores de Ence...,

O señor PRESIDENTE: Entendido.

A señora CASTRO REY: ...que non son a maioría, e tamén falei de que o BNG leva de costas a eles vinte anos.

O señor PRESIDENTE: Entendido. Grazas. (*Aplausos.*)

Procedemos a votar estas mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando por separado a primeira moción, aínda que se debateron de xeito acumulado.

Eu non sei se teñen algunha transacción, porque oín falar de varias... Non hai transaccións. ¿Non hai? ¿Señora Arias, hai transacción? (*Negación.*) ¿Non a hai? (*Negación.*) Vale, entón, votamos por separado.

En primeiro lugar, votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular. Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa presentación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade pola Unesco.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reactivación ambiental e produtiva da ría de Pontevedra e a potenciación do sector forestal galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as 16.15, catro e cuarto.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión coas proposicións non de lei, que é o punto cuarto da orde do día.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co traballo e composición do Comité Asesor Sociosanitario, así como coa participación nel do resto das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia



O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas. Hai unha autoemenda do grupo proponente.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-001353- doc. 13760): Emenda de modificación.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social, dea conta do traballo realizado en canto ao novo modelo de atención residencial, se existe algún avance ao respecto.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Quero dar comezo á miña intervención amosando e enviando toda a forza e todo o ánimo para que a moza do Carballiño, de 14 anos, que loita pola súa vida tras unha terrible agresión pois poida superala; e todo o ánimo para toda a familia entendo que en nome de todos os representantes que aquí estamos. *(Aplausos.)*

Hai meses organizábase, falando do tema das residencias de maiores, a Plataforma Estatal de Organizacións de Familiares de Residentes —a nivel nacional—, con membros que lideran o movemento tamén aquí en Galicia, dos que a Consellería de Política Social se desentendeu sen tan sequera contar co seu traballo para o novo modelo, nin tampouco co sector representado —entre outros, coa Sociedade Galega de Xeriatria e Xerontoloxía—. E preocúpanos realmente que este veto sexa unha consecuencia directa das críticas que ambas organizacións —entre outras— fixeron á xestión do Goberno galego sobre a pandemia, xa que isto é totalmente normal nun sistema democrático, e o contrario —que isto sexa unha resposta a esas críticas— sería moi preocupante, como digo, nun sistema democrático. Esperemos que así non sexa.

Do novo modelo sobre o cal a Consellería anunciou o inicio dun traballo e un comité —de alto secreto, polo que se ve—, e no cal supostamente está a traballar, practicamente non sabemos nada despois de máis dun ano, practicamente, desde que se anunciou. A propia Plataforma de Organizacións de Familiares de Residentes define no seu decálogo o novo modelo, ao cal temos que encamiñarnos, e comezan dicindo o seguinte textualmente: «*Se requiere en los parlamentos un relato exhaustivo de lo que ha sucedido en las residencias durante la pandemia*».

Pois ben, aquí en Galicia non existiu. De feito, o máis significativo é que para atopar moitos datos foi imposible realmente. E incluso, tras solicitalos como representantes lexítimos da cidadanía que somos, o Goberno galego mirou a outro lado, coma quen que non ía con eles. Non escoitaba, e non respondía a certas cuestións importantes, escapando da súa obriga e faltando ao respecto gravemente á cidadanía e aos propios profesionais do sector que o demandaban.

E é o noso deber e a nosa obriga solicitar tal información aquí no Parlamento de Galicia como representantes da cidadanía que somos. Por iso demandamos saber datos como, por exemplo



—sempre o repito—, o número de contaxios por covid e falecementos por cada centro residencial. E non calarei ata que os entreguen, porque é a súa obriga. (*Aplausos.*) E non os queremos para enmarcar na casa. Querémolos porque o está demandando a cidadanía e o colectivo de profesionais, de familiares e tamén de residentes.

¿Por que os queren tapar? ¿Por que ocultan datos? Tal foi e é a falta de transparencia deste Goberno galego do Partido Popular neste asunto que incluso os poucos datos relevantes que coñecemos sobre as residencias de Galicia coñecemos a través de varias publicacións. E, entre elas, está a publicación do libro dun periodista de investigación, Manuel Rico, no que se recollen, entre outras cuestións, que Galicia contaba só con sete inspectores para todas as residencias de Galicia, para supervisar todas as residencias de Galicia. Iso convértenos na segunda comunidade con menos inspectores por habitante de toda España. Isto non se pode consentir. Por aquí tamén ten que pasar o novo modelo de coidados, señorías.

Este tipo de datos, sumados aos xa coñecidos no demoledor informe do Consello de Contas do ano 2017, no cal se publicaba tamén o cadro das porcentaxes de centros inspeccionados por ano —onde se observa sen ningún tipo de dúbida unha caída abismal de inspeccións desde o ano 2010 en adiante—, fainos pensar que este tema, por algún motivo, ao Goberno galego do Partido Popular o incomoda. Quere que pase inadvertido, vetando incluso unha comisión de investigación nada máis se pon en marcha esta lexislatura —solicitada por todos os grupos parlamentarios desta Cámara excepto, por suposto, o do Partido Popular—.

¿Por que? ¿Que é o que teñen que ocultar? ¿Por que non se investiga? ¿Por que non entramos a fondo nos datos que aconteceron nas residencias de Galicia?

Ao longo da última década de Goberno do Partido Popular non se creou nin unha soa praza pública de xestión directa. Apostouse por outro tipo de modelo. Pero se un goberno aposta por privatizar un modelo —como o das residencias, neste caso—, está obrigado, por responsabilidade, a compensar este feito incrementando a supervisión a través do órgano de inspección competente.

¿Que é o que pasou en Galicia? Foi totalmente o contrario: á medida que incrementaban as prazas privadas e concertadas, as inspeccións baixaban. E non hai que ser moi listas nin expertas na materia para entender que esta é unha fórmula moi perigosa que atenta directamente —a falta de supervisión— contra o benestar e os coidados das persoas maiores. Por iso hai que incrementar xa, e significativamente, o número de técnicos de inspección, así como o número de prazas públicas e de xestión directa —comezando polas sete novas residencias doadas pola Fundación Amancio Ortega que se van construír, que é un recurso valioso e demandado nunha das comunidades autónomas máis envellecidas e que leva anos paralizado por unha desidia que non entendemos deste Goberno do Partido Popular nesta cuestión—. E agora, ademais, para máis inri, atrevese a insinuar que a paciencia da fundación ten un límite porque parece ser que agora corren présas —dende que no ano 2019 xa o anunciaban en todos os periódicos— polo feito de que en Ourense se aprace un pleno porque as asociacións de veciños piden información sobre as zonas verdes e sobre cuestións legais —nunha cidade na que goberna o Partido Popular, xunto con Jacome, je na que mantén un PXOM sen actualizar dende o ano 1986!, ¡nada máis e nada menos!—. En canto ao proxecto inicial destas sete re-



sidencias hiperanunciadas e hiperrendibilizadas polo Goberno do PP hai anos, enténdese que o proxecto estará desactualizado, que serán proxectos prepandemia. En caso de que o actualizasen preguntamos cales son as grandes liñas ou os cambios nos ditos proxectos. ¿Por que falaban de máis do centenar de prazas por cada residencia? ¿Van seguir o modelo de residencias continuísta marcado polas macrorresidencias? Son cuestións que nos preocupan.

Outro problema que padecemos en Galicia respecto das residencias é o tempo de agarda para ter unha praza e o propio alonxamento respecto do lugar de orixe da persoa que pide esa praza residencial. Porque iso significa, como podemos intuír, un desarraigo emocional e tamén a propia dificultade nas visitas das persoas familiares, ou incluso de amizades, para ver esa persoa. E iso ten consecuencias, non só a nivel psicolóxico senón tamén a nivel físico, moi importantes nas persoas maiores. Hai que poñer o foco tamén neste asunto.

Outra cuestión clave que ten que mudar para o novo modelo de coidados é o escurantismo e a falta de transparencia. Non nos deron os datos que solicitamos pola vía regulamentaria, pero non temos nin os básicos. Nin responden claramente a cal é o prezo por praza concertada que paga a Xunta. E tampouco sabemos, por exemplo, cantos homes e mulleres hai en cada centro residencial para saber o nivel de institucionalización por sexo, nin que patoloxías teñen ou que medicación, dietas ou coidados precisan. ¿Por que non sabemos cuestións tan básicas e que poden axudar tanto a mellorar a vida das persoas maiores residentes? ¿Acaso non interesa que se saiban estes datos? Quizais, por exemplo, ¿non estaríamos interesados e non estarían dende o Goberno do Partido Popular interesados en saber a porcentaxe de casos con demencia nas residencias de Galicia? ¿Quizais é que non estamos enterados porque non lle convén ao Goberno do Partido Popular, porque sabe que entón estaríamos falando doutras condicións e doutras ratios?

E ¿por que non existen datos claros de quen forma parte do Comité Sociosanitario, dese comité secreto que definirá o novo modelo residencial das próximas décadas, que é algo tan importante? É importante que exista consenso e debate, e, por suposto, con expertos na materia, con asociacións de familiares e, o máis importante —e quero determe neste punto porque consideramos dende o PSdeG que isto é moi importante—, coas persoas interesadas, coas persoas protagonistas, cos residentes, as persoas usuarias das residencias. Deixemos de infantilizar as persoas maiores decidindo por elas. Non pode ser, son a voz máis importante de todas, a primeira persoa protagonista neste asunto. Pedimos ao Goberno galego que permita o empoderamento das persoas maiores que viven en residencias permitindo a súa participación en todos os órganos de decisión que se poida. Por favor, é importante. *(Aplausos.)*

¿Onde está a ansiada e publicitada coordinación sociosanitaria entre residencias e o ámbito sanitario? ¿Nin tan sequera son capaces de regular ou decidir se poden ter acceso os médicos das residencias aos historiais sanitarios? ¿Por que nunhas residencias si e noutras non? —en poucas, por certo, teñen acceso—? ¿Cales son os criterios obxectivos, se é que os hai? Non existe unha norma ou un itinerario concreto que conecte as residencias co Sergas.

En canto a recursos, non podemos falar dun novo modelo. Hai que investir recursos. Temos que aproveitar o momento, esas sete novas residencias. Hai que aproveitar ese proxecto para reverter ese proceso de privatización e ter novas prazas públicas. Dende o Goberno estatal xa se está traballando coas comunidades autónomas para marcar uns requisitos mínimos, como,



por exemplo, o tipo de deseño e equipamento, habitacións, actividades e participación. Evitaranse, por exemplo, as actividades repetitivas e infantís, e permitirase a participación dos usuarios nas actividades do fogar ou da comunidade. Incluso se respectarán tamén rutinas e hábitos de cada persoa, evitando horarios e normas ríxidas; cuestións que parecen moi concretas pero que é importante falar delas porque está en xogo o benestar dos nosos maiores.

É moi importante a participación e a opinión das persoas maiores sobre a contratación do persoal, sobre os familiares, sobre as visitas das familias sempre que o desexen, sobre a diminución das restricións e sobre a medicación. Hai que falar disto e tamén sobre a ubicación. As residencias alonxadas ou en entornos deshabitados xa non serán admisibles.

Este tipo de cuestións, entre outras moitas medidas, son as pautas que o Goberno estatal estuda como mínimos, que as comunidades autónomas poderán mellorar pero nunca rebaixar. Non é serio que outras comunidades autónomas estean moi avanzadas no seu modelo de coidados e en Galicia aínda non exista un traballo serio ao respecto. Galicia ten que liderar a posición por ser unha das comunidades autónomas máis envellecidas do país. O modelo residencial ten que estar dentro do conxunto dun novo modelo de coidados que reforce os recursos existentes co fin de retrasar o máximo tempo posible, ou evitala, a institucionalización.

Fagámolo posible.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a Señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Nós, por suposto, desde o BNG queremos deixar constancia tamén e sumarnos como grupo á solidariedade que expresaba a señora Ortega coa moza do Carballiño. E facemos un chamamento tamén a abordar a saúde emocional e a saúde mental. Creo que, despois de todo o que levamos vivido nos últimos anos, cómpre unha reflexión profunda sobre esta cuestión no conxunto da sociedade, do noso país e de calquera país do mundo. *(Aplausos.)*

Entrando xa na cuestión da iniciativa, e centrándome no que se pide na parte resolutiva tamén, que basicamente é pedirlle á Xunta de Galiza que veña explicar aquí o que está facendo no Comité Asesor Sociosanitario, a nós, desde o BNG, parécenos correcto. Orixinalmente falaban dunha cuestión que logo suprimiron na súa autoemenda, que era que as forzas políticas nos incorporásemos a ese comité. Nós aí non estabamos para nada de acordo. O foro, o espazo de participación das forzas políticas é esta Cámara, este Pleno do Parlamento de Galiza. Este é o espazo que nos corresponde. Entendemos, ademais, que debe ser aquí



onde se deseñe, onde se aprobe finalmente, o novo modelo de cuidados das persoas dependentes e das persoas maiores; incluíndo dentro del as residencias de maiores. Pero, en todo caso, estamos de acordo e votaremos —vaia por diante— a favor desa iniciativa.

Tamén desde ese convencemento de que esta Cámara é onde está representada a soberanía popular deste país, onde corresponde dar o debate sobre o modelo de cuidados, como de calquera outra política pública do noso país, levamos tempo traballando —como xa saben os distintos grupos desta Cámara— e traeremos neste período de sesións unha proposición de lei galega de residencias, que entendemos que é non só unha demanda senón unha necesidade imperiosa despois do que levamos vivido no último ano a este respecto. En todo caso, insisto en que estamos de acordo con pedirlle á Xunta que veña aquí a explicar o que está facendo, e nalgúns reflexións respecto do que se recolle na iniciativa e nalgúns das cuestións que tamén foron saíndo agora na exposición da señora Ortega.

A Xunta non vén explicar o que está facendo non porque non poida ou porque non se lle pida, senón porque non lle dá a gana. En xaneiro deste ano, en xaneiro de 2021 —situémonos, porque estamos no mes de setembro—, para ser exactas, o 7 de xaneiro, xusto despois de Reis, o 7 de xaneiro de 2021, desde o BNG preguntábase, a través dunha pregunta para a súa resposta escrita, á Xunta de Galiza por esta cuestión, pola composición do Comité Asesor Sociosanitario e os plans de traballo cos que estaba a traballar —valla a redundancia—. E, sobre todo, preguntábase se simplemente se estaba a abordar a reforma do novo modelo residencial de maneira illada ou se se estaba incorporando aos traballos dese comité sociosanitario tamén algúns outros aspectos que están intrinsecamente ligados ao dereito a unha vellez digna, como é a atención no fogar ou os centros de día —por poñer dous exemplos, simplemente—.

Non se nos respondeu a esas preguntas até o 8 de setembro, hai catro telediarios, até o 8 de setembro de 2021, oito meses despois. E aquí gustaríame abrir unha paréntese porque a miña compañeira Mercedes Queixas —adorada pola miña parte sempre— abría un melón que eu creo que é importante tamén manifestalo nesta tribuna: a degradación absoluta á que o Partido Popular, desde a Xunta de Galiza, está levando a esta Cámara e ao que representa o poder lexislativo neste país, que é enorme e, sobre todo, inaceptable. Non é que non se remita só documentación a través dos cauces e dos mecanismos que están previstos no Regulamento desta Cámara para desenvolver o noso traballo. É que nin sequera se responde ás preguntas escritas no tempo e na forma que contempla o Regulamento. (*Aplausos.*)

E para mostra un botón. Podería traer feixes, pero tampouco se trata de aniquilar o Amazonas aquí, para mostra un botón. O Regulamento prevé que as respostas escritas teñen que remitirse aos grupos que as demandan nos vinte días seguintes á súa publicación no Boletín do Parlamento. Que alguén bote contas de cantos días hábiles son oito meses, pero vinte xa lles digo eu que non.

E as respostas —verémolo agora— son un insulto á intelixencia colectiva desta Cámara e de calquera que teña dous dedos de fronte. (*Aplausos.*) Pero o máis grave, o máis grave, non é que se demoren as cousas ou que sexan ridículas e case insultantes as respostas, senón que detrás diso o que hai é unha ocultación deliberada de información pública —a señora Ortega dicíao tamén na súa intervención— negando non un dereito das deputadas e dos deputados dos grupos parlamentarios, senón o normal funcionamento desta Cámara, que é o poder lexislativo



deste país. Porque vostedes confunden a maioría absoluta —ou catro, as que queiran— con ter un goberno absolutista que estivese á marxe do control político que se debe facer nesta Cámara. (*Aplausos.*) E aquí non estamos nin para facerlle de palmero á Xunta de Galiza nin moito menos ao Partido Popular, nin para darlles verniz de democracia ningunha a vostedes.

Pero volvendo —xa pecho a paréntese— á cuestión concreta sobre ese comité asesor, nós faciamos unha pregunta que en calquera democracia mínima —mínima, minimísima— sería facilmente responsable, xa non hai que abrirse en canal. Preguntabamos que persoas e/ou entidades conforman ese comité asesor, un comité —lembramos— creado á marxe da Lei de servizos sociais de Galiza con integrantes que están elixidos a dedo polo propio Goberno. Iso é un *win-win*, «ti gañas sempre». É un *win-win*. Claro, eu escollo quen pode sentarse ao redor dunha mesa para debater, para reflexionar e para opinar sobre unha política pública e eu gaño sempre. Aínda que moitas das persoas que están integrando ese comité teñan a mellor das vontades, a máxima das vontades —estou absolutamente convencida—, a intencionalidade da Xunta de Galiza non é dar un debate democrático, dar un debate amplo, plural e transparente, que é o que correspondería nesta materia, senón teledirixilo.

Nós preguntabamos por esa relación de persoas e xa lles digo —fago *spoiler*— que non se dá un só nome, nin de entidades nin de persoas nin practicamente dos colectivos que están ou non representados nela. Nin se nos di quen participa nin o plan de traballo que levan —supostamente traballando desde decembro de 2020— nin tampouco con que obxectivos se traballa; máis alá, iso si, de repetir até a saciedade, coma se fose un mantra, eses tres titulares que nos levan repetindo os nove meses que levamos con isto: tecnoloxía, melloras arquitectónicas e coordinación sociosanitaria. Intentas sacalos de aí e saber un pouco máis —preguntas na Comisión 5ª, interpelacións nesta Cámara— e non se di absolutamente nada. E non porque non se saiba, senón porque non se quere.

Hai unha intencionalidade política en todo isto: que é facer que se fai, que pareza que cambia algo, pero para que siga todo absolutamente igual. Fálase de tecnoloxía para non falar de titularidade e modelo de xestión das residencias. Vímolos aquí neste mesmo hemiciclo cando desde o BNG propuxemos —como un consenso tamén— o obxectivo de tecer un consenso arredor do compromiso político de fortalecer os servizos públicos de coidado e atención ás persoas maiores e ás persoas dependentes.

Falaba, señora Ortega, desas residencias, desas sete residencias que está previsto construír nas cidades galegas —dicía desde 2019—. O 23 de febreiro de 2017 foi a primeira vez que se falou diso. Daquela ían facerse con cartos da Xunta de Galiza —47 millóns de euros—. De repente —sen mover unha pedra— apareceu a fundación de Amancio, que tanto che pon un mamógrafo como che fai unha interxeracional, como che monta sete residencias en sete cidades. De repente apareceu, pero até o momento seguimos sen que haxa nin unha soa pedra construída. Pode haber algunhas cidades onde haxa conflitos sobre os terreos. Tamén hai outras onde xa os teñen e seguen exactamente igual.

Insisto en que se intenta desviar o debate para non centralo no que nós entendemos que é o verdadeiramente importante, que é a titularidade e o modelo de xestión dun dereito fundamental como é o dereito á velez digna. Porque aquí —insisto nisto— 8 de cada 10 prazas, 8



de cada 10 prazas de residencias de maiores, son privadas; nun territorio coma o noso onde o 25 % da poboación —e medrando— ten máis de 65 anos. Son privadas, pero tremendo negocio o que teñen montado. Tres grandes grupos controlan o bacallau no sector das residencias en Galiza: DomusVi, a Fundación San Rosendo e as Hermanitas de los Ancianos Desamparados. Son os tres grupos maioritarios que reciben pola xestión de prazas concertadas —ou co bono-residencia co que lles pagamos todos e todas unha praza na privada mentres están esperando a recibir unha praza pública que non hai, porque só 2 de cada 10 son públicas no noso país— 74 millóns de euros ao ano de drenaxe de fondos públicos para seguir cebando o negocio de tres grupos privados. (*Aplausos.*) Setenta e catro millóns de euros ¿é moito ou é pouco? ¿É moito ou é pouco? Depende, cadaquén que valore. Son 10 millóns máis dos que investimos na risga todos os anos. Cadaquén opinará se é moito ou é pouco.

Isto é o mesmo —e remato porque hoxe tamén se vai debater sobre isto, e a cuestión de fondo é a mesma— que os caixeiros de Abanca, ¡o mesmo! Rescátase unha entidade, rescátala con diñeiro público, sanéala, véndeslla a un empresario venezolano por menos do que che custou recatala e agora que gañan cartos a mans cheas aínda lles pagamos todos o caixeiro. Calquera día pídenos un ril e tamén llo dan. E iso é o que hai que empezar a cambiar neste país. Hai dereitos fundamentais que deben ser garantidos, respectados e blindados desde o ámbito público. E ese é o debate de fondo que hai que dar sobre o modelo de coidados e a atención residencial neste país. Hai dous modelos: seguir cebando o negocio da privada ou poñernos xa mans á obra para construír unha rede de servizos pública forte. Esa é a aposta e a posición que defendemos e pola que traballamos no BNG.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu quixera comezar polo máis importante, que é sumarnos aos nosos desexos de recuperación desa moza do Carballiño salvaxemente atacada, que esperamos que se recupere de maneira satisfactoria e oxalá que canto antes mellor, porque sucesos como o deste tipo non deberan darse en ningunha sociedade civilizada. E, polo tanto, creo que os tres grupos compartimos ese sentimento. (*Aplausos.*)

Centrándonos xa na proposición que nos trae hoxe aquí, teño que agradecer o esforzo de innovación nos usos parlamentarios —¿verdade?— que estamos vivindo nesta lexislatura. Hoxe vivimos unha nova situación. Eu escoitei un debate sobre unha proposición non de lei que non imos poder votar. Porque vostede fixo un debate baseado na proposición orixinal que plantexaron. E parece ser que nalgún momento esqueceu que vostedes mesmos presentaron unha emenda na que retiraban unha serie de peticións que foron as que centraron o seu debate. É unha novidade.



En todo caso, eu si quero dicir algunhas cuestións sobre o que nos traía hoxe aquí. O primeiro é aclarar cales son os obxectivos da Xunta respecto desta cuestión, que non é outro que crear un modelo integral de asistencia sociosanitaria para maiores e persoas con dependencia; un novo modelo que implica a revisión e mellora nas residencias pero tamén introducir melloras noutros recursos asistenciais que permiten conciliar a permanencia no fogar coa participación na vida social, como demandan —entendemos— maioritariamente as galegas e os galegos.

Non é froito de ningún fracaso, de problemas anteriores no modelo —que seguro que é perfeccionable, como todo—, senón que basicamente isto obedece a unha nova situación causada pola aparición dunha pandemia que evidenciou a necesidade de introducir medidas para minimizar o impacto dunha nova enfermidade que condiciona o modelo social de convivencia que coñecemos ata o de agora, incluíndo a convivencia nas propias residencias.

Polo tanto, o que se pretende é crear un novo modelo asistencial con vocación de permanencia no tempo, un modelo non só pensado para a pandemia, senón tamén para a pospandemia. E para iso a Xunta considera imprescindible que a ferramenta fundamental para elaborar ese modelo sexa o diálogo, a participación e o consenso. E esa vontade materializouse en dous ámbitos moi concretos: o político e o social.

O político materializouse coa creación e desenvolvemento dunha comisión parlamentaria para abordar as consecuencias da pandemia e a necesaria reactivación socioeconómica. Ocasión tiveron de facer todas as aportacións que consideraron oportunas. E, dende logo, se consideran que hai algunha máis que poidan facer, a receptividade é absoluta para estudar esas propostas.

No ámbito social fíxose creando un comité asesor sociosanitario no que están representados distintos axentes implicados nesta cuestión; entre eles, representantes dos familiares dos usuarios, médicos, profesionais de residencias, directivos do sector de coidados, etc., e sen ningunha vontade de veto, simplemente os que se consideraron acaídos. Entendo que haxa persoas que poidan considerar que son outros, e non hai ningún problema.

E, dende logo, sorpréndeme escoitar a un representante do Partido Socialista falar dunha «comisión supersecreta». ¡Home!, eu, sinceramente, cando presentaron a autoemenda pensei que sufrían como un certo ataque de decoro e que o Partido Socialista non se ía atrever a falar de comités secretos ou de comités pantasma. Creo que, cos seus antecedentes, sinceramente o mínimo decoro indicaba que, efectivamente, non había que falar do tema. Pero parecer ser que si, que insisten. Eu téñolle que recordar novamente que os comités que operan en Galicia son coñecidos. Son coñecidos, e fanse públicos os seus nomes cando toman decisións que afectan a cidadanía, non como outros comités que existían a nivel nacional e que foron inventados —dous—: o famoso comité que se supoñía que avalaba as decisións que tomaba o Goberno de España, e que resulta que non existía, e outro comité que avalaba as decisións económicas, tamén do Goberno de España, e que tampouco existía. Si, xa sei que lle interesa que fale de aquí.

Falamos de aquí. Aquí houbo un comité e, efectivamente, todos os seus profesionais son coñecidos, os seus nomes son públicos, coñéceos todo o mundo e todo o mundo coñece



os seus currículos. Esa é a diferenza que a nós nos leva a presumir do que se fai en Galicia, e que a vostede a debería levar a calar respecto do que se fai —do que fai o seu partido— no Goberno do Estado. Eu pídolle un pouco de prudencia, por favor, de prudencia. (*Aplausos.*)

E hai un comité, este, que está traballando discretamente, discretamente. Non hai ningún afán... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, discretamente, porque, a diferenza doutros comités, este non fixo público ningún documento nin plantexou ningunha medida que a día de hoxe estea afectando os cidadáns. E, evidentemente, cando o faga, darase a coñecer o contido e as persoas que o compoñen para que se coñeza exactamente quen avala eses documentos. Pero ata o de agora non houbo necesidade, están traballando discretamente, discretamente. Entón, eu pediría, de verdade, un pouco de reflexión antes de vir aquí dar non se sabe moi ben leccións de que.

Mire, a realidade é que neses dous ámbitos de decisión xa agromaron algúns froitos. A Comisión xa presentou as conclusións nas que se conteñen as distintas propostas dos grupos parlamentarios —de todos—. Moitas delas foron consensuadas. Houbo acordos importantes en materia de residencias. Por certo, a única proposta que fixeron vostedes foi aceptada e apoiada polo grupo maioritario. E respecto do comité pois estanse a elaborar distintos documentos, nun traballo —como se lles respondeu por escrito— que se está desenvolvendo por fases e en tres grupos de traballo distintos que, segundo vaian dando froitos, irán sendo presentados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dime que non. Eu teño aquí —supoño que a vostedes lles deron traslado dela tamén— a resposta escrita na que se explica isto, exactamente isto que lle acabo de contar; co cal, claro, despois acúsannos de que non respondemos. Hai dúas obrigas á hora de facer unha pregunta: facer a pregunta e logo ler a resposta. Se len a resposta é moito máis fácil que todos nos comuniquemos con certa fluidez.

Vostedes o que solicitan na súa iniciativa é que se informe dos avances que se vaian producindo nesta materia. Nós imos apoiar esa proposta... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), porque, créanme, non hai ningunha vontade de crear ou impulsar un novo modelo residencial para despois mantelo en secreto. A idea é que o conxunto da cidadanía o coñeza, e parécenos moi ben que se presente, ademais, nesta Cámara. De feito xa se fixo algunha cuestión. Parece que molesta que se reitere, pero, efectivamente, informe aquí en sede parlamentaria dos tres piares fundamentais do novo modelo de residencias. Parece que molesta que se reitere, pero eu vou facelo de novo: a aposta tecnolóxica, as melloras estruturais e arquitectónicas e mellor coordinación dos recursos sociais e sanitarios.

Á señora Rodil parécenlle unhas propostas insuficientes. É certo que descoñecemos outras que nos fixera o BNG. A min gustaríame que fose... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non... Na Comisión, señoría, como vostede sabe, ademais do ditame aprobado, inclúense os votos particulares. Co cal, todas as propostas son coñecidas. Gustaríame saber de novo cales son as súas. A día de hoxe non as coñecemos, non as coñecemos, pero estaremos encantados de recibilas en canto teñan a ben comunicárllelas ao grupo da maioría ou, se o prefiren, directamente ao Goberno.



Despois tamén se informou do comezo da elaboración dun censo de residencias en dúas fases: a primeira, integrando datos co sistema galego de atención á dependencia; e, a segunda, cun axuste de saúde e incidencias e habilitando a simplificación de tarefas administrativas. E tamén, tamén, se informou da incorporación en todas as residencias que contén con persoal sanitario —preguntaba a señora Ortega cal era o criterio, que é que contén con persoal sanitario—, e tamén en casas a través da teleasistencia avanzada, da última versión da historia clínica electrónica.

Esta é a realidade do que está acontecendo. Isto é do que deberíamos debater porque foi a proposta que nos trouxeron. Decidiron falar doutras cousas, e eu, xa que sacan o tema, pois non teño inconveniente en comentar algunhas delas.

Primeiro, señora Rodil, imos ser un pouco serios. Se vostede di que hai un gran negocio para tres grupos que obteñen o pastel maioritario das residencias, diga que, deses tres grupos, dous son fundacións sen ánimo de lucro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, en fin, parécelle unha cuestión graciosa. En dúas fundacións sen ánimo de lucro non sei cal é o beneficio económico que considera vostede que están obtendo dese xugosísimo negocio do que vostede fala. É algo certamente curioso.

E despois, honradamente, que veña o PSOE, o Partido Socialista Obreiro Español, a falar aquí de ocultación de datos cando aínda a día de hoxe non foron capaces de dar unha cifra oficial de falecidos neste país é unha cuestión que, de verdade, se non fose tan seria, sería para tomala a risa. Pero isto é moi serio, é moi serio.

Aquí xa se lle dixo que lle van facilitar os datos. Os datos, como vostede sabe, están sometidos a distintas regulacións e hai que cumprilas. A vostedes non lles gusta. Vostedes cren que eses recursos que se presentaron hai que pasalos por riba e hai que dar os datos porque si, porque os piden vostedes. Hai unha lei de protección de datos, hai que cumprir unha serie de requisitos, e xa se lles dixo que, cando se acabe esa cumprimentación, se farán públicos, nin máis nin menos.

¿Déficits de inspección? ¡Pero se xa temos un acordo en comisión sobre ese tema!, ¡pero se chegamos a un acordo! ¡Pero como pode reivindicar algo que xa está acordado nesta mesma Cámara!

E logo, sinceramente, hai dous temas que me chaman a atención.

Un é que se insista na negativa deste grupo a unha comisión de investigación. Mire, este grupo xa llelo expuxo claramente desde o principio. Nós entendiamos que había unha cámara onde se podía levar a cabo esa comisión porque era onde se podía falar da actuación de todas e cada unha das administracións que operaron en relación con esta pandemia, que é o Congreso. Vostedes votaron en contra; e vostedes, tamén. Porque o que non queren é que se fale da xestión que se fixo desde o Goberno de España, non sabemos por que. Bueno, si sabemos por que: porque, en relación con isto, o que fixo o Goberno de España foi poñerse de lado, intentar botarlles as culpas a outros e lavar as mans para que vostedes veñan facer oposición a conta do traballo que fixo a Xunta de Galicia e outras administracións autonómicas ao asumir as responsabilidades que vostedes directamente abandonaron. Esa é a realidade.



E, por último, a min paréceme ben que se pida un aumento de prazas, e, de feito, estase traballando para aumentar esas prazas. Pero, claro, chámame a atención que se exixan novas prazas ao mesmo tempo que se bloquea a creación desas prazas no caso concreto, por exemplo, de Ourense. A min gustaríame saber se existe algún informe técnico que xustifique ese bloqueo. Nós non o coñecemos, non o coñecemos. E que veña aquí a señora Ortega a dicir que o problema é que hai un PXOM sen actualizar dende o ano 1986 —creo que dixo—... Debe ser que o PSOE non gobernou dende o ano 1986 en Ourense. Debe ser unha cousa... (Aplausos.) (Murmurios.) ¡Ah!, bueno, é que é unha cuestión francamente sorprendente, sorprendente. A realidade é que ocasión tiveron.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Non o fixeron supoño que polas dificultades inherentes á aprobación dun documento deste tipo, que eu non as poño en dúbida. Pero, ¡home!, hai algo moito máis sinxelo que aprobar un PXOM, que é desbloquear a creación dunha nova residencia que creo que é desexada por todos. E nós, a diferenza doutros —aproveito e con isto xa pecho a miña intervención—, imos agradecer novamente de maneira pública a implicación da Fundación Amancio Ortega no benestar e no desenvolvemento destas políticas en Galicia. (Aplausos.) É algo de agradecer e farémolo tantas veces como sexa necesario.

Lamentablemente, outros seguen no non porque non, e parece que non lles vale nin o que fai esta fundación nin o que fai a Xunta de Galicia nin o que fai ninguén que non sexan eses asesores aos que, por certo, en tantas materias si que descoñecemos realmente.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Quero empezar por responder a unha cuestión que comentaba a señoría do Partido Popular. ¿Como se vai facer unha comisión de investigación no Congreso sobre o tema do acontecido nas residencias se as competencias en residencias, antes, durante e despois da pandemia, están aquí en Galicia, no Goberno da Xunta de Galicia? (Aplausos.) Se non sabemos nin onde están as competencias, mal imos. En fin...

A señora Rodil falaba cunha expresión, a de «facer que se fai». E nisto o Goberno galego pois ten un máster. En concreto, o Goberno do Partido Popular é exemplo e experto en marketing e venda de fume. E hai unha *master class*, un exemplo, na Consellería de Política Social, en concreto neste tema e no último ano. E dígoo por fascículos e cronoloxicamente. Setembro de 2020: «La Xunta anuncia que trabaja en un nuevo modelo de residencias de mayores». O 17 de novembro de 2020: «La Xunta trabaja en un nuevo modelo residencial para mayores». Decembro



de 2020 —hai máis, o que pasa é que non me chega o tempo—: «*Fabiola García asegura que el nuevo modelo de residencias será participativo, consensado e integrador*». O 15 de abril de 2021: «*Galicia apuesta por un nuevo modelo sociosanitario con residencias máis pequenas y personalizadas. Estos son los objetivos y las estrategias a seguir que se han planteado para su implantación*». Seguimos. Maio de 2021: «*Política Social espera tener en próximas semanas*» —maio de 2021— «*un nuevo modelo de residencias para Galicia*». ¡Redobres! ¡Se hai algún músico na sala, que faga redobres, que vén! ¡Aí vén!, ¡sorpresa! E ¡tachán!: «*Feijóo anuncia otra residencia para Ribeira con 100 plazas pionera de un nuevo modelo*». ¡Con cen prazas, un mamotreto dun centenar de prazas, cando se está pedindo, dende o novo modelo residencial, dende os círculos do entorno, tanto das traballadoras como dos familiares como dos usuarios e dos que representan este tipo de colectivos, que precisamente —e mesmo a través do Estado xa se dan as directrices— se fagan modelos máis pequenos. ¿E din que hai un novo modelo residencial? E repite o señor Feijóo o que comentou agora o representante do Partido Popular. «*Hay tres pilares básicos: tecnología y explorar medidas estructurales y arquitectónicas para optimizar desde el realismo y la eficacia los servicios de atención*». *Yo no lo entiendo*. Eu, de verdade, non entendo o que queren dicir con este modelo. Penso que deben concretar máis, porque penso que é un chiste. E, como dicía, se non fose porque o tema é moi sensible, parece un chiste.

Pero o que non se pode consentir é un ano de fotos e titulares para vender unha moto que realmente non existe, señorías do Partido Popular. ¡¿Parécelles serio xogar cunha cuestión coma esta?!, ¿de verdade? ¡Un ano anunciando o que non existe! E, seguramente que agora, a colación desta PNL, habrá algún titular novo proximamente, un novo fascículo de como vai o tema, volver repetir pois estes tres ápices quizais un pouco máis desenvolvidos. Non sei, a verdade, ao que xogan.

Finalmente ten que vir o Goberno a traballar por uns mínimos o que en Galicia non se fixo. É a comunidade autónoma que máis envellecida está, e o que non se fixo aquí téñeno que vir facer de fóra. É —non sei— tremendamente chamativo.

É unha pena que nun asunto central como o que nos ocupa —que falamos de máis do 30 % de falecementos do total de galegos e galegas—, o partido que sustenta o Goberno galego, o Partido Popular, dedique os seus minutos para atacar a nivel partidista, coma sempre, o Goberno central, e botar balóns fóra coma se non fose con eles, coma se as competencias non estivesen aquí. Non se entende, en vez de aproveitar realmente para presentar as novas medidas, as propostas que teñen. ¿Cales son as propostas —se é que existen, claro—?

Ese mesmo Goberno galego do Partido Popular é o que decidiu optar por implantar un modelo de atención residencial dos máis privatizados de todo o Estado cunha fórmula realmente perigosa: aumentar o número de prazas privadas e diminuír o número de inspeccións. ¿Por que, señorías do Partido Popular? Isto é o que teñen que explicar e deixarse de aplicar o «método Feijóo», o de que a culpa foi do *cha cha chá*, cando as competencias —repito— antes, durante e despois da covid están en Galicia.

Déixense aconsellar por persoas expertas, non escapen da crítica construtiva, non escapen do pluralismo ideolóxico, non escapen do debate sobre un tema tan sensible coma este. Por-



que sempre digo que non podemos esquecernos de que isto nos afecta a todas as persoas, independentemente da idade ou de onde vivamos. Todos e todas, con sorte, a certa idade chegaremos. Con sorte seremos maiores ou teremos unha dependencia, porque a xuventude eterna, de momento, non se inventou. Polo tanto, temos que poñernos as pilas nun tema no que noutras comunidades autónomas xa están moi avanzadas, e non agardar a que veñan de fóra a marcarnos os tempos por facer o vago nun asunto que ten que ser fundamental para a comunidade autónoma máis envellecida do Estado. Pedimos ao Goberno galego, en canto ao novo modelo de coidados, transparencia, traballo, unidade e consenso cos axentes sociais, cos expertos, coas traballadoras das residencias, as persoas maiores e familias; e, por suposto, unidade nunha cuestión que nos afecta a todos e a todas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central dunha proba extraordinaria de acceso de médicos internos residentes e a habilitación dos centros de saúde e dos especialistas en medicina familiar e comunitaria para impartir a súa formación.

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (11/PNP-001762, doc. núm. 17946).

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido: “O Parlamento de Galicia insta: 1. Ao Goberno da Xunta de Galicia a que acorde co Goberno de España a axilización dos mecanismos que a cada quen lle corresponde para a acreditación e disposición para a convocatoria do maior número de prazas de formación de especialistas no eido do sistema sanitario, con especial atención aos profesionais do ámbito da Atención Primaria. 2. Ao Goberno da Xunta de Galicia a deseñar e poñer en funcionamento un plan de contratación extraordinario para ofertar a contratación en continuidade á súa formación a todos os profesionais especialistas no eido da Atención Primaria (MIR, EIR...), con contratos estables dun mínimo de 3 anos e con localización xeográfica concreta.”

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta Proposición non de lei, doc. núm. 17946 (11/PNP-001762).

Emenda de substitución.

Substituír o texto do punto 2 polo seguinte: “2. Antes desta convocatoria realizáranse as seguintes actuacións:



a) *Garantir a capacidade e calidade docente para atender a formación d@s profesionais MIR:*

- *Realizar un censo dos centros de saúde acreditados ou con condicións para selo, tanto en espazo, recursos como profesionais.*

- *Cobertura de todas as vacantes con persoal que vaia estar os catro anos da formación non centros docentes.*

- *Aprobar o Estatuto de Titoría de Formación e incentivar a figura da titoría, con estímulos profesionais, tempo para a actividade no horario laboral e oferta de formación.*

- *Comprometer nos orzamentos da Xunta para 2022 as partidas suficientes para a formación.*

b) *Elaborar con urxencia o Plano de Ordenación de RRHH, para identificar as necesidades de persoal de cada colectivo e proceder a súa cobertura, en todas as categorías.*

c) *Rematar coa política de precariedade e explotación na contratación, ofertando contratos dignos para evitar que sigan marchando profesionais ben cara a privada ou o estranxeiro.*

d) *Poñer en marcha un plan de retorno e captación dxs profesionais que emigraron ou optaron pola sanidade privada, baseado na convocatoria de todas as prazas vacantes, a estabilidade laboral e eliminación da precariedade na contratación.*

e) *Incorporar á Carteira de Servizos de Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral e descolapsar as listas de espera: persoal de psicoloxía e farmacia clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos...*

f) *Pór en marcha a carteira de servizos e recoñecer o mapa de competencias de cada categoría profesional: enfermaría, fisioterapia, matronas, TCAEs, PSXs, celador@s... e das outras categorías que habería que incorporar. Persoal cualificado, preparado para exercer a súa propia carteira de servizos e con elo contribuír a unha mellor calidade asistencial e a desconxestionar as axendas.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, señorías.

Moitas grazas, presidente.

A proposición non de lei que hoxe traemos aquí, promovida polo Grupo Parlamentario Popular, pon sobre a mesa medidas fundamentais e imprescindibles para a mellora da nosa sanidade, e moi en particular da atención primaria. Hai menos dunha semana, escoitabamos na Comisión 5ª a directora xeral de Planificación Sanitaria, que viña contestar preguntas formuladas polo Partido Socialista e polo BNG en relación co novo modelo para a atención primaria de Galicia que se está a implantar pola Consellería de Sanidade. Moitas das cuestións sobre as que lle preguntaran xa foran expostas na comparecencia por petición propia que a propia directora xeral realizou o pasado 15 de xullo para expoñer as reformas iniciadas



pola Xunta de Galicia en atención primaria e que recollen as conclusións aprobadas no Consello Técnico de Atención Primaria.

Na referida Comisión 5ª todos os asistentes escoitamos as propostas nas que se está traballando desde o Goberno galego neste ámbito. E esta é unha cuestión que non é menor, pero ante a que parece que hai oídos xordos —con todo o meu respecto para o colectivo de xordos—. De feito, como di o refrán, non hai peor xordo que o que non quere oír.

Outro tema que xa saíu varias veces e que non quero deixar de aclarar é o da eventualidade. Onte mesmo podíamos ler unha nota de prensa do señor Torrado retorcendo os datos e a realidade. E, de feito, é urxente que repase os datos que manexa en sanidade, señor Torrado. A eventualidade é un mal necesario, porque é necesario persoal para cubrir vacacións, baixas ou días de libre disposición. Todo o sistema sanitario debe contar cunha bolsa de traballadores eventuais para dar cobertura a todos estes casos. Pero fíxese ben e tome nota: desde o ano 2009 en que goberna o PP, na Xunta de Galicia sempre se cubriron ao máximo as prazas de MIR de medicina de familia. Por dar datos, convén aclarar que no Goberno do Bipartito esta porcentaxe era do 75 %. No Goberno do Partido Popular levamos xa varios anos cubrindo o cen por cento destas prazas. Ten que revisar os datos se non quere dar noticias que faltan á realidade. Non sei de onde saca iso de que só o 20% dos residentes sen converten en estables. Ignora vostede os contratos de estabilidade que están implementados na nosa comunidade —por certo, unha iniciativa reforzada por este Goberno—.

Pero centrándonos na cuestión que hoxe traemos na nosa PNL, saben e coñecen perfectamente que temos tres temas que dependen só e exclusivamente do Goberno central: o aumento das prazas MIR, poder formar máis titores e a eliminación da taxa de reposición.

Sobre o primeiro dos puntos, o aumento das prazas MIR, pedimos un aumento de prazas, algo para o que só ten competencia o Goberno central. Unha vez sacadas esas prazas, o custo de pagar a eses residentes asúmelo as comunidades autónomas. E Galicia está disposta e comprometeuse a asumir todos os custos de todas as prazas que nos dean a maiores. Pero, señorías, precisamos urxentemente ese aumento de prazas.

En segundo lugar, poder formar titores é cuestión imprescindible para acadar esa formación extraordinaria que conquerimos no noso país. Non esquezamos que unha das principais razóns de que os profesionais sanitarios do Sistema Nacional de Saúde estean entre os profesionais mellor valorados de España e sexan solicitados por moitos países do mundo é, sen dúbida ningunha, ese modelo de formación MIR co que contamos no noso país. E quero recordar aquí o que a directora xeral nos trasladou —e que está contemplado dentro desa estratexia vertebradora—: que se tratará de maneira prioritaria a distribución das cargas de traballo dos equipos de atención primaria para unha mellor resposta á demanda da poboación, abordando a xestión da demanda, articulando esa relación entre a atención primaria e a hospitalaria, e entre os servizos sociais e a comunidade. Probablemente a cuestión fundamental para o tema que hoxe traemos é que se faga unha formación específica e con tempo suficiente para que os titores de MIR teñan ese tempo tan imprescindible para a formación.



E, por último, en terceiro lugar —feito no que insistimos sen moito éxito, visto o desprezo que desta petición fai o inquilino da Moncloa—, a eliminación desa taxa de reposición; cuestión solicitada por activa e por pasiva, desde hai tempo, desde este Parlamento en diferentes ocasións —e incluíndo o voto favorable do Partido Socialista de Galicia—.

Galicia, igual có resto do país e mesmo países da nosa contorna, vén sufrindo nos últimos anos a falta de médicos especialistas, fundamentalmente no ámbito da primaria. E, para poder atallar esta situación, véñse reclamando reiteradamente a eliminación desa taxa de reposición do persoal sanitario —incluso despois dun acordo por unanimidade neste mesmo Parlamento—. A pesar disto, da taxa de reposición recollida nos orzamentos xerais do Estado, que era do 110 %, Galicia convocou unha oferta pública de emprego que esgotaba sempre esa taxa, centrada, ademais, en prazas de especialista en medicina de familia e comunitaria. E grazas a isto a porcentaxe dos médicos de primaria con praza en propiedade é moi elevada na nosa comunidade, de preto do 90 %.

A pesar do esforzo realizado nos últimos anos por parte da Xunta de Galicia, é evidente e notorio que hai unha importante falta de profesionais que impide que en moitos casos se poidan cubrir as vacantes necesarias nos centros de atención primaria da nosa comunidade.

Unha peza clave e fundamental para incrementar a dispoñibilidade de profesionais é a convocatoria de prazas de formación sanitaria. No ano 2019, despois da solicitude da Consellería de Sanidade ao Ministerio de Sanidade, esas prazas foron incrementadas en 472. E na convocatoria do ano 2020 presentouse unha maior oferta —a mellor na nosa comunidade—, de 491 prazas. Ademais, na convocatoria do ano 2020 ofertáronse o cen por cento das prazas acreditadas de formación de médicos de familia. Polo tanto, poñemos todas as nosas unidades formativas ao servizo das prazas de médicos internos residentes que se convocan.

Pero, para poder incrementar tamén este número de prazas ofertadas é necesario, previa solicitude ao Ministerio, que se resolva a acreditación de novas unidades. O esforzo realizado na convocatoria das OPE, así como na oferta do cen por cento das prazas de formación acreditadas, non é suficiente. A Xunta de Galicia cumpre sobradamente con todo o que pode dentro das súas competencias, pero precisa o que se está pedindo desde hai tempo: máis prazas de formación, máis prazas de titorías e a eliminación desa taxa de reposición. Esta é a realidade, señorías, e o resto son contos.

Sei que para as forzas da esquerda é moi goloso agarrarse a unha pancarta, reclamar máis persoal nos centros de saúde. Pero neste momento concreto está nas súas mans, nas mans do Goberno de España, dar unha solución a esta falta de persoal sanitario. ¡Máis decisións desde a Moncloa e menos pancartas, señorías!, atendan a demanda da Xunta e desde o Parlamento e deixen de torpedear a sanidade pública impedindo que contemos con máis profesionais. É tan sinxelo como sumarse a cumprir o contido desta proposición non de lei en pleno. A proposta de acordo téñena vostedes aí: que se leve a cabo unha convocatoria extraordinaria de acceso ao MIR e, do mesmo xeito, e tendo en conta a Lei 14/1986, e tamén a 16/2003, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, que sinalan que toda a estrutura do sistema sanitario estará á disposición das ensinanzas de grao, da ensinanza especializada e continuada dos profesionais, que se leven a cabo as accións necesarias para



habilitar de forma extraordinaria os centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como os profesionais especialistas en medicina familiar e comunitaria precisos para que poidan actuar como titores da formación de residentes. Se temos prazas e non temos titores, tampouco facemos nada.

Persoalmente gustaríame, e estou disposta, a chegar a un acordo. Vostedes presentaron unhas emendas e podemos chegar a un acordo para sacar adiante por unanimidade esta PNL e, en definitiva, permitir sentar as bases para corrixir deficiencias fundamentais para a mellora do noso sistema sanitario.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señora Amigo, veu vostede das vacacións de verán con forza. Entrou ao ataque aquí na tribuna. E está ben, porque temos moito traballo por diante e é importante facelo.

Como non fala basicamente de eventualidade —aínda que indirectamente todo o que tratamos sobre o persoal ten que ver con iso—, só por aclarar o da eventualidade, a eventualidade non só é importante, senón inevitable no sistema. A diferenza está en que vostede se ocupa de falar de eventualidade, pero o importante é falar dos datos. Todos os especialistas apuntan a que a eventualidade nun sistema sanitario está ben entre un 5 % e un 8 %. Pero é que o Sergas ten unha eventualidade do 35% e numerosas sentenzas en contra por contratar en fraude de lei. E este é o problema, señora Amigo. Non é que non queiramos eventualidade, o que queremos é que non se converta o Sergas na peor ETT de Galicia, que é o que é. Igual vostedes están de acordo con iso, pero nós non.

Pero vaimos ao tema. O obxectivo desta iniciativa, e en xeral desta idea do MIR extraordinario, que é o que basicamente focaliza toda a súa intervención e a do señor Feijóo ultimamente, é lavar a cara. É todo un maldito relato. O do relato en política vai acabar con nós, porque ao final xa van dar igual os temas. A cuestión vai ser a quen lle botamos a culpa. Niso vostedes son campións do mundo, olímpicos, récord mundial..., sen ningunha dúbida.

Pero é importante saber se teñen razón. Permítame discutir que a teñan. En primeiro lugar, porque isto é fume —o da convocatoria extraordinaria do MIR—. E gustaríame que mo explicara. Vostede ¿que tal se leva con isto de cumprir as leis? Porque está lexislado, houbo un goberno ao que se lle ocorreu que as convocatorias de MIR debían ser anuais, unha convocatoria anual. É literal, dío a Lei 44/2003 —curiosamente promovida polo goberno de Aznar,



curiosamente por unha ministra de Sanidade, Ana Pastor, galega e compañeira súa—. Vostede como leva isto de chamar a Ana Pastor e dicirlle: Mira, a lei que ti fixeches ímola cumprir, pero imos pedir que se incumpra a lei.

Vostedes, señor Feijóo, están proponendo algo ilegal de entrada, ademais de ser un error —isto xa por suposto—. É, de entrada, ilegal. Empezan ben ¡eh!

Pero, bueno, imos seguir. Non dan resolto unha dúbida que eu teño: ¿con que titores? Porque, se van duplicar ou queren duplicar a convocatoria, terán que duplicar os titores. Lémbrolles que levan dous anos e pico con numerosísimos xefes de servizo cesados, entre outras cousas, porque din que é imposible titorizar nas condicións nas que vostedes os fan traballar. ¿Con que titores van duplicar as prazas? ¿Como van duplicar os lugares para facer a formación? ¿Ou é que van reducir á metade de tempo a formación do MIR extraordinario? ¡Ah!, como imos facer un MIR extraordinario, entón, de todo o que ían formarse os outros, vai ser a metade. ¿Pódeme explicar isto? ¿Con que recursos? ¿Como van facer a rotación os MIR? Por algo non se fai, por algo vostedes lexislaron para que non se puidera facer.

Claro que o problema é o de construír ou intentar construír o maldito relato, e que se olvidan da verdade. E a verdade é que vostedes están en contra diso que agora defenden, o que pasa é que a vostedes iso, iso de ser coherentes, xa lles custa un pouco máis.

Pero, mire, vostede fala, entre outras cousas —se me equivoco, corríxame, por favor—, de que o MIR depende exclusivamente do Goberno central. Entón voulle propoñer que, polo menos, nos alegremos de algo. Porque, claro, vostede saíu aquí e esta fin de semana déronlle unha mala noticia para o relato; boa para o sistema, mala para o relato. É que sempre me escoitou dicir que levabamos tres anos seguidos coas tres convocatorias de MIR máis grandes da historia, e vostede sempre me dicía: xa está vostede co mesmo. Prométole que vou cambiar. Pois xa non son as tres. Esta fin de semana xa son catro. As últimas catro convocatorias, as últimas convocatorias que fixo este goberno —que vostede di que lle gusta pouco en Madrid—, son as catro convocatorias de MIR máis grandes da historia. Traducido: Galicia vai poder formar máis profesionais que nunca na historia grazas ao Goberno do Estado. A min paréceme unha boa noticia. E a vostede, señora Amigo, ¿que lle parece? ¿Parécelle que está ben formar moitos profesionais? Creo que podemos estar de acordo en dicirlle ao Goberno do Estado que grazas por escoitar as necesidades e grazas por convocar estas catro convocatorias de MIR.

Pero, mire, é que vostede me di: precisamos aumento de prazas. Concordamos. Entón, respóndame a unha pregunta: ¿por que vostedes non convocaron e renunciaron a 150 prazas de médicos de familia dende que empezou a gobernar o señor Feijóo, ou a 131 de enfermeiros de familia comunitarios —que non as convocaron, que podían convocalas e non as convocaron—? É que lle vou falar só do último ano: 216 en xeral de todas as especialidades, que se convocan na convocatoria formativa de cada ano, e renunciaron a 165 prazas. Cento sesenta e cinco profesionais sanitarios no 2019 podían ter empezado a formarse en Galicia e vostedes non os quixeron, ¡165!, e vén vostede aquí agora dicir que hai que demandarlle ao Goberno do Estado máis prazas.

Fagamos a comparativa, números con números. Vostede sempre me di: é que vén vostede aquí mentir e non sei que... Se non hai problema, saquemos as convocatorias. Mire, eu teño



o BOE deste sábado coa convocatoria, podemos ver as prazas. (*O señor Torrado Quintela amosa un documento.*) Supoño que vostede se fía do BOE. Eu si. ¡Fíome ata do DOG! ¡Fíxese vostede se son ben intencionado! Podemos velas, e podemos comparar. Mire, Goberno Rajoy: máxima convocatoria anual de médicos de familia, 98. Vostedes, 98. ¿Sabe cantos imos formar para o ano que vén? Cento corenta e dous, o 40 %. A peor convocatoria de MIR do Goberno de Pedro Sánchez, a peor, é moito máis grande que a mellor dos gobernos Rajoy. ¡Cento corenta e dous!

Pero podemos falar doutras cousas. En enfermería familiar e comunitaria..., porque vostedes falan dos MIR, pero é que é moi importante, en atención primaria, ter enfermeiros tamén, e outras categorías profesionais, pero os profesionais enfermeiros e enfermeiras son moi importantes. ¿Sabe cantas prazas se convocaban en enfermería familiar e comunitaria co Goberno do Partido Popular, señora Amigo? Vostede vén demandar algo que vostedes non facían, porque, ¿sabe cantas se convocaban? Vinte e unha. ¿Sabe cantas se convocan para o ano que vén? Corenta e catro, señora Amigo. Supoño que lle parecerá unha boa noticia. (*A señora Amigo Díaz asente.*) Agradézolle que me diga que si. Cústalle un pouco, eu enténdoo, pero agradézolle que me diga que si. É unha boa noticia que o Goberno do Estado convoque máis prazas ca nunca. ¿Sabe cal é o problema? Que vostedes despois néganse a telas, porque vostede di —e permítame que lle diga que, se o di crendo, se equivoca, e que, se o di sabendo, mente— que convocaron todas as prazas sempre que puideron. ¡Mentira! ¡Pero é que son datos oficiais! Vexamos as convocatorias anuais de MIR, vexamos a posibilidade de oferta, que é pública, e vexamos se coincide. Nunca coincide. Vostedes convocaron todos os anos do Goberno Rajoy, todos os anos, menos prazas das que podían, e veñen agora dicir que temos un problema. Claro que temos un problema. ¡Se é que os profesionais sanitarios, normalmente, como cada persoa, cumpren un ano cada ano! Todos sabemos cando se van xubilar, e vostedes tamén, e non formaron xente.

Hai dúas premisas fundamentais —dúas— para ter un sistema de recursos humanos axeitados. Hai dúas —probablemente hai máis, pero dúas esenciais—: formar e contratar. Nunca, durante os gobernos Rajoy, formaron todas as posibilidades que tiñan. Tiñan poucas, porque agora temos moitas máis, e nunca convocaban todas. E vén vostede aquí agora dicir que o Goberno do Estado convoque máis. ¡Pero se xa lle convocan máis! ¡Se son vostedes os que son incapaces de convencer o seu sistema! ¡Se están formando os titores por vontade propia, porque nin sequera saben de vostedes, que non saben nin onde están nin quen lles pregunta nin con quen hai que falar! ¡Se non repuxeron nin os xefes de servizo! ¡Se son incapaces de recoñecer que temos unha gran convocatoria! E fanme unha proposta de algo que é ilegal, porque vostedes construíron unha lei con maioría absoluta para dicir que non se podía facer, e agora veñen pedir.

É que é moi difícil discutir contra a incoherencia, porque, claro, como un pode defender unha cousa agora e outra despois... É importante ser coherente, señora Amigo, moi importante, e podemos argumentar cos datos todo o que poidamos, pero cos datos e coa realidade. Eu, sinceramente, pensei que, despois da convocatoria, polo menos diría algo. Bueno, pois polo menos: unha convocatoria extraordinaria non é posible, pero queremos máis. Queremos máis, de acordo. Pero temos a maior convocatoria que nunca. Nunca tivemos tanta coma este ano, nunca, e estamos batendo o récord do pasado, do anterior e do anterior, das catro



convocatorias deste goberno. Claro, vostede non é capaz de recoñecer nin sequera iso. Nunca vostedes convocaron todas as posibilidades, e agora, que lles dan máis posibilidades que nunca, veñen pedir máis.

Contratación. Señora Amigo, evidentemente, si, o 20 % dos MIR quedan de maneira estable. ¿Por que sabemos isto? Primeiro, porque, se non fora así, en función da taxa de reposición, sería ilexítimo, estarían contratando inadecuadamente. Segundo, porque temos unha discrepancia con respecto á estabilidade. Vostedes cren que tres meses de contrato é estabilidade. Nós, non. Temos esa discrepancia.

E vostedes defenden agora que hai que eliminar a taxa de reposición. Por certo, cando iso foi ao Congreso dos Deputados e votaron en contra. ¡Se é que votaron en contra, señora Amigo! ¡Pero se votaron en contra! ¡Se somos o único partido desta Cámara que votou a favor! ¡É que non me pode vir aquí dicir esas cousas! Vostedes poden defender a posición que queiran, por supostísimo, pero, polo menos, sexan coherentes.

Claro que queremos. Agora ben, hai unha taxa de reposición agora mesmo do 110 %. Pregúntame: ¿insuficiente? Si. ¿Sabe canto había durante varios anos co Goberno de Rajoy? O 10 %. Multiplicámola por 11, por 11, ¡eh!, ¡por 11! E en tempos de pandemia, nin se lle ocorre a ninguén que a vaian baixar, que non vai ocorrer. Vostedes non tiñan todas as prazas. O Goberno de Rajoy pasaba de vostedes, e vostedes calabán, chitón. Chegaba o momento de convocar e convocaban menos prazas, e agora, que teñen un goberno que lles fai toda a convocatoria o máis ampla posible, veñen aquí dicirnos que o Goberno, moi mal, porque non convoca prazas.

Aceptamos todos os debates, señora Amigo, pero é importante ir aos datos, é importante non mentir e é moi importante recoñecer os outros. A situación é moi complicada, pero vostede, que tivo hoxe un papelón moi difícil —porque esta fin de semana saíu a convocatoria MIR, e a vostede desmontáronlle esta argumentación—, polo menos podía recoñecer que este goberno está facendo unhas convocatorias «axeitadas» —por certo, cito literalmente o xerente do Sergas, o señor Fernández Campa, hai dous anos— «ao que Galicia necesita». Literalmente, na Comisión 5ª, estaba vostede alí.

Polo tanto, non veña vostede desdicir agora o que o seu propio Goberno di, cando realmente, ao final, non teñen nada máis que aceptar que hai un goberno do Estado que está podendo axudar...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TORRADO QUINTELA: ...e que vostedes o único que están facendo é contratar de forma eventual —e, de verdade como unha ETT mala— os profesionais sanitarios, que son os que nos sosteñen o sistema.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

A verdade é que, despois de escoitar as dúas intervencións que me precederon, eu non sei se a culpa, ao final, vai ser do cha, cha, cha, ¿non?, porque aquí a cuestión é botar culpas fóra: un fai máis, o outro fai menos... Se está un, a culpa é do que está, e cando está o outro no Goberno do Estado, pois cambiamos as tornas. E a realidade é que, entre tanto, en Galiza, temos un número insuficiente de profesionais.

Dicía a señora Amigo na súa intervención que a iniciativa que traen hoxe a debate o que di é que levan anos cubrindo o cen por cento das prazas de formación e que queren máis. É importante cubrir o cen por cento das de formación, pero sería máis importante que eses que formamos queden e non que marchen o 60 %, como é o que está acontecendo nestas últimas convocatorias, porque non se trata soamente de formar, senón de que esa formación quede no país e quede no Sergas.

Pero, bueno, mire, esta petición dun MIR extraordinario da especialidade de medicina familiar e comunitaria que solicita o Partido Popular e que o presidente do Goberno Núñez Feixóo reclama como bálsamo de Fierabrás, coma se esa convocatoria extraordinaria de MIR fora solucionar absolutamente todos os problemas da atención primaria, é falaz. É unha manobra de distracción, e vostedes sábeno perfectamente. É unha manobra de distracción sobre o auténtico problema da atención primaria, que son os doce anos de goberno do Partido Popular, que sistematicamente actuaron para desacreditar e desatender a atención primaria. Esa é a realidade.

Levan vostedes desde o ano 2009 recortando prazas de médicos de familia e comunitaria. ¿Lémbrense daqueles 2009, 2010, 2011 ou 2012, nos que ían facer máis con menos? Era o mantra do Partido Popular: «imos facer máis con menos». Supoño que se lembran, ¿non? E eu teño que volver lembrarlles que, con menos, só se fai menos, e os resultados están aí ben clariños.

No ano 2012-2013, publicaron o Plan de ordenación dos recursos humanos do Sergas. Nese plan recollíase o número de profesionais que ían facer falta nos anos seguintes para dar estabilidade ao sistema e que houbera un número de profesionais suficiente; cantos se ían xubir e cantos era preciso formar.

O BNG trouxo insistentemente a este Parlamento esa cuestión: que había un plan de recursos humanos do propio Goberno da Xunta do Partido Popular onde establecían cantos profesionais facían falta e que había que actuar para que iso non se convertera nun problema. E pónlle un exemplo, unha iniciativa que trouxo o BNG aquí a debate á Comisión 5ª o 29 de xuño do ano 2017, hai catro anos —trouxeramos outras antes, pero fágolle referencia a esta—. Facía referencia a ese plan de recursos, a ese Plan de ordenación dos recursos do Servizo Galego de Saúde, concibido como un instrumento de planificación, para saber o que



fai falta e poder actuar para que esas necesidades se cubran. Pois dicíalle que ese plan concibido como instrumento de planificación conclúe que hai un importante envellecemento do persoal. Dicíao textualmente o plan. E dicía textualmente: «Conclúe un significativo envellecemento en termos globais do persoal do organismo, de xeito paralelo ao da propia poboación galega, e que resulta máis acusado no colectivo de persoal licenciado sanitario. A dita circunstancia ten unha singular incidencia en diversos aspectos organizativos da actividade asistencial, entre os que cabe destacar a dispoñibilidade decrecente do citado colectivo para a cobertura da atención continuada».

É dicir, temos un problema detectado, posto sobre papel no ano 2012. O BNG tróuxoo noutras ocasións e tróuxoo no ano 2017, e demandabamos que o Parlamento de Galicia instara o Goberno galego a adaptar as prazas de formación polo sistema de residencia MIR e EIR —é dicir, tamén enfermería— que se ofertan en Galicia ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais.

¿A que non adiviñan que votou o Partido Popular a esta iniciativa que dicía: teñen vostedes un documento onde di que van facer falta profesionais, actúen para adaptar a formación MIR e EIR, sobre todo, ás necesidades de Galiza —ano 2017, hai catro anos? ¿Que votou o Partido Popular? Votou non; votou non porque non facía falta actuar nin facer nada. Non facía falta formar máis profesionais para a cantidade deles que se ían xubilar. E seguiron votando non insistentemente outra cantidade de veces que trouxemos iniciativas similares para que se actuara na formación e na reposición de efectivos no Sergas.

Polo tanto, o Partido Popular, o Goberno galego, sabe desde hai moito tempo que facían falta profesionais no Sergas. Sabían de sobra; sabían de sobra, pero non quixeron actuar. Non quixeron actuar, porque a folla de ruta é, precisamente, que en atención primaria, onde o factor humano, os profesionais, son o elemento fundamental, ten que haber menos profesionais para que haxa unha atención primaria deteriorada e poder engordar a sanidade pública, porque, se non hai unha sanidade e unha atención primaria deteriorada, non hai aumento da sanidade privada. Por iso non actuaron e seguen sen actuar.

É certo que fan falta máis médicos de familia e que é unha medida necesaria ese incremento, mais desde o BNG cremos que non a calquera prezo, e que tamén son necesarias outras moitas medidas que se poden tomar. Por iso, desde o BNG presentamos unha emenda. Son deberes que debe facer a Xunta de Galicia previos a solicitar esa convocatoria extraordinaria de formación. Porque ten responsabilidades o Goberno español, por suposto que si, e que vostedes queren que teña. Por certo, que o Partido Popular aplaude coas orellas cada vez que colle algunha competencia máis, ou cando se mete en competencias que ten Galiza, que está sistematicamente metendo a man na caixa desas competencias o Goberno central, e vostedes aplauden coas orellas. Non queren ter competencias para non responsabilizarse, e teñen competencias, empezando pola non eliminación da taxa de reposición. E non vou entrar na demagogia sistemática do señor Torrado a respecto de quen votou a favor desa eliminación da taxa de reposición, porque de vez en cando estaría ben un pouquiño de consistencia, ¿non?

Hai moitas competencias que pode exercer o Goberno galego. A primeira é actuar no propio ámbito da formación, porque supoño que non queren unha formación *low cost*. Dende logo,



o BNG non quere unha formación para os profesionais da sanidade pública *low cost*, (*Aplausos*.) e non pode haber unha rebaixa da formación, da calidade da formación, sobre todo se queremos profesionais ben formados no noso sistema sanitario. Os estudantes e as estudantes de medicina acaban de manifestarse —estábanse manifestando— porque lles eliminan as prácticas. ¿Queremos uns profesionais sen prácticas e sen a formación axeitada? Dende logo, no BNG, non.

Por iso cremos que nin se pode acreditar a todo o mundo, nin todos os centros de saúde poden acreditarse para esa formación, porque non cumpren as condicións. É preciso ter espazo físico para acoller esas profesionais que se vaian formar, e é preciso ter persoal suficiente para formar esas profesionais, ter titores suficientes.

Por iso presentamos esta emenda, na que, na primeira parte, o que pedimos é que se garanta a capacidade e a calidade docente para atender a formación dos profesionais MIR, primeiro, para realizar un censo de cales son os centros de saúde acreditados ou con condicións para selo tanto en espazos como en profesionais, e para a cobertura das vacantes dos profesionais para que poidan exercer de titores, porque teño que lembrarlles que para exercer de titor ou de titora teñen que estar en exercicio os catro anos que dure a formación, e neste momento hai un número moi importante dos titores e titoras que non van estar os catro anos porque se están xubilando. Para iso hai que actuar e hai que convocar esas prazas. Tamén hai que comprometerse a nivel orzamentario.

E tamén hai que actuar—e pódese actuar— noutras moitas cuestións para solucionar o problema da falta de profesionais. O primeiro é elaborar un plan de ordenación dos recursos humanos. Di o señor Torrado que se convocarán este ano máis e que o anterior máis, pero a cuestión é saber cantos son necesarios, cal é a situación, cales son os recursos humanos que ten o Sergas para saber se os que se convocan son suficientes ou se resulta que sobran. E seguimos sen ter un plan de ordenación de recursos humanos que nos diga cantos profesionais hai e cantos van facer falta nos anos inmediatos. Por iso solicitamos que, de inmediato, se remate coa política de precariedade e explotación na contratación, e que se formamos 70, como os que acabaron este ano, que queden os 70 en atención primaria, que non queden soamente 30 e 40 ou non queiran quedar en atención primaria pola política de contratación que ten o Partido Popular. Formar parece un elemento importante, si, pero que queden, tamén, e vostedes están actuando para que non queden. Formamos para que marchen para o estranxeiro ou para que marchen para a privada. Facemos un negocio redondo.

¿Que se pode facer? Poñer en marcha un plan de retorno de captación de profesionais que marcharon. ¿Con que? Con políticas de ofertar contratación estable, con incorporar á carteira de servizos de atención primaria categorías precisas, máis alá de medicina de familia —como é psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, que tamén se poden facer cargo dunha parte moi importante da demanda de atención primaria—, con poñer en marcha a carteira de servizos para que todos os profesionais que teñen competencia para exercer esas competencias, como son enfermeiros, fisioterapeutas, matronas, psicólogos clínicos, etc. poidan facerse cargo da súa carteira de servizos e non teña que pasar todo polo médico de familia. Todo iso pode facelo o Partido Popular na Xunta de Galiza, ademais de exixir máis prazas MIR.



Polo tanto, está moi ben poñerlles deberes aos demais, pero estaría moitísimo mellor facer o que depende dun para aliviar e mellorar a situación da atención primaria, que é dramática neste momento. O resto, señoras e señores deputados do Partido Popular, son manobras orquestrais na escuridade, manobras de distracción, de ternos enredados na construción dese relato de quen é o culpable e, entre tanto, o problema está sen solucionar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes de novo.

Moitas grazas, presidente.

Señor Torrado, claro que me alegro das boas noticias. Tamén me alegro da que acabo de ver agora (*A señora Amigo Díaz le unha noticia de prensa.*): «*El Tribunal Supremo avala la medida acordada por la Xunta en agosto, que exigía el pasaporte covid para acceder a bares y restaurantes de Galicia.*» ¡Tamén me alegro por iso! (*Aplausos.*) E tamén me alegro... As boas noticias alégrannos a todos.

Pero, bueno, eu lamento que sempre sexa o mesmo discurso, o mesmo mantra, o mesmo catastrofismo de sempre... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós, señor Torrado, non pedimos facer ilegalidades. Ese non é o noso estilo, non se equivoque. Nós somos un partido serio, que non cometemos tropelías; todo o que estamos pedindo está dentro da legalidade. De gobernar a base de decretos lei á conveniencia diso saben outros partidos. Nós estamos pedindo desde hai tempo unha convocatoria extraordinaria de MIR, e conxuntamente con isto pedimos poder formar titores, porque sabemos que sen formación non é posible; ou sexa, vai unha cousa coa outra.

Señora Prado, vólvolle dicir o mesmo: que non hai peor xordo que o que non quere oír. Estamos cansos de dicir todo o que se está facendo, todas as melloras. Temos un problema desde hai tempo, evidentemente, e, desde logo, eu non vou entrar aquí no discurso de «*y tú más*», e moito menos nun tema tan sensible como é o sanitario. Nós temos a obriga de tratar de mellorar as condicións de vida dos nosos concidadáns, e é evidente que houbo unha falta de previsión na formación de médicos especialistas, isto é innegable. O problema está aí, e nós temos que tratar de solventalo. Non vou repetir os argumentos que trasladéi na miña primeira intervención, pero o que é claro é que é o Goberno de España o que ten a posibilidade de poñerlle a solución ao problema, se hai vontade de facelo, claro está.

E, claro, datos, pois, mire, falouse aquí de medicina privada... Bueno, o Consello de Contas sempre di que nós temos mellores datos na medicina privada dos que se tiñan no Bipartito con ese desvío. No Bipartito cubríanse o 73 % das prazas; co PP cubrimos o 100 %. Os datos



están aí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O que non se pode é vir aquí, á sede parlamentaria, verter mentiras, faltar á verdade e dicir falsidades. Temos unha atención sanitaria boa, que, evidentemente, é mellorable, cun sistema que funcionou ben durante moitos anos para un determinado contexto, pero agora é outro contexto, cambiou a realidade demográfica e a maiores hai diferentes patoloxías, máis pacientes con máis cronicidade e unha dificultade a maiores, a falta de profesionais. Iso está aí, esta é unha realidade na que debemos de avanzar, e debemos adecuarnos a estes novos cambios para poder seguir funcionando ben durante as próximas décadas.

O Goberno galego é sensible ás novas necesidades da cidadanía e diseña os mecanismos para introducir os cambios necesarios. Seguimos avanzando en case todo o conquistado co Plan galego de atención primaria 2019-2021, con máis medios, por unha medicina primaria vertebradora do sistema de saúde. Todo isto explicouse, señorías. Hai unha enorme diferenza entre o Goberno do PP, que xestiona e goberna con criterio, e unha oposición que, ano tras ano, se faga o que se faga, seguen a mentir e a dicir o mesmo discurso catastrofista. Pero, señorías, a cidadanía galega tamén toma nota disto e convocatoria tras convocatoria elixe o que máis lle convén. Isto é unha evidencia, e todos podemos ver a realidade da PNL que hoxe traemos: que a día de hoxe as prazas son insuficientes e que incrementar esta convocatoria non depende da Xunta de Galicia.

Por iso nós seguimos insistíndolle ao Goberno de España en que elimine esa taxa de reposición, porque este é un impedimento xurídico que imposibilita a convocatoria de miles de prazas de todas as categorías. Hoxe, señorías, teñen a oportunidade de unirse a esta petición que facemos desde Galicia para tratar de mellorar o noso sistema público de saúde. Sería unha mágoa que non estivésemos todos de acordo nun tema tan sensible como este e que permitirá poder corrixir problemas importantes no eido sanitario.

A nosa vontade é chegar a un consenso nesta Cámara nun tema tan importante. Ímoslle propoñer unha transacción en relación coas emendas que presentaron, sen renunciar á nosa petición fundamental, que é máis prazas extraordinarias de MIR e habilitación extraordinaria de formación, sen a cal non somos capaces de asumir máis prazas de médicos internos.

Pensamos que isto é fundamental para seguir avanzando na mellora da sanidade, por iso estamos dispostos a aceptar os puntos que nos propón o Partido Socialista como adición, non como substitución, con algunha matización, como, por exemplo, o contrato de continuidade de ata tres anos, pero non de localización xeográfica concreta, senón de ámbito xeográfico concreto, porque se lles contrata para cubrir ocos nunha comarca, non para un centro de saúde concreto, xa que, entón, non poderíamos facer as substitucións. E aquí, con este compromiso da Xunta, engadimos un compromiso pendente do Goberno central, ao que todas as comunidades do PSOE votaron a favor nun consello interterritorial en abril do 2018, e que o PSOE esqueceu, que é cambiar o decreto de regulación da relación laboral dos residentes para regular un tipo de contrato para incentivar a retención de especialistas en prazas de difícil cobertura. Este contrato segue sen regularse. Eu agora voules pasar a transacción.

E respecto das emendas do BNG, no que está relacionado coa formación MIR, non temos problema en aceptar tres dos seus catro puntos. Respecto do resto dos puntos, nalgúns xa estamos



a traballar, e case todos xa os debatemos, pero non os incorporamos concretamente a isto, porque non teñen que ver coa oferta extraordinaria de MIR. E no que estamos de acordo, que o estamos a debater na nosa propia PNL —e é o único no que estamos de acordo—, é no relacionado...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora AMIGO DÍAZ:... coas condicións dos contratos, e isto xa llelo propoñemos na transacción.

Eu espero chegar a un acordo. Vou pasarlles agora a proposta de transacción e voulle deixar tamén unha copia ao presidente.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para abaratar a factura eléctrica

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noelia Otero Lago, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central para que continúe a emprender as medidas e reformas estruturais para abaratar a factura eléctrica das familias e empresas afectadas pola escalada no prezo dos últimos meses».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Debe engadirse in fine ao texto da parte resolutiva o que segue:

(...), «reiterando e ampliando os acordos adoptados nesta Cámara en abril e xuño deste ano. No meadamente suxírense a adopción das medidas que se detallan a continuación:



1. *Modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%.*
2. *Suprimir definitivamente o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7%, modificando a Lei 15/2012, de 27 de decembro de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.*
3. *Modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.*
4. *Ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias que sexan iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico.*
5. *Desvincular a tarifa regulada (PVPC) da volatilidade do mercado ao por maior da electricidade, tal e como se está aplicando noutros países europeos.*
6. *Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres no que a tarifa é mais barata vai desde as 12 horas da noite ata as 8 de maña o que fai moi difícil o aforro para as familias.*
7. *Conceder máis máis peso específico ao termo de enerxía que o de potencia co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo eléctrico.*
8. *Simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión e posta en marcha de inmediato unha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisión e permita un consumo máis eficiente.*
9. *Diversificar o parque de xeración eléctrica para evitar a elevada dependencia do gas natural, introducindo entre outras medidas o almacenamento enerxético para a xestión de fontes renovables».)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno central emprender as medidas e reformas estruturais necesarias para abaratar a factura eléctrica das familias e empresas afectadas polo escalada no prezo dos últimos meses, singularmente:

1. *Retirar do `pool eléctrico` as centrais hidráulicas e nucleares, que comezarán a cobrar polos custes recoñecidos pola CNMC para producir unha rebaixa xeral no recibo da electricidade.*



2. *Substituír as mudanzas aplicadas no marco tarifario desde o 1 de xuño por unha modificación profunda da Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.*

3. *Negociar unha Tarifa eléctrica galega que considere a través de redución nas peaxes o papel de Galicia de nación excedentaria na produción eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción.*

4. *Demandar a redución permanente do IVE da enerxía ao 4% e a eliminación das imposicións incluídas na factura eléctrica que son alleas á produción e comercialización desta.>>)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Bueno, pois continuamos a falar da insostible situación do prezo da luz no noso país.

Señorías, terminamos o período de sesións, no mes de xullo, falando da luz neste Pleno, un prezo naquel momento dos 100 euros o megavatio/hora, e comezamos de novo, en setembro, co prezo pro riba dos 150 euros o megavatio; un récord histórico ao que parece que o Goberno central está acostumado. Por certo, mañá aínda vai bater outro, que é 174 euros o megavatio/hora.

Este, señorías, é o Goberno dos récords: récords en soldos, récords en ministros, récords en prezos da luz, e o peor récord é en abandono dos españois ante un problema que afecta a todos, sobre todo os máis vulnerables. E van meses sen tomar ningunha medida efectiva.

E todo este incremento da luz provocou, indubidablemente, un incremento do IPC, ata o 3,3 %, o máis alto dende outubro do ano 2012. A crúa realidade, señorías, é que a luz sobe máis dun 200 %, que soben os carburantes un 25 %, que soben os seguros da casas e dos coches, que soben as cotas dos autónomos, que soben as cotas do autónomos e que sobe, lamentablemente, a cesta da compra. Prométese axudas que nunca chegan aos empresarios máis pequenos.

Este, señores do PSdeG, ¿é o seu concepto de recuperación xusta? Miren, levamos semanas escoitando excusas dun goberno que se volveu incapaz, porque ata o de agora só puxo parches temporais que permiten rebaixar a factura da luz en pouco máis do 10 %, cando a suba é do 200 %. Iso si, é capaz de recadar máis de 3.000 millóns de euros en impostos a maiores relacionados coa tarifa da luz, que podería utilizar para adoptar medidas que baixen a luz de forma inmediata e continua a milleiros de consumidores. Pero as recomendacións do Goberno son que hai que agardar anos para que as súas medidas estruturais —estruturais, insisto— solucionen o problema; medidas como a aprobada onte do Fondo de Sostibilidade, que a todas luces vai incrementar os custos de, por exemplo, os combustibles. É un goberno soberbio porque non acepta propostas razoadas do principal partido da oposición, propostas ambicio-



sas que xa rebaixarían a luz nun 20 %. E non pedimos nin propostas ilegais nin contrarias á normativa europea, como a nacionalización de empresas ou a intervención do mercado. Iso si, esta mañá vostedes aprobaron medidas e propostas das que xa veremos a súa legalidade.

É un goberno que mente porque lles bota a culpa a todos, á Unión Europea, a Rusia, incluso a Rajoy, que hai máis de tres anos que non goberna. (Risos.) Oia, levan tres anos gobernando e outras leis si as cambiaron, señoras do PSdeG — parece que a señora do BNG ri —, ¿por que non as do sector eléctrico? Miren, señorías, o prezo do gas marcou o prezo da nosa electricidade, que é profundamente dependente dun gas natural que temos que importar, que a Unión Europea ten que importar. O noso mix enerxético deixou de ser diversificado. O peche anticipado das nucleares e das centrais térmicas non está compensado coas integracións de enerxía renovable no sistema eléctrico, o que provocou unha elevada dependencia das centrais de ciclo combinado que funcionan con gas.

Desconectáronse do sistema tecnoloxías que antes marcaban prezo, como as térmicas, antes de asegurar a integración das renovables dende o punto de vista de ter garantido o almacenamento enerxético que permita reducir o seu principal problema cando hai escaseza de vento, auga ou sol. Imos ver o que pasa coas nucleares despois da medida desta mañá, e imos ver se, ao final, señorías, non sufrimos cortes de luz.

Para que se fagan unha idea, a xeración renovable cubriu o 50 % da media da demanda, a pesar do incremento da fotovoltaica en xullo; pero é que a eólica descendeu case nun 8 % pola falta de venda. Por tanto, nin a xeración de enerxía renovable nin a importación de electricidade, principalmente nuclear, a Francia foi dabondo; tendo que incorporar gas dos ciclos combinados na meirande parte dos momentos; gas que subiu un 500 %, dende os 7,5 euros ata os máis de 50 euros megavatio/hora. Polo tanto, impacta nun 50 % no prezo da luz do mercado maiorista.

Outra causa tamén, en menor medida, son os dereitos de emisión, que provocan aproximadamente un 20 % de suba da factura. E non olvidemos, señorías, que as centrais de ciclo combinado están pagando o gas ata un 500 % máis caro e que tamén teñen que pagar os dereitos de emisión. Polo tanto, obviamente, non estamos de acordo con esta intransición enerxética á que nos queren someter dende o Goberno central, errática e caótica, que está provocando que todos os españois a paguemos moito máis cara.

Outra vez, señorías, un goberno socialista que destróza un sistema enerxético. Ocorreu con Zapatero, e o buraco de 30.000 millóns de euros de déficit de tarifa do sistema, por querer acelerar as renovables nun momento en que non estaban maduras, e volve ocorrer agora. Os datos, señorías, están aí. Aínda que os prezos do gas son elevados para toda Europa, Francia ou Alemaña non están a sufrir esta escalada do prezo da luz de forma diaria. Francia, cun 70 % de xeración nuclear, non depende do gas, e incluso coa súa venda contribúe a que España non teña que tirar moito máis do gas. Só dependeu do gas Francia nun 2 %, e Alemaña, que lidera as renovables, si, pero cun respaldo en máis dun 25 % do carbón. Só tirou do gas nun 8 %; España, nun 18 %.

Conclusión. Nesta terrible escalada de prezos da electricidade, ambos os dous países tiveron a luz un 40 % máis barata. Outra vez un exemplo do lastre que levamos na nosa economía



en contraposición con países do noso contorno, semellante ao que ocorre na industria electrotintensiva.

Pois, engadido a esta volatibilidade do mercado maiorista, a inoportunidade do Goberno central foi maiúscula. Implantou un cambio de tarifas que prometía a luz máis barata pola noite e as fins de semana, obrigándonos a todos e a todas a non durmir para poñer a lavadora, planchar... Unha vez máis mentiu, porque iso non se cumpriu, e esas horas agora son un 35 % máis caras.

Ese inoportuno cambio de sistema de tarifas e á alza do prezo maiorista da luz constituíron a tormenta perfecta que provoca o sufrimento dos consumidores domésticos, acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor. Pero tamén afectará todos os contratos do mercado libre que se renoven ou firmen a partir de agora, millóns de persoas. E, obviamente, non só afecta a factura eléctrica, senón que está a causar o incremento global nos prezos dos bens e dos servizos. E a realidade é que o único que sae gañando aquí con toda esta subida é o Goberno central, que vai recadar o triplo en concepto de impostos de CO₂, chegando ata os 3.000 millóns de euros, que deberían repercutir, sen tomar medidas de reforma estrutural, no sistema eléctrico, e non hoxe, señorías do PSdeG, hai meses.

Nesa liña vai a nosa proposta de autoemenda. Son medidas que se poden implantar de forma inmediata e sostidas no tempo, como impulsar unha reforma fiscal de forma que se harmonice a fiscalidade da factura que soporta España na liña dos gravames medios dos países do noso contorno. Para iso, no noso primeiro punto, pedimos a redución permanente do IVE do 21 % ao 10 %, modificando para iso a Lei 37/1992, do imposto sobre o valor engadido. En segundo lugar, pedimos que se suprima definitivamente o imposto que grava cun 7 % a produción de electricidade, modificando a Lei do ano 2012; lei que leva en vigor máis de oito anos, nos que houbo moita evolución na tecnoloxía do sistema eléctrico e a súa interacción cos mercados do gas e do carbón, así como na intensificación dos compromisos climáticos asumidos para a descarbonización da economía, que fai necesaria unha transición enerxética que incorpore a regulación ás transformacións estruturais dos mercados, de forma que siga salvaguardando a seguridade da subministración e a eficiencia económica.

Desta forma, solicitamos tamén no noso punto 3 o traspaso aos orzamentos xerais do Estado dos custos regulados da tarifa eléctrica, como son: a débeda do sistema eléctrico e os custos extrapeninsulares, tal e como xa se fai con outros custos derivados da solidariedade interterritorial. Cremos que o Fondo de Sostibilidade, que comezará a tramitarse no Congreso — tardará máis dun ano —, impactará subindo outras subministracións, como o combustible.

En cuarto lugar, propoñemos ampliar o prezo para o pequeno consumidor ata potencias iguais a 15 quilovatios, cando agora son 10; que tamén limita o acceso ao Bono social. De feito, hai estudos feitos pola Asociación de Autónomos que indican que un 75 % estaría fóra por ter potencias superiores a 10 quilovatios, como pequenos negocios que con 15 si entrarían.

En quinto lugar, pedimos desvincular a tarifa regulada, o PVPC, da volatibilidade do mercado maiorista; importante medida que conseguiría que o prezo da maior parte dos consumidores estivese desvinculado do prezo diario da luz.



En sexto lugar, propoñemos tamén impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período que vai de luns a venres —no que a tarifa é máis barata, que vai dende as 12 horas da noite ata as 8 da mañá— fai moi difícil o aforro para as familias. É moi difícil supoñer que as familias aforraran cando os prezos máis baratos son nesa franxa horaria; supoñería que modificasen os seus hábitos para lavar, planchar ou cociñar de noite; e non falemos, señorías, do que vai pasar aquí, en Galicia, cando chegue o inverno e haxa que acender a calefacción, que só se vai poder acender de noite.

En sétimo lugar, hai que conceder máis peso específico ao termo da enerxía que ao de potencia, co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo eléctrico. Na actualidade, o 40 % da recadación dos custos regulados corresponde á parte variable, e o 60 % restante á parte fixa, o que atrasa a amortización de instalacións de autoconsumo e desincentiva os investimentos en xestión de demanda. Cómpre lembrar que España é o país da Unión Europea con maior peso na parte fixa de factura, un 39 %, fronte á media europea, que é do 22 %.

En oitavo lugar, pedimos que se clarifiquen as facturas. As facturas, se eran complexas antes, agora sono moito máis. Deberían simplificarse para que calquera consumidor as puidese comprender e lles permitise de verdade aforrar nos seus tramos de consumo. ¡Catro follas de factura! Imposible de entender para a maioría.

E, en último lugar, solicitamos diversificar o parque de xeración eléctrica para evitar a excesiva dependencia do gas, introducindo medidas efectivas que favorezan o almacenamento enerxético para a xestión de fontes renovables. España, e concretamente Galicia, realizaron un elevado esforzo económico en incrementar a produción de enerxía renovable, pero a realidade é que estamos a ver como unha transición abrupta neste sentido, antes de ter unha mínima solución para xestionar estas tecnoloxías, nos coloca cun elevado prezo da luz que non poden pagar, de novo, os cidadáns.

Polo tanto, señorías, cremos que se necesita unha maior aposta neste campo para que eses tan anunciados fondos europeos sirvan de verdade para axudar neste campo, no que Galicia xa presentou propostas sen recibir ningunha resposta do Goberno central.

Estas, señorías, son propostas serias e favorables a dereito, que provocarían o descenso inmediato da factura da luz nun 20 %. Agardemos que esta vez si o Grupo Socialista galego se sume e se coloque do lado dos galegos e non do lado do señor Sánchez, e o mesmo o BNG, que se sume de verdade a propostas legais e non a propostas ilegais, como propoñen constantemente.

Nada máis pola miña parte e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Otero Lago.



A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Dende logo que, efectivamente, este debate é máis que necesario, pero despois de escoitar a exposición de motivos semella que nestas horas non abriu ningún medio dixital nacional ou mesmo internacional, porque, precisamente, é unha proposición na que piden medidas ao Goberno central, necesarias, efectivamente, pero piden medidas, cando temos aprobado un real decreto no que vostede non entra en materia en ningún momento. Mais, iso si, xa avanza e din: non o sabemos ben, pero veremos xuridicamente e legalmente se non dá problemas. Xa sabemos cal é a postura do Partido Popular ante as medidas necesarias e ambiciosas aprobadas, que tanto din que piden hoxe para abaratar o futuro da luz.

A exposición de motivos non cambiou nada de onte a hoxe, e forma parte desa retórica política dun argumentario que se sostén en moitas ocasións, pero que o que fai tamén, efectivamente, agora mesmo, é ilustrar cal é a verdadeira razón de se queren falar hoxe ou non do prezo da luz. Dende logo, de medidas concretas para solucionar un problema, non.

Pero dicíamos que claro que temos que falar deste asunto, que claro que temos un problema e que claro que non é razoable o que estamos a vivir cada día, un día tras outro, con este prezo da luz no mercado maiorista, alcanzando máximos e batendo, efectivamente, cada día unha nova marca. Por suposto que é necesario, pero velaí —dicía— está ese real decreto, esas medidas concretas que se suman a ese paquete no que se vén traballando dende hai meses por parte do Estado. E hoxe ten novidades —como dicíamos— de gran calado, decisións inéditas —e non é un cualificativo que poña hoxe o PSdeG nin o Partido Socialista—, como é abrir un debate —imaxino que por aí irán os tiros; é un melón que non se abra ata o de agora— de ata onde podemos chegar para evitar que algunhas das grandes empresas estean a ver multiplicados os seus beneficios a custa das cidadás e dos cidadáns. Porque vostedes nin das medidas concretas de hoxe —como dicía— nin das empresas din unha soa palabra.

Hoxe sabemos que as medidas aprobadas permitirán rebaixar a finais de ano a factura non nun 20 %, como piden vostedes, senón por riba dun 22 %. Hoxe sabemos que se limitarán os beneficios, de aquí a marzo, das empresas e que se trata de conter, ademais, os meses próximos esa espiral de subas sen precedentes que ameazan, ademais, con seguir presentes. Pero en todo o debate, se non queremos caer no demagóxico ou no mero fango político, cómpre situar e saber onde estamos. Vostede falaba de dar nada máis que información. Se collemos a prensa internacional e a prensa europea, atopámonos con ese problema do recibo da luz. Claro que a información nin arranxa nin tampouco significa que isto sexa un consolo ou quite a agonía diaria das e dos que observan cada día o prezo do megavatio, pero si en parte ilustra como se está a comportar e a evolucionar o mercado da enerxía a nivel internacional.

Son uns prezos maioristas —como dicíamos— disparados en toda Europa. O Goberno está solicitando e liderando en Bruxelas, ademais, unha resposta coordinada e común. Pero, se non podemos actuar nos mercados internacionais, si se pode facer no que temos compe-



tencias, para paliar os efectos da factura a nivel social, aumentando seis meses máis os catro xa existentes ás medidas de protección para evitar os cortes de subministracións nos fogares máis vulnerables; tamén competencias en materia fiscal —falaba o compañeiro Torrado, falando dos MIR, de coherencia e de herdanzas do Partido Popular—. Agora piden vostedes conxelar e eliminar impostos que, precisamente, teñen o santo e seña do Partido Popular: as rebaixas xa aprobadas do IVE do 21 % a un 10 % hai meses, a suspensión do imposto do 7 %, prorrogada hoxe mesmo... Falemos de medidas. Hoxe mesmo se aprobou tamén a rebaixa do imposto especial á enerxía eléctrica, que pasa dun 5,1 % a un 0,5 %, que é o mínimo que permite a Unión Europea.

Miren, da luz fálase moito. Claro que é necesario —dicíamos—, pero poderíamos —como dicía—, falando de coherencia, comezar lembrando que o modelo de poxa que está na orixe da subida da tarifa foi ideado, precisamente, polo Executivo de Mariano Rajoy no ano 2013, e aprobado no 2014. Foi o ministro de Industria do Partido Popular, José Manuel Soria, o que naquel momento impulsou e defendeu as grandísimas bondades de que o prezo da luz quedase vinculado ás flutuacións de cada hora no mercado.

Tamén pasan vostedes por riba —teñen que facer verdadeiros equilibrios, a verdade— o feito de que o imposto sobre a xeración eléctrica —este famoso 7 % que propoñen suprimir permanentemente agora— o creou o ministro Soria en decembro de 2012; un legado que agora nos está a lastrar. Miren, o responsable —iso é certo— é o Goberno actual, que é o que debe corrixir e actuar ante este problema; é o responsable, pero non esquezan que ese sistema de regulación foi establecido no Executivo de Mariano Rajoy, con toda a oposición en contra. Agora a vostedes, cando están na oposición, non lles gustan os mesmos impostos que vostedes idearon, impulsaron e louvaron.

Pero, evidentemente, ademais de fiscalidade —porque o que propoñemos é sempre estar tirando do mesmo, tirar das arcas públicas, que redundan no mesmo—, hoxe o que hai que poñer en valor é, precisamente, o que dicía antes: que non é para nada de recibo que as empresas que teñen multiplicados neste momento os seus beneficios de xeito exponencial sigan sen asumir a parte que lles corresponde. E hoxe o Goberno progresista camiña decididamente para detraer parte deses beneficios extraordinarios e que redunden nos consumidores. (Aplausos.)

¿Cando antes un goberno e un presidente dun goberno —collan hoxe as portadas, como dicía, de moitos xornais— amosaron de xeito tan firme a decisión de detraer beneficios por distintas vías ás empresas eléctricas? ¿Cando? As cidadás e os cidadáns saben arestora que este goberno vai actuar para obrigar as empresas eléctricas a devolver 2.600 millóns de euros aproximadamente —2.600 millóns de euros— de ingresos vinculados á suba do gas natural.

Non agardo, señoras e señores do PP, que aplaudan esta medida, pero si agardo que, xa que tanto se pide dende o BNG que se actúe directamente contra estas empresas que se están a enriquecer desta suba, tamén se valore hoxe esta medida aprobada no Consello de Ministros.

Hai, polo tanto, medidas concretas, hai unha crítica oficial contra as prácticas abusivas, acútase para que se devolvan parte deses beneficios empresariais e hai, ademais, un compro-



miso tan medible como o expresado polo presidente do Goberno con todas estas medidas para que a finais deste ano o recibo sexa o equivalente ao pagado no 2018, cun aforro, polo tanto, e contendo estas subas, como dicía, por enriba do 20 %, como vostedes solicitan, e cunha rebaixa estimada dun 47 % nos fogares e de arredor dun 25 % na industria. Concreción, claridade, pero non podemos, nun tema así —videntemente, non sería serio—, caer na compracencia co que estamos a vivir e están a padecer tanto os autónomos como as pequenas e medianas empresas. E por iso tamén hai medidas de máis calado, ademais das fiscais e da minoración dos ingresos das empresas, medidas estruturais e ambientais.

Amosen que a preocupación, efectivamente, polas consumidoras e consumidores é real. Teñen unha oportunidade de facelo no Congreso dos Deputados, a onde se trasladaron xa dous proxectos de lei, o que actuará sobre a retribución do CO2 non emitido do mercado eléctrico, e o que crea o Fondo Nacional de Sustentabilidade do Sistema Eléctrico, porque reducirán progresivamente o recibo final dos consumidores.

Hoxe, con estas medidas, as que están aprobadas hoxe e as que están en tramitación, como dicía, e co seu discurso —non entramos a falar delas— e con esta proposición non de lei pedindo en xeral medidas e pedindo que se actúe unicamente na fiscalidade, penso que se ilustra —como dicía— e se reflicte cal é a verdadeira intención de falar neste inicio de curso político dun problema que é real, como é a factura da luz.

Aí están as políticas necesarias. Evidentemente, dicía que hai que dar un impulso a unha transición xusta e necesaria, que é o fondo da cuestión, e camiñar cara a un sistema enerxético limpo e máis democrático.

E cómpre ser responsable, señora Nóvoa. Vostede, no debate co meu compañeiro Martín esta mañá, falando da tarifa eléctrica galega, falaba de negacionismo, e sacaba unha foto en xeral neste debate. Non podo resistirme a dicir que non é demasiado axeitado e oportuno que vostedes, no Partido Popular, falen de negacionismo, tendo dous dos seus referentes do partido con hemerotecas que deron mesmo a volta ao mundo, como é o señor Aznar, cando dicía aquilo de «ecoloxía é o novo comunismo», ou cando dende a Fundación FAES non hai tanto apoiaba a publicación de libros que negaban o cambio climático. (*Aplausos.*) Pero non falen de negacionismo, nin de cambio climático, nin de renovables, porque non hai que ir tan lonxe, se falamos de negacionismo. O señor Aznar, si, pero tamén o señor Rajoy. Non sei se lembran aquel curmán que tiña, físico, que dicía que non había xeito de constatar iso do cambio climático.

En fin, sexamos serios, falemos de medidas e falemos de algo que preocupa a xente, de poñernos de acordo, de recoñecer o que hai que recoñecer, de facer as achegas que sexan necesarias, pero non tiremos de argumentario político porque, en días coma hoxe, queda vostede bastante en entredito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

O primeiro que eu quero dicir é que me alegro de que agora si se poida debater este tema, porque pola mañá tiñamos que escoitar que isto era unha cuestión para o Congreso das e dos Deputados e que dunha cuestión tan importante para o noso país parece que non se podían facer propostas nesta Cámara. Debe ser que molesta o desigual grao de concreción das diferentes propostas e que por iso a percepción era diferente.

En todo caso, indo á cuestión, precisamente enlazando co debate de hoxe pola mañá, a nosa voceira, Ana Pontón, comezábaos recordando que hoxe, 14 de setembro, o prezo do megavatio hora ía ter unha media de 153,43 euros/hora, e sinalaba como hai un ano era de 43 megavatios/hora. Un aumento de máis do 350 % nun ano.

Ben, pois, efectivamente, eu estiven lendo os titulares de hoxe e estiven vendo os datos da OMIE, que prevén o prezo para mañá, e para mañá imos ter un prezo máximo da luz histórico —outra vez máis, seguindo esa estela do mes de agosto, que continúa este setembro—, de 172,78 euros megavatio/hora, con picos máximos de 180,30 euros megavatio/hora. Polo tanto, aquí os partidos estatais votaban de ganchete as propostas que poderían traer unha estratexia diferencial, tanto a nivel de Estado, en materia de rebaixas concretas e cuestións específicas, como apartar determinados impostos que nada teñen que ver co sistema eléctrico da factura, ata propostas en chave de país, como esa tarifa eléctrica galega, e votaban de ganchete que non. E, mentres tanto, pois isto é o que pasa. As medidas do Goberno do Partido Socialista, que son formuladas sempre en materia de futuro, regularán, rebaixarán, etc., pero é que nunca pasan a conxugarse en presente ou en pasado, e continúan sen chegar, porque se van aplicar moi a medio prazo, e as propostas do Partido Popular son xenéricas e non concretan tampouco unha estratexia de país.

Entón, os mesmos que falaban de que algúns formulamos solucións máxicas, pois, en realidade, o que están é traendo aquí solucións abstractas que non deixan de ser algo para exonerar a responsabilidade que cada un destes partidos ten por chegar a este punto. Esa é a cuestión.

E hoxe tamén nos titulares vemos que saen os datos actualizados do IPC, e o que nos din é que a factura da luz subiu un 35 % case no que levamos de ano, un 35 %. A propia señora Teresa Ribera cifraba hoxe que esperan «a futuro», non no inmediato, conseguir nos próximos meses unha rebaixa do 22 % da factura da luz. Evidentemente, é insuficiente, e é algo que xa cos propios datos que dá a ministra se ve. Esta é a maior inflación que temos desde o ano 2012. Hai previsións de organismos de todo tipo, incluso asociacións de consumidores, ou a propia OCU, que establecen que aproximadamente durante este 2021 levamos xa un aumento duns 139 euros na nosa factura da luz, e, desde logo, hai propostas que hoxe abraza o Partido Popular, ou parcial, moi parcialmente, o Partido Socialista, como esa cuestión do



imposto especial da electricidade, que ben poderían ter arbitrado xa desde o mes de xaneiro, e igual esa suba non era tan grande.

En todo caso, insistimos, hai marxe para máis rebaixa. Entre outros motivos, porque aquí asistimos a demagoxias como vender como grande avance social que a rebaixa do IVE ao 10 % vai seguir ata final de ano, cando realmente ao subir o prezo da electricidade está subindo a recadación do IVE, está subindo a recadación dese imposto especial da electricidade e, polo tanto, por moi *supermegaprogre* que quede que isto se está reducindo, en realidade, as arcas do Estado están aumentando e habería máis capacidade de reducir esta factura. Porque, ademais —insistimos—, é unha factura da que 3/4 é carga fiscal e da que xa a propia Bruxelas, que moitas veces coarta a capacidade de decisión xa non de Galiza, senón do propio Estado, reconece este extremo. Polo tanto, habería máis marxe e máis capacidade e non se fai por falta de vontade política.

Igual que está moi ben e queda moi poético vir aquí falar de demagoxia, pero non hai máis demagoxia que criticar o marco que estableceu o Partido Popular e que ningún goberno socialista cambiou, pero nin onte nin hoxe. (*Aplausos.*) Porque as medidas aprobadas ao fío do Fondo de Sostibilidade, ou as anunciadas hoxe no Consello de Ministros, non supoñen un cambio de fondo e son, ademais, tardías. E, polo tanto, nós seguimos sendo críticos e críticas porque, ademais, vai ter problemas derivados, como o que xa saíu aquí da cuestión do gas natural. Veremos dentro de seis meses, cando aínda esteamos no inverno e o gas natural continúe subindo e non haxa ese presunto escudo de protección que vai haber, en que se concreta.

Entón, esta é a cuestión, e mentres, está o Partido Popular no seu planeta particular, que bate récords. Hoxe a señora Nóvoa falou de moitos récords aquí, pero é que o récord de cinismo que bate o Partido Popular cada vez que se toca o asunto enerxético neste Parlamento supera xa todo o habido e por haber. Vostedes seguen co seu negacionismo: nada do que acontece é responsabilidade do Partido Popular, nin do que fixo no Estado, nin da falta de capacidade de actuación política do señor Núñez Feijóo para defender os intereses galegos. Vostedes están aquí por esporas divinas, non teñen ningún tipo de responsabilidade.

E logo, por riba de ser os campións do adanismo, son ás veces un pouco lacazáns, tamén hai que dicilo. ¡Menos mal que se autoemendaron e aínda disimula un pouco!, porque eu, cando vin unha proposta do Partido Popular que basicamente era dicirlle ao Estado que sexa bo e que rebaixe a factura da luz, que eran 38 palabras —que non chegaba nin a palabra por deputado, de tanto que lles gusta a vostedes... (*A señora Presas Bergantiños ri.*) ...presumir de número de deputados—, (*Aplausos.*) pois quedei un pouco anonadada. Eu xa dixen: pois, definitivamente, o señor Casado non lles deixar traer a este Parlamento ningunha proposta que teña que ver con Madrid, e quedan vostedes desautorizados de todo.

En todo caso, claro, vostede veu aquí e pintou un discurso coma quen que teñen vostedes unhas propostas elaboradísimas e superinnovadoras, e que os demais estamos no monte e que nunca as apoiamos. E, mire, vostede non trae nesta iniciativa nin unha soa proposta que nos últimos meses deste Parlamento non se trouxera xa e non apoiara o Bloque Nacionalista Galego.



Pero é que mire, señora Nóvoa, ante unha situación absolutamente extrema de inflación, de crise económica, de suba dos prezos, das eléctricas a monte absolutamente, facendo o que están facendo neste país, non poden vir coas mesmas receitas de sempre. E, polo tanto, esta cuestión é claramente insuficiente. E o que demostra é que ter ao Goberno do Partido Popular, aínda que governe o Partido Socialista no Estado, non nos vale de nada, porque fan vostedes de goberno floreiro e non traen propostas serias nin aquí nin ao Congreso das e dos Deputados, nin moito menos pese a que ás veces parece que lles entra un certo case independentismo simplemente por confrontar con Madrid. Pois nin sequera iso nos serve para que vostedes realmente defendan os intereses deste país.

Este é o resumo da situación. Entón, seguimos cunha estafa legalizada que se explica polos consellos de administración, aos que van uns e outros despois, e mentres os beneficios das eléctricas se multiplican por miles de millóns vemos unha situación absolutamente extrema a nivel de país e a nivel social.

Eu quero recordar simplemente aquí as cifras de Naturgy, de Iberdrola e de Endesa, que aca-
paran o 80 % do mercado dos consumidores particulares: Naturgy, 490 millóns de euros de beneficios netos; Endesa, 1.394 e Iberdrola, 3.610.

Pero, de verdade, ¿que tomadura de pelo é esta para que non se tomen medidas realmente contundentes? E, ademais, o que está pasando hoxe demostra que non se actuou no pasado, pero nin uns nin outros. É que no ano 2012 mesmo a propia CNMC xa sancionou a Iberdrola por manipular os prezos da enerxía eléctrica con baleirado de encoros, algún que afectaba o río Sil. O que estamos vivindo xa o vivimos e non se corrixiu porque non se actuou e porque tampouco os reguladores funcionan adecuadamente. Esas mesmas multas aínda están pendentes de que dite o Supremo. Iso o que é é unha auténtica vergonza, e vostedes contribúen a manter a vergonza cando se nega un debate para facer unha modificación de fondo do sistema eléctrico como o que se propón na emenda que presenta o BNG. Son cuestións tan elementais como mudar a forma de fixar o prezo da luz. Que a min me parece estupendo que agora o Partido Socialista se sume a esta crítica, pero tiveron tempo no pasado e tiveron tempo neste mandato do señor Sánchez e teñen tempo tamén agora de ter en conta as propostas que nese sentido lanzamos aquí ou no Congreso das e dos Deputados. Poñemos propostas enriba da mesa para corrixiu esa fiscalidade de forma permanente, e poñemos tamén propostas enriba da mesa para dar un debate de país. Porque, ao final, isto que estamos vivindo tamén é no medio dunha crise que é máis profunda que a crise conxuntural da covid-19, que ten que ver co cambio que ten que facer este planeta, xa non este país, diante da emerxencia climática. E aí a cuestión é se Galiza aproveita o seu potencial e lidera ou se espera a que outros o fagan por ela, e se seguimos poñendo o recurso sen recibir beneficios a cambio.

Polo tanto, nós insistimos en pivotar nesas dúas ideas: que a enerxía eléctrica ten que ser un ben público e un ben básico garantido á cidadanía e que o noso país, por poñer o recurso, ten que ter unha compensación. Nós seguiremos insistindo niso. E todo o demais será literatura en canto, precisamente, eses titulares ocupen as portadas referentes ao mercado enerxético. Pois uns e outros terán que vir aquí, a este Parlamento, a facer un pim, pam, pum, a botarse a culpa de se é máis culpable o Partido Popular ou de se máis culpable o Par-



tido Socialista. Pero nós estamos noutra fase, e o que queremos é que este momento de crise, este momento de cambio, sexa tamén un momento de oportunidade a nivel de país. Seguiremos insistindo en que o debate enerxético ten que ser clave e en que só hai esas dúas opcións: ou poñerse do lado deste país ou seguir do lado das grandes eléctricas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señora Otero, tranquila, que lle vou falar agora das medidas desta mañá, teño o segundo turno de réplica. Mire, tantas medidas, tan boas medidas para, ao final, deixar o prezo da luz como o do ano 2018, que viña do Goberno do señor Rajoy. Tanta invención, todo este sistema, para, ao final, deixar o prezo da luz como o deixamos nós cando gobernamos, señora Otero. Mire, eu agradezo que valoren a Rajoy, nós tamén o valoramos, pero é que o puxo nun nivel... Mire, Rajoy non creou o mercado marxinalista da electricidade; é un mercado europeo, non o creou o señor Rajoy. Eu entendo que vostede é nova nestes debates de enerxía aquí, neste Parlamento; entón, voulle ensinar unha gráfica para falar do pasado, dese pasado que vostede tamén recordou. ¿Ve esta gráfica? (*A señora Nóvoa Iglesias mostra unha gráfica.*) Este é o buraco que fixeron vostedes; vostedes, que saben moito de periodismo. ¿Verdade que tamén viu esta noticia? ¿A que si? ¿Sabe que é isto? O déficit de tarifa. ¿Saben canto había cando... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor presidente... Mire.. Señora Otero, desculpe se lle molestou a alusión. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: Eu estoulle dicindo se vostede coñece esta gráfica, que é a gráfica do déficit de tarifa. Esta parte (*A señora Nóvoa Iglesias sinala coa man unha parte da gráfica.*) é a do señor Zapatero; 35.000 millóns de euros que xeraron vostedes. Entón, nós, cando chegamos a gobernar, claro que tivemos que sacar medidas para conter ese déficit, señoría, claro que si, que se crearon as leis do 2012 e do 2013 e eses impostos, que agora, pola situación na que estamos, pedimos que se quiten. É que nós si que evolucionamos, como dixo aquí a señora Presas, si que evolucionamos; os que non evolucionan son vostedes, señora Presas, que seguen pedindo propostas ilegais.

Mire, señora Otero, eu vou valorarlle dúas das súas medidas. Hoxe á mañá... Falando deste déficit, imos ver en pouco tempo outro déficit, o da tarifa do gas. Do gas vai verse outro déficit de tarifa. Imos ver como se contén iso.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!



A señora NÓVOA IGLESIAS: Eu hoxe non lle podó aventurar o que vai pasar, pero a nosa valoración é esa, que imos ver outro déficit de tarifa, esta vez do gas. Veremos que problema hai. E a segunda medida é: ¿a quen lle detraen cartos? O imposto que van quitar, o do 0,5 %, é un imposto que reverte nas comunidades autónoma. Entón, a quen si lles van detraer cartos outra vez, diñeiros, é ás comunidades. Si, esas son dúas das medidas, señores do Partido Socialista. Total, para volver ao prezo da electricidade do ano 2018, que vostedes non contan que estaba tamén alto. Non era un prezo barato, pero, bueno, eu agradezo que queiran volver ao ano no que nós deixamos o Goberno. Moi ben, señora Otero.

Mire, señora Presas, vostede fala de evolución, pero nós evolucionamos tecnoloxicamente. Quen non evolucionan son vostedes, que seguen pedindo as mesmas propostas do ano non sei que e non sei de que século xa: a tarifa galega, que non sae. Xa llo expliquei esta mañá, con datos económicos, eses que vostedes non teñen ou que escusan ou que non estudan. Eu expliqueillo esta mañá ben clariño, e non llo vou volver repetir, e sería ruinoso para os gallegos, señora Presas. Entón, os que non evolucionan son vostedes.

¿Nacionalizar empresas? Isto non é Venezuela, señora Presas. (*Murmurios.*) Vostedes piden que nacionalicemos os embalses. Colócanse cunhas pancartas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...a fin de semana alí para nacionalizar... Non, isto non é Venezuela, nin queremos os españois que nos corten a luz. Vostedes parece que, ao final, o que pretenden é que nos corten a luz, que, ao mellor, é iso o que pasa se finalmente, señorías, se desconectan tamén as nucleares, porque xa desconectaron as térmicas anticipadamente. Si, os dous, cómplices... Si, señora Presas, vostedes votaron o señor Sánchez, téñeno sentado en Madrid, e firmaron o pacto de Ana e Adriana, e alí, señoría, rubricaron o fin das térmicas. Si, señora Presas, esa é a realidade.

Miren, a realidade, ¿saben cal é? Esta (*A señora Nóvoa Iglesias amosa unha factura de electricidade.*), unha factura de electricidade dunha familia —para nada rica— que paga 104 euros o mes de agosto. Esta é a realidade de moitas familias, señorías, esta. ¿Que leva o PSOE facendo? ¿Que leva facendo, señora Otero, vostede, que le a prensa toda? ¿Que leva facendo? É que só leu a de agora á tarde, non leu a prensa de todos os días e non ve o sufrimento que están pasando as familias, os autónomos e as pemes, no contexto de crise que temos. É que non poden vir aquí hoxe sacar peito dunhas medidas que aprobaron hoxe, presionados pola situación insostible que estamos a vivir de 180 euros megavatio/hora que vai haber mañá, á que non lles quedou máis remedio, porque, se non, non farían nada, porque levan meses sen facer nada, señora Otero. Aprobaron a medida da baixada do IVE porque estaban asfixiados, e agora sacan estas, e veremos as consecuencias legais que imos ter. Eu, de verdade, agardo... (*Murmurios.*) E non ameazo a ninguén, pero eu agardo que a luz lles baixe ás familias, sobre todo ás máis necesitadas. E para iso son as nosas propostas, propostas legais. Nós non pedimos ningunha nacionalización, nin intervención do mercado, pero pedimos moitas cousas. Vostede eu creo que non leu toda a autoemenda, creo que non. Hai rebaixas de impostos, hai traspaso de custos aos orzamentos do Estado, que vostedes non queren, prefiren levalos ao Fondo de Sostibilidade...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...e, ao final, vai provocar que paguemos máis caro o combustible. Polo tanto, non podemos compartir con vostedes esas propostas, claro que non. Imos ver se de verdade as medidas de hoxe baixan a factura da luz e non temos que volver a estar falando dentro duns días do prezo da luz.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Debate acumulado das proposicións non de lei números 4 e 5 da orde do día:

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o pechamento de oficinas bancarias e garantir o dereito aos servizos básicos de carácter financeiro

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Prezas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para regular o sector bancario

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Á proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e á iniciativa do Bloque Nacionalista Galego presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia.*)

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º. - Demandar ao Goberno de España, en colaboración co Banco de España e a CNMC, a elaboración dun estudo sobre a situación do mercado financeiro en España dende el punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros, especialmente nas zonas rurais, e as súas consecuencias no seu desenvolvemento económico e social.



2º- Demandar ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros. Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, con independencia do seu lugar de residencia, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.

3º.- En tanto en canto non estea aprobada unha estratexia estatal de loita contra a exclusión financeira, a continuar impulsando, xunto coas administracións locais galegas e en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros, tales como a instalación de caixeiros multientidades e programas de formación en banca electrónica».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva un novo punto co seguinte texto:

«5º) Tomar as medidas necesarias para deixar sen efecto o impulso de calquera medida que teña por obxecto inxectar recursos públicos a entidades bancarias para sufragar servizos que estas mesmas entidades están a pechar sen xustificación económica. Singularmente, a Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galiza (prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio), e se convocan para as anualidades 2021 a 2025 (código de procedemento FA500A), con posterior corrección de erros no Diario Oficial do luns 5 de xullo de 2021 e que o goberno galego xa avanzou que obtería Abanca».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Sandra Vázquez Domínguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Demandar ao Goberno de España, en colaboración co Banco de España e a CNMC, a elaboración dun estudo sobre a situación do mercado financeiro en España dende el punto de vista da concentra-



ción bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros, especialmente nas zonas rurais, e as súas consecuencias no seu desenvolvemento económico e social.

2º- Demandar ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros. Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, con independencia do seu lugar de residencia, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.

3º.- En tanto en canto non estea aprobada unha estratexia estatal de loita contra a exclusión financeira, a continuar impulsando, xunto coas administracións locais galegas e en colaboración coas entidades financeiras que operan en Galicia, medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros, tales como a instalación de caixeiros multientidades e programas de formación en banca electrónica».)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Boa tarde a todos e a todas, deputados e deputadas.

Esta é unha iniciativa que ten que ver fundamentalmente co que está pasando neste país ultimamente, que é o peche continuo de oficinas de banca, especialmente en concellos pequenos; tamén en zonas urbanas, pero con afectación grave en moitos cidadáns que viven en concellos de menos de 2.000 habitantes, que, como todos sabemos, en Galicia son moitos e, nalgunha provincia como Ourense, a inmensa maioría.

Eu creo que coincidimos todos en que son ou deben ser os poderes públicos quen garantan ao conxunto da cidadanía a prestación dos servizos básicos, tamén dos servizos básicos que teñen que ver cos servizos financeiros, cos servizos bancarios, independentemente, evidentemente, do lugar onde residan.

Nisto se fundamenta a cohesión social, a cohesión territorial, esa que a Xunta de Galicia di defender, e a medida que pasa o tempo, a medida que pasan os mandatos e a medida que pasan os anos que o Goberno do Partido Popular leva na Xunta de Galicia vemos como hai dúas galicias: hai unha Galicia absolutamente desigual, hai unha Galicia que vai por unha vía, e hai unha Galicia que, dende logo, vai camiño da extinción.

Nós, en relación con este asunto, do sistema financeiro, evidentemente, non somos comunistas. Nós non defendemos a nacionalización da banca como elemento de solución deste tipo de problemas. Nós cremos que o sistema económico, evidentemente, necesita un sistema financeiro robusto, un sistema financeiro forte, e nesa lóxica entendemos as fusiones, entendemos tamén as concentracións bancarias, e mesmamente entendemos que os bancos teñen que gañar diñeiro. Nós non cuestionamos a economía de mercado, pero si defendemos que o Estado e a Administración pública teñen que regular e defender os servizos públicos como un elemento esencial e fundamental.



O que xa non podemos admitir baixo ningún concepto — neste momento Galicia, este país, non é un contexto especificamente galego, pero estamos en Galicia e temos que falar do que sucede aquí— é que se utilice a pandemia, que se utilice a baixada de rendibilidade das entidades financeiras para acometer un peche draconiano de oficinas de banca, especialmente en concellos pequenos, que está deixando excluídos financeiramente moitos cidadáns deste país.

Eu vou dar uns datos, que son datos sacados do Banco de España, que teñen que ver coa exclusión financeira neste país e que poñen de manifesto que xa en Galicia hai 250.000 galegos e galegas que ou ben teñen moitas dificultades ou que ven impedida xa a súa posibilidade de acceso ao efectivo, aos seus cartos. Hai 45 concellos en Galicia que xa non teñen ningunha oficina de banca. Evidentemente, isto non é igual en toda Galicia; é unha situación asimétrica. Na provincia de Ourense, hai 28 concellos sen oficina de banca, case o 9 % da poboación non ten acceso no seu propio concello, no seu propio municipio, a un banco, a unha oficina de banca, para realizar as xestións mínimas, incluído sacar diñeiro. E isto ten que ver co comportamento, evidentemente, das entidades financeiras, do conxunto das entidades financeiras, e nomeadamente, vou citar unha, porque é a que ten maior volume de negocio neste país, a que ten a maior dimensión de oficinas neste país e a que é, ademais, froito, resultado final, dun proceso de extinción de caixas de aforros, que deu lugar a un banco chamado Novagalicia Banco, que logo foi malvendido no ano 2013 por 1.000 millóns de euros a esta entidade, á entidade presidida polo señor Escotet, Abanca, que é a que desde o ano 2015 leva pechado, ata o ano 2020, 110 oficinas, pero que dende abril deste ano, do ano 2021, pechou ou anunciou o peche en Carril, Vilaxoán, Vimianzo, Zas, A Baña, Baíñas, Muras, Forcarei, Fene, Cotobade, Cerdido, Mesón do Vento, Seixo (en Marín), Campelo, Campo Lameiro, Padrenda, Quintela de Leirado, Portas, nunha parroquia de Cambados e, polo que nos indican, tamén posiblemente neste mes no Vicedo, no concello do Vicedo. Son concellos onde pecha a oficina da banca e onde é a única, en moitos casos, que hai.

Polo tanto, a cuestión, evidentemente, non é outra que se, en fin, a Xunta de Galicia está a demandar ás entidades financeiras, nomeadamente a esta entidade financeira, algún tipo de responsabilidade social con este país, ou se simplemente está noutra cuestión. Porque hai 66.000 galegos xa que non teñen acceso a ningún servizo financeiro no ámbito do seu concello. Galicia é a segunda comunidade autónoma, despois de Castela-León, onde hai máis impacto negativo dos cidadáns ou onde teñen máis dificultades os cidadáns para o acceso ao efectivo.

E aquí resulta chamativo que, diante desta situación, a solución da Xunta sexa incentivar, neste caso, as entidades financeiras, para que monten caixeiros naqueles concellos onde non existen, ou onde os bancos — neste caso Abanca— ten pechada a súa oficina. A semana pasada, na Comisión de Economía, o señor Caamaño —que é o responsable de política financeira— anunciábanos que Abanca resultaba adxudicataria dun concurso onde se lle van dar 2,8 millóns de euros para instalar caixeiros, precisamente naqueles concellos onde Abanca acaba de pechar a oficina. Isto é absolutamente inadmisibile, porque é unha entidade, ademais, que nos últimos anos tivo 3.200 millóns de euros de beneficios. Esta entidade, NovagaliciaBanco, foi vendida por 1.000 millóns de euros. Abanca gañou no primeiro ano 1.157 millóns de euros. Mesmamente en época de pandemia gañou diñeiro, e neste semestre leva gañado 157 millóns de euros. Polo tanto, non é unha cuestión de rendibilidade do sistema



financeiro, neste caso, desta entidade o que motiva o peche destas oficinas nos concellos, é a ausencia absoluta de responsabilidade social con este país.

Diante diso, nós preguntámoslle á Xunta de Galicia nesta comisión, e hoxe interpelamos tamén a este Parlamento, para que, en fin, responda a unha cuestión: se, efectivamente, a Xunta de Galicia mete a Abanca nunha sociedade pública ou semipública para xestionar os fondos europeos, se o Parlamento de Galicia e, concretamente, a Xunta de Galicia, lle dan a Abanca unha universidade privada, ¿pode ou non pode a Xunta de Galicia demandar a Abanca responsabilidade social con este país? (*Aplausos.*)

Iso é o que nós vimos plantexar nesta iniciativa, que a Xunta de Galicia, efectivamente, exixa a esta entidade e ao resto de entidades que non pechen oficinas, que non sigan pechando oficinas nos concellos do país, especialmente nos concellos de menos de 2.000 habitantes, onde vive unha porcentaxe de poboación importantísima de máis de 65 anos, que está excluída da posibilidade real de acceder á banca electrónica; esa desde a que están expulsando directamente dende Abanca aos cidadáns. Pedímoslle que non siga pechando oficinas, pedímoslle á Xunta que impulse unha negociación política, medidas políticas con esta entidade e co resto de entidades para que non se pechen, para que reabran as oficinas, e que o Instituto Galego de Consumo faga tamén o seu papel no sentido de elaborar unha carta de servizos básicos para que os consumidores e consumidoras galegos teñan e saiban cales son os seus dereitos neste ámbito.

Ademais, non somos descoñecedores da realidade, sabemos que isto tamén exige unha modificación normativa e lexislativa. Polo tanto, tamén demandamos do Goberno do Estado, do Estado, que lexisle neste sentido para evitar a exclusión financeira dos cidadáns galegos que viven nos concellos pequenos, que viven nos concellos urbanos e que se ven excluídos dos servizos básicos como consecuencia do peche de oficinas.

Esta é a iniciativa que sometemos a votación. E estes concellos onde pechan as oficinas non teñen necesariamente unha cor política determinada, viamos a alcaldes do Partido Popular recentemente demandando o mesmo que fago eu hoxe aquí.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Francisco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Hai determinadas situacións na vida nas que se adoita dicir aquilo de que ás veces é peor o remedio que a enfermidade, e neste caso estamos nunha desas ocasións nas que era mellor



que o Goberno do Partido Popular estivese quieto, sen facer nada, como adoita facer habitualmente, que intentar facer algo, porque é peor ese remedio que a enfermidade. Aquí a cuestión é que hai un gran problema de fondo, hai unha fonda reestruturación e reconversión do sector bancario, e iso trae numerosos problemas, do ámbito social, do ámbito laboral e tamén do ámbito económico. Quixera referirme brevemente a algúns deles.

Falamos de drama laboral porque estamos vendo unha nova precipitación de peches e de eliminación de servizos. Iso trae, ademais, numerosos despedimentos. Vimos recentemente, xa só no último mes, o caso do Sabadell: ERE para 1.900 traballadores e traballadoras e máis de 30 oficinas menos en Galiza; unha situación similar en cifras e oficinas foi para o BBVA e para Caixa Bank; vimos tamén como Abanca, nos últimos meses, só no mes de setembro, pechou oficinas como a de San Valentín, Zas, A Baña, Baíñas, Campo Lameiro, San Xoán de Río, Padrenda, etc., pero antes moitas outras, pinga a pinga, e máis que virán.

Meses antes tamén comezabamos este ano 2021 coa consumación do ERE do Santander, un paso máis nesa perda de músculo financeiro no noso país. Desta volta, 79 oficinas e case 400 empregos menos en Galiza. Esta é a realidade. Desde que comezou a crise financeira do 2008 ata agora, Galiza perdeu máis do 51% de oficinas do noso país. Había sobre 2.500 naquel ano e no comezo da pandemia había 1.300, e baixando.

Eu quero chamar aquí a atención sobre unha cuestión. Estamos ante un proceso que é moi profundo e que non afecta en absoluto esa imaxe que se intenta poñer por parte da Xunta de Galicia tamén de que isto son catro concellos do rural. Aínda que fosen catro concellos do rural sería un problema político e social de primeira orde, pero que é un problema que afecta todo o país, é un problema tamén urbano. E eu volvo poñer aquí, enriba desta Cámara, o exemplo da cidade de Ourense, do meu barrio natal, o barrio do Vinte e un, con 30.000 habitantes, o barrio máis poboado. Nestes últimos meses xa pecharon oficinas alí o Santander e Abanca. Xa empezaron na pandemia, no primeiro confinamento, a facelo. E son 30.000 habitantes. Destas entidades, que son as que monopolizan o mercado galego, só hai dúas oficinas. Hai outras doutros bancos, como Targobank, por exemplo, que vai pechar en outubro e que está enviando unha carta a todos os seus clientes dicíndolles que a súa oficina de referencia pasa a ser na Coruña, a 200 quilómetros —ja 200 quilómetros a súa oficina de referencia!—. E así con todo, xa sen entrar noutras cuestións colaterais, como ese fenómeno de converter a banca en grandes *call centers* con outras condicións laborais e menos garantías para a clientela.

Pero dicimos que, ademais dun drama laboral, é un drama social tamén, porque todo isto se está facendo avanzando novas estafas. Nestes días falábase das estafas no ámbito cibernético, pero podemos falar tamén das estafas que está facendo a propia banca, intentando colocar novamente produtos, seguros, facendo prácticas de exclusión daqueles clientes que non son rendíbeis, e jollo!, un cliente non rendíbel para Abanca —como nome propio— hoxe en día é alguén que teña menos de 50.000 euros na súa conta bancaria, que é algo que, desafortunadamente, tampouco é tan común nos galegos e galegas do noso país. E están facendo cuestións como o pacto de horario de caixas, sen que tampouco os reguladores do ámbito estatal fagan nada, porque están o Banco de España e a CNMC igual que estaban na crise do 2008, cos brazos cruzados e durmindo o sono dos xustos, e así nos vai.



Isto é tamén un drama económico, porque vemos que acontece, mentres, ademais, emigra o aforro galego para fóra do noso país. No día de hoxe, avanza ese diferencial entre créditos e depósitos no noso país e hai case 30.000 millóns de euros — máis de dous orzamentos da Xunta xuntos— de aforro galego que vai para investimento fóra do país. Supoño que a iso nos dirán que é culpa dos galegos, que somos pobres. Pois, non, o que estamos é empobrecidos con este modelo centralista e colonial. Igual, exactamente igual, que co debate do sistema eléctrico que tivemos no punto anterior. Esta é unha situación de reconversión gravísima. ¿E que fan o Goberno galego e o do Estado? Pois basicamente facelo peor aínda. Xa non é que miren para outro lado, senón que continúan a rescatar o sector bancario. Iso é o que están facendo cos créditos ICO e coa xestión dos fondos europeos. E xa non contentas con iso, buscan fórmulas novas de encher aínda máis as arcas dos bancos, cando están pechando servizos única e exclusivamente para aumentar un beneficio que xa teñen e que simplemente queren incrementar por usura. Á Xunta de Galiza xa lle parecía pouco regalarlle a primeira universidade privada do noso país a Abanca, con nome propio, parecíalle pouco crear un chiringuito de xestión dos fondos europeos que sabe máis dos fondos europeos que este Parlamento, parecíalle pouco, e agora decidiron facer algo que se lles dá bastante ben, que é copiar exemplos doutras latitudes, pero copiar sempre os peores exemplos. Entón, tomaron a inspiración dunha idea —que me alegro de que o Partido Socialista de Galicia non comparta, pero o Partido Socialista valenciano si compartía— e naceu esta formulación de financiar entidades bancarias para que poñan os caixeiros que están pechando. Iso, desde logo, a nós parécenos un absoluto escándalo.

Hai que recordar que a banca foi rescatada no Estado español con máis de 65.000 millóns de euros dos que apenas se van recuperar 15.000, e Abanca —todo xunto, como nome propio—, con máis de 9.000 millóns de euros, que tampouco imos recuperar e que, ademais, vimos como enseguida comezaba a ter beneficios. A deputada do Partido Popular que interviña na quenda anterior quedou con ansia de falar de Venezuela. Pois volvemos falar de Venezuela, precisamente, para falar deste caso. (*Aplausos.*) Gustaríanos que fose para falar doutras cuestións, pero vese que isto segue recorrentemente nos grandes problemas de ámbito social e económico que ten este país, pese a que o Partido Popular siga querendo bloquear esa comisión de investigación. Pero, claro, ao final, o que está pasando neste país, explícase polos abrazos e polas dadas de man que ten o señor presidente da Xunta de Galiza. Porque se á mañá falabamos dos abrazos con Iberdrola, agora podemos falar da súa grande amizade co señor Escotec, ao que xa practicamente non lle queda nada que regalarlle deste país. (*Aplausos.*) Só no que levamos de 2021 —volvo recordar—: universidade privada e chiringuito para mangonear nos fondos europeos. Isto xa é o *top ten* das portas xiratorias, porque xa directamente que Abanca governe por eles, que Abanca governe polo Partido Popular, e xa innovan vostedes nas portas xiratorias.

Pero aínda así era pouco e sacan esa orde —da que hoxe pedimos que se dea marcha atrás— para que unha entidade financie con cartos públicos eses servizos que está pechando simplemente para engordar os seus beneficios. Esta é unha cuestión que vén de lonxe, ademais. Estase escudando agora o Partido Popular na covid-19, no que aconteceu nesta crise, etc., pero isto vén de antes. Xa foi en xullo de 2019 cando por primeira vez o Bloque Nacionalista Galego interpelou aquí á Xunta de Galiza para pedirlle que dera pasos atrás nesta cuestión. Daquela, o señor Conde —que tamén estaba moi interesado en falar de Venezuela nese de-



bate— e vostedes votaron xa en setembro dese ano mocións do Bloque Nacionalista Galego en contra desta cuestión, e agora vemos como aproveitaron esta crise —da mesma forma que a banca emprega como coartada para avanzar nese proceso de concentración e de oligopolización, que é unha axenda internacional—, como o Partido Popular aproveita para, sen máscara ningunha, contribuír a que as entidades bancarias poidan facer iso.

É, desde logo, unha absoluta indecencia. E, ademais, demostrouse que o que fixeron vostedes nos últimos meses desde que anunciaron esta orde foi sacala a exposición pública e despois publicala no *Diario Oficial de Galiza*. Foi un efecto chamada, porque hai entidades como Abanca —que tanto lles gusta— que parecía que aguantaba sen pechar máis oficinas, pero empezou unha nova andanada no mes de agosto, a ver se así non se notaba. Iso foi o que aconteceu. Provocaron vostedes un efecto chamada, porque así, evidentemente, as entidades bancarias, se lles van pagar vostedes o negocio privado, pois, desde logo, avanza con esta situación, que para nós é o colmo dos colmos.

E tal e como lle dicíamos a semana pasada na comisión: isto xa non é que mexen por nós e que teñamos que dicir que chove, isto xa é directamente que a Xunta de Galiza, con recursos dos galegos e galegas —que poderían ir para contratar máis profesorado para o ensino, como se falaba hoxe pola mañá; que poderían ir para reforzar o sistema sanitario público, como falabamos hoxe pola tarde; que poderían ir para proxectos innovadores—, decide que iso ten que ir para engrosar as arcas públicas destas entidades. É absolutamente obsceno, é pagarlles para que mexen por nós, señores do Partido Popular. Desde logo, destinar máis de tres millóns de euros para unha entidade, que xa vostedes confirmaron que gañou o concurso, como Abanca, que tivo 157 millóns de euros de beneficio neto en plena crise económica, é absolutamente obsceno.

Polo tanto, hoxe insistimos en que isto ten que ter unha volta atrás. Espero que vostedes non empreguen as declaracións do señor Gómez Eiroa de onte, que ten xa delito, porque este señor era director comercial de Caixa Nova cando estafaban os galegos e galegas coas preferentes, e dicía que a banca tamén perdía cartos nisto. Bueno, isto xa é unha tomadura de pelo sen fin.

Nós insistimos en tres propostas moi claras, porque aquí a alternativa é: ou están do lado do interese da gran banca ou están do lado dos galegos e galegas. Entón, pedimos en primeiro lugar, que deixen sen efecto esa orde, tomando as medidas necesarias para non inxectar un só euro público a entidades bancarias que están pechando servizos e despedindo xente neste país. En segundo lugar, que negocien e fagan negociación política, porque foi algo que foron incapaces de facer en doce anos de goberno. E, en terceiro lugar, que estean do lado das demandas, que levamos tamén anos con este problema enriba da mesa e proponendo desde o BNG que se reforme esa regulación estatal, por exemplo, o Real decreto de servizos de pago, e que se obrigue a que, en función do volume de negocio, estas entidades bancarias teñan que ter unha rede de servizos mínimos, igual que acontece noutros ámbitos da economía. É así, hai dúas alternativas: ou negocien e lexislan, ou están do lado da gran banca e seguen vendendo este país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nós, desde logo, hoxe pedímoslle que, por favor, non sexan aínda peores os remedios que intentan poñer a isto que a enfermidade que nos toca sufrir no sector financeiro.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Estamos ante unha situación, o peche das entidades bancarias, tanto no ámbito rural como no ámbito urbano, que xera unha fonda preocupación e inqueda nos galegos e nas galegas, e, como non, preocupación que compartimos dende o Partido Popular. Hai un descontento social ante un problema como é o do acceso aos servizos bancarios e financeiros, que afecta xa máis da metade dos municipios de toda España.

Longas ringleiras de clientes ás portas das entidades bancarias, horarios reducidos que dificultan a vida cotiá dos nosos maiores. En definitiva, señorías, só chega con pasear por calquera pobo ou cidade do noso territorio español para observar que estamos ante un problema de gran envergadura. A crise económica e financeira do ano 2008 foi o punto de partida dun forte proceso de reestruturación do sector financeiro. Dende entón, o sector está inmerso nun proceso continuo na busca de modelos de negocio axustados aos novos retos que se presentan no ámbito financeiro, como a dixitalización do sector ou mesmo a entrada de novos competidores tecnolóxicos.

Esa reestruturación da que falamos trae consigo unha redución moi intensa do número de oficinas bancarias e axustes no emprego e traspasa as fronteiras galegas. Miren, por pór datos enriba da mesa e ver o alcance do gran problema que ten España, a rede de oficinas das entidades de crédito alcanzou un máximo de 46.000 unidades en setembro do ano 2008, e dende entón non deixou de caer ata situarse, en decembro do ano 2020, en pouco máis de 22.000 sucursais; polo que estamos a falar dun axuste de máis do 51 %, incluso con comunidades autónomas como Cataluña, cunha caída dun 64 %.

En Galicia o peche de oficinas bancarias atópase na media do conxunto de España. O pasado ano pecháronse en España máis de 1.600 oficinas, e este ano continúan estes peches, non só en Abanca, señor Francisco Rivera, senón tamén no Banco Santander, CaixaBank, Unicaja, no Banco Sabadell, ou mesmo no BBVA.

Son datos alarmantes e que poñen de manifesto que é necesaria unha actuación por parte das administracións públicas no seu conxunto. É indignante que as entidades financeiras



tomen decisións unilaterais como o peche das oficinas bancarias, deixando dun día para outro sen acceso a servizos financeiros a persoas vulnerables, a persoas de avanzada idade ou con dificultades de desprazamento. Pedimos unha responsabilidade social.

Señor Francisco Rivera, mire, vostede centra a atención... (*Murmurios.*) ¿Si? Bueno. (*Murmurios.*) Pensei que quería falar, señora Rodil. Como ten tanta ansia de poder intervir tamén en cada iniciativa... (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, ao presidente creo; ao presidente, si.

Mire, señor Francisco Rivera, vostede centra a atención en Abanca, pero é que en Cervo pechan a oficina do BBVA, en San Cibrao das Viñas, un concello industrial da provincia de Ourense, pecha a sucursal do Banco Santander, e recentemente coñecemos a decisión do Banco Sabadell de pechar a sucursal de Arzúa. Isto non se trata só de Abanca, senón das entidades bancarias no seu conxunto. ¿Acaso os veciños de Cervo, de San Cibrao das Viñas ou mesmo de Arzúa teñen menos dereitos que outros nos que pecha a entidade de Abanca? Quero pensar que vostede defende todos os galegos de maneira igualitaria, e non centra só a atención en Abanca. ¿Ou acaso centra a dita atención en Abanca por algún interese político?

Por aclarar algunha outra cuestión en relación coa fusión das caixas, mire, quero dicirle que imaxine por un momento que a actual entidade de Abanca fose propiedade dun gran banco como o BBVA ou o Banco Santander; imaxine que esa fose a realidade no día de hoxe. Probablemente estaríamos falando de máis do 70 % dos concellos galegos sen ningunha entidade financeira. Estou a falar dunha realidade, non estou a defender a ninguén.

Concordamos totalmente en que Abanca é un factor moi importante dentro do sistema financeiro galego, estamos a falar dunha entidade radicada en Galicia e cunha cota de mercado dun 40 %; polo tanto, as súas decisións afectan significativamente o mercado galego.

Exiximos responsabilidade, por suposto, non o dubiden en ningún momento, pero non esquezamos, señorías, que estamos ante un problema xeral, que vai continuar nos próximos anos, e no que é necesaria unha solución a nivel nacional por parte do Goberno de España. É unha problemática xeneralizada, que sobrepasa o ámbito dun concello, dunha deputación e mesmo dunha comunidade autónoma, e que nós, dende o Grupo Popular, entendemos que require dun tratamento e dunha solución coordinada por parte das diferentes administracións públicas, pero, por suposto, capitaneadas polo Goberno de España. E a ver se somos capaces de poñernos de acordo na avaliación dos problemas os tres grupos parlamentarios —aquí fixémoslo e manifestámolo— sobre o peche das entidades financeiras no ámbito rural e urbano de toda España, señora Presas. Identificamos totalmente o problema tanto no ámbito rural como no ámbito urbano.

Vemos ringleiras de clientes ás portas das entidades debido aos horarios imposibles para as persoas máis vulnerables. Tamén deberemos facelo na solución, que camiña por unha acción conxunta, liderada e coordinada polo Goberno estatal, coa imperiosa necesidade de que elabore un estudo completo e detallado que analice a situación do mercado financeiro para elaborar esa estratexia con medidas que faciliten e garantan o acceso da poboación a servizos bancarios.



É tan fácil como iso, tan fácil como iso, pero é que, de feito, señorías, está aprobada —si, si, está aprobado por unha ampla maioría— a iniciativa do Grupo Socialista na Cámara Alta, na representativa da comunidades autónomas.

Entendemos, dende logo, dende o Grupo Parlamentario Popular, que esta é a formulación máis lóxica e máis eficiente. Repito que existe un acordo a nivel nacional —que supoño que o señor Francisco Rivera coñecerá, e, se non, tamén llo fago saber—, pero, polo que se ve, debe ser papel mollado, sobre todo en todo o que se refire ou que ten que ver co Goberno central. Consta de varios puntos, entre eles, impulsar o emprego de mecanismos que faciliten a accesibilidade dos servizos financeiros; favorecer que as entidades financeiras desenvolvan cursos no medio rural; ofrecer ás entidades financeiras incentivos e espazos dentro das dependencias das administracións públicas para facilitar a instalación de caixeiros automáticos; e mesmo promover convenios coas entidades bancarias. Isto está aprobado, señor Francisco Rivera, cos votos do Partido Socialista. ¡É que é indignante que mintan aos galegos, que os enganen unha e outra vez!

Primeiro, voulles facer o resumo. Recoñecen o problema, porque é obvio, simplemente basta con pasear por calquera pobo español. Aprobamos unha moción o 14 de setembro do 2020, poñendo deberes ás comunidades autónomas, aos concellos e ás deputacións. E o terceiro paso é que se van un ano de vacacións. Non sabemos absolutamente nada do que tiña que facer o Estado, nada se sabe ante un problema que é latente, que prexudica a moitas persoas, sobre todo as máis vulnerables.

As comunidades autónomas, como é o caso da Xunta de Galicia, ante esta pasividade do Goberno central, deciden non quedar de brazos cruzados, dende logo que non, e buscan unha solución para os 55.000 galegos e galegas, e vostedes non queren, vostedes opóñense; unha solución xa anterior. E non intenten confundir a cidadanía sobre a problemática actual. De feito, comezou a traballarse neste convenio dende o ano 2019. A Fegamp —onde están representados os concellos da cor política do Partido Popular, do Partido Socialista e mesmo do Bloque Nacionalista Galego— aprobou por unanimidade a firma dun convenio coa Xunta de Galicia para dar solución a este problema naqueles concellos ausentes de oficinas bancarias, porque así Galicia se anticipaba a un problema que se vía vir como consecuencia da estrutura financeira que se vive en Europa, que son as dificultades alegadas polo sector bancario en relación coa presencialidade das oficinas; solución que a Xunta de Galicia pon á disposición daqueles concellos prexudicados polos ditos peches para que se adheriran ao convenio entre o organismo autónomo e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

Primeiro, un caixeiro automático para que un veciño de a pé poida pagar un recibo, para retirar efectivo ou para facer outro tipo de operacións. Van ter a posibilidade tamén de contar coa presenza física de persoal dunha entidade financeira, dando asesoramento, por suposto, e a oferta de formación financeira en banca dixital. Hai concellos asinantes do Partido Popular, por suposto, concellos asinantes do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e tamén independentistas. ¡E vostedes non están de acordo! ¿Señorías, vanlles facer, supoño, unha cruz aos alcaldes da súa cor política que firmaron un convenio para garantirlles o acceso financeiro aos seus veciños? Vanlles poñer unha cruz, probablemente.



Dende a tribuna pretenden abandonar os galegos e as galegas que non teñen acceso aos servizos financeiros pola simple razón partidista. Uns porque se dan conta realmente de que non fixeron nada por arranxar o problema, como o Partido Socialista, e outros por ser uns cómplices políticos. Visiten os concellos afectados e díganlles, mirándolles aos ollos, que se opoñen a que teñan un servizo financeiro e que non van ter onde pagar o recibo da luz, que non van ter onde pagar o recibo do teléfono ou que non van poder facer unha simple transferencia. E cando lles pregunten por que, por que queren pechar, díganlles que pola simple razón de que, como é unha medida do Goberno de Feijóo, pois non lles gusta. Iso é o que pasa no Bloque Nacionalista Galego e no Partido Socialista. *(Aplausos.)*

¿En que mundo viven, señorías? *(Murmurios.)* É tanto o trato discriminatorio que teñen con Galicia que sobrepasa límites máis remotos.

Mire, tanto a Deputación de Valladolid, de Almería, gobernadas polo Partido Popular, como a Deputación de Badajoz, Granada ou Guadalaxara, gobernadas polo Partido Socialista, aprobaron iniciativas semellantes á galega, ¡semellantes!

Pero mire, señora Presas, vou dicirlle máis. Dada a boa sintonía que mantén con Esquerda Republicana de Cataluña, xa que ademais de acudir en conxunto ás eleccións europeas se convidan mutuamente os días festivos das autonomías, *(Murmurios.)* a Deputación de Tarragona ten un convenio con CaixaBank para a instalación de caixeiros automáticos en pequenos concellos. Entón, señora Presas, en Tarragona, si, pero en Galicia, non. Claro, pois vaia vostede a calquera concello galego, como Monfero, Ribeira de Piquín, San Xoán de Río, Santiso, Toques, O Páramo... e explíquelles que non están de acordo en que os veciños teñan acceso a un servizo financeiro unha vez que pechou a súa oficina. ¡Dígallelo! Dígallelo a ver que opinan. O problema vai máis alá, e vostedes non fan absolutamente nada por darlle unha solución.

Señorías, non estamos tan desencamiñados cando realmente o que nos preocupa é mellorar a accesibilidade da poboación aos servizos bancarios. Esta é a realidade diaria, os problemas do día a día aos que debemos de buscar unha solución. A solución do Bloque Nacionalista Galego, pois, mire, é nacionalizar, por unha banda, ou, se non, deixar sen alternativa bancaria a poboación vulnerable. E, por parte do Grupo Socialista, é ir de vacacións durante un ano, sen facer absolutamente nada, e que veñan outros resolver os problemas que son da súa competencia. E cando resulta que a Fegamp e a Xunta firman un convenio e buscan a solución para máis de 55.000 galegos que non teñen acceso a unha serie de servizos financeiros, vostedes o único que buscan é trifulca política, efectivamente, non solucións, *(Murmurios.)* porque saben que non fixeron absolutamente nada por arranxar un problema que afecta máis de mil galegos, e que, ademais, ten máxima competencia para resolvelo o Goberno do Estado.

Ante a falta de planificación e coordinación por parte do Goberno para abordar este problema de ámbito nacional, o Goberno galego foi unha das primeiras administracións autonómicas en actuar, asinando, coa representación dos concellos, un protocolo de colaboración ao que se adheriron 38 concellos galegos das diferentes cores políticas —remato xa, presidente—, porque para estes concellos afectados, ao igual que para a Xunta de Galicia e para este grupo



parlamentario, o único realmente importante é solucionar os problemas dos galegos, reivindicando, por suposto, a política útil na busca de solucións aos problemas xerais da xente. Esta é a solución que recollemos na nosa emenda. ¿Para todo o demais? ¡Quedan vostedes sós ante o abismo! (*Murmurios.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o Grupo Parlamentario Socialista, o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas.

Boa tarde novamente.

En fin, da nosa iniciativa o que se deduce basicamente é unha exixencia á Xunta de Galicia, a Feijóo, para que demande ao sistema financeiro, pero, nomeadamente, si á Abanca, responsabilidade social con este país. Iso é o que lle pedimos.

Vostedes, no Partido Popular, ¿teñen algún problema en demandar responsabilidade a Abanca para que non peche as oficinas neste país? Porque o convenio coa Fegamp —ao que vostede aludía— non avala isto. O convenio coa Fegamp precisamente era para dotar de servizos financeiros a aqueles concellos que xa non os tiñan, pero o que se está producindo neste momento como consecuencia das decisións da Xunta de Galicia, efectivamente, é un efecto chamada, un efecto ao peche continuado de oficinas porque saben que a Xunta de Galicia vai financiar a instalación de caixeiros nesas oficinas que está pechando, precisamente, esa entidade. (*Aplausos.*)

E digo responsabilidade social con Galicia porque esta entidade, Abanca —si, Abanca, a que vostedes defenden; Abanca, si, a que vostede aquí defende, á que a Xunta de Galicia lle concede unha universidade privada, a que mete a xestionar os fondos europeos e á que lle é incapaz de cuestionar publicamente o peche das oficinas ou de exixir a reapertura daquelas que están pechadas—, tivo neste país 3.000 millóns de euros de beneficios, e ten un volume de negocio, un volume de clientela e unha dimensión que non nace *ex novo*, que vén precisamente dun modelo de negocio instalado neste país durante décadas e que se extinguiu como consecuencia da desaparición das caixas de aforros. Por tanto, esa entidade —que é unha entidade privada— que compra un banco, e contra a que nós non temos absolutamente nada, ten unha débeda con este país, ¿como que non? E a Xunta de Galicia tenlle que demandar responsabilidade social a esta entidade. Iso é o que pedimos.

Por tanto, en fin, vostede fai aquí unha radiografía, na súa emenda, dunha serie de estudos que hai que facer. Nós viñemos aquí, xa con distintas iniciativas ao longo dos últimos meses, plantexando, precisamente, que o Instituto Galego de Consumo e Competencia fixese un es-



tudo sobre o impacto da concentración bancaria no acceso ao crédito, nos préstamos, na exclusión financeira... Bueno, nada diso se aprobou neste Parlamento co voto do Partido Popular.

Polo tanto, a radiografía xa está feita e todos coincidimos en que, efectivamente, non se pode continuar baixo esta forma de actuar das entidades financeiras; nomeadamente, daquelas que teñen o monopolio ou tiñan o monopolio nos concellos máis pequenos. É verdade que este non é un problema só dos concellos pequenos ou dos concellos máis afastados, que tamén é un problema que afecta o conxunto de cidadáns que viven en zonas urbanas. Pero é verdade que é moito máis intenso o problema naqueles concellos onde os cidadáns xa non teñen nin tan sequera onde sacar o seu diñeiro dunha entidade, nin con quen entablar unha pequena, en fin, transacción financeira, dado que se está expulsando directamente os cidadáns cara a unha banca dixital para a que non están habilitados en moitos casos.

Nós non coincidimos co plantexamento financeiro do BNG en canto a, en fin, que a solución estea nunha banca pública, nin moito menos, pero si coincidimos no fondo desta cuestión, en que esta non pode ser a solución. Non pode ser a solución incentivar e facer un efecto chamada ao peche de oficinas dicíndolles que, se pechan oficinas, ao día seguinte van ter unha subvención da Xunta de Galicia para colocar un caixeiro. Polo tanto, nós non podemos aceptar iso, e creo que a Fegamp tampouco pode aceptar iso. Por suposto que non o acepta, porque xa plantexou alegacións a este respecto e aínda non están resoltas nin tan sequera contestadas pola propia Xunta de Galicia.

A nosa iniciativa é absolutamente clara. Nós non temos ningún problema en exixir que o Goberno do Estado regule normativamente que non se poden excluír os cidadáns en función da súa residencia, do acceso aos servizos básicos, neste caso aos servizos financeiros, pero tamén lle pedimos á Xunta de Galicia que non se esconda e que lle exixa a Abanca e ás entidades financeiras no seu conxunto responsabilidade con este país, porque non se poden pechar oficinas e ao mesmo tempo recibir prebendas do Goberno autonómico. E iso tenllo que dicir o señor Núñez Feijóo e tamén llo dicimos dende a oposición.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: As emendas. ¿Acepta as emendas?

O señor FRANCISCO RIVERA: Respecto da emenda do BNG, aceptámola. Respecto da emenda do Partido Popular, non a aceptamos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo parlamentario proponente, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Moitas grazas, presidente.



Comezando por esta última cuestión, agradecemos ao Grupo Socialista a aceptación da emenda de adición que presentamos.

E indo xa á quenda de réplica, quero dicir que de verdade que é absolutamente fascinante. Aquí temos debates nos que algúns somos uns loucos comunistas —loucos, non; comunistas, un pouco— e o Partido Popular é o paradigma da non intervención, en teoría, na economía. Pero logo, ao final, vemos que aquí vostedes son uns capitalistas do «chinchí moni», (*Murmurios*.) porque son capitalistas para o que lles convén. Agora, para destinar os recursos públicos dos galegos e galegas para encher os petos dunha empresa cen por cento privada non teñen o máis mínimo escrúpulo. ¡É absolutamente alucinante! En lugar de negociar politicamente ou convidar a quen ten competencias ou intenta ter as competencias para legislar e conseguir que haxa unha rede mínima de servizos financeiros, partindo de que neste sistema económico é imposible vivir sen unha conta bancaria, igual que hai que exixir doutros ámbitos da economía que haxa servizos mínimos, pois, iso non, iso xa non vai con vostedes, porque a ver se imos librar unha fórmula que se lles ocorreu para poder infiltrar máis recursos públicos a un ámbito que xa foi rescatado no 2008 e que hai que seguir rescatando. Desde logo, iso é absolutamente obsceno e non ten a máis mínima explicación. E aínda máis obsceno que que o fagan son os argumentos que usan e que intenten vender isto como unha medida social, como algo de reequilibrio territorial, etc. Eu non vexo, por exemplo, o Partido Popular, tendo competencias na materia e podendo ter tamén aí unha arma arreboladiza contra o Estado pola parte que lle compete, ter tanta preocupación, por exemplo, polo acceso da veciñanza a unha cobertura digna, porque moita banca virtual, pero, se non tes cobertura, non vas poder empregala. E temos traído recentemente a este Parlamento casos como os de Riós e o da Gudiña, poboacións que non recibían as citas da vacina porque non hai cobertura, que non son capaces nin de recibir mensaxes nin de poder operar con aplicacións virtuais. Para iso non teñen tanta preocupación vostedes, por poñer un exemplo doutro ámbito. Desde logo, é absolutamente obsceno isto, e non é algo que afecte a vida cotiá dos nosos maiores, aféctanos a todos e todas.

Eu mesma puxen o exemplo dunha entidade bancaria na que unha persoa do meu barrio que necesite, a partir do 2 de outubro, ir pechar esa conta bancaria, ou facer calquera xestión das que si obrigan a ir presencialmente, vai ter que facelo a 200 quilómetros e ir á Coruña. É que seguramente haxa unha deputada ou deputado do BNG falando deste tema en dous ou tres anos denunciando que non quedan aquí, que hai que ir a Madrid e que tomadura de pelo é esta. ¡É que é unha absoluta tomadura de pelo! Rían, pero a vostedes, como clientes, tamén lles vai pasar isto, porque, ademais, é unha espiral dentro do gran calote que están facendo as entidades bancarias de recorte de servizos, de empeoramento das condicións e de parecerse cada vez máis a outro tipo de servizos devaluados.

E, desde logo, eu escoitaba a señora Vázquez e recordaba unha viñeta que sacaba estes días o debuxante Davila, que era basicamente un *vending* de produtos derivados do porco. E facía a brincadeira de que, bueno, pois os financiaría Feijóo. A min case me parecería máis adecuado ese modelo. Pero, fóra da brincadeira, é absolutamente lamentable que un nicho de negocio privado o vaia financiar a Xunta de Galiza. Desde logo, é absolutamente escandaloso.

E os argumentos que hai enriba da mesa non valen, porque, ademais, se comparan cos peores índices. Agora fala tamén o Partido Popular de facer un estudo nalgunha iniciativa que acaban



de rexistrar. Miren, é que o estudo está feito xa desde o 2017, a iniciativa dunha proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego. Ese estudo de competencia o que nos dicía é que Galicia tiña unha porcentaxe de falta de competencia de concentración bancaria superior á media española e á media europea. E vostedes miran para o outro lado. Onte era o momento de estudar, hoxe é o momento de ter medidas xa arbitradas que non sexa un novo rescate público.

Desde logo, a nosa proposta é de mínimos: negociación política, reforma lexislativa e dicirle a Abanca que non lle imos dar máis cartos do erario público para financiar o seu negocio. É así de simple, de mínimos. Se queren, falamos de banca pública tamén, por suposto. Nós non renunciámos á nosa proposta estratéxica. E, efectivamente, miramos tamén o que fan outros pobos, por certo, cos que celebramos o día das nosas nacións, non das nosas autonomía. Copien vostedes o modelo catalán e fagan do Instituto Galego, do Igape, un instituto galego de crédito e aspiren a ter ficha do Banco de España, que é a folla de ruta na que está tamén Cataluña, apostando por unha banca pública catalá. ¡Copien as súas ideas, non queden só coas malas! (*Aplausos.*) E, por suposto, defendemos unha folla propia.

Nada, para rematar, fago unha referencia á cuestión dos concellos. Mire, que veña aquí presumir de que hai trinta e pico concellos que se adheriron a un convenio —que é unha cuestión protocolaria—, cando hai máis de 360 neste país, dá idea do seu fracaso e da pouca adhesión nos seus propios concellos, aos que están chamando a tiro de corneta. E hai dous gobernos, efectivamente, cogobernos, que asinaron ese convenio, pero é que, miren, os concellos galegos, ao final, o que fan é estar extorsionados pola política de convenios do Partido Popular, igual que co *Doing Business*. Pero iso non significa que esta medida triunfe nin que se avale, señora Vázquez, e sábeo perfectamente. E, desde logo, nisto nós reafirmámonos.

E xa que digan que non se fixo nada reflicte a pouca vergoña, tendo en conta que o propio presidente da Xunta dicía esta semana que era inaceptable isto que estaba facendo Abanca, pero que non se ía retirar a orde dos caixeiros. ¿Como lle vai retirar ao seu colega Escotet unha prebenda máis? Desde logo, en fin... Dicía vostede, señora Vázquez: «*para todo lo demás, Abanca y Mastercard*». Pero xa sería mellor...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...pois que vostedes abandonaran a súa política de calquera acción neste ámbito, porque o que está claro é que —como lles dicía ao comezo—, cada vez que fan algo, é peor o remedio que a enfermidade.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda do PP?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a proposta de nomes das salas do edificio do Parlamento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento acorda como resolución substituír a proposta de nomes das salas aprobadas na reunión da mesa do 27 de xullo de 2021 por outra que sexa aprobada co consenso de todos os grupos parlamentarios, dado que o Parlamento é a máxima representación da autonomía e da democracia de Galicia e os nomes das súas salas deben xerar o maior acordo posible e manterse alleos á confrontación política».)

O señor PRESIDENTE: Para defender a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

Esta iniciativa ten, basicamente, un obxectivo, que é corrixir o que nós entendemos que é un grave erro da maioría do Partido Popular: a decisión de dedicarlle unha sala do Parlamento — e non unha sala calquera, senón a sala de reunións dos portavoces— a Antonio Rosón. Estamos en desacordo tanto no fondo como na forma desta decisión. Na forma, porque foi tomada, podemos dicir, con nocturnidade e aleivosía, ou «estivalía». Foi adoptada pola porta de atrás, dunha maneira non sei se irregular — xa se verá iso—, pero, cando menos, pouco habitual, porque o normal sería incluílo como punto na orde do día, e o que fixo a Presidencia foi metelo pola porta falsa no apartado de comunicacións, rogos e proposicións, e, ademais en tempo de desconto, no remate do período de sesións, cando non había xa actividade parlamentaria de plenos e comisións e ás portas das vacacións de agosto para desactivar tamén a posíbel resposta social.

Este *modus operandi* pon de manifesto unha cousa moi clara, que é a má conciencia do Partido Popular e o feito de que esta sexa unha decisión vergonzante, se non, non o faría así. E temos que lembrar que o tema dos nomes da sala xa fora proposto en 2019, e daquela quedara sobre a mesa. Naquel momento o BNG fixo unha proposta que foi presentada por rexistro, unha proposta absolutamente plural e aberta. E logo de estar dous anos en *stand-by* — moita présa non houbo—, a Presidencia, o Partido Popular, reactivouna en xullo de 2021 e aprobouna en solitario nun prazo de días, sen ningunha marxe para o diálogo e un posíbel acordo, que penso que sería fácil de conseguir, de verdade.

En relación, neste sentido, coa emenda do Grupo Socialista, teño que dicir que non temos ningún problema en aceptala como de engádega ao texto da proposta que formula o BNG. O



que nos parece perverso é o que pretende facer o Partido Popular: facer pasar por diálogo e magnanimidade a aceptación dun nome proposto en 2019 polo BNG, o nome da xornalista e escritora Mari Luz Morales, galega, que foi a primeira directora dun xornal no Estado, *La Vanguardia*, na Cataluña asediada polos franquistas, por certo. Esta non é unha proposta do BNG, non é o nome dunha muller nacionalista tampouco. É unha proposta, en todo caso, para facerlle xustiza a unha gran muller da nosa historia inxustamente esquecida.

Miren unha cousa, en política as formas son importantes. O PP gusta da forma circular, da forma do «rodillo», da imposición, do «orden e mando» e pon de manifesto preocupantes tics autoritarios que non sei se son lastres do pasado. En todo caso, son exercicios de despotismo nada ilustrado.

O BNG votou en contra, na Mesa, desta proposta por varios motivos: por esta imposición principalmente, pero tamén estaba en desacordo cun dos nomes propostos, o nome de «Salón dos Reis». E, por certo, temos que dicir aquí que nos parece unha aldraxe e unha indignidade que siga nesta casa o retrato do emérito dos Emiratos, en gran tamaño. (*Aplausos*.) O emérito dos Emiratos é un señor investigado por graves delitos de corrupción, un comisionista internacional, cousa que non o di o BNG, que o di a propia Fiscalía española. Un señor indigno, que non merece a honra nin a homenaxe do Parlamento galego, e ademais, parécenos un insulto e unha provocación que o presidente da Xunta o defina, aínda por riba, de galego exemplar e que diga que sempre terá as portas abertas de Galiza. Parécenos noxento e repugnante que se faga esta declaración.

Miren, o motivo principal do rexeitamento do BNG á proposta do Partido Popular —foi o único voto en contra, por certo— é que é un intento burdo de branquear o fascismo franquista que tanto mal fixo no noso país, que tantas vidas destrizou. É unha tentativa burda e condenada ao fracaso de borrar e falsear a historia, e ten o efecto contrario do que vostedes pretenden, porque ten un efecto búmerang, porque, ao final, o que están conseguindo é volver falar do pasado, de feitos históricos, contrastados, certos, das vítimas do terror franquista e tamén dos verdugos. Porque aquí houbo un tabú na Transición e despois xa non se permitiu falar dos verdugos. Podía contarlles moitas cousas do que lles fixeron a persoas investigadoras que intentaron falar dese tema; podería contarlles como remataron, pero non teño tempo.

Entón, con esta decisión, o que fan é poñer o foco nuns episodios do pasado nada exemplares, por certo, de destacados membros da familia Rosón. É así. E quixera facer algunhas aclaracións, porque vostedes son moi dados a terxiversar.

Aquí non estamos xulgando —con esta iniciativa, polo menos; poderíamos facelo, pero non o estamos facendo— o papel na Transición de persoeiros como Rosón, nin tampouco o feito de que houbo unha reciclaxe de moitos franquistas que cruzaron polas portas xiratorias e se converteron en demócratas de toda a vida. Tampouco estamos xulgando aquí a persoas como Antonio Rosón por ocupar cargos destacados durante o franquismo. Poderíamos aducir estes argumentos, pero non estamos falando disto, non é esta a razón do noso rexeitamento. Tampouco estamos facendo xuízos de valor sobre as amizades do señor Rosón, sobre a súa grande amizade, por exemplo, con Ramón Piñeiro, sobre a súa grandísima amizade e a súa relación



estreita con Ánxel Fole e con outros persoeiros da nosa historia. Aquí estamos falando doutra cuestión que ten que ver coa ética e con dereitos fundamentais e que se pode resumir na seguinte declaración: unha democracia e un parlamento debe honrar as vítimas da represión, non debe honrar os verdugos. Esta é a conclusión. Non a persoas que tiveron un papel directo e activo na represión franquista. No caso de Antonio Rosón e doutros membros da súa familia —aínda que entendemos que isto non guste, é un feito histórico, non unha opinión—... É un feito certo, probado e contrastado en múltiples fontes, tanto orais como escritas, por exemplo, nas crónicas que ao longo dos meses de xullo, agosto e setembro fixo o xornal *El Progreso* da cacería humana que se perpetrou nas comarcas de Becerreá e Os Ancares, entre outras. Pero é que, ademais, está recoñecido e recollido este papel nos propios escritos daquela do señor Rosón, que non era un calquera, que non pasaba por alí, senón que formaba parte desde antes do 18 de xullo dunha organización criminal que se chamaba Falange Española e que con 25 anos actuou como comandante militar da zona de Becerreá. E nesta condición declarou o estado de guerra nesta comarca. Exerceu como máxima autoridade militar. Foi, polo tanto, un golpista, así de claro, e dirixiu, como máxima autoridade militar, unha cruenta represión que levou ao asasinato de, cando menos, 37 persoas militantes e dirixentes republicanos, que foron cazados —non xulgados, cazados—, un a un, buscados «polos seus acubillos», como dicía *El Progreso*, de Lugo, ata eliminalos. E o máximo dirixente nesa zona era o señor Antonio Rosón. Están aí os feitos, que non menten. El mesmo recoñeceu en 1942, nun proceso que houbo daquela en Becerreá: «Proclamó el estado de guerra» —fala de si mesmo— «por su condición de alférez de complemento y al frente de la organización de la Falange, pacificando la comarca, siendo el único en todo el partido judicial que hizo frente a la organización marxista.»

Se no Estado español houberse algo parecido aos xuízos de Núremberg, por exemplo, nos anos 1946 ou 1947, serían condenadas a durísimas penas neses xuízos persoas responsábeis de crimes de guerra, de crimes contra a humanidade, pero nunca foron xulgados. Aquí non houbo ese xuízo penal, mais hai normas da xustiza universal que deben ser cumpridas, e hai mesmo unha lei estatal de memoria histórica que prohíbe a exaltación de persoas vinculadas á represión franquista e á Ditadura. E hai, sobre todo, dereitos das vítimas á xustiza e á reparación. E con este nomeamento estase aldraxando a memoria das vítimas e das súas familias. O PP di condenar o franquismo, mais esta é unha declaración para a galería. Non lle vou falar aquí das súas orixes ideolóxicas e biolóxicas, pero, en todo caso, non se pode condenar o franquismo pola mañá e glorificalo pola tarde. (*Aplausos.*) Con esta decisión amosan a súa verdadeira cara e cáelles a careta.

E quixera rematar cunha cita de Xosé Saramago que creo que explica ben do que estamos falando: «Somos a memoria que temos e a responsabilidade que compartimos. Sen memoria, non existimos; sen responsabilidade, quizais non merezamos existir».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.



Os socialistas impulsamos no ano 2007 unha lei de memoria democrática da que nos sentimos orgullosos; unha lei que está neste momento sendo reformada no Parlamento do Estado para facela aínda máis xusta e máis comprensiva e reparadora dos dereitos das vítimas. Polo tanto, temos moi clara a necesidade de reivindicar a memoria histórica democrática, de reparar as vítimas do franquismo e de non practicar, como fai a dereita, a equidistancia nun tema no que non se pode ser equidistante, porque o que aconteceu en 1936 foi un golpe de Estado ilexítimo e ilegal contra unha democracia lexítima e legal; un golpe de Estado brutal, apoiado polo nazismo alemán e polo fascismo italiano e que derivou nunha guerra cruel e cruenta contra unha república cuxo presidente, Manuel Azaña, pronunciou en 1938 un célebre discurso pedindo paz, piedade e perdón. Paz, piedade e perdón, tres ideas que non compartían os golpistas, pero que influíron moito na xestación da Transición corenta anos despois. Reivindicando como reivindicamos a memoria democrática, falar de memoria histórica é sempre complexo e complicado, porque neste país houbo unha guerra civil que algún chamou «incivil» e que dividiu a España *a sangre y fuego*, tal e como titulaba Chaves Nogales un dos seus libros máis recoñecidos.

A memoria histórica duns non coincide moitas veces coa doutros, e houbo un momento da nosa historia na que se decidiu neste país facer un esforzo de reconciliación para tratar de deixar atrás odios e atavismos; esforzo de reconciliación que se deu en chamar Transición e que foi invocado en distintas partes do mundo como exemplo de éxito dun proceso de cambio histórico dunha ditadura a unha democracia.

Nós fomos partícipes da Transición, como o partido o é hoxe; non participamos do revisionismo dalgúns e seguimos dicindo que, coas súas cousas mellorables, a Transición foi, no seu conxunto, un acerto colectivo. E, nesa Transición, incorporouse á política democrática xente que tivera papeis destacados no franquismo como Adolfo Suárez, que fora ministro e secretario do Movemento antes da democracia, ou o propio Manuel Fraga, do que hai fotos vestido de falanxista, facendo o saúdo falanxista co puño en alto. Pero na Transición decidimos maioritariamente permitir e dar pé a unha reconciliación que hoxe nos queda moi lonxe, pero que no seu momento foi importante, moi imporante, para permitir que este país avanzase. E Fraga, exministro franquista, fundou un partido que ten hoxe maioría nesta Cámara e foi presidente da Xunta, e Adolfo Suárez foi un político querido ao que se lle recoñece un papel importante do impulso da democracia en España, por non falar da súa lección de coraxe na noite do 23 de febreiro de 1981.

E debatemos hoxe a proposta de retirar o nome dunha sala deste Parlamento que foi renominada por un acordo da Mesa o 27 de xullo, no que o Partido Popular presentou, votou favorablemente e aprobou unha lista de quince nomes para quince salas. Unha lista á que o BNG votou en contra e na que nós nos abstivemos, porque a votación desa lista, de xeito totalmente anómalo, non figuraba na orde do día e, ademais, entendemos que non se buscou o consenso por parte do Partido Popular, que impuxo unha lista de nomes na que nós preferiríamos que figurasen outros. Por exemplo, o de Celso Emilio Ferreiro, senlleiro escritor que foi militante do PSdeG; ou Ramón Piñeiro, tamén senlleiro intelectual galeguista e deputado na lista do PSdeG en 1981 nesta Cámara; ou Carlos Casares, outro recoñecido escritor que foi tamén deputado na lista do PSdeG no ano 1981. Insisto en que nós non propuxemos o nome de Antonio Rosón. O nome de Antonio Rosón non foi unha proposta do PSdeG senón



un nome entre moitos outros, dos cales a gran maioría non nos suscitaban, non nos xeraban, problema ningún, como o de Rosalía, Curros e tantos outros.

E a partir de aí abstivémonos —como digo— por entender que non se buscara suficiente consenso para configurar esa lista de 15 nomes; e ademais porque, de xeito totalmente irregular, non figuraba esa decisión na orde do día da Mesa e se colou pola porta de atrás no turno de rogos e preguntas.

Dito isto, nós rexeitamos e condenamos a ditadura e o franquismo, e tamén rexeitamos a etapa falanxista de Antonio Rosón, que en 1936 tiña 25 anos. Pero entendemos o seu papel como defensor da autonomía de Galicia e como persoa que contribuíu a asentarse a democracia e a autonomía na súa calidade de primeiro presidente da Xunta en 1978, e que logo foi cesado por opoñerse a que a Galicia se lle dese un estatuto de autonomía de segunda —o que se chamou nese momento o famoso «estatuto da aldraxe»—. A partir de aí foi elixido democráticamente deputado desta Cámara nas primeiras eleccións autonómicas de 1981 e nas de 1985. Foi presidente deste Parlamento desde 1981 e durante varios anos. Por certo, foi elixido naquel momento sen o voto dos e das socialistas, que non compartimos nin respaldamos, agora como entón, as súas posicións políticas conservadoras.

Pero, por poñer as cousas no seu contexto, poucos anos despois de que a revista *Interviu* en 1978 publicara determinadas informacións sobre Antonio Rosón, consideráronse non contrastadas en absoluto, polo que os tribunais condenaron os periodistas autores desas informacións por injurias graves —condenas repetidas con posterioridade en distintos procesos—. Cando a Ramón Piñeiro lle preguntaron nunha entrevista cal era a súa opinión do anterior presidente da Xunta —que era Antonio Rosón—, Ramón Piñeiro dixo —e leo—: «Eu a Antonio Rosón coñezoo desde 1935, que mo presentou Ánxel Fole en Lugo. Un aspecto que poucos coñecen del é o seu labor nos primeiros anos do réxime de Franco. Por exemplo, no ano 1949 acórdome de que un día me falou de que tiña o proxecto de facer unha mancomunidade de municipios por partidos xudiciais e logo mancomunar os concellos de toda a provincia. Esta experiencia sería valiosísima para unha futura autonomía. E isto dicíamo Antonio Rosón no ano 1949, cando moi poucas persoas se atrevían nin a abrir a boca sobre estas cousas. Logo veu o seu labor como presidente da Xunta e o logro de que todas as forzas políticas, así como entidades culturais, económicas, etc., colaborasen no Estatuto de autonomía. El sempre pensou en Galicia antes que no partido».

Isto que acabo de citar literalmente é o que dicía de Antonio Rosón Ramón Piñeiro, non é o que opino eu nin o que opina o PSdeG. Pero si creo que a de Ramón Piñeiro é unha opinión suficientemente autorizada e relevante para ser considerada.

En todo caso, máis alá da consideración persoal que lle mereza a cada un ese político da transición e do comezo da autonomía que foi Antonio Rosón —un político de dereitas que, como tal, é alleo á nosa opción política—, o principal é que estamos en desacordo coa falla de busca de consenso por parte do Partido Popular no nome das salas desta Cámara. E por iso presentamos unha emenda de substitución para que se reconsidere a lista completa deses 15 nomes e se volva aprobar cun procedemento no que se busque o debido grao de consenso. Porque esta Cámara é a máxima representación da democracia e da autonomía de Galicia, e



os nomes das súas salas non deben impoñerse polo Partido Popular senón que deben consensuarse entre todos os grupos, cousa que non se fixo.

E dado que a maioría parlamentaria que representa o Partido Popular foi, insolitamente, incapaz de incluír na orde do día da Mesa —na orde do día da Mesa na que se aprobou ese nome e catorce máis— a propia decisión que ía ser aprobada, e dado que esta decisión conxunta non conta co consenso suficiente, non reflicte o pluralismo político desta Cámara, a nosa emenda pide a retirada da lista completa e a elaboración dunha nova proposta con base nun principio de consenso e de pluralidade que debe presidir —que debería presidir en todo caso— as decisións que afectan a sede da autonomía e da democracia en Galicia, que é esta Cámara.

Por tanto, non respaldamos o método de aprobación desa lista. Antonio Rosón non foi proposto polo PSdeG e hai que facer as cousas doutra forma, non impoñendo senón consensuando. E de aí a nosa emenda, que é —insisto— de substitución e non de engádega. Nese sentido agradeceremos que se nos diga se se acepta a substitución.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Boa tarde.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, hoxe trae o BNG a este pleno —está no seu perfecto dereito— un debate que consideramos que é estritamente autorreferencial. É autorreferencial desde o punto de vista político, pois a decisión de poñer un nome concreto ás salas do Parlamento é unha cuestión que en pouco afecta a calidade de vida dunha cidadanía que actualmente está preocupada por outras cuestións, como a luz, a pandemia, o emprego, etc. Pero tamén é autorreferencial desde unha perspectiva un tanto máis filosófica, porque parece que con esta iniciativa o BNG o que quere é falar dunha decisión adoptada na Mesa polos tres representantes que nela ten o Grupo Parlamentario Popular, cando en realidade do que queren falar é —e ese é o meta-nivel do que falaba o señor Bará— do nacionalismo do BNG e da longa división que o percorre desde os tempos da transición —falo do nacionalismo— e da súa actualidade. E quere facelo para reafirmar os seus principios maximalistas de sempre, que son basicamente rupturistas en relación coa cuestión democrática e soberanistas en relación coa cuestión territorial.

É un longo debate interno que provocou no tempo fondas divisións no nacionalismo, longos debates, soados abandonos e rupturas de organizacións e posteriores reconciliacións, e que xa nos nosos días se presenta como a apertura dunha etapa de reflexión nunha organización na que —parafraseando a Lineker— xogan sempre once contra once pero sempre gañan os



que non aceptan os grandes consensos sociais e políticos que o país se ten dado e sempre perden os que aceptan o marco legal vixente e a participación institucional como punto de partida para a acción política real —por certo, o que lle ten dado tanto éxito a nivel local nalgúns concellos, como o do señor Bará—.

En fin, vaiamos, primeiro, ás cuestións formais. Na pasada lexislatura a Mesa tomou a decisión de nomear as salas do Parlamento, sen que ningún grupo se opuxera. O proceso paralizouse polas eleccións e tamén porque o BNG propuxo unha substitución na primeira relación facilitada pola Presidencia. Xa nesta lexislatura a Mesa retomou a nominación das salas cunha nova proposta que recollía algunhas das suxestións feitas polo BNG —nomeadamente a substitución do nome de Sofía Casanova, a xornalista coruñesa que foi a primeira muller correspondente de guerra do mundo, polo da tamén coruñesa María Luz Morales, que tamén foi xornalista e, como se dixo, a primeira directora dun diario español, *La Vanguardia*—.

O 6 de xullo a Mesa facilitou unha nova relación aos grupos e o 27 de xullo, sen que mediara ningunha outra obxección por parte do Bloque, o acordo foi adoptado —iso si, co voto en contra da representante do BNG e a abstención da socialista na Mesa—. É tomado o acordo cando se rexistra por urxencia a PNL que debatemos e que, precisamente, polos antecedentes, polo procedemento seguido e pola súa transcendencia real na sociedade, é un debate público meramente autorreferencial —é dicir, político, que só nos interesa a nós—, e creo que innecesario e que se puido ter resolto polas canles habituais de diálogo na Xunta de Portavoces. Co que chegamos á cuestión de fondo.

Da lista de nomes, a realidade é que o BNG só obxecta nesta proposición non de lei o nome dunha das salas, a sala Antonio Rosón, quen foi o primeiro presidente do Parlamento de Galicia electo democraticamente. E xorde entón unha pregunta moi obvia: ¿É estraño que un parlamento democrático honre o seu primeiro presidente dándolle o nome a unha sala? E a resposta semella igual de obvia: non; o que si resulta estraño é que alguén poida opoñerse a iso, e especialmente polos motivos que se alegan.

En primeiro lugar, alegáronse razóns de legalidade. Dise que é contrario ao establecido na Lei de memoria histórica, unha lei que nós respectamos e que cumprimos como todas as leis democráticas. E nisto non temos ningunha equidistancia. Pero quen defende esta suposta ilegalidade esquece algunha cuestión transcendental. Por exemplo, que os feitos que se dan por sentados —e que hoxe se repetiron—, isto é, a suposta participación de Antonio Rosón na represión no ano 1936, en contra do que se dixo, non están en absoluto comprobados historiograficamente. Non hai nin un só documento que o probe, nin sequera a cartilla militar do propio Antonio Rosón, xa que precisamente, para facer méritos ao inicio da Ditadura, moitos se apuntaban cando participaban na represión, e é unha das fontes, precisamente, para detectar os verdugos por parte dos historiadores da memoria histórica.

Antes ao contrario, hai evidencias persoais que testemuñan que Antonio Rosón protexeu e salvou da represión fascista a militantes destacados do galeguismo republicano. Por exemplo, a Ramón Piñeiro, que nas súas memorias —*Da miña acordanza*, páxina 57— dá conta da sorte que tivo de contar coa protección de Antonio Rosón xusto nos tempos nos que se asa-



sinaba os seus amigos e correligionarios Ánxel Casal e Alexandre Bóveda. É máis, como é ben sabido cada vez que alguén publicou informacións como as que hoxe escoitamos e que teñen a súa orixe nun panfleto anónimo aparecido nos tempos da transición, despois recollido na revista *Interviu* e no libro *A sombra de Franco na transición*, a xustiza condenou reiterada e unanimemente a quen realizou esas afirmacións por difamar a honra de Antonio Rosón; sentenzas —a última é do ano 2012 do Tribunal Supremo, a número 212— que deixan claro que os dereitos á información e á liberdade de expresión están por riba do dereito á honra pero non cando, como nos casos mencionados, os autores incumpriron o deber de veracidade, non podendo demostrar a veracidade desas acusacións, e vulneraron a honra de Antonio Rosón con acusacións non contrastadas nin documentadas.

Non hai argumentos legais, mesmo tampouco coa orde do día, porque iso, evidentemente, tería sido advertido polos letrados da Cámara. E sabendo todo isto, que seguro que o señor Bará o sabe, ¿por que se insiste neste discurso por parte do BNG? ¿Por que lle negan o nome dunha sala a quen a presidiu co maior número de votos de deputados electos democraticamente —50 de 71— en toda a historia desta Cámara? ¿Por que negan o recoñecemento ao protector de Ramón Piñeiro no 1936, ao amigo íntimo de Ánxel Fole, de Fernández del Riego, de Fernández de la Vega ou de Río Barja, a un dos primeiros promotores, xunto con Xaime Isla e aquel novo Xosé Manuel Beiras, da *Revista galega de economía*? ¿Por que lle negan o recoñecemento a quen tanto se implicou na defensa do Estatuto de Galicia, como reiteradamente testemuña Ceferino Díaz en *Esforzada conquista da Autonomía*? ¿Por que lle negan o recoñecemento ao que presidía a Cámara cando se aprobaron por unanimidade leis como a de normalización lingüística, a quen, cando morreu no ano 1986, supuxo, en palabras de Camilo Nogueira, «unha grande perda para Galicia»? ¿Por que se opoñen agora a este recoñecemento menor e non se opuxeron no seu día á concesión da maior distinción da Cámara, a medalla do Parlamento, entregada aos seus herdeiros coa presenza do entón portavoz do BNG?

En realidade, vostedes non se opoñen hoxe a Rosón polo seu pasado franquista, réxime no que desempeñou un papel pouco relevante. Vostedes opóñense a Rosón precisamente polos mesmos motivos que tivo a Mesa para recoñecelo; é dicir, por todo aquilo que certifican tamén os nosos mellores historiadores, desde Moncho Villares a Justo Beramendi: polo seu pasado autonomista e integrador e a súa importante contribución para que, entre outras cousas, hoxe poidamos estar debatendo en liberdade nesta Cámara sobre a súa figura. (*Aplausos.*) Opóñense á honra de Rosón precisamente porque contribuíu a crear conciencia sobre a necesidade da autonomía integrando no seu goberno preautonómico persoeiros de todos os partidos, desde Alianza Popular ao socialismo, e incluíndo a galeguistas independentes; porque decretou o Día nacional de Galicia, que viña a institucionalizar o Día grande de Galicia, o que vostedes viron como un ataque ao seu monopolio sobre a festa que facían na Quintana e seguen a facer; porque encargou a unha comisión plural, a do Estatuto dos dezaseis, a redacción do noso Estatuto de autonomía integrando todas as forzas con representación parlamentaria e forzas extraparlamentarias, que moitas delas eran nacionalistas, como o Partido Socialista de Galicia, o PSG, o auténtico, ou o Partido Obreiro Galego, o de Camilo Nogueira —o anterior era o de Beiras—, ou o Partido Comunista de Galicia de Anxo Guerreiro —estaban todas as forzas significativas agás unha, o BNG, que se autoexcluíu dese proceso de redacción estatutaria; porque ademais defendeu ese estatuto fronte ao «estatuto



da aldraxe», o que lle custou o posto de presidente da Xunta preautonómica e foi substituído por unha persoa máis dócil aos intereses do centralismo da UCD en Madrid; e, ademais, enfrontouse a esa UCD xunto con moitos galeguistas de todas as forzas políticas —aí non estaba o BNG— para aprobar un estatuto de primeira coma o vasco e o catalán fronte a eses intentos da UCD, en conivencia con algún persoeiro socialista, de limitar o autogoberno de Galicia e despois o de Andalucía. En definitiva, porque representa todo aquilo que vostedes levan deostando desde a Transición: o consenso que nos deu a Constitución, o Estatuto ou a integración na Unión Europea; e, precisamente, porque ese consenso levou a moitos nacionalistas daquel entón, desde Piñeiro a Nogueira, desde Ceferino Díaz a González Laxe, a rexeitar ou abandonar o nacionalismo rupturista para integrarse e defender o autonomismo. Porque con esa opción o BNG fracasou en erixirse —que era o que pretendía— non xa no único representante de Galicia senón no único representante do nacionalismo no seo dunha sociedade plural e aberta que progresa desde entón ao abeiro do marco constitucional e estatutario.

E, por estas razóns, aínda que parece que o tema deste debate é o franquismo e a súa suposta pervivencia en Galicia, en realidade o que estamos debatendo é a cuestión da esencia política dun BNG que continúa ancorado nuns debates sobre a Transición, o valor da Constitución e do Estatuto ou o papel desempeñado por quen, como Rosón, o fixeron posible. É un debate que a inmensa maioría da sociedade galega superou hai décadas, unha sociedade que prefire, ao contrario do BNG, celebrar o 40º aniversario do Estatuto e non a Diada independentista de Cataluña. *(Aplausos.)* É un debate que permanece entre vostedes e que, efectivamente, como di a súa portavoz, merece unha fonda reflexión, unha máis fonda reflexión. Pero é unha reflexión entre vostedes que non merece ser traída ao Pleno desta institución para manter pretas as filas e a coherencia fundacional.

Remato, nós non necesitamos reflexionar para mantermos leais aos pactos democráticos que materializaron a Constitución e o Estatuto de autonomía, normas que nos deron os mellores anos da nosa historia e permitiron progresar en paz e en democracia a Galicia. En consecuencia, respectamos o legado dun máis de entre tantos que o fixeron posible co seu traballo e a súa xenerosidade, do primeiro presidente do Parlamento electo democraticamente polos lexítimos representantes de Galicia no ano 81, Antonio Rosón.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Quedoulle ben o aquelarre que montou aquí o portavoz do Partido Popular, a caza de bruxas que intentou montar contra o nacionalismo e contra o BNG intentando darlle a volta ao debate. Pero, desde logo, non lle imos entrar por aí, señor Puy. *(Murmurios.)* O que si lle digo é que vostedes están fondamente preocupados precisamente polo medre imparabile do BNG, por esas máis de 300.000 persoas que xa apoiaron o BNG nas



últimas eleccións e porque están sentindo no cogote ese medre imparabile do BNG. (*Fortes murmurios.*) Teñen moito medo por iso, si, si.

E, claro, din vostedes que isto non afecta a calidade de vida. Non afectará a calidade de vida, pero afecta a calidade da democracia, a saúde democrática deste país (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), que se queira, que se intente, borrar o pasado, que é o que intentou facer vostede aquí: empezar a biografía política do personaxe en 1977, ou 1978, pero non nese pasado, ou, cando menos, saltando sobre algúns episodios dramáticos e terroríficos que citei aquí. O que non se pode é vir aquí a falsificar a historia.

E queren vostedes, ademais, facer pasar a Antonio Rosón por unha especie de salvador, de salvador de nacionalistas e de galeguistas. Mire, citou aquí un testemuño de Ramón Piñeiro, no que lle agradecía a Rosón a súa protección, o seu apoio, e falaba dunha declaración que fixo de 1949. É que en 1949 había centos e miles de galegos que estaban nos cárceres polas súas ideas políticas. Había miles de galegos que estaban no exilio, como Castelao. E había miles de galegos que estaban enterrados nas cunetas e en foxas comúns (*Aplausos.*) —das que aínda non saíron, por certo— mentres algúns salvaban vidas.

Vostedes non son capaces de refutar o que dixen aquí, que está acreditado e comprobado: que o señor Rosón, guste ou non guste, foi membro dirixente dunha organización criminal, dunha organización terrorista, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, a Falanxe Española, responsable dunha terrible represión en todo o noso país e nesa comarca. Foi o máximo dirixente político-militar desa comarca no período desa brutal e cruenta represión. E dío el. Mesmo el, despois daquela reportaxe de *Interviú*, dixo publicamente que el era un home do 18 de xullo. É dicir, que recoñeceu ese pasado.

Miren, se esta fose unha democracia minimamente madura e consolidada, dirixentes con este pasado terían que dimitir. E podo poñerlle o exemplo de Kurt Waldheim, que foi un diplomático austríaco, secretario xeral das Nacións Unidas e presidente de Austria do que, durante a súa presidencia, se descubriu o seu pasado nazi —non só a súa militancia senón a súa intervención—. Houbo unha comisión de investigación, unha comisión internacional, que dixo que Waldheim coñecía, pese ás súas reiteradas negativas, a existencia de crimes nazis na súa calidade de tenente da Wehrmacht. E este señor non continuou como presidente de Austria e pediu perdón. Aquí non pasou nada disto; entre outras cuestións, porque se persiguiu xudicialmente a todos os historiadores que intentaron botar luz sobre estas cuestións (*Aplausos.*), porque se impediu que se exercese a xustiza e as persoas represaliadas teñen que buscar a xustiza en Arxentina porque aquí non se permite.

Eu fágolles unha proposta: nomeemos unha comisión independente formada por tres historiadores, propostos por cada grupo político, especializados na represión franquista e que fagan unha valoración histórica do personaxe nesta etapa da vida do personaxe. ¿Que problema hai? ¡Luz e taquígrafos! E tomamos decisións a partir de aí.

Miren, vostedes teñen unha dobre vara de medir, teñen unha para o nazismo e outra para o fascismo franquista español. Vostedes organizan homenaxes ás vítimas do nazismo pero prohibenas para as vítimas do franquismo aquí. E aínda estamos agardando a que homena-



xeen o galego, xunto con Castelao, que máis pelexou polo autogoberno, pola autonomía de Galicia, que foi Alexandre Bóveda. *(Aplausos.)*

Recentemente estivemos os grupos políticos nun debate que houbo na Deputación de Pontevedra sobre as políticas da memoria, e alí estaba un home chamado Gus Álvarez, que foi vítima da represión franquista, foi torturado nos cárceres franquistas, pero non en 1936 ou 1937, foi torturado nos anos setenta. E dixo unha frase alí que me resultou demoledora e conmovedora. Foi torturado por Billy el Niño, e dixo: «A min destrozáronme a vida». Pois hai miles e miles de galegos coa vida destrozada pola represión franquista e hai que reparar a súa memoria e a súa dignidade. E vostedes teñen... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*, si, ETA, e mais a Falanxe criminal e terrorista que matou tanta xente en Galiza tamén. *(Aplausos.)* Hai que ter a mesma vara de medir, non vale unha e outra, unha e outra. Son vítimas do terrorismo unhas e outras. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor BARÁ TORRES: E, polo tanto —remato—, vostedes teñen que definirse dunha vez. Teñen que decidir se están do lado das vítimas ou se están do lado dos verdugos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda de substitución?

O señor BARÁ TORRES: Non a acepto porque xa lle dixen que a aceptaba como emenda de engádega, non de substitución, por suposto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, hai unha autoemenda. Entón vótase, evidentemente, a autoemenda. Se hai unha autoemenda, cambiou o texto.

Votación do texto emendado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co traballo e composición do Comité Asesor Sociosanitario, así como coa participación nel do resto das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobado o texto resultante desta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de María Encarnación Amigo. Había unha proposta de transacción sobre as emendas. ¿Hai acordo?

A señora AMIGO DÍAZ: Intentamos unha transacción pero non hai acordo. Entón queda tal cal.

O señor PRESIDENTE: As emendas non as acepta.

A señora AMIGO DÍAZ: Non, non.

O señor PRESIDENTE: Entón, votamos sen as emendas.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central dunha proba extraordinaria de acceso de médicos internos residentes e a habilitación dos centros de saúde e dos especialistas en medicina familiar e comunitaria para impartir a súa formación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 14; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Marta Nóvoa.

Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e non se aceptaron o resto de emendas.

Pois votámola coa autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votación do texto emendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para abaratar a factura eléctrica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto modificado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Agora vótanse por separado, aínda que o debate foi acumulado, de dúas proposicións non de lei.

En primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario Socialista, na que se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non a do Grupo Parlamentario Popular.



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o pechamento de oficinas bancarias e garantir o dereito aos servizos básicos de carácter financeiro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non se acepta.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para regular o sector bancario

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32 ; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Bará sobre a proposta de nomes das salas do edificio do Parlamento.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a proposta de nomes das salas do edificio do Parlamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18 ; votos en contra, 38; abstencións, 14
O resultado da votación é negativo.


En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Non hai máis temas por hoxe.*

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

